

Manuel Lugrís Rodríguez

# LILIPUT



**O libro que estás a punto de ler  
foi creado exclusivamente para  
axudarche a superar o período de  
alerta sanitaria decretado polo  
gobierno, no marco da nosa campaña  
[#euquedolendo#baíaconnósnacasa](#)**

**Desde Baía Edicións pedimos e  
agradecemos que se respecte a obra  
da autoría, que tan xenerosamente  
prestou o seu ben máis prezado  
para o teu benestar.**

# Liliput

#euquedolendo  
#baíaconnósnacasa

1ª Edición: Xuño de 2008

© 2008: Manuel Lugrís Rodríguez

© 2008: Baía Edicións

#euquedolendo  
#baíaconnósnacasa

Edita: Baía Edicións  
Polígono de Pocomaco, 2ª Avenida.  
Parcela G - 18 - Nave posterior  
Tel.: 981 174 296  
Fax: 981 915 698  
15190 A Coruña  
[www.baiaedicions.net](http://www.baiaedicions.net)

Distribución:  
Consorcio Editorial Galego  
[pedimentos@coegal.com](mailto:pedimentos@coegal.com)

Ilustración cuberta: Urbano Lugrís: *Puerto* (1960). Óleo s/táboa  
(Colección Fundación Pedro Barrié de la Maza)

Impresión: Galigraf Galicia. A Coruña  
ISBN: 978-84-96893-60-3  
Dep. Legal: C 1908-2008

Reservados todos os dereitos. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)), se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

# Liliput

Manuel LUGRÍS RODRÍGUEZ

#euquetplendo  
#baíaconínacasa



BAÍA EDICIÓNS



Á esquerda estaba a cidade, que mesmo  
semellaba unha decoración de teatro.

*(As viaxes de Gulliver)*

#euquedolendo  
#baíaconnósnacasa





Escribo este relato coa confianza de que exista un tempo futuro e de que as miñas palabras cheguen, logo, ás mulleres e aos homes que veñan a este país. Pois, sinto agora a necesidade vital de artellalas, de darlles a forma definida que conforme esas ideas de vaguidade na esencia. Para os que, coma min, permanezan nesa nidia hora de ceo mercurial nun serán do mes de abril e desde a fiestra sen varanda que se encadra no irto aluminio aberto aos tellados en declive e aos máis distantes peiraos afastados na néboa urbana. E o que, máis que nunca, eu sinto no peito en constante apelación da miña vida que estivo arredada dela, como un bébedo que na friaxe de madrugada non atopa o camiño para a súa casa no negror da noite.

É unha historia, como moitas outras. Dunha época en que nos criamos deuses dun olimpo perfecto, que non era máis que a pantalla avesía do noso mesmo teatro de monicreques que estabamos a compoñer con ingredientes de ilusión, esperanza e inocencia. Porque non comprenderamos o verdadeiro valor do receo e da angustia. Naqueles anos moita xente tentaba construír un mundo ideal que non se substanciaría máis que na frustración e no triste espertar á escena do mundo real. O único mundo que, desgraciadamente, existe. Pero as cousas foron así, como se ven desde este miradoiro da fiestra sobre as tellas e baixo os escuros nubeiros que ameazan a choiva, sempre a choiva e o virazón mareiro que esfuman no tempo a traxedia e o sufrimento.

Non existe lugar máis preciso na Terra que esta estancia pechada na estadía urbana do meu andar. Aquí estase a suxerir

toda concisión de ideas claras que tiven ocultas no percorrido de trinta e cinco anos de desterro, que agora, entendo, non se correspondían coa propia realidade, senón coa cansa fantasía que, allea, perfilaba a miña vontade sen apenas ter eu conciencia de min. Xerminación biolóxica, sen raigaños nin seivas, igual que se fose un feto suspendido en frasco de laboratorio e que, de súpeto, se convertese en monstro de mutación xenética, como filme de ficción que está a renxer na pantalla dun cine de vinte espectadores e sementes de xirasol espalladas polo chan daquelas ultimas fileiras de vaporosos dedos e man perfumada nos breves domingos da invernía.

Coñecín a mentira e a indulxencia, a verdadeira cor da amargura e o prescrito pracer de *after shave*, nos anuncios de mañá radiada en “Informativos” e novas de axencia. Coñecín as mangas de camisa e o café esgurrichado no desasosego da alta noite, na fronteira do amencer, cando en cinco minutos tes que inventar o efémero arquetipo na frase redonda que, no cabo de vinte e catro horas, xa será historia. Así que, efectivamente, coñecín a Redacción de Prensa, os imperativos segundos de nervios ensarillados, a dor nos dedos da man esquerda... E, tamén, coñecín a vileza, a traizón e a infamia como única verdade que conciben os homes como sustento da súa determinación. E aquí, e agora, María que está aló, o cativo que vén e gabea ao colo, co pequeno frío da tardiña que aínda escorrenta o morno sol e a praia inzada de argazos, que xa invita ao tempo de xuño que non tardará... Este son eu. Arestora sei onde estou e, por isto, escribo estas liñas. Para que haxa futuro e para que os homes e mulleres non teñan, na tarde de ceo mercurial, que deixar a María e o seu fillo na beira da vida á porta do colexio... Ilusorias esperanzas que, de seguro, non serán máis que matinacións dunha escrita imaxinativa. Pero deixémonos levar, pois, polas nosas fantasías, máis que nada para fuxir da terríbel realidade que está aquí, presente. Sigamos.

Fixei un intre os meus ollos nas nubes.

E corrín, eu tamén, na brisa que non para desde o principio do vento. Entón todos eramos máis simples, lonxe deste mato de guinches e aluminio que forman a nosa paisaxe cotiá. Si, como cando María sentaba no despacho de Anxo Mendo. Nunha cadeira repuxada en baixorrelevos de decoración isomorfa, e o seu semblante a reducirse nas lentes caídas con levidade sobre o nariz que resaltaban na contraditoria liviandade dos xeonllos e as coxas apreixadas en medias negras e nun xersei suavemente abaneado encima dos seos prominentes. Como aqueles zapatos de tacón que daban relembrs de ilícita escuridade no seu metálico son entre o silencio da estancia en que estaba ela, a mesa, o teléfono e o teclado que abandonou cando se me dirixía:

—E, para que é todo isto?

Burlábase. Non era preciso máis que ler a carta de Enrique.

—Un libro?

Evidentemente. Estábase a rir de min.

—Será vostede escritor, non?

Non respondín. Aquela habitación era un conxunto anacrónico de azulexos rechamantes e caobas de afectada marquetaría na brillante madeira de ocre verniz. A escorregadiza claridade dos ridículos focos que entornaban a entrada de alfombra e a súa mesa branca, ferinte aos ollos no escenario monocromo, semellaban o sudario dunha Compañía Santa na noite pecha de piñeiral brueiro e celosías sen veo. Todo o edificio me causou a mesma impresión. Mestura de vello modernismo e elementos dun pretendido luxo, engadidos a capón anos máis tarde; recentemente, diría eu, matinando sobre os medallóns de cemento que adornaban a decadente fachada, a representar, quen sabe que mitolóxicas referencias divinas, en forma de cabezas de muller con tocados clásicos a xeito de impersoais gravados franceses do dezanove que, aquí e acolá, penduraban polas paredes interiores da “Quinta”, como na sala de espera dun médico.

Eu, facendo oídos xordos, levei a ollada aos móbeis, ao teito...; como se estivese a facer un exame do interior da casa, alleo en palabras a María que, por un intre, se levantou.

—Agarde, por favor! Vou consultar –moi seria.

Desapareceu polo corredor do fondo. Na man a miña carta, aquela que, como recomendación, me dera Enrique horas antes en Madrid.

O chalé, ou o que fose, estaba á marxe da estrada que abeira a costa e chega até Sada, logo de pasar por Mera e Lorbé. Un desvío, preto de Carnoedo, unha estreita pista sen nada que poida indicarnos que un quilómetro máis aló se atopa este monumento ao mal gusto, plantado como pagode transida dos montes de té de Nagoi a esta delicada paisaxe, suave e en tapiz das novas margaridas de abril, no chairo converxente, case sen solución de continuidade dos corvos mariños que bourean día e noite. A extensión de terreo dependente da finca, limítase, en círculo, por un cercado de chantas cravadas na planicie, como até pronunciárense mainamente das abas dos outeiros, onde se ven as xebras en paralelo das coreñas leiras dos arredores. As lousas de distintas alturas, deforman a harmónica liña do valado e, cando abriron a caravilla, producíuseme unha certa sensación de inquedaanza, de inseguridade. Todo estaba distorsionado, deforme... A concepción mediterránea da medida e o espazo non tiñan cabida neste país. Mais eu agora cavilaba na espera de María; non era, de feito, o meu? Debería depender moitas cousas, vencer a distrofia que acubillaba o meu espírito, distante do seu centro de gravidade e que, loxicamente, non podería asimilar en minutos.

Trataba a través daquela arquitectura, que a min me parecía estúpida nun verdor exuberante, como templo de mármore e esmaltes, de achar unha explicación racional ás cores rosas, azuis e vermellas, de penetrar no ser humano, naquel Anxo Mendo que se acochaba no interior do pastel de confeitaría decimonónica no

estoupido de inmensa choca nunha natureza que non lle correspondía.

María regresou en minutos.

Enérxica. Parecía outra. Sen apenas dirixir a súa vista cara a min.

— Ás catro e dez poderá falar con Don Anxo! Sen aparellos de reprodución, isto é gravadoras, máquinas fotográficas etc. Ten, xustamente, unha hora concedida para a entrevista. Teña! E a identificación para o garda da porta. A carta fica aquí. Bos días!

María estaba a finxir. Sóbeno logo. Era o seu emprego; un rol naquela representación...

Despedínme e lémbrome, agora, que vivín intensamente aqueles segundos, e que foron, en resume, compendio de decisivas determinacións que estaba lonxe de comprender entón, acabado de chegar a unha terra e a uns toxos amarelentos que semellaban, para min, recendosos chuchameles dos ríos salvaxes da Amazonía.

E, desde esta ventá, durmida sobre as tellas da cidade, non atopo máis azos para escribir, que estar a sentirme próximo a eses homes que, sen futuro aparente, percorren os semáforos e as saídas dos colexios ás cinco da tardiña, como María que recolle a Miguel e lle merca o xeado que, hoxe en maio, xa apetece na plastilina e no engurrado abecé do meu fillo. Acenderei un cigarro e a fiestra aberta chegárame en doce boureo irrecoñecíbel que me trae toda a historia que xa ten présa, que os meus dedos me obrigan a afrontar, a deixar como xuízo para os homes que están no porvir. Esta é unha parábola dun país e dun tempo determinado. Esta é a verdade que xamais saíu nas páxinas da escrita, porque, por riba de calquera outra consideración, a arte, as artes son, nin máis nin menos, que o valor engadido dos raposeiros e caciques nos amaños e nos áridos contos que, doutro xeito, terían máis voz, na súa realidade, que a visión esganifada do seu propio vivir mesquiño.



Fechei os ollos instintivamente. Un camión cruzaba con luces longas. Alabaroume aquel fuxidío escintileo e, maldicindo ao desaprehensivo cun xuramento en baixa voz, pulsei a radio. Eran as oito en punto e quixen escoitar as noticias no servizo informativo da nosa emisora que diariamente resumía toda a xornada. Circulaba pola estrada NI, camiño de Madrid. Minutos antes saíra das asépticas oficinas de Enacisa, logo de deixar ultimada a colaboración da semana. Era mércores, día inusual, pero con venres de festa, precisaba adiantar a entrega para entrar no vindeiro número da Revista. A voz de Rafa daba as “Boas noites” e o retrouso de “Noticias de todo para todos. Estas son as ondas amigas das oito do serán”.

Que teño pendente? A ver... Ah si, o encargo de Jordi! Mañá, sen falla, remítollo. Que simpático! Mira que pedirme “algo” sobre os cogomelos... Que sei eu diso? Pois non tiven que consultar enciclopedias, tratados, revistas estranxeiras... Home, non ía copiar literalmente o “Espasa”. “Ataque serbio con artillaría contra Osijek... Trinta mortos”. Mais, agora que reparo... E quedei con Esmeralda ao mediodía...? Non lembro... Pasarei pola tenda. Ás veces, está até tarde. Quen sabe! “O caso Juan Guerra, a Expo-92, a crise libia...”. Esta noite tomarei un tanto en serio a novela. Son un vago. Hai máis de dez días que non escribo unha liña. Aproveitarei para pensar. “Sorteo da ONCE, sorteo da Bonoloto”. Como se pode presentar logo de morrer a nai...? Non, non podo facer así as cousas. Cómpre crear un ambiente total, un mundo, un planeta que embeba ao lector e que o transporte a un

estado do que non poida retraerse sen deixar de ler o libro. Iso non o logrei. Hai que reflexionar e facer reflexionar, volvendo sobre o texto, como levantando un edificio ou conquistando un novo continente. O tempo, que día fará mañá...? “Ventos racheados e baixas temperaturas”. A novela, a obra escrita non é un edificio inventado e voador sen ruta. É unha perfecta armazón que constrúe sociedades, que diseña colectivos humanos. Debo ter as ideas moi claras e non ir, simplemente, improvisando. Unha estrutura rematada, definida; adaptar a concepción xeral ao sentido que impón a trama. E, arestora, o tempo de deportes. “O noso compañeiro en Málaga...”. Evidente a miña derradeira e profunda idealización non a comprenderá ninguén. No entanto..., que fío sustentará a historia, o que se ve así por riba...? Daniel e Azuzena fan o amor na húmida herba dun día de verán e senten, no pracer último dos seus corpos, toda a intensidade vital dunha xeración que está presente en cada latexo acelerado da súa esencia; nas unllas que, en paroxismo, proen a carne e abandonan sanguinolentas pegadas na epiderme esgazada. Ben, e isto a que vén? “Deica mañá á hora de sempre: ás oito do serán na voz amiga das ondas amigas...”.

Desexaría estar xa na casa. A fragancia da inspiración hai que aproveitala. Ah, teño que pasar pola tenda! A quen se lle ocorrería levar a redacción a Alcobendas? Menos mal que é unha soa vez a semana... Gustaralle o traballo a Ramón? Este tema da reflexión en voz alta neste mundo de xordos de ruído; de ter un momento nós sós co silencio como compañeiro, non sei se será do seu agrado. Se cadra é como hai tres semanas:

—Non ten “gancho”, é de máis intelectualizado... E esa linguaxe. Han ter que lelo con dicionario nas mans.

—Que culpa teño eu do baixo vocabulario imperante. Lembro que antes aprendíamos un léxico máis extenso, tiñamos o gusto polas palabras, pola propia etimoloxía. Que ensinan agora, que lles ensinan?



Ben, vou ao meu... Azuzena é un símbolo da candidez. Porque confía en Daniel, que xa é un home corrido e que soamente arela o atopar unha colocación tranquila e de pouco traballo. Xa está! O pai de Azuzena ten unha fábrica..., de que?, de que?

Esmeralda podía prestar menos coidado ao negocio e un pouco máis a min. Os cartos non o son todo. Non teño moita seguranza no tanxíbel da realidade e iso tórnaseme terríbel; dado que poderemos dúbida das ideas e das teorizacións, pero xamais pór en cuestión a materia que nos enrola. O barullo de nenas e nenos no recreo ou a bucina dese tráiler ateigado de laranxas para o mercado do día seguinte; deben ser consecuentes tanto na nosa cognoscibilidade como na súa existencia material. Somos parella desde hai catro anos e non alcanzo aínda chegar a esa identificación que transcende o luído da pel no leito a todos os movementos do seu corpo en calquera ocasión; de ver os mesmos peitos, espida debaixo da miña libido é no plastificado sobre todo dun día de inverno pingueiro, que me iguala o sentido da súa presenza distinta. Segue a ser, para min, unha muller e non distingo nos seus cabelos de castaño máis que dúas xemas entoadas de rímmel e cute da tersa idade e “colorete”. Era estudante de Belas Artes e tiña vinte e dous anos, cando aquel un día do outono, entre a gurría que tremelica na xistra do Guadarrama, me estoupou o rostro e, coa friaxe nas fazulas como vermello carambelos urizados, deitámonos sen finezas, gozando na intimidade cidadá de estarmos a sentir, sós na trasfega e na sensibilidade producida no propio illamento dun recanto seguro a medias da troula e o caos. Esmeralda era activa. Cinguía o meu tórax non apreixando o gozo, senón indo cara a el, a facer o seu dereito dunha instintiva reacción, mentres o reloxo, irreverente, soaba aquelas sete molentes horas dun serán laborábel.

Na novela, Daniel e Azuzena non poden ser así. Teño que desintonizar a miña experiencia da ficción. A fábula será iso simplemente. Como paseo onírico fóra da miña circunstancia, posto

que o camiño se pode decorrer en sentido inverso. Entón, cal é a dirección? Azuzena será a antítese de Esmeralda... Logo, Daniel non pode aceptar traballo na fábrica do seu pai. En fin, xa pensarei...

Vivimos, desde aquel día, a nosa experiencia de parella. A primeira, auténtica, de cada un dos dous. Ás veces, pregúntome por que tomei aquela determinación. Sería a soidade daquelas datas, de atoparme decote coa mesma xente, a rutina dos horarios, dos lugares... Lembro que a súa presenza era ilusión, como se o vindeiro día tivese agochada algunha sorpresa, como se a mesma relación supuxese unha experiencia vital que colmara todo o que estaba diante de min. O mundo foi entón Esmeralda. As lentes de cristais que o cubrían todo, absolutamente todo. Fotosíntese en min que convertía o devir dos días opacos en lumieira de séculos e minutos con senso. Igual á novela, sen letras; unha novela escrita en universal representación empírica, que iso era o que tocaban os dedos e percibía o meu corpo, cando o seu sangue de quente pel estaba suavemente acariñada baixo as sabas, fronteira de soños, nun cosmos reservado, noso. Eu escribía en pulos renovados. E Azuzena sentíase perfecta, cos seus ombros ao sol do peitoril florido, naquel ático que se perdía entre os quintos andares de sombrizas placas.

Chameina por teléfono. A deseñadora non estaba. Un cliente importante. Unha visita sen dilación. “Virá en dúas horas”. Está ben! Agardei tomando “algo”... Esmeralda era de estatura media. Como dun sesenta e cinco. Aproximadamente.

Aparcou o coche. Tres millóns de pesetas e menos de dúas semanas de uso.

Saberá que estou en “Merckel”. Seguro que non tardará. “Que tomas, cariño?”. “O de sempre...”. Uns folletos. As vacacións do verán. Iremos ás illas Seychelles; un paraíso, dos poucos que quedan no mundo. Hotel Vitoria. Mahé. Está decidido. Sairemos o tres de xullo e regresaremos a fin de mes, logo de

facer unha escala en Nairobi e unha xira ao Parque Nacional de Kenya. Perfecto. Facemos contas? Non é preciso. Teño o extrac-do do Banco e pasa de catro “quilos”...

Pero, é tarde. Que lle ocorrería? Pasou o tempo no soño da cafetería dos espellos, reflexo de vampiro que son todas as sombras que a habitan.

Se Daniel non pode aceptar o traballo, de que vai vivir? As cousas están mal... E quere a Azuzena, así logo, que terá que buscar unha solución. Que consello lle podería dar nestas circunstancias? Azuzena ten, pouco máis ou menos, a talla de Esmeralda; ou, acaso, algo menos... Mais posúe unha maior ilusión, outra esperanza... Desexa ter fillos. Tres ou catro, dille decotío a Daniel. E fan planos; e din que aquí irá a camiña do pequeno, e acolá a da nena... E xogarán nesta habitación os días de chuvia cando non poida levalos ao xardín. E as mans careixan o vexetal de oficina promotora; porque xuntos esbozan unha vida que non é novela máis que no meu folio branco, e eles son vagas ideas que non me atrevo a manifestar...

Aparcarei aquí.

A tenda parece pechada.

Si... Irei para casa. Alí estará Esmeralda. É tarde.

Cal será o remate? Como estaremos ambos os dous en dez ou vinte anos? Pregúntome se as rúas que andamos serán as mesmas rúas ou as doutra cidade, doutro continente, ou doutro planeta. A parella de ordenador en Sala de Estar. A impresora que non serve máis que para difundir ese remorecer de monoplexía que espadela os nervios. O botón é unha fiestra na que un arco da vella está a rebulir sempre a inexorábel información brandida de verde intermitente.

Abro a porta e soa a cadea de oitocentas mil pesetas. A xigante pantalla estereofónica está en Abu Dhabi, nun “Boeing

747” secuestrado e dous reféns, coa cabeza escachada en nove longo, son guindados no cemento da pista. A telefonía di que hai vendedores de “caballo” no soarego do meu portal... E ben, se non os vin foi porque tomei o ascensor directamente do garaxe.

Esmeralda está deitada no diván de coiro repuxado e persegue coa mirada as formas de estética global da estancia, como se fose a primeira vez que entra nela. Está no impreciso, nese estado natural expresado na verba máxica dos seraos de canapé e a preguiza endócrina dos días indefinidos.

—Ola!

—Ola, cariño!

Non atende a miña presenza. E dime decontado:

—Non me gusta nada esa parede. Esas láminas, esas figuras xeométricas... Non encaixan! Ten que ser algo máis..., máis señorial. Unha cornucopia... Un marco tallado. Non cres?

Non lle respondín. Para que? Todos os días esa idéntica apelación aos seus propios asuntos. E nada mudaría con darlle a miña opinión que, por outra banda, só sería tida en conta no caso de coincidir coa súa. Esmeralda era moi posuída no que tocaba ao seu traballo. Sobranceaba a súa valía e eu non desexaba aquela noite, naquel veludo mol de calor na alfombra, máis que arroxar a canseira entre o cadeirón e a lámpada de pé que sumía en luminosidade a esbellante negrume penetrado na ventá.

Alentei fondamente, tentando de compensar todo o desgaste da xornada e movín as pálpebras a esgotar os últimos lampos de fresco, na recuperación interior.

—Chamoute Enrique –espetoume Esmeralda.

—Que quería?

—Non foi expresivo... Que o chamaras a partir das once.

Aproveitaría aquelas dúas horas para escribir... Desbotaría no papel todo o que artellara polo camiño. Era o xeito mellor de pórme a redactar, de non levantar a man ao ritmo da memoria, elixindo a próxima palabra; esa inspiración que deixa para sempre, no selo dun minuto, un retallo da miña vida, un trisco da miña vitalidade. Había tempo que non gozaba dunha facilidade tan homoxénea, dunha coherencia tan acertada, de saír o léxico, vertido das máis profundas ideas tan doadamente.

Entrar nese conflito da integridade e a dependencia económica, do sacrificio dos sentimentos, da incomprensión, da indiferenza. Daniel case sería coma son eu: un pensamento que non atopa o papel axeitado para se representar. As palabras están...

Non son capaz de continuar. Algo me detén no camiño da decisión narrativa. Interpolado entre o intelecto e a ductilidade das letras, interrómpese no límite da aplicación ideal. Mais, con todo, eu debo intentalo, pois, senón, ninguén me entenderá. Azuzena precisa falarlle ao mundo e eu penso, en que Esmeralda podería axudala. Pero ela está entretida nos seus compromisos desta noite e marchará pronto. Anda lixeira, rebulindo dilixente entre armario e xoieiro, escoitando o paso dos segundos da miña indiferenza. É a presentación dunha colección de materiais; unha cea, unha reunión de xente “guapa”, triunfadores... Eu síntome, logo, un derrotado e mergúllome nos enlatados peperetes e maquino no que faría o Daniel nun día como este, e frunxo os ollos, estraño aos berros do telefilme, cerrado na historia de faragulla que bambea beixos ás xemas lordentas dos dedos no pegamento vaso de mesturado enol, espírito tamén de historia e de realidade elaborada. Así son eu, pensaba. Porque esa luz velaña que entorna o corredor non é senón máis que lembranza de moitos días e moitas horas que foxen do pensamento.



— Señor, unha revista?

— Si, por favor; *Robot*.

A azafata tendeu-lle o exemplar a Emilio. El albiscaba no irrelevante azul do ceo e nos albacentos nubeiros decorridos na xaneliña do avión, que estaban alí, enfrontados na xurdida imaxe entre o vidro e os ovellados cirrocúmulos do linxicuo horizonte. Así apenas atendeu a cortesía da aeromoza, pois vagábanlle ideogramas da súa circunstancia como prendidos en bandeira de Malaparte abaneada polo vento de fóra; amornando, en raro acougo, o nifroso estado que lle producía aquela viaxe. Todo era, agora, estancia afogada nos reducidos límites da carlinga. Un pasaxeiro de ningures que voaba nas ás da súa propia indefinición; conxunto de tempos e memoria que se abriu na revista de contraportadas brillantes na paisaxe tropical dun licor sublime ao refulxente sol do Caribe. Buscou o seu artigo: “Os mitos continentais”. A contemplación da súa simbiose, a realidade dunha existencia que estaba na obriga de entender. Non tiña dereito ningún sobre as súas formulacións. Como se fose un siloxismo categórico que nos descubría portas noutros camiños non estabelecidos previamente. Si, en efecto, podería lembrar, ou... matinar arreo..., elucidado na mesma elipse intelectual. E, no remate do pequeno discurso, acababa todo, deixaba constrinxido en letras e perecedoiro papel o máis nobre do seu ser: a súa capacidade de estímulo humano.

Pasou as follas e todo era idéntico. Exactamente igual que o número da outra semana... As mesmas actitudes, a omnipresencia do inmediato como motor de vida, a sublimación da novidade, da xuventude, de certos valores superficiais; na pasadía beleza da epiderme... Todo era compacto do disco duro dunha realidade que está alí; entremedias dos homes que agardaban na parada de taxis, os homes que apresuraban o café nas horas de novembro, nos atascos agoniantes de todas as mañás; no sangue, aínda quente da tolemia M-30; dun anuncio de alegría en tanto por cento de interese ou de promoción do modelo con máis prestacións cara á máis rápida morte; e todo mesturado no vómito dun ateigado estómago en noxo e rabia contida. Niso, a fin de contas, consistía o monótono decurso dos últimos anos.

Admirou os seus peculiares dedos que destacaban do exótico verdeal en fondo do fotogravado dun whisky perdido nos confíns da sensibilidade. El era iso tamén. Perfil esfuminado dunha experiencia irrepetíbel. Xamais volvería aquel anaco de segundo que fecundaba agora a súa mente, e ficou a mirada nos obxectos que rebuldaban tamén ao seu rente... As atadeiras de seguridade, as cadeiras de brazos, a alfombra... Todo era distinto dun instante a outro. A mesma cousa posuía diferente dimensión, como se mudase sen percibilo, a propia natureza, mentres permanecía, aparentemente igual, a estampa externa. Inquietábao pensar nesta realidade dinámica que infundía inseguridade e semellaba pendurar do aire un perigo descoñecido; preñado de ameazas que non sabemos, cando ancorara á beira negativa da nosa existencia. “Aló embaixo, vemos as distantes luces dos homes da Terra, como formigas nocturnas nos campos invisíbeis. Eles xerarán sentimentos reconfortantes de amizade, de sentir preto a calor doutro ser humano, de amores, de odios quizá..., e nacen, viven e morren e eu, desde aquí, áptera andoriña do espazo, por riba das súas casas, estou alleo aos latexos deses corazóns que ferven como o meu, e senten as mesmas apelacións vitais. E eu, desde aquí, non os vexo; e eles non me ven tampouco. Estamos afastados pola mutua ignorancia, pero somos perfectamente compatíbeis”.



A revista esvara na entreperna e o mormo dálle a Emilio. Monea levemente. Non quere durmir. Está na obriga de pensar que alí, no interior desas sombras preguiceiras, está o cadáver da súa nai; e que lle debe, polo menos, unhas horas de atención, logo de media vida sen, apenas, reparar nela. Unicamente, unha vez á semana, os venres á noite, tomaba o teléfono na man e marcaba o seu número, alertado pola afeita indicación no calendario da mesa. Esa vermella rotulación en círculo, era como un faro nas tebras dos sete días ensumidos na adultez esgrevia. Era miúda, velaíña figura de emborrallado recordo no tempo de antano; de quen tiña presente un brancor estendido sen mácula na pel, de cara de rosa relucida en plenitude polos grosos beixos e o negro cabelo que non abundaba de sobexo no contorno da ancha fronte, lentamente amarfañada nos sucesivos veráns de vinte días na salitrosa luz da outra marxe da ría. A súa fiestra, protexida na solaina de morno virazón nas tardes prodixiosas, escorregaba sobre os tellados e as chapas medianeiras a facer de sutil pantalla dos montes engastados na pátina de fume vaporoso. Emilio asomaba, cando aínda o día era mozo, e sentía nas ondas de sons agachados, todo a trasfega da mañá no Mercado de Santo Agostiño, a patela de “parrochiña viviña” e o rincho ferinte do tranvía que dobra a baixada da rúa da Torre. Tiña sete ou oito anos e nas noites de choiva, o diamantino cemento desde o reverso embazado do vidro, formulaba da fértil imaxinación, as suxestións asexantes do filme negro que vira na butaca perfumada de bafo humano no cine Hércules e, alí estaba ela outra volta, na cociña de gas e bordo tendido entre papeis de azul alzadeiro, a rematar a cea do cupón de racionamento e esgotando o cuartillo de aceite da semana nas mesturadas fabas en pedriñas repenicando na pota. Imaxes de hai corenta e tantos anos, imaxes de peiteado que suxeita en moños e brillantina de pinza na perrucaría de Mariña, nas interminábeis conversas do orballo da tarde e loito polos recordos que podrecen dentro da boca sen liberdade. Emilio era un neno de palabras escolleitas. Só unha negación ou afirmación. Só a prudencia de non saber que emisora sintoniza a radio das longas noites do aparador fuxido na vaixela dos días de festa que nunca che-

gan; ese receptor semella ser o santuario de todos os medos; “baixa, pona baixa, non vaian oír os do terceiro...”, e un día dixo entre dentes por ver as bágoas na faciana de pel moi branca: “Por que morreu a avoa?” Non sabe, hoxe, se houbo resposta. O velorio de apagón nun temporal de decembro foise nas nubes que el estaba a seguir desde a galería de cristais aínda cruzados en papel de envolver. Eran os seus estragos dunha guerra que amosaba, de cando en vez, na evolución do tío Abel. “Como está a tía Henriqueta? E Carmiña?”. “Todos ben, grazas a Deus”. “Vai tirando...”. Conformismo de estar un día e outro contando como pasan os anos que agromaban agora, en liviá durmideira que trataba de vencer na soporífera viaxe do avión. “Mama, mamá...”. Estará, de seguro, como unha flor sen se murchar. É a súa meirande ilusión, nesta hora da fin.

Desde que Enrique tivo que chamalo de novo, a iso das doce: “Non che dou o recado, Esmeralda?” “Perdoa, entretíveme”.

E deulle a noticia: “Chamou teu irmán”.

E nun intre ficou inexpresivo, como detendo os minutos para retornar á atención. “Non sabe o teu teléfono?”

Para que ía sabelo. Non era preciso. Vivía nunha illa desprazada seiscentos quilómetros, reducido aos efectos dun escepticismo inconstante. Entre *Robot* e Esmeralda construíase un conxunto fechado, circular, concéntrico. E arredor del, o pano inaccesíbel do pasado, do que Alberte Fernando formaba parte sen remedio. As escasas noticias que lle chegaban, tinxidas sempre por un sentimento de frustración, éranlle para recoñecer nelas aquel ambiente da profunda dor e fracaso que abandonara un día de agosto, dez anos antes. As últimas lembranzas, eran as dunha luminosa estrada de coches alustrados nos lampos moribundos do sol de domingo. El ía, decote, en dirección contraria. Xurdía de entre as casas, como un rato que foxe na proximidade do lume denizador polos ocos receosos dos bloques uniformes, nun intre

prendeuse o mundo na quietude, no silencio, no lumegar da luz de crepúsculo que avanzaba cara a el e, a bordo do seu vehículo metálico, tomou a vía de penetración nun futuro distinto. Eran minutos de retesía, presentes até que a cidade perdeu a súa vixencia e só un resplandor da luzada vencedora do lusco e fusco se reflectía na alta néboa desde o miradoiro rachado do seu peito. Acelerou con forza, como se tratase de axudar ao motor a avivar o coche furado en camiño de acivros e eucaliptos. Quería abreviar aquela tortura e non ter ningunha relación co pasado. Independizar totalmente a vitalidade esquemática do presente e que todo fose distinto. Incluso baldeizou o cadro de mando de todas esas cousas que quedan esquecidas nel e que lle puideran lembrar, nalgures, algo do que eran xa os tempos de onte. E, alí, nun recuncho da estrada permanecerían para sempre os últimos obxectos do home anterior. Agora xa estaba todo rematado. A noite chegou e soamente o pranto sen bágoas da faciana branca, parecía revivir entre luces de cruce e vermellos faros de posición ao longo do parabrisas encollido en pingueiras do suave orballo do amencer, cando na Meseta se fixo física realidade o seu distanciamento da Terra e da nai. Dicotomía concretada nun sentido perfecto de harmónico desazo. E, como neste vidro de xaneliña acesa, todo semellaba dar vida nos seres inanimados e no solpor artificial do espazo acoutado. “Agora tamén estás ti, mamá e non importa a morte porque estou a sentirte viva en min, máis que nunca”.

Chegaría en pouco máis de vinte minutos. O retorno que precisamente dera comezo cando pousou o auricular, logo de recibir a mensaxe do seu xefe. E, como intentando descubrir na parede núa do salón a orixe última daquela especie de rara señaridade, permaneceu inmóbil até que Esmeralda abriu sixilosa a porta a iso das dúas da mañá.

—Aínda de pé? —sorprendeuse de atopalo alí, a carón da ventá aberta ao infinito espazo do corrupto ar da capital de España. Non percibiu a súa presenza.

—Eh! —tratou de captarlle a atención Esmeralda por segunda vez.

Dando as costas ao dormitorio, díxolle:

—Morreu miña nai. Era o recado de Enrique.

—Túa nai...? —apenas musitou.

—Si, chamouno hoxe meu irmán. Mañá ás doce e media é o enterro. Teño que ir á Coruña...

Esmeralda levouno ao aeroporto. Non, non quería que o acompañase. Conviña que estivese só, fronte á morte tanxíbel dun anaco do seu molde existencial. Non era senón a súa propia morte? O principio da súa fin, o preludio da extinción natural do inmediato. Era, ao cabo, unha eiva de tempo que estreitaba máis os límites.

Non houbo problemas co billete. Ás oito en punto enfiaba a pista cara a Galicia. Desde a cristaleira da terminal, Esmeralda seguiu a engalaxe, até que a aeronave desapareceu no horizonte e Emilio mimouse as uñas o os dedos, como acto de identificación serodia.

—E logo, que dixo Fernando? —preguntou Esmeralda.

—Simplemente deixoulle o recado do falecemento e da hora do enterro.

—Simplemente? —interrogouno.

—Si, simplemente.

Era día de cemiterio. Un deses días que o mar calmo fai de carpideira no seu íntimo ruxerruxe de choquén necrófaga, arrolada nas rochas de nordés. Eu era unha escura chaqueta e lentes de acibeche na porta, compañía dun ataúde e dun cortexo con máis ou menos parentes, veciños, vellos coñecidos, que xa de tan vellos me eran descoñecidos e unha raiola que, furtivamente, rachou as nubes entre o mediodía e a pátina de humildade satinada na pulida pedra dos muros definitivos. Estaban reunidos, entanto, os familiares terminais e sentínme, nun breve repente, como parte integrada naquel fato residual da tribo dos Ramallo; mais de novo accedín sen intervalo á concepción exacta da realidade e contrastei, por única e quizás irrepitíbel vez, a definición individual e colectiva de cada un deles en relación co ser que iamos introducir no nicho número mil trescentos vinte e cinco do Terceiro Departamento: meus irmáns Fernando e Sabela, miña cuñada Encarna, o curmán Antón e a súa noxenta nai, viúva de meu tío Primitivo; miña tía Xulia, tamén viúva de Abel; o señor Ramón, o da tenda; os veciños do terceiro: ela gorda baixa e birolla, el cangado xa polos anos; Sánchez o da adega; o leiteiro, o xubilado de Tabacos... Neles recoñecía o pasado e, como a pantasmas de día e luz; uns saudábanse con prevención, desconfiando da miña identidade; os outros comentaban, seguramente con agrado-cos sabores, a prolongada ausencia, a suposta falta de cariño, esa friaxe que lles penetraba ao reflexo dos seus ollos. Non concibían que puidese estar a sentir en min caste ningunha de dor pola perda da miña nai. Era, para eles, máis reveladora a formalidade do propio alleamento, o cerimonial do acto fúnebre que o sentido

que me interpretase interiormente. E, como despois de todo era un máis deles, conseguiron que, por fin, baixase a mirada e avanzase uns pasos, botándome baixo a caixa para apoiala no meu ombreiro e que fose un dos catro alicerces humanos que descenderon sobre os chanzos do camposanto até a derradeira cafurna de cemento, encuberta na placa de branco.

Como dicía, o sol paseaba naquela hora de caer temperado e fixábase no meu rostro impedíndome na práctica ver as persoas que facían corredor ao paso do cadaleito. Os pensamentos gadouábanse así, sen máis atrancos que a miña feble vontade. Era todo, entón, pensamento e un lixeiro peso que afundía o canto de madeira na omoplata esquerda. Unha idea, unha sensación soamente, e o resto do Universo desaparecido de súpeto. E, de novo, encarei aquela costa difuminada na néboa que parecía engulirme en si mesma, sumidoiro absoluto das certezas materiais e, con ollos ben abertos, un día de inverno do corenta e sete, escoitaba no alén da memoria, o monorrítmico trequelar dos pesqueiros do día que sucaban a macilenta marea nos seráns. Recordo que viviamos nunha casa do século XIX, de galerías diante e atrás, de madeiras en hule e petador de man estática no ferro oxidado por pasador en espiña dorsal que se desxunguía na cociña en penumbra do seu fondo de piago eternamente misterioso. Semellaba a casa descolgarse sobre as miserentas hortas dos patios que, entre o lixo, goldra e podremia, se deslombaban até o mar. Era un fresco perfecto da estrutura moral dos tempos. E recordo tamén todos aqueles pequenos detalles do seu corpo, xa desgastado arreo pola magoada existencia. As pernas que se resistían a dar os pasos correctos, a perenne reuma que, prematura, asomaba ao reventarse nas frieiras de xaneiro todos os anos, os habituais salaios por ter nacido que, de tan indefinidos, abranguían decote e en cada lugar, toda encarnación dese fado negativo que impregna a vida enteira das xentes sen máis esperanza que a resignación. E, cando a tía Baltasara viña “cobrar”, o día catro de cada mes ás dúas en punto presentábase na porta. Non había saúdos, nin sequera a tan socorrida alusión céltica do tempo meteorolóxico. Non, eran as

súas primeiras palabras dunha puntual e prolífica sintomatoloxía de todos os seus achaques que, por autoprescrición, se sentía na obriga de sufrir. “Padece moito”, era o diagnóstico xeneralizado de calquera terceira persoa en conversa das dúas irmás nas tardes, para min case inacabábeis, daqueles días catro de cada mes nos anos dourados na nenez de posguerra. “Moita” era, logo, a cualificación do padecemento que xa se daba por descontado. E así, entre toda a variedade de males e enfermidades, daban as seis e despedíanse xa que “ás sete sae o coche” e eu seguía ás dúas mulleres entre os papeis de paredes e portelas esmeriladas nas cores sen gusto dun decorador anónimo. Coas últimas recomendacións: “Cóidate”, “Non collas frío, abrígate” etc. remataba a sesión e daba comezo, para min, a incerteza, alegre incerteza porque a tía Baltasara sempre lle deixaba algo para “o neno”. Ese “algo” facíase esperar. Miña nai non calmaba a ansiedade. Poñíase a remexer no alzadeiro, arranxando as potas, os pratos, os vasos, reorganizando as ferramentas domésticas naquel pañol de segredos valados pola súa autoridade como semovente territorio. Así continuaba co cazo na “bilbaína”, a lavar no vertedoiro os “pociños” e culleriñas usadas pouco antes, e eu agardaba, nunha progresiva inquedaanza ao saber, por fin, os cartos que deixara a visitante. O último bico, xa no limiar da porta, era como unha especie de liberación, unha esperanza aberta a aqueles cromos de guerra que custaban tres patacóns na libraría de Tomé: “A ver se me toca o trinta e tres”. Era ese cromo case inalcanzábel que en todas as coleccións, decote, faltaba. Tristeiro subterfuxio no “marketing” da miseria: “Ai, se me saíse...!”. Mais, miña nai non falaba. Eu, atenazado no degoro, non pretendía ousar de preguntarlle. Sabía da miña impaciencia e eu tamén. Coñecía perfectamente o seu razoamento lóxico. Era un xeito de terme á súa mercé. E, aínda que eu non era moi traveso, nin revoltoso, nin sequera bulideiro; desde a morte de meu pai, mudara nun tanto desconfiada, temerosa; de confundir as miñas naturais e sinxelas pretensións de neno, con perigos certos e definidos que ela albiscaba no porvir e que me exasperaba sen motivación aparente para quen vese as cousas desde fóra.

Comprendo agora que isto formaba parte do sinistro ambiente que todo o embulleiraba zarrapicado no áspero soño do noso pequeno mundo. Alí sós, os dous día e noite. Sen outro son que o vento asubiado nas fiestras de madeira desvencellada e a rumorosa distancia da vida urbana. A sirena da Fábrica de Armas, a corneta da baixada de bandeira no cuartel, un único coche que chouta no pavimento... Miña irmá estaba en casa dos meus avós. Na rúa de San Patricio. Soamente sabía da súa existencia por dous feitos puntuais: as tristes e continúas queixas da miña nai e a visita dos domingos. Ese día eu comía un pan máis branco, unha “cousa” tenra que chamaban “queixo” e outra cousa máis dura que dicían eran “galletas”. Máis que subir, arruñaba polas escafeiras coa idea cravada nos sabores da merenda e entraba sen reparar, case nunca, na presenza da enloitada velliña que me abría a porta: “Emiliño, Emiliño, dálle un bico á avoa”. Eu xa estaba no outro extremo da casa e non atendía máis que á ávida pescuda de achar a bandexa que me agardaba no tempo de sete días interminábeis. E, amoucado, debía volver os meus pasos na perífrase dunha componenda amañada nos principios da suposta educación familiar. Botáballe as mans ao colo e pasaba os labios pola murchada meixela. Era o prezo da ilusión...

A miña irmá era unha nena que se estaba a sentar fronte de min. Unha nena de alisados cabelos e fazulas modeladas en dúas circunferencias case perfectas baixo as órbitas oculares. Unha nena que me resultaba máis descoñecida que a balorecida estampa tirolesa do que fora cromo de calendario noutros tempos, decorando a parede do comedor, e que parecía espreitarme desde os seus iris inmóbeis, na miña repetitiva tarefa semanal de encher o dente. Sabela, mentres, permanecía calada, como boneca de escaparate que deposita na esbronzada puntilla do pano, ao tempo de que miña nai non falaba doutra cousa que de desgrazas identificadas na miña nenez como feitos absolutamente cotiáns. Non había lugar para máis nada na tarde diferente e souben entón, por primeira vez, un daqueles días, de queixo e galletas, que eu tiña outro irmán.



—Cando virá o Nandiño?

—Ai, déixeo alí, señora. Polo menos ten para comer. Na aldea sempre se gobernan mellor.

Estaba no Castro de Mourelas, cos avós maternos. Eu non os coñecía e non os vin diante até moitos anos despois. A familia espaxada na xeografía inmensa do meu planeta indimensional e a referencia da distancia facíanse incomprensíbeis. Morrera meu pai cinco anos antes. “Do peito”, dicían sempre nas conversas dos maiores, e a reducida pensión non daba para mantérmonos os catro.

Como se estivese a ver agora o sufrimento da miña nai, as coitas que fuxían do seu cuarto entre renxidos da vella casa, no silencio e nos pavores en revoeira debaixo daquela porta indefinida, como o mesmo pranto que me era incomprensíbel. Temores e certezas de que “algo” estaba nun ambiente de hermético alfinete punteando as preguntas, e o pano de día e noite no seu calado labor.

E ti mamá, eras, para min, perpetua incomprensión. No teu rostro sen fisuras, na túa mirada opaca, no loito de estadea vivinte no que, incesante, afundías a túa figura do estrelecer penetrado entre luces de crepúsculo, cando xa non percibía no vermello horizonte máis que a imaxe dos cabelos en perfís de penumbra, rachados nas galgantes sombras da galería. E ti, mamá, non escoitas as miñas teimas de anos revividos, hoxe que é día de cemiterio de terceiro departamento e de nicho que abre o foxo ilímite, perante todos nós.

Pasamos o cadaleito nas angarellas e afastámonos todos definitivamente. O crego rezaba. Un intre a xente retida na oración.

Daniel tamén soterrara ao seu pai un día como este. Facendo do acto fúnebre unha encrucillada de sacrificios adiantados en mérito de futura felicidade. Era algo necesario de pasar

e no espírito do militante da vida, disciplinado e obediente, arrincou a aflicción da súa macia peaña e propúxose afrontar a desgraza coa épica fachenda dun pequeno heroe de alburgar, que para si mesmo, ergueito nos soños imposíbeis, estaba proxectado nun porvir sen datas. Daniel foi sempre un porvir sen datas. Un continuo agardar o mañá ilusionado, reducir todas as cousas a esa praxe de esperanza. E así, Azuzena era tamén fío condutor das súas propias utopías: obxecto que se dedicaba nun lugar da escena a interpretar determinado papel. Todo o artellado na súa imaxinación provocaba, do seu íntimo, os insomnios da colcha ríspida e contras entreabertas que traían idéntica paisaxe cidadá, soamente modificada no decurso do ano, pola luz distinta das estacións. Esta reducida policromía era motivo dabondo para criar todas as fantasías nutricias na librería do seu pai en Salgari, Stevenson ou as illas encantadas dos contos irlandeses, de cornamusas lostregadas nos deuses mariños envoltos en treboadas de sarabia e lapas saturnais, alén dos confíns oceánicos. Daniel era iso simplemente: unha secuencia furtiva do filme total. E, cando a lousa de mármore encaixou nun seco golpe, devolveume ao mundo e eu dinlle a man a Sánchez case sen me decatarse diso. Iniciara xa Fernando a recepción do necrófilo desfile de acompañantes, manifestando o pésame en absurda ringleira aos sufridos familiares que engadían, nos seus pesares, a finxida escenificación por veciños, amigos, coñecidos e incluso eses eternos profesionais do velorio e das campas que sempre aparecen en tales circunstancias. Os que sempre están a ler as necrolóxicas, como primeiro acto da xornada. Barato entretemento e un requintado gusto polo satisfeito conforto experimentado coa dor que, coidaban, debían sentir os parentes do defunto. Unha certa mitoloxía urbana da morte como profunda apelación a outros sentimentos máis elevados e que estaban, de seguro, alleos á historia presente.

Anoxábame aquilo de estreitar ducias de mans. Quixera pensar que, en efecto, no razoamento do Daniel, non era máis que “un trago” que era preciso aturar. Remexíame o corpo

tanta superficialidade e, en taxados minutos, como puiden, escorregueime entre dúas reas de cruces e botei a andar cara á saída.

Comprendía perfectamente o seu estado de ánimo naquel intre e alegreime de conseguir captar con tanto rigor os seus máis fondos sentimentos. Non tiña moi claro o perfil da súa nai; pero iso sería algo a construír a medida que se fose plasmando a idea, aínda que xa me asomaba devagar na súa sensibilidade, sarxando en cada intento un máis profundo laño na codia do idóneo contorno que estaba a maxinar.

Eran os pasos máis dolorosos, os que esixían unha meirande dose de identificación interna entre a ficción e a realidade. Este curto percorrido en terra de ningures suporía, sempre, un axitado proceso de angustiado dinamismo estético, de elección permanente, dese vermos eivados na amargura de non acadar o imposible e, ás veces, as ansias sublimes da insatisfacción. Máis decidido, funme solto a pórme ao traballo. Estaba en estado propicio e seguro que as teclas da máquina irían ás xemas dos dedos, máis que estas intentaran atopalas na desidia.

Non me preocupara polos demais. Andei naquelas rúas que apenas xa recoñecía en dez anos de distancia. Algo se deixaba apreixar na miña retina, transportándome de novo aos tempos que quixera esquecer, algo que formulaba lembranzas confusas; de arrepiantes medos tremelicantes, afundidos na pel e o camiñar nervioso dunha data que arrinca de escuro en luces de ollos abertos e miradas incomprensíbeis. Avancei, desbotando todos os recordos e levando o meu pensamento, nun propósito de afastar calquera outro sufrir complementario. Tentaba de recoñecer un balcón, un simple esquinal ou a reformada casa dos meus amigos. Cheguei ao meu destino e pechei o exterior no vello cuarto, prendido quizais en ilusións non conseguidas e en futuros proxectos de frustración. Todo se reducía, xa que logo, ás miñas escasas posibilidades de resistencia e, por un momento, unha refolada de optimismo pasou fuxindo desde a boca de

estómago até a gorxa. Era un supervivente e, grazas a iso, podería pór en movemento a portátil, principio e fin da miña inspiración.

Daniel entrou, sentouse a carón meu. Aínda era mozo e parecía sorrirme sen prevención ningunha.

#euquedolendo  
#baíaconnósnacasa

Emilio Ramallo Pardo sostiña, ás veces, o bolígrafo na man. Indeciso, como se estivese a meditar, ou máis ben matinando nas ideas que, informais, o atopelaban resistíndose a ocupar o espazo baldeiro de signos caligráficos. Acendía un cigarro para depositar na espiral das volutas a imaxinación que lle estaba a faltar coa secreta esperanza de que un xenio voador prestase a imprescindible axuda de dar o paso decisivo na trama narrativa. Eran minutos nos que o teclado, impersoal e inerte, se deviña en simple espectador e conviña utilizar o método manual, primeiro sistema de comunicación deprendido na vella escola de Dona Dorinda o ano do planisferio amortallado en sabor de pan e chocolate e un acedo cheiro de couza na proximidade dos atrás anicados polo uso e a traza. Tiña daquela cinco anos e o silabario, libro misterioso, era a entrada das boas intencións, preñadas na vida que a mestra debruzaba día a día no contraste de sombras e luces do tempo pasmado. “Aplicate”, “atende na clase”, “faite home de ben”. Eran as prescricións estandarizadas que repetían nai e avoa e que estaban acotío en boca “dos maiores”.

Medrara no reducido espazo dos penedíos de penumbra e xamais pensou en que aquilo non fose, senón o principio dunha andaina cara á felicidade incerta, vaga, imprecisa... E, neste conceptualismo resumía, tamén el, o sentido último de todo. Un todo que era, cada vez máis, inconcreto; indefiníndose no propio bolígrafo e na impotencia de dar vida á ditatorial máquina de escribir. Así, cando venceu o atranco inicial, non descansou en varias horas computando este tempo real na intensa aplicación do seu

propio camiño anterior. Un lixeiro repaso proporcionoulle a visión, máis ou menos correcta, dun grandioso fracaso e de moitos erros que xa non tiñan remedio.

Dicía que o chalé situado á beira do desvío na costa de Carnoedo era o monumento ao mal gusto e debía recoñecelo así, agora, vinte e dous anos máis tarde, pois a súa capacidade de análise non se transformara tanto como para ter outra avaliación diso. Quizais o aprendido na Facultade non era precisamente un modelo de humanismo sensíbel pero non, por iso, aquela tacha da formación oprimíao para sentirse cómodo entre a estruturación dunha arte artificialmente decadente e a pretenciosa postura do vello Anxo Mendo que, por suposto, non chegaría acadar o Premio Nobel. Porque ese fora o motivo daquela visita.

Emilio rematou, brillantemente, no 1962 os estudos de xornalismo. Na Escola Oficial, en Madrid, si aproveitara a inestimábel axuda do tío Arximiro, persoeiro do Réxime que ostentaba un alto cargo no Ministerio de Información. Era un dos homes influentes, dentro do que isto puidese significar naquela situación homoxeneizadora; no chamado “clan galego” do novo equipo de propaganda do Sistema. E por este medio aterrou, a seguido de graduarse, na empresa Editora Española, un dos grupos máis poderosos dominado polo Marqués de Sandoval, representante sobranceiro do sector monárquico no interior e membro relevante do *lobby* económico na incipiente sociedade industrializada da década dos sesenta. E, así foi como, aos vinte e un anos, se viu a bordo dun “Seiscientos” pola capital madrileña; créndose xa un máis dos habitantes daquel país e integrante dos seus doados destinos universais e da importancia insigne de ser un español en pota atada de papel de envolver no ómnibus das oito da mañá e cegadoras latas de amor patrio no Pozo do Tío Raimundo. Ben, isto non había por que maximalizalo pois “en toda terra espiga o pan” e, en amores e gratitudes, pasou os seus primeiros meses na redacción do xornal *La Rosa de Castilla*, agochado na ambigua sección de “Varios” que mesmo servía

para “can de dúas cabezas” que para a última marca do *Guinness*, conseguida por un amorfo señor da Islandia que, por exemplo, cagou trescentos peidos en vinte minutos. Comía, logo, que diso se trataba.

Un día de febreiro do 1963 entrou no despacho de Ramón Canarejo. Estaba a friaxe aínda de cedo no radiador e refregou as mans antes de sentar a unha orde do antigo Xefe de Centurias das “Falanges Juveniles”:

—Vostede é galego, non? —espetoulle, despois dunha silenciosa, breve e imprecisa esculca, arriba e abaixo, en todo o corpo, apacochado no asento contra dun raiado veludo.

—Si... —sorprendido, respondeu case tateando o Emilio.

—Ben, teño para vostede un encargo. Trátase dunha reportaxe, un traballo de periodismo dinámico... Entende? —Emilio non sabía que dicir. Aquel Ramón non tiña máis idea de periodismo que a aprendida nas Comisións de Censura, e optou por calar—. E como estou a dicirle, amigo Ramallo, es algo así como unha investigación. Trátase do escritor Anxo Mendo, un galego ao que eses mamóns da Academia Sueca nomearon para o Nobel de Literatura...”

—Perdón, señor —aventurouse o Emilio a interromper—, a Academia non nomea; a ela chéganlle os nomeamentos”.

—Sí, claro... Pero todos son os mesmos cans: marxistas e separatistas, unidos no común desexo de acabar coa unidade da patria.

—Non comprendo, don Ramón. Que relación hai neste caso?

—Amigo Ramallo, coido que non ten noticias... Ese Anxo Mendo escribe en galego, non en castelán, entende?

—Entendo que alguén o propuxo, non si?

—Efectivamente. Os de sempre. Os pseudointelectuais da merda que pensan que nos deixamos enganar... Ben. Irá vostede a Galicia e preparará un traballo con entrevistas, por se “o can pilla a mosca” dese Premio Nobel. Pase polo despacho de López. Ten todo o preciso para a viaxe. Sorte.

Estreitoulle a man e, na física estulticia daquel xesto, lembra Emilio varias cousas: que el era galego e que se falaba alí un idioma.... do que xa non tiña máis consistencia que os sons aborrallados que permanecían, acochándose lentamente no medo, dentro dos seus miolos. Aquelas frases dos nenos de “bólas” e “che” de fedorento regacho nas ruelas sen pavimentar dos días ardorosos do verán, de todo o que era nostalxia ou saudade, como dicían os portugueses...; non! ese é un termo galego tamén; logo, hai máis lingua que é de seu nosa que, evidentemente, non só se trata dunha regueifa encirrando aire dos ambientes radicais, senón que existe, que está, que ten unha materialidade concreta en milleiros de persoas tapadas no número indefinido da masa inocua e que, día a día viven, sofren, aman..., e falan. Si, falan! “E este mamón...”.

“Vostede Ramallo ten que coidar ese acento”, díxerlle don Homobono ao pouco de estar na Facultade. Era consciente dese remate, devagar nas graves, esa modulación da voz, ese deixárense desprender as verbas dos labios, como vencendo a súa propia oposición; era motivo de comentario, de certas “coñas” de efectos comparativos... “O periodismo radiofónico non é para vostede, Ramallo”, déralle como resposta o “facha” do Maravall un día en que non lle soubo algo relativo ás producións do continente australiano. Que relación podería haber entre esa suposta ignorancia e as súas aptitudes de locutor? Pensou que era un sinal de ofensa, como se a propia ofensa fose unha fin en si mesma... Ou poida que un complexo de inferioridade lingüístico daquel reconvertido profesor de ética, “camisa vieja” e membro da Comisión Provincial de Censura de Espectáculos. Desexaría ceibar na atmosfera de xoula mesta do despacho todas estas consi-



deracións do repente espertado na idea existencial do seu propio país, e establecía unha insólita endosmose coa súa posición no seo da sociedade en que estaba a vivir; de pel de año e cores de pomba por fóra e, responsabelmente agresiva, por dentro. Andavía de aparencia sempre disposta a non ceder o máis mínimo na súa conquista cultural. Arrogante das miserias e rexa, inmóbil, impertérrita, perante do pobre tumefacto que trata de ocultar as carencias físicas por temor a seren interpretadas como inferioridade moral.

Emilio fixérase a pregunta de quen sería aquel Anxo Mendo e, non posuíndo outra fonte de información, buscou nas bibliotecas con resultado negativo. A que acudir?

Reinaldo era un compañeiro de Redacción. Un valenciano, home xa entrado en anos, que recalara na *Rosa* logo de ser debidamente depurado pola súa participación na prensa da zona republicana cando os anos de guerra. Un restroballo humano que xantaba algo a iso das dúas e media na consigna de Radio Nacional e os garavanzos de sabor a pequenos sucesos locais de fecunda pluma truncada había vinte e tantos anos, no ferrollo da España Nacional e as argolas de “miradas claras e frontes levantadas”. Era, así e todo, un coñecedor de moitos segredos dos recursos xornalísticos da capital e ofreceulle o seu desinteresado consello.

—Hai unha persoa que pode axudarte. Vai ao Centro Galego e pregunta por Plácido Quintela. É o bibliotecario. Un home de cultura, un intelectual para mellor entendermos, marxinado polas súas ideas. Foi catedrático e represariado. Agora saca o po dos poucos libros que se salvaron da “Cruzada”, para ir tirando... — marcou con velada malicia estas últimas palabras.

No Centro Galego, baixo a “bandeira nacional”, estampábanse os símbolos do Réxime. Iconografías de Franco e José Antonio e un certo cheiro a podremia que non soubo Emilio identificar debidamente como derivado das tapas putrescentes do mostrador, do deficiente funcionamento dos servizos ou da pro-

pia degradación daquela cova de servidumes na que entrou preguntando directamente polo devandito Plácido. Era este un conxunto de eslombadas costas, unha especie de anteollos escorregada no acirolado nariz e un pelo invisíbel que se adiviñaba espallado de canas pola brillante calva; curuto dun corpo amagado en raídas e baratas roupas de economato.

—Anxo Mendo... —en frustrante aceno de fochicar na memoria—. Un intre, por favor, déixeme apagar... —pasaba o tempo co partido; levantou, elevado pouco máis que para desengruñar a cintura e calar a radio en fútbol de “Copa del Generalísimo” e enrouquecida voz de cantar en mesquiñas horas as glorias breves como manto de ilusión en tarde de “pan e touros”. Logo, aquel bibliotecario que, esqueleto prometido nos finos dedos de apenas pel prendida dos ósos, rematou a cadeira e, puntual, fixo a biografía do escritor, precedida dunha documentada e xeral siphose da súa obra. O seu verdadeiro nome era Ángel García de Lage e nacera, aproximadamente, no mil oitocentos noventa e cinco ou noventa e seis, ou...; ben, antes do mil novecentos seguro en San Martiño de Calvos, na provincia da Coruña e pertencía, segundo a catalogación do Quintela, á xeración que formulara os seus ideais arredor das Irmandades da Fala. Era un poeta de ampla obra, mais escasamente difundida. Algunhas achegas en *Nós*, *Ronsel* e revistas de pouca tiraxe na época anterior á guerra e logo un longo paréntese de silencio desde o exilio na Arxentina, onde si saíran do prelo catro libros fundamentais, en opinión de Plácido, para a literatura moderna galega: *Afirmación*, en 1947, *Ventos de liberdade* e *San Xoán*, en 1953 e, por fin, a obra cimeira, o cume das letras do século XX: *Pobo limitado*. A partir de 1960 permitiuse a publicación, primeiro de *San Xoán* e logo de *Afirmación*, pola Editorial Éter, mentres que as outras dúas obras seguían a seren prohibidas e mesmo perseguidas.

Anxo Mendo retornou en 1962 e a súa presenza convulsionara os reducidos, e case ocultos, círculos da cultura autóctona. E,

por outra banda, el daba pé á loaira de expectación, interese ou simples comentarios de boca en boca, elevados por mor das súas mañás no incerto halo dun falso misterio de lenda circulando aquel e alén dos cenáculos clandestinos, baixo a tea engaiolante da represión oficial, tan querida para os presuntos mártires da referencia obrigada no idílico país da utopía underground que, con todo, era unicamente a epiderme opaca dunha terra sen cor, sen tacto e sen sabor. Era un home difícil, de conversa restrinxida e que en todas as pautas de comunicación aplicaba unha lóxica básica, aínda que fose contraditoria cos usos comúns, independentemente da actitude do interlocutor. En certo modo revelábase como un pretencioso, por riba do ben e do mal, sabedor de ser un torto de poucas luces no país dos cegos de nacemento. Por certo, que só as institucións dominadas polos homes da súa “forxada cultural” o propuxeran á Academia Sueca. Unha “xogada” política dos intelectuais de salón que, como novos Boabdiles, preferían sotelar na impotencia, croñando recoñecementos sen base, que enfrontarse coa realidade doente. Tristeiro destino dunha xeración acorvadada nas balas daquel que fora “convocado o día desde a tebra”. Agora era obxecto de moita atención polos que aprenderan, incluso a seren eles mesmos, o día en que souberon que existía o Anxo Mendo, escritor galego e nomeado para o Premio Nobel de Literatura.

Agradeceulle Emilio ao Plácido a súa deferencia. Caeranse ben ambos os dous, e deu en descubrir no bibliotecario de voz lenta e canso timbre, unha dimensión distinta das cousas, un “non sei que” que estaba alí, acochado tras os suaves perfís das frases e no seu melancólico amouchar de fragilidade moito máis intimamente acolledora que o circundo dunha realidade de ferro na palabra e indiferenza no trato.

Cando chegou Emilio a Galicia, era xa de noite.

Mamá durmía no cuarto dianteiro e as fiestras tapizaban a escuridade, a translucir en filtro de esguizadas cortinas esa velaíña luminosidade exterior, chegada no envolto de incomprensíbeis

murmurios das horas de media noite. A lixeira equipaxe ficou na mesa de revellido verniz e macizas formas. Aquela mesa, que era orgullo de familia no ponderado relembro do tío Alberte e o afastado carballo en fábula xamais confirmada de plácido río de verán dos anos de plenitude. Emilio pasou a palma da man polo respaldo da cadeira e mergullouse na amálgama de recordos. Todo regresaba de súpeto, superpondo as imaxes e os pensamentos, ás penas e ás glorias; todo era síntese de soidade e urxencia. As horas deberían pasar. Non avisara da súa chegada, e tanto a nai como Sabela levaríanse unha sorpresa.

Nas sombras, seguiu o contorno do corredor. A habitación “italiana” pechada, dicíalle que alí estaría a súa irmá. E non quixo facer ruído.

Ás apalpadelas saíu á escaleira movendo a porta amodiño. Non tiña sono e a chave que conservaba no peto proporcionaba a liberdade de dispor, ao seu antollo, do retorno. Embairíase da súa vida nas retortas rúas do barrio e, como un visitante do tempo, percorreu o pasado, pisando aquel chan de antigos pasos e pesadumes. As esmorecidas luces de gatos fuxidíos e estoxos en cheirrento lixo foron silenciosas compañeiras de seu paseo taciturno, prolongado na tenue madrugada de fina néboa e inidintificábel rosmar da actividade nocturna do porto. Era así un amencer que avanzaba e un home que ía ao seu encontro.

E a cidade permaneceu na agarda do lumbrigar, á espreita do seu rebulir silandeiro. Emilio deveuse, xa que logo, unha parte indiscutíbel daquela paisaxe e foi até o límite das badaladas en sete horas do reloxo do Concello. Entón, nas derradeiras sombras, volvía á súa casa e, co mesmo esmero, penetrou na vivenda.

Tonecho era un ano máis novo que Emilio. Naceu, criárase e vivía na casa contigua e, veciño de sempre, cadrara así mesmo con el no Instituto e nos xuvenís do “Vencedor” na época en que o manco Rafael facía levas nas camadas de rapaces que bivacaban en balón de pichola e zapatos esnafrados nos croios e na terra enchoupada do Campo da Leña, en nutricia rexeneración das fileiras do Club do barrio. Era unha honra para calquera neno que se fixara nas súas habelencias futbolísticas e, aquel día de agosto, os dous amigos sentiran ao unísono aspear o corazón en fortes latexos do seu virxe zume, por seren elixidos para a gloria xuntos en parella de medios volantes que ían xa a vestir a camiseta internacional dos seus soños espertos, firmes no himno dun estadio agoniado na expectación de berros contidos e respiración abafante.

—E o Rafa?

—Está aló, na Alemaña...

—Tamén?

—E se non tiña onde caer morto. Isto éche unha merda, Miliño! Todo o mundo pensa en marchar... Pero se traballas e cobras trinta e tres pesetas diarias...! Ti cres que se pode facer algo con iso?

—Xa souben que os fillos do “lanterneiro”, e o Manolo e “Chiquitos” estaban “alá”... Sabes deles?

—O Manolo traballa en Correos. Está en Colonia e vai vir de vacacións no verán. Escríbome con el e xa lle dixen que mira algo para min...

—E a túa nai?

—Ten que afacerse á idea. Eu non vou polo meu gusto. E ben... ti que tal?

Emilio extractou en poucas frases todo o seu mundo na capital de España, o encargo que o traía á Coruña e os proxectos que lle sarabullaban nos miolos. Tonecho, pola súa banda, chegara licenciado de Sidi Ifni había catro meses e estaba a traballar nun almacén de móbeis como mozo de descarga. Un era motor de esperanza, outro desespero de decorrer a vida en anacos de mil proxectos tollidos no labirinto da boa ou mala sorte. Non era posíbel a paciencia entre a especulación que asomaba en cada esquina e as ofertas de “maqueada” felicidade que comezaban a ofrecerse en escaparares e en cartas dun universo etéreo alén das fronteiras que, como mazuco de atobadas envexas, martelaba, acotío, na idade.

—Lébraste daquel día en Betanzos?

Emilio sorriu o aludido e inconfesábel segredo. A excursión de catorce anos e as compañeiras de clase; alí, nas brañas de ría primorosa.

—Acompañarasme a Carnoedo?

—E que hei facer eu?

—Nada; acompañarme.

Tonecho non quixo falar no enterro de dona Xosefa. Pregunteille polos recordos daquela data de 1963 e non respondeu máis que con monosílabos.

Hoxe atopeino derrotado. Era un home que mataba unha copa de cafetaría, consumindo o período de desemprego e eludíndose na

pantalla de *play off* de baloncesto no serán de maio que escorrentaba nas pingas repenicadas fóra do local. O ceo cerrárase de augas e a treboada afogaba o aire. A máquina comecartos laiábase en binaria cruzada de notas arreguizadas e unha farrapenta portuguesa estendía a man pedindo esmola. Mentres unha “cajetilla de rubio de ría” bailaba entre os dedos frementes do home, como síntese de toda fatalidade na idosa cronoloxía do desencanto.

—Apenas fumo, sabe? —díxome desculpándose.

—Garde o tabaco, eu tamén estou a deixalo.

—Quere saber do Emilio? —interrogoume como escusa inútil para iniciar o seu parlamento. Fora eu que lle inquirira con toda claridade e pensei que necesitaba un tempo para avivar a memoria.

—Fomos no coche dun fotógrafo que se chamaba Orlando. Era de por aquí, da mesma empresa que Emilio...

—Máis que a narración dos feitos quixera facerlle algunhas preguntas concretas. Seguramente iso levará unha subxectivización... Enténdeme? —decateime que estaba a empregar un nivel difícil para o home de copa e chisqueiro e busquei outra vía no meu sabichar—. Por exemplo, podería falar-me da súa posición política?

—Naquel tempo era difícil manter unha actitude abertamente clara; eran tempos de moitas reservas e máis tratándose dun periodista. Empezaba a súa carreira e non era doado posicionarse. Eu diría que estaba, como se dixésemos, a artellar os principios profesionais. E o que desde logo non fixo foi comprometerse en nada. Recordo que chegamos a casa do escritor ese... ao...

—Anxo Mendo.

—Si, Anxo Mendo, e mandou tomar unhas fotos do exterior. Fixo un comentario sobre o edificio, un comentario negativo, algo así como referíndose á falta de sensibilidade...

—Era un home sensíbel?

—Eu non diría exactamente iso. Era un home preocupado por calquera tipo de agresión; pola violencia que xera a desorde. Era unha persoa de fina percepción das cousas e posuía un particular sentido da estética. E dígolle isto porque, de regreso, se estendeu sobre este punto con aquela ferventía que lle saía cando estaba a vencer o seu propio retraemento.

—Logo, era introvertido?

—Si, efectivamente. Emilio estaba en continua ebulición interior. Un mundo íntimo que só exteriorizaba nos raros intres de optimismo ou desa esperanza vencedora dun pesimismo que resultaba conxénito e que contaxiaba todos os actos da súa vida. Isto representaba un medo irremediábel cara ao futuro, manifestado en cada feito e en cada paso que daba. Como lle digo, cando se sentía seguro de si mesmo, vencía esta dificultade e desbocábase nunha labia que duraba horas

—Estivo presente na entrevista?

—En parte. Alí coñeceu á que logo sería a súa muller, María Vilares. Era a secretaria de Anxo Mendo e sostíña a escenificación da farsa preparada polo círculo da Editorial Varbis que argallara toda a trapallada no nomeamento do Nobel, como estratexia político-económica dos intereses do grupo de vellos intelectuais amordazados pola Ditadura. Emilio, coido que tivo presente esta comedia desde un principio e actuou en consecuencia. Fixo o traballo por compromiso, sen sentilo, como para cubrir o expediente. Pasou dúas noites dacabalo da máquina de escribir, as dúas primeiras noites, e deixouno rematado na gabeta co gallo de conseguir unha boa reportaxe fotográfica. O verdadeiro motivo era María. Esa é outra historia, pero a historia certa daqueles días. Foi un “frechazo”. Recordo que saíamos do edificio e el calado, volvéndose de costas de cando en vez, non paraba de mirala no portón; alí, en pé tras a reixa. Reviraba a cabeza e eu trataba de prender a súa atención pero decateime de que algo acababa de mudar



dentro del. Toda a súa seguridade, que estaba a amosar até entón, se derrubou nun intre e permaneceu en visco, pensativo durante o camiño de retorno. Nós respectabamos o seu silencio, pero ao seguinte día, moi cedo, foi buscame e dixo, de socato: “Imos a Carnoedo”. Estaban el e o fotógrafo metidos no coche xa, ás oito e media da mañá. Noteino distinto, como posuído dun poder de decisión, froito dun daqueles dilatados períodos de voltear os pensamentos, nos que se ensumía cando estaba a piques de facer algo que consideraba importante. Era un home que precisaba de sentirse absolutamente seguro e sempre achaba algún “cabo solto” ao que enzorretaba todos os seus medos, esa inseguridade no futuro que foi constante do carácter ao longo da súa vida. Mais, se cubría todas as posibilidades ao seu parecer, acadaba un nivel de firmeza case temerario e era capaz de todo...

Como explicaba o Tonecho, aquel segundo día revelarase xa o modo de ser peculiar, agresivo, incluso hostil, de María. Esa hostilidade teatral que presentaba no seu posto de traballo. Lección perfectamente aprendida e posta en escena como parte principal da tarefa diaria.

Apertoulle a man con enerxía. Aceno de transmitir esa forza de ánimo e coartar a estratexia feminina de levantar un pano de distancia, de facerlle sentir a súa presenza de varón, dunha posesión táctil pola donda pel rozada, ao se retraer os dedos lentamente...

— Vive na Coruña? —interrogouna coa voz firme, causándolle sorpresa.

— Entra no seu traballo? —contestou con outra pregunta.

— Si, efectivamente, entra no meu traballo.

— Non entendo.

— Entenderao, se non ten compromiso esta tarde —dixo Emilio na procura de interesala con esta sospeita de ocultación.

—É vostede un impertinente —finxía rebulindo nos papeis. Tomou un abrecartas e, inutilmente, pasoumo entre as mans. Era o primeiro indicio de cesión; un indicio matizado na frase que, deseguido, saíu dos seus labios— e, ademais, non pensa que me pode molestar?

—Non é a miña intención, señorita.

—E non coida que podo estar casada?

Era un argumento defensivo e así o entendeu Emilio.

—Non leva anel —sorriu inocentemente— e, por outra banda, non tiña intención de... —reiterouse nas súas desculpas.

—De que, señor? —emprazouno con voz sólida, vigorosos modais e un xesto de indiferenza, volvendo a ollada a un lugar indeterminado da estancia.

—De facerlle as beiras; se é iso o que quería dicir —repúxose Emilio.

Palpabelmente irritada ía estoupar nunha resposta contundente cando este a atallou, sen darlle tempo a tomar a dianteira.

—Síntoo. Boas tardes, señorita —e dirixiuse á saída sen agardar outra intervención da muller. Ela permanecía paralizada, como aparvada no atordamento do inesperado e, cando Emilio a piques estaba de achegarse onde esperaban os seus acompañantes, chamouno:

—Señor...

—Ramallo! —contestoulle rápido, coa mirada fixa nos seus ollos como se a muller non soubese cal era o seu apelido; para impresionala. María, termando da tensión que se acugulaba dentro dela, estendeu a man e o Carné de Identidade.

—Teña. A súa documentación.

Desandou os pasos dados para recollela. Deténdose diante da rapaza, esbozou un leve riso e, sen deixar de observala con atención, agradeceulle o rigor no traballo.

—Grazas. Ás sete, entón?

Un silencio prolongado en segundo. Logo, finxida na trivialidade, peceu dunha dislalia que non era máis que reflexo de certa carga emocional.

—Ben... ás... sete.

—O seu enderezo?

—Torre, vinte e cinco. Ás sete —cortou secamente.

Aquel día estaba marcado pola vaga de calor na estación de choiva e nubro. O sol asomaba de cando en vez e a estrada, era para Emilio, xardín de hortensias permanentes e floridas, nas cores de casulas timidamente agromadas nas casas rurais e chalés que cubrían carreira a un e outro lado das gabias.

Parada obrigatoria na gasoleira de Santa Cruz. E Tonecho di que arriscou a preguntarlle:

—Esa rapaza, coñécela?

—Eu non me afago á súa fisionomía. E ti?

—Si, coñézoa.

—Tes confianza con ela?

—Ningunha, a pesar de que era amiga da miña irmá Pilar. Ten un carácter difícil...

—Bah, non estou niso!, non penses que busco algo máis que información profesional. É unha cita de traballo, simplemente...

Tonecho meneou a cabeza.

—Non che convén, Miliño.

—Repítoche que non é coa intención que estás a pensar.

Tonecho aferrábase á copa de xenebra. Consumía a súa derrota nunha conversa que está a amolalo, como se dun interrogatorio policial se tratase. Eu sentínme, así mesmo, enfasiado, coa sensación de estar a sometelo a un terceiro grao torturador e un tanto nefario e cruel no remorso de privar os meus intereses á súa paz. Alleábase progresivamente do pasado, sen afastar os ollos da pantalla, perdida a significación das palabras. A xente do domingo cabe xa toda na rúa. Está un bo día e unha moto de “escape libre” atrona o asfalto baldeiro de nenas e nenos en bufanda e saída do colexio. Unha maldición de dúas mulleres encollidas no retorno do sol tras as casas e unhas “partidas” en mesas de elite do barrio de baixos funcionarios, representantes, obreiros cualificados e dous ou tres “industriais”. Fauna complementaria dos desempregados vergonzosos aos que sempre ofreceron un choio por enchufe dun familiar que ten amizade co...; en fin, a ilusión utópica das esperanzas irredentas e dos anónimos fracasos que poboan os bares e cafés desa zona deprimida da que Antonio Viqueira é un exemplar emblemático.

—Desde un principio non vin que María encaixase co Emilio. Era unha antítese da súa forma de ser. Fronte á xenerosidade, ela era posesiva, interesada; á entrega incondicional, opoñía a reserva permanente; á tenrura, un cerebro calculador, frío. Sabía sempre que papel representar e en cada momento, como aplicarse á realidade. Se debía ser cariñosa, ese era o seu personaxe; se debía seducir, era unha magnífica coqueta... En fin, era a adaptación como fin e xogaba no inmediato como algo que xa prefixase de antemán. Así foi como conseguiu engaiolar ao Emilio. Non sei que viría nela, pero, desde aquel día, entregóuselle en corpo e alma e non vivía máis que por ela. Incluso considero que descoidou o seu traballo, aínda que cumpriu co encargo que traía...

- Gustáballe María a vostede?
- Que...? Creo que a resposta é evidente.
- Si; se lle gustaba o físico de María.
- Non me rompa a cabeza. Déixeme!
- Grazas, amigo.

O partido de baloncesto foi refuxio da embazada copa nas fechas breves do seu mórbido repique na chuvía final; tollida cidade das brillantes carrozarías en barafusta de atasco e esas palabras de Emilio escritas nas horas de sinceridade, que non serven tampouco para interpretarmos adecuadamente a relación mutua. Di así: “Tonecho era un enigma e, desde logo, aínda hoxe non sei por que lle pedín que me acompañase, nin moito menos por que el accedeu a facelo. Semellaba ir de mala gana e, así e todo, a medida que pasaban as horas, amosaba menos présa en regresar. No tempo que estiven reunido co Anxo Mendo, non se moveu da habitación da entrada e, como coñecía a María, en varias ocasións dirixíuselle. Esta limitábase a responderlle de compromiso, ignorándoo. Todo isto axudou a que expresase a súa opinión tan negativa con respecto a ela. Non nego que tivese razón, como se confirmou co tempo en moitas cousas pero o que si é seguro é que atinou de xeito casual, posto que non podía ter elementos de xuízo dabondo para emitir as afirmacións que fixo na viaxe de volta. Desde aquel día foi outro. Distinto. Máis próximo, recuperando aquela intimidade da nenez que perderamos co paso dos anos; máis comunicativo, resultando incluso, en ocasións, indiscreto. Non o entendín entón, e agora manteño as mesmas dúbidas. Xamais tratei con el este aspecto da nosa amizade, temendo unha interpretación, pola súa banda, distinta da miña intencionalidade”.



“... Lémbtrate tamén, Noso Pai, dos irmáns que morreron na paz de Cristo, particularmente á nosa irmá Xosefa, e de todos os demais defuntos...”.

O sacerdote, en cruz de brazos, perante das ringleiras paralizadas, chapábaseme nos ollos salferidos de respiración zunida e cálido aroma de incenso. A igrexa afastaba os muros de cemento en torno ao meu corpo e eu presentía, nas sens, o impacto dun cento de miradas que converxían no punto exacto onde estaba situado. Era o acto final da vida da miña nai e o pensamento, de novo, retrocedía nos anos de Fernando e Sabela que, ao meu carón, flanqueándome na bancada de penumbra e silencio, me arrincan na aterecida ausencia dun Nadal perdido no calendario. E aquel día de anónimo turrón na mesa de luces brimbantes e presenza recollida, a medio da noite de decembro era, na vivencia difuminada, unha sensación absolutamente vixente, case material, no raiolar estremecido en celosía que, tanxente, cruza tras o altar de barrocos baixorrelevos e palabras inaudíbeis. A casa de familia e os rapaces eramos idea de Nadal no tempo redimido da cruel realidade. “Este é o teu irmán”. Entrou sen saber que o levaría para sempre na miña acordanza. E que permanece en zapatóns empastados de lama fina e pantalón de pana, desas fazulas de encarnada prestancia nas corredeiras ocultas e nos vizosos prados dunha aldea descoñecida. Eu era a cosmogonía fechada en paredes de cidade e, aqueles cabelos loiros, a imaxe inaudita dun mundo alén da marxinação. “Este é o teu irmán”. E, por un intre, nonouben que significaba a palabra “irmán”. Tardei en com-

prender. Agatñado ás apalpadas da ignorancia, na prevención esquiva, xota... “Este é o teu irmán”. E non deixei que tocara o tranvía de folla de lata, escacharrado nun curruncho da casa, e empurreino con violencia cando intentou follear o cómic do *Guerrero del Antifaz*, produto da última visita da tía Baltasara; ou cando asomaba na porta da habitación. Era o meu territorio natural e el un intruso.

Fernando permaneceu calado, quieto, triste. Sentou nunha cadeira do comedor, baixo o tictac de reloxo de parede e no circio silencio da tardiña esmorecida, recostou o seu indiferente perfil na aria que entraba pola galería, na clarencia do crepúsculo. Por fin, as nubes de acibeche que galgaban de costa en costa, ensumíronse na escuridade e miña nai acendeu a luz solitaria das seis e media. “Non sexades trastes”. Frase sen sentido naquela pausa infinita de incomunicación. Frase que revela máis ben, un desexo, unha forma de introducir calquera clase de contacto. Nada ocorreu. El estaba alí, inmóbil, transportado a outra dimensión. Eu alertado en todo e por todo, desconfiaba, celoso da miña propiedade familiar. Soamente logramos naquel primeiro día, a indiferenza e a hostilidade. Dúas constantes que non haberían abandonarnos ao longo das nosas vidas.

Curiosas reflexións. Impropias deste lugar e desta hora; pero eu non teño autoridade sobre o meu cerebro. Como ser independente, xoga comigo e transpórtame no tempo a vencer a feble vontade de resistir. Fernando era un estraño e a súa presenza arredoume de todo o que até entón estivera cabo de min. O hule, o alzadeiro, a mesa rañada en mil trazos irregulares, a candea de apagón frecuente e as sabas húmidas do amencer preguizoso. Todo me foi algo máis alleo e inventei a fantasía para me encontrar satisfeito, aínda que fose nos reducidos límites dun planeta inexistente, do que eu era o seu soberano, o seu heroe e mesmo o seu único habitante. Arelaba o domingo e correr escaleiras abaixo, sentaba no negror do cine, deixando a Fernando e á luz diúrna no mundo irreal de fóra. Eran, logo, as



formas concretas que ían tomando corpo entre a lámina de pano e a ilusión. A viaxe a todas partes desde a butaca, levitando nun vehículo absorbente a través do deserto de Sáhara ou na mona brincadeira e burlona na selva de Tarzán; ou, quizais, no botín atobado dun rancho de Arizona. Eu era, entón, o Capitán Marabillas ou o adañl da Cidade Soterrada na miña épica particular e nas multitudes que, agradecidas, me recibían no paseo triunfal dun Nova York apavesado en confeti e grilandas, a milleiros de folerpas en cores de papel. E cando, outra volta, se facía Fernando e esa luz do mundo irreal, sentíame vencido, impotente por non poder reter o tempo nas imaxes e nos seres do filme. Todo era en min cine e pouco máis ficaba fóra del. Só a desilusión e o medo.

“Podedes ir en paz e que o Señor vos acompañe”.

Sáímos do templo, recollidos en cínica familia, para recibir por enésima vez o pésame, tan cínico coma nós, dos veciños, parentes e beatas habituais a todos os actos fúnebres e novenas da parroquia. Formados e uniformados na entrada da igrexa, soportamos o que, coidaba era, polo menos para min, o derradeiro sacrificio da formalidade establecida.

Sabela bicaba aquí e acolá e Fernando, interpretado nunha carauta de traxedia cretense, estreitaba todas as mans, aproveitando para trocar nas mostras da dor inexistente das presentes mensaxes publicitarias do seu ámbito profesional. O avogado da empresa, o Director Xeral de Construcións, o Vicepresidente da Deputación... “Ola Florencio...! Que tal está vostede, don Ramón!”. Tomou polo brazo a un destes “persoeiros” e, falándolle en actitude de confianza, desapareceu da vista para entrar nun local próximo.

Eu estaba xa case só. A xente avanzaba pola beirarrúa e a morna temperatura era invitación a todo menos a se recluír na casa cos pensamentos; así que me valín de que miña irmá se afastara a marmexar con Encarna, a muller de Fernando; ou sexa, a

nosa común, rica e graxenta cuñada, para dar un paseo moi devagar, intentando alimentarme de cada minuto e de cada metro de pavimento.

Unha fina voz abordoume aos poucos pasos e unha rapaza duns vinte anos, de recortado cute e gracioso nariz recachado, atraeu o meu interese:

—Emilio Ramallo?

—Si... —respondín vacilante.

Fronte de min. Parada como fotografía doutroira que atopásemos na vella caixa de madeira esquecida na tristeira. E, algo que non sabería identificar, dicíame o sentido das cousas interiormente, nese perfume de achegamento que non precisa de carimbos sentimentais. O semblante non me revelaba outro aviso que o que eu cría intuír como un modo de ser firme e decidido, aínda que alí, case inmobilizada, non escapaba nada que delatase os seus pensares. Os ollos vivos, verdes e escintilantes, proxectaban o compendio expresivo de toda a súa personalidade. Con voz clara e definida transportoume, nunha simple frase, a un lugar do que xamais tivera noticia fidedigna:

—Son a túa filla!

Collido na repentina muda do estado de ánimo, azoado no lostregazo dos catro sons metálicos da súa voz nidia, vinme sen forzas para responder. De súpeto, a rúa desapareceu diante de min, e o balbordo da semente da cidade diluíuse nun silencio tenso e íntimo. Soamente fechei as pálpebras e acenei, lixeira, a cabeza cara ao ceo. Toda unha eternidade de conxecturas e acedumes, de horas de exilio no pretendido amor filial, se presentaron atropeladas nos cabelos dourados de María do Carme que era, naquel intre, o único sinal de vida que podía contemplar.

—Si, a que abandonaches hai dezaioito anos. Sorprendido? Pois ben, esa son eu.

E sen amosar ningún outro sentimento, botou andar lentamente. Non denotaba nos seus movementos intención de marchar. Mais gardaba unha certa distancia física. Apurei a me situar ao seu carón e, por fin, atrevínme a falar:

—Efectivamente, estou sorprendido e, a verdade, non sei que dicirche. Non estaba preparado para isto...

—Es unha persoa que sabe como traducir en argumentos os seus pensamentos. Saberás como afrontar esta situación. No papel es bastante hábil.

—Les os meus artigos?

—Si, desde hai tempo. Sei máis de ti que moitos fillos que viven cos seus pais. Por moita linguaxe periodística que empregues nelas, están presentes os teus propios puntos de vista, que non son máis que traducións da personalidade.

—E ben...; se sabes tanto de min, será mellor que me fales de ti.

—Non tiveches interese antes de agora.

—Coido que todo precisa dunha explicación máis profunda. Hai cousas que posúen aparencia distinta da súa calidade real...

—Chámaslle aparencia a ignorármonos a todos nós?

As duras palabras de María do Carme estaban a ferirme. Era unha confirmación de todos os meus temores, daqueles agoiros de incompreensión que ventaban nos “montaditos” da fin de xornada, de toda a inmensa extensión dos anos ausentes, arestora comprimidos en segundos, e que sentía agoniados na contradición feita corpo sensíbel entre ela e mais eu. Anceio longamente desexado que se cumpría e que quixera espaxear no sieiro abocado desde o mar á miña pel torturada no infinito parlamento que non remataba nunca.

— Ven! —sobrepúxenme e indiquei unha cafetaría. Sentamos no lugar máis tranquilo. Ese curto traxecto entre á beirarrúa e as cadeiras foi síntese dun paseo de dezaoitto anos, apurado en breve sorbo de tempo, como raspiñado nas unllas da imposibilidade cronolóxica.

— Mira. Esta es ti. Acababas de nacer —mostreille a fotografía familiar que aínda conservaba na carteira e engadín— Moitas veces, cando acaía o ánimo máis do habitual, sacaba a foto e consolábame en solitario, na idea de que pasase o que pasase estabades vivas e que seguiades a ser parte de meu; e que algún día... era o triste sucedáneo da esperanza.

— Pero, por que...

— Por que nos separamos túa nai e eu?

— Si, por que?

— Non cho contou ela?

— Refuga dese tema.

— Dime como está.

— Impórtache?

— Dime como está.

— Está!

— Está?

— Si, está. Simplemente, está.

— Son difíciles as vosas relacións.

— Afírmalo por propia experiencia? Eu xa sabía que iso era así.

María do Carme estaba na angustia. Era estarrecente cunca

de infusión colada na culleriña dos suaves reflexos en luces polí-cromas de cafetaría. Ollos ateigados de copudos asexos, rostro de pel indefinida e o corpo aterecido no asento de cretona; os beizos seguros...

—E Miguel?

—Búscase a vida.

—Explícate. Non comprendo.

—Vive pola súa conta.

—Na casa?

—Si, como se non. É un transeúnte que dorme na madrugada e vive na noite.

Era significativo. Non precisaba preguntarlle máis. Entendíao como un novo fracaso que se me presentaba na frase derivativa de: "...vive na noite". Tantas noticias non podía asimilalas ordenadamente. Fragmentos dunha vida que era miña e que estivera, en anos de afastamento, oculta en distancia non exclusivamente xeográfica. O día fora cedendo e, no abrancazado que declinaba, eu era un conxunto de confusión e vaga memoria que non podía relacionar loxicamente. Nesas circunstancias abstraínome, tentando afacer unha panorámica completa, unha análise obxectiva; e non o conseguín:

—Desexaba coñecerte. Sentar, como agora, contigo e dicirme a min mesma que era certo que existías. Que eras algo máis que un nome en *Robot* todas as semanas. Durante anos envexei ás miñas amigas por ter un pai e unha nai. E non penses que todas son familias felices...

—Evidentemente...

—Non, non son felices... —María do Carme acalorábase progresivamente a medida que as palabras a ían dominando, facén-

dose materia nos conceptos, que acadaron finalidade en si mesmos—. Para nada, non son felices...

—Si, filla...

— ... resulta estraño oírte chamarme, filla...

—Hai que...

— ...oito anos por primeira vez..., unha referencia que eras ti... e eu non entendía. Ninguén me explicou xamais..., e non estas bas próximo para confirmarte como presenza útil...

Xa non era a salvaxe figura de segundos antes. Bailaban os dedos entre o papeliño do azucre e os apagos esvaecidos dos apliques frontais, nerviosos, rebulindo no nada como un intento de apreixar o propio aire mesto de fume e rebumbio inintelixíbel. Os labios revirados entre os dentes e o pestanexar continuado. A mirada perdida nun punto inconcreto do local e crin ver como asomaba a bágoa no brillante pupilar que transcendía a enorme carga emocional que estaba a consumila. Logo, traspasaba os propios límites persoais para invitarme a participar, para impregnarme do seu desasosego, daquel desafogado derrube da súa fortaleza, quizá finxida. Instintivamente pousei unha man na dela e fitei o seu mirar. Entón, levantando, retomou a presenza e díxome:

—Ben... Xa é tarde. Teño que marchar.

Seguín a ollala. Púxeme tamén en pé e, desconcertado, non souben dicir ren.

—Non me acompañes. Non te molestes. Son uns metros... Xa sabes!

—Si, claro —non quixen engadir máis. María do Carme podía ser como sombra que fixese acto de ausencia nunha pausa do camiño, ou ser principio doutra historia que, acostumado a contar as dos demais, non fose doado para min artellar de xeito convincente. Sacando forzas, cando xa iniciara a saída, pregunteille:

—Podémonos ver de novo?

—Pensareino.

—Sabes onde estou?

—Na casa do tío Fernando.

—Ben..., logo...

Palmeoume no brazo. Por un momento pensei que me ía bicar na meixela que eu ofrecía discretamente. Pero non foi así. Coido que máis por manter unha situación preestabelecida, que por verdadeira convicción. Un lene sorriso, apenas imperceptíbel, abundou no rostro que completaba todo o meu ángulo de visión. Con outra voz, díxome:

—Chamarei por teléfono.

Saíu da cafetaría. Seguina eu en breves minutos.

Tamén Azuzena fuxiu da realidade. A casa asolagada na penumbra da dúbida; o dramático dunha crecente tensión que ía afogándoa, que estaba a destruíla interiormente. Quixo rachar esta dinámica suscitando un diálogo demorado durante moitos anos, e non puido vencer a resistencia do tempo. O imposible foi superior á súa vontade. E entón cruzou a porta dos días incertos, pois Daniel non era, daquela, máis que un presentimento, coa seguridade que lle daba a ampla esperanza de dezanove anos. Logo, evidentemente, comprendeu que a meirande parte das cousas xa eran ocupadas, que chegara tarde e que o pouco que restaba, era difícil de atopar. Quizais a propia figuración dun cerimonial funerario, era a cor das rúas e das casas aburadas na súa desolación. Azuzena foi como María do Carme, estrela dun firmamento que se trocaba de golpe, en tormenta de incompreensión. Así, ela, decepcionada, soubo que o desenfado da xente podería ser unha trampa mortal para a inocencia confiada. E aprendeu a odiar. Soa no banco de pedra dun xardín marxinal, prendida na atención da brita en formigas de sol vespertino do mes de xuño,

e o medo que arribaba envolto no lusco e fusco, posto que xa o futuro era máis pequeno. Alí, por fin, achou un sentido a todo aquilo. Unha dor consecuente e unha posición de inmensa capacidade de autodefensa. Non caben todos, e a lei da natureza ferida fixo presa nela. Azuzena foi así, humanamente perfecta.

Cando cheguei á casa, meu irmán estaba sentado diante do televisor. Fora o día moi duro e un whisky, o cadeirón e a pantalla eran o artificioso descanso dese día de velorio, enterro e funeral. El tamén, era agora, un ser humano perfecto.

#euquedolendo  
#baíaconnósnacasa



Rematou a folla e, coidadosamente, numerouna. Estaba, conforme ás súas estimacións, pasada xa a metade da obra e non definira o treito final da historia e, máis aínda, non era moi seguro da correlación estética que habería soportar o desenvolvemento da trama, até ese desenlace que desexaba para a novela. Compendio de toda a mensaxe de fondo na súa intencionalidade universal e que consideraba, debía ser o norte de todo compromiso literario. Tapada a portátil, saíu da habitación. Estaba só. Carme e Fernando abeiraban na perenne obriga da súa vida social, pretencioso “acabado” provinciano da *jet set* capitalina en páxinas satinadas de semanario pendurado no quiosco de imposíbeis arelas non cumpridas.

Estivera toda a tarde escribindo, en chegada do serán na prolongada luminosidade da alta primavera. Debía inventar algo para a revista e non fora capaz de parir nin dúas liñas. Sentado, fronte a fiestra espléndida de calor e xordo rebumbio, ensumírase a súa imaxinación en cousas máis próximas e as abstraccións mentais que precisaba para artellar un daqueles artigos de fina ironía e actualidade “rabiosa” que lle deran boa sona e renome, voaban fóra do alcance da súa apreensión sensíbel e, por tanto, des aplicación ordenada que era necesaria para construír un traballo digno. Esixíase a si mesmo un alto nivel de calidade e unha argumentación da que el fose o primeiro convencido. Sempre, cando daba fin a unha escrita, ficaba proído, insatisfeito por algún factor de arrepentimento polo non logrado. E, sempre tamén, rexeitaba volver arredor do texto; pois, por outro lado, amoláballe des-

truír o que con tanto esforzo creara, bo ou malo, pero un fillo de seu traballo. E, entón, facíase promesa de rectificar nese senso, nun futuro artigo. Así era como, normalmente, prevera o tema semana a semana. Mais hoxe éralle imposíbel concentrarse en algo e, resignado por esta impotencia que esperaba fose pasaxeira, botou man dos folios en branco e deu comezo a un novo capítulo da historia de Daniel e Azuzena. Aquí si, fluían as ideas e o tempo de teclado monótono e soidades pasou imperceptíbel como favo que agochase o seu mel na espesura da alvariza esquecida nos séculos. El era, entón, a abella raíña do seu mundo independizado, illándose do vital que buligaba no exterior permanente da sonora intimidade. Xurdiron as máis compracidas páxinas, suaves, fragrantés; flores de doncela ofrecidas na saba líquida do mar de verán. Congratulado consigo mesmo, foise á rúa. Precisaba apalpar a vida que, en horas, estivera fóra recluída; mergullarse na solitaria multitude de xentes indiferenciadas, da fauna urbana que saía en disparada das súas tobas, nesas horas de frescura tras o solpor do astro afogado no límite. Corría entre parellas apresuradas e bebedores que rebulían de adega en adega, de noitébregos precoces que caneaban na porta baldeira dun *pub* todo música estridente en cheiro de desinfectante, dos bares en unísono balbordo de fume etílico, fuxindo nas aspas dun ventilador ou unha farmacia de garda que abría de sixilo as portas para pasar a noite en vela. Eran as dez en punto e os últimos lampos da clarexa estremecíanse entre nubes de borralla agrisada, pelingadas por riba dos teitos, en ameaza das luces que timidamente ían acendendo nos filamentos de mercurio e nas columnas espidas do amarelo apagado. Os escaparates pasaban en carreira de sincronía co seu paso vivo e non significaban máis que fuxitivas notas dunha insentida perda no conxunto da confusión. Unha froitaría, un antigo ultramarinos de pedra vencida, un electrofogar en marcos de recortado aluminio, unha sucursal da Caixa...; unha tenda de decoración. E, alí, estaba Esmeralda. Na porta pechada e no interior baleiro. Nas cortinas e nos “complementos”, na cheminea de mentira e nas alfombras de bazar e palmeira. Estaba alí. No silencio e na lexitimidade do espazo, entremedias. Reclamando

un lugar na memoria inmediata de Emilio, desabotoándose a blusa no resalte que insinúa branco de sostén na pel morena dun sol do Levante. Abrindo os beizos de humidade salgada na profunda alcoba sen paredes.

“Debería chamala”, pensaba e, con esta intención, buscou unha cabina. Era un pulo de interiorismo animador daquela hora de aburrimiento, un motivo de facer algo que ocupase a súa prexunción de utilidade. Así o tempo tería, polo menos, un certo sentido e non serían sucedidos minutos de consumo estúpido na trivialidade e na indecisión.

Soou, aló, no díodo distante das xordas mensaxes, a súa chamada. Unha, dúas, tres, catro veces... E ninguén respondeu. Repetiu aos poucos segundos e outra vez: unha, dúas, tres... Decepcionado, volveu ás parellas, os bebedores, os noitébregos; e Esmeralda afastouse da porta pechada a se diluír na penuria dos pensamentos.

Considerando absurdo aquel paseo a ningures, decidiu regresar. Co mesmo ritmo, engulindo a rúa en dirección inversa e con idénticos extras na rodaxe imaxinaria do filme sen argumento. Secuencia que debería desbotar decontado e da que gardaría copia de seguridade.

Abrangue o teléfono todo o andar, desde as escaleiras cando rubía nelas os banzos, e soaba tras a porta que abre estimulado polo timbre impersoal, protexido na proximidade da vivenda desocupada.

—Diga?

Era María do Carme. En distante voz, usou de dúas curtas frases: “Quero falar contigo”. “En dez minutos na parada do bus da Praza de España”. Non preguntaba. Non propoñía. Unicamente expresaba a súa vontade, como se non tivese en conta outra opinión que a propia.

—Ben, aí nos veremos.

E o “tac” de pousar o auricular, marcou o comezo do tempo previo establecido. Outra vez descender as escaleiras e, de novo, as mesmas parellas, bebedores e noitébregos prematuros.

No lugar convido esperou Emilio entre os que agardaban o último autobús do día.

“Vou a cocheiras”, e unha mala palabra foi a despedida dun daqueles posíbeis pasaxeiros ao indiferente auriga da metálica carruaxe urbana, navegante solitario de inmenso e angustioso asfalto do Armaxedón de casas inertes. Un “Eh! Eh!”, atraeu a súa atención. Desde un coche verde, a poucos metros, unha silueta botaba un brazo fóra da ventañña e facíalle xestos invitándoo a achegarse. Foi á ela e distinguiu como unha mancha amarela dunha pintura impresionista, enchendo todo o cadro en prata de luzada cidadá, autofitada nos esteos de alumado en recente transformación na vivificada célula de crepúsculo.

—Sube!

Obedece.

—Ola.

—Sorpréndeches? Non parecías moi convencido por teléfono.

—Non deches moitas oportunidades.

—A onde queres ir?

—Ti dirás; eu xa non coñezo apenas nada por aquí.

—Ben, déixame entón, dirixir a “operación”.

Enfocaron o centro da cidade. En caravana de vermellos focos posicionais, procesión pegada do solo das rúas, no multi-color sangue das carrozarías acañadas pola esvaecida luz, frou-

xa, arrubiada, incompleta, do empardecer. Emilio non comprendía e a rapaza, inmersa na rutina do incombustíbel tránsito, amosáballe o seu perfil distante. A mesma faciana da súa nai. Ese corte de arriba a embaixo, como prendido no fondo do boureo máis alá do vidro, susténtase nunha simetría perfecta entre o equilibrado nariz e os prominentes labios, asumindo sensualmente, toda a fisionomía de María do Carme. Era como a súa nai, e Emilio perdeu a noción do pequeno tempo, evocando na súa filla a relembanza, agora lúcida, de María ás sete do serán na rúa da Torre dun día de vinte e dous anos antes. Cando apareceu no limiar, era todo saia de rosa e fresca figura de carne amolecida baixo un xersei primoroso. E o avivado ollar na recente ducha, estaba aínda tonificado do arrecendo de baño e colonia, a facer o todo conxunto estricada idea no peculiar álbum da memoria. Emilio era, daquela, alí, enfundado no viaxeiro da cronoloxía pasada, a ignota paisaxe dun asteroide descoñecido. Falaron moito e as frases ficaron para sempre na trivialidade e na ignorancia. Falaron de si mesmos e das súas circunstancias. Entenderon o que, silandeiro, arrolaba entre eles e no paseo de Riazor concibiron unha praia que non existía; e un mar, oculto nas sombras, tróuxolles, en vento de salitre, os acordes melódicos do seu futuro incoamezo. Eran as nove da noite e unha man fremente concavou as coxas de María, mentres a donda lingua de Emilio careixaba os labios de sexo e carne, baixo as sete chaves da vida vulgar.

—Estaba na igrexa.

A voz de María do Carme, devolveuno á realidade.

—Como...?

—Si, que estaba na igrexa... Mamá.

—Non a recoñecín. Está tan cambiada?

—Non che podo dicir... Véxoa todos os días. Ti saberás como era.

Non soubo que contestar. A conciencia de que un día, nun intre ou noutro ocorrería, estaba no senso de non pensar efectivamente como sería a situación. Cal era a súa estampa actual, como se comportaría diante da súa presenza. Case se alegraba de non vela...

—A dicir verdade, pasouseme pola cabeza varias veces que puidese encontrarma cara a cara... Ou no cemiterio, ou mesmo no funeral. Foron así..., pensamentos nada máis. Estou afastado da miña vida pasada totalmente e cáusame arrepío a soa idea de volver a algo que tivera contacto con ese tempo... Teño medo, como sempre...

—Medo? Es débil, logo?

—Si, son débil, moi débil. E, por selo, saín un día deste mundo..., por non me enfrontar coa miña propia realidade.

María do Carme conducía xa polos arrabaldes de San Roque de Fóra. Detivo o coche sobre as rochas de amornada auga en aprecio das pingas zarrapicadas a rentes do socheo que avanta na marea. Bruído do vento, rumor das ondas e o chinclo da música en luces de resplandor nos edificios, que reflicten milleiros de luminarias na tona invisíbel da enseada. A calma silente da noite penetraba pola ventá e Emilio cravouna nos seus recordos cara ao firmamento indefinido. Pasaron segundos e bisbillotou na voz máis intensa que permitía o ton baixo, particularizado e, ao mesmo tempo, penetrado en todo o interior. Compacto do automóbil, como verbas de cimbro e chan, de cristal, de chapa, de goma ou de radio muda no reloxo enmudecido.

—Quíxena moito. Era para min unha especie de centro no que confluían todas as angueiras do futuro. Todos os planos, todas as ilusións estaban presididas pola súa existencia. Non sei o que che contaría pero, fose o que fose, e por riba de calquera outra consideración, priva o que representou para min. Hai unha época da miña vida que vive no seu nome soamente.

—Hai misterios que só vós debedes saber. Eu son nada máis que a túa filla.

—Estás marcada por nós.

—Aínda que non o quixese, así é. Pregunteime, ás veces, se algún día coñecería a verdade.

Emilio calou. Avaliaba no fondo dos seus remorsos, se acoielar no ego estimulado as vellas feridas ou guindalas para sempre no reconfortante esquecemento da impiedade do tempo; agora que era ela fío condutor do pasado e do presente. Por fin, dixo:

—Queres saber?

—A túa verdade. Necesítoa.

—Está ben –aspirou todo o aire que lle permitira a capacidade dos seus pulmóns–. O día que casamos era un domingo de setembro do sesenta e tres. Un día que gorentaba a principio. E podo dicir agora que foi o único principio do final. Porque todo se foi transformando desde o mesmo intre en que tomamos o tren para a nosa viaxe de mozos. Unha persoa distinta estaba no meu leito, horas máis tarde. Abrín a fiestra para respirar un pouco de fresco; e a noite de Compostela pareceume a máis triste do mundo. Non sabía que era o que estaba a ocorrer, pero algo percibía; un presaxio de incerteza que non acababa de concretarse en nada. Semellaba distante, contrariada; evidenciando unha indiferenza contraposta ao seu talante de horas anteriores, naquel momento que todos consideramos irrepitíbel. O que eu agardaba ilusionadamente, converteuse nunha fonte de profunda amargura, a sensación de inestabilidade perpetua que intuía no horizonte dunha densa e indeterminada mágoa polo resto da miña vida. Dous días despois, en Vigo, comprendín claramente que cometera un gran erro. Estabamos sentados nunha terraza de xa semideserta praia de outono e díxenlle que ía mercar uns xeados. O posto de venda estaba aproximadamente a cincuenta metros, mais,

metido entre as “casetas”, de forma que o lugar onde ela se atopaba non entraba no campo visual. Cando volví, desaparecera. Percorrín todo o areal, canso, intranquilo. As afiadas lascas entraban no calzado e garduñaban os pés, que se envolvían na suor de bálsamo e, ofegando, dorido pola fatiga, cheguei ao hotel. Estaba na habitación, asomada á varanda sobre da ría. Non reaccionou coa miña presenza...

“Pero...? Onde te metiches?”

“Non me ves? Vin para á habitación”.

“Como...!”, berreille, “Non che dixen que ía ao posto de xeados?”

“E a min que me importa o que ti digas. Eu tiña gañas de vir á habitación e non estou obrigada a pedirche permiso”.

Tratei de calmarme. O autodominio de María era un estímulo negativo para min e volvinme de costas a ela.

“Se tiñas gañas de vires, dixéralo. A min tanto me ten un sitio como outro”.

“Non tes porque traerme no colo. Eu ben sei o camiño”.

Confraxín os puños con forza, pero non fun capaz de controlar a irritación que me estaba a invadir. Estalei en asaño, afeándolle a conduta e pasei logo a impropios e algunha apreciación polo que eu consideraba un notábel cambio no seu comportamento. Ela afundiuse no silencio e non puideron arrincarlle palabra ningunha. Isto era o que máis me amolaba e non sei, sequera, o que lle dixen. Estaba verdadeiramente enfadado, como non o estiven de novo con posterioridade. Era o fracaso, a decepción; o caer o mundo aos meus pés. Intentou recoller as súas cousas e marchar; pero, no último momento, impedinllo e aquela noite esquecemos momentaneamente as discrepancias.

—Es un bo narrador.



—Segue igual?

—Máis ou menos... Dime, foi ese, de verdade, o principio?

—Si, foino. Naquel hotel entrevín toda unha negra promesa de futuro. A enxel area de Samil figuróuseme un inferno estarse e eu captei a conciencia do erro dentro de min, poboadora de todas as incertezas e de todas as horas.

—Quizais non pecarías de pesimismo? Ben..., de seres en extremo negativo... Non parece que xa, nun primeiro intre...

—Ás veces, nun segundo decídese toda unha vida. Estamos invadidos pola realidade aparente e, de súpeto, como se a pantalla do cine acendese ante nós, vemos clara a outra verdade, que xa non nos abandonará endexamais. Ese foi o meu caso e non hai, pola miña banda, dúbida ningunha.

—Queres falarme da túa vida actual?

—Non teño moitas ganas de facelo. Estou un tanto confuso e canso. Por que non me dis algo de ti? Estudas?

—Rematei o ano pasado.

—Que remataches?

—COU. Non seguí porque non me sentía motivada. Mamá desexaba que fose á Universidade; sabes, agora témola aquí, polo menos o primeiro ciclo... Quería matricularme en Dereito, pero eu renunciei. Non me atraían as leis, nin o seu contorno; como che dicía, estudar algo no que non cres... Ese non é o meu ideal.

—En que cres? —Emilio intentaba profundar no interior da súa filla, mais a pregunta ficou en silencio dos dedos apreixados das chaves de contacto.

—Vamos xa. É tarde.

Mesmo alí, chegara a comunicación.

—De volta á casa?

—Como queiras —prende o motor que, decididamente, isolaba todo intento de prolongar a conversa. María do Carme volve á súa medida dimensional. Aquela paréntese era unha tentación mutua que se consumía na viaxe de retorno. A cidade permanecería solitaria e o percorrido, pola beira do mar, compendíabala, intuitivamente en Emilio, un conxunto de vivencias encimadas, dos anos collidos en forma de fatalismo, anoados en vago estímulo, na máis pura cerna da súa filla. Quixera preguntarlle moitas cousas; pero un íntimo atranco de non sabia que temor por vencer presentábaselle infranqueábel. As eivas constantes do seu carácter eran aquelas, a reclamar no tempo decisivo, dereitos da moradía non existida e a incontrolada mediatización que se exerce a prol das últimas horas revividas. Loitaba contra unha barreira que, como perpendicular Torre de Babel, se eleva a cabalo da vontade até o firmamento das esperanzas. Palabras que non saírían dos seus labios e apagadas voces dos que nada poden facer. Igual que seres desprendidos do pensamento que se negaran a executar as ordes recibidas. Evidentemente, pensou, que máis doado lle sería plasmar nun papel todo o *mare magnum* de ideas, recordos e preguntas que estaban a se atropelar dentro del; e esa quietude dunha mesa de silencio, recollida unicamente no tictac do reloxo inmóbil; desbotar na boca do bolígrafo todo o que non rexera de construír, aquí e agora, oralmente.

Anoxado consigo mesmo, non falou máis, nin sequera cando o coche detivo a súa marcha en casa de Fernando. Agardou, na mudez, como reaccionaba a rapaza. Esta apaga o motor, olla, dun xeito distinto. Sorpréndese Emilio e a piques estivo de dicirlle algo, pero era máis forte a inmensa e provocada timidez dos dezanove anos. María do Carme, en troques, sorríalle abertamente. Bosquexo de confianza e serenidade, próxima. Rosto do seu propio rostro, en tránsito desde o principio intuído... Aquelas elementais faccións, que conforman a manifestación retórica do libro inzado en rela e fechado antes de durmir; do día de vento

“serrano” de marzo ou dos amenceres de garda na noticia en agocho de télex. Os dentes, perfectamente iluminados no contraste dos beizos, completaban esa sensación de descanso e plenitude. Luíulle a meixela suavemente nun bico e a man esvara a rentes da pel ríspida..., que dixo de ánimo, aleluia, afecto...

—Boas noites. Chamareite mañá e hasme contar moitas cousas máis.

#euquedolendo  
#baíaconnósnacasa



Todo mudaba en min moi ás présas. Eran os mesmos tellados e a mesma selva de antenas ergueitas, pero estaba noutro adaxio, insentido, que se tremía nos sons espelcados de notas, evocado, todo isto, no romántico piano do profesor de música na doce campía valona e, por outra banda, abismando a mirada na lorda esquina de gatos asustados e no escorregar en contentor de rebutallo da podremia humana, estiñábase na ecoante distancia dun saxo na escura pel entre a sordidez do suburbio. E, como dicía, seguro que todo estaba a mudar en min con urxencia. María do Carme fora o revulsivo, incríbel revulsivo que non estaba disposto a entender. Penetrara pola cortinada da sala cando os apagos tenues da rúa consentían en invocar o perfume das vellas sombras nalgures...; e, como a señora de sombreiro enlutado aveceu en butaca de diante, ocultándome a imaxe da proxección prolongada en días de agre acía no peito. Eu quería ver a película, esa película da neurose última das persoas que nos parecen dar un bafo de satisfacción no que coidamos ignorancia do que ocorre ao outro lado da porta. Eu era, daquela, a definición máis común dos homes: o conformismo que, non obstante aos meus esforzos, non podía controlar. Até Esmeralda, ás veces, no seu interior baleirado na cheminea de mentira e alfombras de palma, censúrame nas lisas sabas da primeira luz. En canto que era de min lembranza insinuada e luidoiro do maino tecido de brancor de teito, pintura e opaco lusque antes de fechar os ollos; así que é que vexo como Daniel ama á Azuzena naquel cuarto de Pontedeume... Ela era valente e buscou o pracer de mil anos no minuto dunha tarde de agosto. Fora a silandeira brisa do piñeiral, arroubada a lenta pene-

tración dun noutro, nese aroma de vida e estímulo empanicado na irla das datas de sardiña e verbena. Incluso agora ela me parecía dun espello dourado en venda sen comprador, convertíase no velaíño ton dos beizos da miña filla, e así, Daniel, non estaría preocupado polas pegadas que marcan nas fazulas e no colo do espello de aseo e a oficina de comentarios na súa recente vida de casado. Azuzena críase que era feliz. Foi a única época da súa vida, na que tal se crera. Conseguiron alugar o apartamento e soamente pasáballes pola cabeza a idea de atopar a estabilidade, de saberen que mañá soaría, de novo, ás sete, o mesmo espertador e que o domingo tería, outra volta, o sol de mediodía choutando no pequeno belvedere de zumento ático na humidade das plantas. E mentres Daniel ensumíase nos pinceis do pouco tempo da ambición; atarefaba ela o apañado fogar, en rol correspondido na autocultura adquirida. E, sentados, pola tarde, deixaríanse transportar en seiscentas vinte e cinco pastillas de somnífero; e logo tomarían pasteis e farían o amor baixo o velaíño resprandor ao estrelecer e cearían no grandioso sincretismo da humanidade toda, insentitizada nos faros e pneumáticos en ameaza, desde un mostrador de cabichas e cubata, dese antropozoo que está aí, cos ollos de lume e os impos anguriosos dos anceios impotentes. Eran a parella estereotipada do amor puro e sinxelo. Pero, por pouco tempo. Ese inimigo estaba cada vez máis preto, máis desexoso, máis atrevido. E non souben identificar ese perigo na persoa de María do Carme. Era comprensíbel. Que sabía dela? Que non estudaba xa. E onde traballaba? E Migueliño? Por que non falaba endexamais del? Con estas preguntas incontestadas, asenteime na beira da cama. Eran as tres e media e o primeiro sono pousarame un acedo sabor na lingua. Bebería. Prender a luz, poñer as pantuflas... Como cando tiña a gripe de todos os invernos. “Ten coidado coas recaídas!”. Eu non aguantaba deitado e, dalgún xeito, argallaría sempre o modo de ir até as fiestras e, coas pálpebras amoucadas, ver as nenas na mariola cantando: “Tres, dúas unha..., A Coruña...”. Referencias. Escolleitas referencias do abstracto, elevadas en categoría de seres continxentes e que ían conformando a miña propia historia. Eu non era, en resumo, máis que iso:

unha referencia global, desde o cero até o outro cero. Escoitaba, na noite de vagos rumores, a vida furtiva dos marxinaos que sobreviven como ánimas impúdicas dun ceo terrestre, libertarios do medo e a impunidade, a clamaren sen voz na negrume do tempo omitido, sen que fosen ouvidos máis que por un neno enfermo na soidade. Eu era tamén, referencia sensíbel da miña propia inconsistencia. E levanteime un día, en clase de bacharelato, pensando que as miñas ideas eran orixinais. Un poema de cantar épico ás glorias de España. E resultou que a súa métrica non era correcta. E eu comprendín que tampouco era correcta a referencia. E un compañeiro lía un libro. “Cal é?” “Do meu pai”. Amarfañado na biblioteca, tras os tomos do Espasa. Era *O Estranxeiro*. E, outro día, souben que había máis autores que os que estudabamos en “Literatura”. Souben das balas de Granada, do cemiterio de Collioure, deses vellos que non deben namorarse; dun país chamado Galicia que estaba Sempre en Bos Aires, e funme directamente ao cine de Jim Stark, muxindo no planetario dunha rebeldía que era síntoma de causa e efecto nos versos de Evtuchenko, non dándonos sitio no escenario, ocupado xa, ás furtadelas, dos novos rumores dunha mina distante nas Asturias, nos primeiros cigarros de “Chester” e mecheiro de “Cerebro Electrónico”, no verán de orquestra e xardín con fogos de “Cena de Gala” en María Pita. Contradición derivada dunha incontextual estrofa de Ginsberg e o cerimonial contestado dun país apelidado América, descrito en gorriños de mariñeiro e un estereotipado tando no anuncio de analxésico. Esa era referencia de areal baldeiro naquel outubro de exaltación patriótica nas radiofónicas fazañas da primeira Copa de Europa, e todos deberiamos ser exército de vontades imprecisas nun común de prefabricado nacional-futbolismo. Eu era, logo, simplemente gasa de Pirandello no paseo das avenidas nocturnais e espectros sen alma. Alí estaba a tenuidade da aurora e, nas páxinas daqueles libros do pai de Guitian, encetei a andaina do tempo de primor; baixando definitivamente a escalinata de Santa Lucía e prescindindo de Don Antonio Braxe, no perdido paraíso dos seus Exercicios Espirituais e os seus primeiros Venres de Mes. Polarizaba así

todas as cousas e esquecía o máis humano dos sentimentos: a relatividade absoluta dese saber completo que xamais acadamos; esa Dúbida perfecta que supón a síntese da nosa natureza.

Mil novecentos cincuenta e tantos. Montei no tren, unha mañá polos finais de setembro. Non pasaran quince días en que Jett amara, para sempre, as infundas chairas de “Reata”, Texas sen nome dun trebolín en tecnicolor, que eu non sabía; pero que xa, emporiso, aquel vagón era fundamentalmente distinto.

Algo de promesa se fornecía nos seus asentos e nas fiestras, abertas, percibíase, aínda, a derradeira montesía fecunda, en alentos esporádicos do ferume emanado dalgunha aldea do camiño. Madrid era, entón, un presaxio. Corte de vividores do Réxime, do eterno Réxime de todos os réximes; de hipócrita obediencia anabolizante, de policías “hábeles en interrogatorios” e en traballadores de pota e cordón no frío de madrugada. Eu era un ollo sen retina. E non souben máis que polos retallos que ía sorbendo, aquí e acolá. Elvis, excitación, guitarra e Creole nas Vegas, do que era unha música “moderna”, aquela que causa delirio en América. Si, en América da lenda de pantalla en cinemascopo e cinerama. Esa América que era, novamente iso, a referencia. América heroica en *Guadalcanal*, no *Día máis Longo*, en Corea... Revolución Americana que era permanente chuchar de goma de mascar e medias de “cristal”, de doce chocolate ou do leite en po, na axuda “americana” dos miserentos das escolas perdidas no triunfo do “Movimiento”. Esa era a nosa circunstancia: Movemento e América. E en Madrid, enxergabamos xa a liberdade de expresión, como verdadeiros xornalistas, cando obtivésemos o título. Como Kane, dicía o Armendia. Pobre desgraciado. Tiña como ideal a antítese da propia liberdade de información: ese enxendro maxistral de Wells. Rematou os seus días nun monte de Guatemala hai tres anos... En fin, eramos algo máis que estudantes. Eramos testemuños de nós mesmos, guizados de toda realidade tanxíbel e tradutores dunha anacrónica epigrafiada nas prematuras necrolóxicas de defunción da Formación Política e do



*NODO*. Falabamos entre a maquillaxe de febreiro e os aires féri-dos dunha democracia agámica. Discutiamos, incluso pensando como parila; chegádomos a crer proxenitores de tan desexado bebé, imposibilidade que non se estimaba, dado que o importante era a súa nacemento e non a súa construción. Eramos, en calquera caso, a análise continua, a esperanza dun falansterio gresífero que sobe cara ao ceo na tempestade especulativa do máximo seiscentos, nos montes da vaga lembranza verde e da difuminada querenza. Así estou contigo, Daniel, cando pasas a palma da túa man no ombreiro de Azucena, a ollar as luces palpebrexantes da cidade, amando a simbólica ventá do voso cuarto. Así estaba tamén eu, sentado na terraza da Marina e había homes que pasaban sen verme, correndo de ventá en ventá, non amando ningunha e non tendo ombreiro que acariñar. Igual que os dedos de coretena longa que eran o futuro de Daniel, estampado a medio da éxtase do tempo elíptico. Todos somos, logo, referencia global de todas as nosas referencias e, por iso, referencia colectiva que individualizamos como a frecuencia vibratoria dunha partícula inestábel. Núcleo atómico do noso propio sistema.

Apreciaba a miña vida nos días que decorrían. Entre a dedicación, cada vez máis intensa á novela, os paseos, atinxidos aos recordos e o distanciamento na procura, no interior do meu reducido universo de follas de papel e palabras..., dor de decisión e rabia no imposible; así o meu estado de ánimo decorría as xeiras sentimentais da viabilidade dun fáctico retorno. As cousas eran, a cada vez, máis próximas e os obxectos, máis sinxelos, conformaban paulatinamente un novo sentido daquel estado de abatemento que estaba penetrado de min. Telefonei a Esmeralda e, con varias desculpas, xustifíqueille a demora. No pensamento, decote, María do Carme; era, agora, a referencia, sempre a referencia, máis viva. Fernando amosábase..., coidaba eu, como diría...?, estraño..., progresivamente estraño... Si, raro. Non entendía aquel estar e non estar aquela relación superficial. Comunicarse en monosílabos, como desconfiando das súas propias palabras, con silencios de reserva que se proclamaban sen podérense disimular...

A calumnia está xa inserida na mente de Daniel e pensei que ben sería de tratar a situación de Azuzena como inocente. Era o eterno dilema das vítimas metamorfoseadas en delincentes sociais. Un anónimo acusábaa de adulterio. A tremenda dúbida caletrou no corazón de Otelo e, desde aquel momento, todo se positivaba nesta soa ruta para o Daniel. Dera comezo o terríbel proceso. A agonía de fuxidía aparencia feliz, a traxedia. Era tamén referencia dese propio proceso de cambio, do que todos estabamos desencantados.

Con estas ideas deixei a portátil e entrei na Sala de Estar, onde xa o meu irmán sentaba diante do televisor ás dez en punto da noite. Dimitri Tiomkin enchía por completo a estancia coa estricada anatomía. Veludo de maina peluxe, reflexos das mil gamas do branco e negro de *Sesión de Noite*, e fun todo, eu así, notas musicais dun *Far West* de cabalos de lume, incertos e desbocados en confusión:

—Temos que falar.

—Agora?

—Non importa. Cando che veña ben.

—E que estou algo canso... Todo o día traballando e é esta a única hora de distraerme un pouco... Comprendes?

—Si, perfectamente, comprendo —respondinlle sen case reparar nel. Sabía que tarde ou cedo, tería que afrontar unha conversación e sabía, tamén, que por algún motivo isto era causa dunha profunda mágoa, que non era capaz de tapar, disimulo de se esvaeecer na delgada atmosfera convencional disfrazada no asento de telexornal e loción. Permanecín na Sala, aínda que intuía que a miña presenza non era do seu agrado. Quería provocalo, gañarlle na cancha do seu propio xogo e que tivese que saír ao meu terreo. Estaba seguro que así podería telo máis doadamente á miña mercé.

A velada consumiu-se nunha fría cea, logo que Carme pousara os pratos na mesiña do centro da estancia e, na despedida, insistín:

—Mañá pola noite, logo?

—Ben, en principio..., non creo que haxa inconveniente.

Desde a habitación aínda escoitei os murmuros de palabras, de voces baixas; rumores xordos de silencios substituídos en remusmus, susurros, lixeiros borbóriños; ideas, xa, apenas..., sutilezas das sombras... Logo, o golpe seco da porta que se pechaba.

As ondas do mar foron, despois, consolo de visitante na entreaberta fiestra pola abaneada bambinela, na brisa de salitre que viña do meu mar. Este, cómodo e invisíbel, foi dabondo educado para permitirmos durmir axiña. El era a noite e eu mariñeiro de poemas no soño prematuro.



—Logo, has marchar decontado.

Hipócrita. Representadas gramuras de contrariedade, representación en magnánimo leque de xestos solertes; alí, no contraluz; sentaba fronte de min, en comedor reservado ás oito do serán. E non había máis que borralleiro de vieira e átono floreiro de absorbente en todos os aromas familiares, nas corolas e nas esvaecidas pinturas daquela natureza artificial. Fernando era unha fortaleza de silencio e tomei a iniciativa:

—Quero arranxar os asuntos pendentos antes de me ir. As cousas de mamá, que supoño non serán moitas..., pero non me gustaría deixar detrás algo que no futuro requirise a miña presenza. Non o desexo. Podes estar tranquilo.

—Non, claro...; non é moito o que hai que facer. Xa o sabes tan ben coma min.

—E o da tía Baltasara?

Notei algo sutil no semblante..., unha reacción interna, un troco... Tenue sarillar en todo o corpo de comedor reservado e unha actitude defensiva, como alumno que nun exame copia baixo a táboa, temendo ser descuberto.

—Non é nada, apenas.

—No entanto, quero deixalo todo arranxado.

—Estas cousas da herdanza levan tempo.

—Procurarei abreviar o máis posíbel. Escribireille hoxe a Sabela.

Miña irmá estaba na Venezuela. Quince anos había que casara cun sobriño do zapateiro. Un rapaz que, de vacacións na “terra dos seus país”, experimentara esa ancestral arruzada, especie de tentación dos séculos; de fundirse co lar primixenio como vehículo cara ao pasado que fecha un círculo no tempo-espazo; insistencia, teimosía, obstinación do noso natural en domesticalo ao propio antollo. Así a esbaralla a ela. A boca aberta, ollos de guicho e toda cara renacida en aglaio, alucinada nun flash de indiano en avión e desodorizante, ilusoria e fátua transpolación intelectual daqueles verdadeiros, de aló, polo mil novecentos. O certo é que agora, Praza de América en cadoiro de prata, lousas de ouro na nova Canaan, de seren máis “listos”, perspicaces, espertos, avespados...; si, efectivamente, intelixencia de futuro nun planeta do polo fritido e “papas” a oito, soamente houbo, durante anos, calor, inflación galopante e brutal desleixo da erradicación cultural e afectiva. As súas cartas eran reveladoras dun profundo desánimo e dunha situación económica difícil. Emporiso non fixera falta atrasar o enterro. De seguro, ela non viría. Telefonáara eu, a pouco da miña arribada á Coruña e oín os seus salaios a través do auricular e nas palabras, de sotelos e presentidas bágoas, xustificou o que eu non lle preguntara: “Non podó ir, non podó. Isto esta moi “mal”, e...”. Esa era a descrición plástica de todo o seu problema. “Mal”, monosílabo farto de contido absoluto. Frustración, necesidade, temor de futuro, debilidade. Todo era perfectamente negativo para engadir un motivo á súa tristura. As terras de Baltar, varios ferrados a cinco ou seis quilómetros do caso urbano de Santiago, eran unha incógnita. Non sabía deles máis que o que falara miña nai no teléfono de Nadal de catro anos antes. A tía morrera. Derradeiro compoñente dunha ampla liñaxe e o patrimonio concentrado, en anacos de patria respectados pola Facenda, eran os testemuños dunha ascendencia rural que tiña na nosa muller da Rúa de San Patricio, carne derreada pola vida, irrelevante anatomía dun todo que era reuma e artrose; a deposi-

taria terminal da lexitimidade familiar. Ela era, en fin, choiva de outono que alaga o reseco arneiro, chaira de aruño nos regatos exploradores da terra inestábel.

—Sabela non ten interese en conservar as terras de Baltar —sentenciou Fernando.

—E como sabes iso?

—Sácoo en consecuencia. A súa situación non é moi doada. O diñeiro viralle ben.

—Pero, imos ver! —mostrei firmeza nestas palabras— Ti xa tomaches unha decisión, non si? Pois veña, sóltaa!

—E a túa intención?

—Estamos nun camiño sen saída. Os dous dependemos, polo visto, un do outro. Pois ben, direiche que eu non teño aínda tomada a miña decisión. Antes quero ter elementos de xuízo...

—Como que?

—O valor desas terras.

—Xa che dixen que eu me preocupeí diso. Son terreos a monte, con pouca auga, algunhas leiras, toxeirás... Nada. Un millón como máis.

—Insisto en que quero ter información.

—Non confías nos teus. Coma sempre. Non cambiaches. Os de fóra merecen máis creto. Así che foi.

Alporizoume. Levantei da cadeira, dando unha zoupada na mesa. Berreille.

—Ti..., ti..., a crete o irmán superior, o triunfador da vida! Sabes o que es? Unha merda pendurada dun pau! Un fachendoso ridículo e un especulador sen escrúpulos!

—Velaí o incorrupto, de moral sen chata! Velaí que ben lle foi!

Carme acudiu con présa, desde a cociña.

—Calade. Máis baixo que isto é un escándalo.

—Non, se non pasa nada. Este cre que os demais temos a culpa das súas desgrazas. Anda, anda! Vaites, hom..., vaites e infórmate do gran capital que tes en Baltar! E non esquezas que eu tamén son parte e que terás que contar coa miña vontade. Anda, anda! Vai canda os teus amigos da progresía, eses comezadas da política!

Manifestamente arrebatado. Unha vaga de cólera pasaba diante da miña vista e a punto estiven de descargarlle unha puñada, cando reparei no rostro de Carme. Miraba cravándome as súas pupilas nos meus ollos. Nunha décima de segundo fechei as pálpabras e imbuín a rabia e a xenreira que estaban dentro de min. Inspirar fondo. Premer os labios e palpitando as cellas, nervioso, sentar novamente, tratando de dominarme, o que, a duras penas, conseguín.

Carme quixo calmar os ánimos:

—Pero, é que non podeades falar como as persoas?

—Si, muller si, é que hai cousas que me perden —respondílle—. Está ben. Xa pasou. Ceamos?

—Tranquila, tranquila, imos agora... Remata de poñer a mesa —falou, reconvíndoa, Fernando.

—Non quixen amolarte. Era a miña opinión...

—Pero podes ser máis sensato e empregares unha linguaxe máis delicada.

—Está ben, perdoa. Soamente quería axudarte a formar unha idea do que representan esas terras. Non valen un can. Pódesme crer!



—De calquera xeito, non hai nada de malo que se contraste todo isto con outras avaliacións, como pode ser un perito do propio Santiago. Por se hai planos urbanos, ou zonas de expansión...

—Non hai ren. Comprobeino no Concello. Non entanto respectarei a túa “idea”, e non se fale máis do asunto. Cando esteas preparado para a decisión, faimo saber e, por min, morreu o conto. Vale?

—Vale.

Remitiu a tensión e ceamos xuntos. Os tres. O silencio relaxante foi un bo lenitivo e as escasas e intrascendentes palabras que nos cruzamos non tiveron outro obxecto que xustificar a existencia daquela reducida reunión e, pola miña banda, retomar o equilibrio interior que necesitaba para sentirme máis seguro e máis conforme comigo mesmo. Era un exercicio de autocontrol, preciso para abordar, con garantías, a que coidaba como importante determinación de facer algo ben na vida. Era un exame de reválida, unha carreira de derrotas, na que aínda cabía a esperanza dun relativo triunfo... Sabíao necesario para min. Que era unha especie de afirmación persoal, e constatar esa vontade última que aniñou decote en min como táboa de salvación, en réplica dos fracasos incesantes.

Por fin alcanzaba a posición de dominador. Eran as propias posibilidades, independentemente da súa natureza cuantitativa, as que, agora, posuían a forza real suficiente para recuperar a miña condición de home. Tantos anos tratando de afastarme da paisaxe dos malos recordos, non abondaba para facerme perder, definitivamente, os raigaños a que me consideraba con dereito. Algo se revelara en min... Lento rebulir de conformismo. Espertárame a vivencia que xa cría morta para sempre. E María do Carme estaba no centro de todo. Nela descubría un erro máis da miña vida. Ese pasado que me debía reprochar e unha incitadora corrente de carraxe sacudíume na impotencia que até entón fora a compañeira dos meus pesadelos. Non, debía dicir “basta” e ter o valor de

enfrentar os feitos, de resistir as propias contradicións e ser consecuente cos meus desexos. Esa era a razón de que non cedese ás pretensións de Fernando. Descoñecía todo o relacionado coas terras de Baltar, pero cumpría tomar o asunto como unha proba de autoafirmación e convertelo no eixe daquel troco profundo que sentía como absolutamente necesario e que, agora si entendía, era tamén unha referencia do tempo presente á que non podía subtraerme. Perder o medo ao sufrimento e estar por riba das contingencias era condición indispensable para reforzar a miña moral, que eu sabía crebadiza.

Cando tomei o último grollo de café, preguntei a meu irmán, aproveitando que Carme xa se retirara no pretexto dunha daquelas estratéxicas xaquecas que utilizara xa varias veces nos días que levaba na súa casa:

— Ves a María?

Noteille a sorpresa na cara. Non esperaba esa pregunta e, como o púxil enfaixador apandando os impactos do rival, agardou uns segundos para mellor practicar a táctica da contra. Non quería precipitarse e díxome, matizando a frase:

— Tiña toda a razón o Tonecho. Non era muller para ti.

— Iso non é resposta. Pregúntoche, se sabes dela.

— Si, claro, como non hei saber? Ti tamén estarás ao tanto de algo...

— Non moito. Só o que falei con María do Carme que, realmente, non foi nada.

— Como...? Viches a túa filla?

Fernando alterouse visibelmente. Levantou algo a voz e, moi interesado:

— Pero cando foi iso?

—O día do funeral, presentóuseme. Non creo que teña nada de particular que unha filla intente falar co seu pai e, máximo, nestas circunstancias.

—Evidentemente que as circunstancias son determinantes...

—Todo ten unha motivación, Fernando. As cousas, en aparencia, son, ás veces, máis incomprensíbeis...

—E non che contou nada de María?

—Apenas nada. Que segue co mesmo carácter, que está a traballar na Fundación..., e para de contar.

—E de Ramón?

Acenei significativamente cos labios e o queixelo, amosando ignorancia. Repetín a súa propia pregunta:

—Ramón...?

—Si, Carlos Ramón, o home que vive con ela hai anos... Un lacazán, vago, que non sei nin como o atura –vivía as palabras que lle baixaban da boca. Oracións gramaticais que cortaban o nítrico nirvana da sala, introducido en carencia acústica-TV, tan consubstancial. Un receso mínimo, un ponderado silencio... –. En fin, contareicho...

E Fernando sentou noutra cadeira máis próxima, atiplando o ton de voz, como se alguén o asexara tras o veo translúcido do gabinete.

—Cando marchaches ti, María pechouse na casa. Non asomaba, nin de día nin de noite. Continuou a traballar co escritor até que morreu, aló polo setenta e tres ou setenta e catro. Logo, xa o sabes, seguiu na Fundación, onde está polo de agora; pero, neste tempo, trocouse en máis misteriosa, desconfiada de todo. Eu non sei que se traería entre mans. O feito foi que case non viña pola casa, pois pasaba a meirande parte dos días aló, no Pazo, coa des-

culpa do moito traballo... A Migueliño e María do Carme dáballes de xantar Noelia e, logo, polo serán, íanse para á casa, na que habitualmente non estaba a nai. Chegaba arredor das nove, e moitas veces quedaba a durmir en Carnoedo; así que os fillos estaban soños, até que os vencía o sono. Non é a primeira vez que pasan a noite deitados no sofá, no que estiveran a ver a tele até as mil e tantas...

—Si..., pero todo iso está relacionado con ese Carlos Ramón?

—Non o sei... O certo é que un día, de boas a primeiras, apareceu vivindo con ela.

—Pois non se entende moi ben, se tanto se retraía das miradas alleas, como ti dis, podería verse con el sen tanta publicidade, se quixese.

—Si... —e sorriu coa intelixencia de saber máis do que estaba a dicirme—. Iso foi no setenta e seis... O Carlos Ramón era un tipo dos sindicatos, un algareiro profesional e que, naqueles momentos, acadara a secretaría xeral da confederación, o que lle agoiraba un bo porvir e unha posición relevante cara ao futuro. María fixo as súas contas e consentiu en ser a súa compañeira, pero sempre co pensamento posto nos cambios do futuro. Neste sentido tiña unha correcta análise da situación. Non así no que se refire ao seu “amigo”. Nun primeiro intre, como che dixen, foi “para arriba”. Presentouse ás municipais, saíu concelleiro, deputado provincial, delegado de non sei cantas cousas etc. Pero como non era moi aberto de luces perdeu, un tras outro, todos os postos, até quedar co soldo que cobraba no sindicato, que non era moito. E, incluso, deste, tamén se viu privado, pois como, aínda por riba, quería ser moi botado para diante, paráronlle os pés e deixou de chuchar o peto. Menos mal que amañou o do desemprego, e está a cobrar dez mil pesos de misericordia...

Fernando dicía estas cousas con evidente desprezo. Era a opinión de quen se sente situado de privilexio e imputa os efectos

da inxustiza ás insuficiencias das vítimas e non ao dolo dos viti-  
marios. En cada palabra, na inflexión de voz con que marcaba os  
acentos, había algo máis que un xuízo obxectivo da conduta allea,  
estaba, era claro, unha implicación de parte, “ese algo” que movía  
un odio non disimulado. Eu que, parecía, me debía sentir dorido a  
través da esculca encuberta nos ollares do seu perfil de clister anó-  
dico e na patoloxía moralista das súas frases enlatadas, non expe-  
rimentaba motivo ningún de desasosego diante de toda a exposi-  
ción e, ademais de sorprendeme esta atípica anorexia sentimental,  
picoume a curiosidade pola estraña postura de Fernando.

O tempo enguliu a moitos. Non ten nada de particular.  
Coñezo vencedores e vencidos e non aprecio diferenzas sensíbeis  
entre eles. Nin en valía persoal, nin en formación...

—É un ninguén que se creu un redentor, e non era máis que  
iso: un algareiro profesional —e o recunque da mesma sonatina.  
Un lugar común que lle compracía sobremaneira, seguro—. E, se  
tivese polo menos, un oficio, unha carreira, algo... Non serve para  
nada. Gústalle máis pasear que dobrar as costas, vivir do conto.  
Sempre está a falar das inxustizas que se cometen con el, e todo  
o que pon da súa parte para remedialas e laiarse e baduar de  
“tododeus”. Debía querer os cartos pola cara bonita ou polas par-  
vadas que esbardalla cando fala da política. É do único que se  
preocupa. Todos son ladróns, raspiñeiros..., todos meten as mans  
no Concello, no Goberno..., todos son uns aproveitados... O único  
limpo é el! Claro, como non pode... Ai!, a envexa canto esterco  
esparexe...!

—Polo que dis iso non me encaixa co carácter de María.  
Non é muller que se mova por sentimentos altruístas.

—Non o entendo. De verdade que non o entendo, Emilio. Eu  
creo que lle dá mágoa.

—Repítoche que non me encaixa. E, meus fillos?

—Se falaches con María do Carme, saberás dela xa.

—Non foi moi explícita. Paréceme que ten certos reparos en contarme as cousas.

—É unha rapaza de moito carácter, tamén. É filla da nai. Non se abre así, ás sinxelas, a ninguén. Comigo non se leva nada ben. Eu penso que me ten cruzado e non entendo o motivo. Eu non lle fixen mal xamais e a relación que mantiven foi sempre superficial. De calquera xeito, ela fai da seriedade unha norma de conduta e do traballo un artigo de fe. Non sae como as outras mozas da súa idade, non anda con mozos, nin en discotecas...

Fernando, decateime, non comprendía nada. Na súa versión de María do Carme, acugulaba a maior dose de ignorancia que unha persoa pode acubillar na análise do carácter humano. Quedaba, exclusivamente, nos movementos simples dos dedos das mans e non trataba, en absoluto, de profundar en motivacións e circunstancias. Era unha definición lineal, de novela rosa, a que, durante media hora, tratou de expoñerme. E facíao coa superioridade estúpida do que cre estar no alto pedestal da suficiencia. Prepotente, como o que vai para estatua, que dicía o de Rianxo, sen darse conta de que todo o que estaba a parolar non era máis que trangalladas sobre a mesma idea, que debía ter fixada con anterioridade nas súas escasas entendedeiras: un ser inaccesíbel á súa baixa capacidade mental, non por difícil senón por imprevista. María do Carme estaba fóra do estereotipo que configuraba en Fernando a imaxe dunha muller de vinte e dous anos nun tempo e lugar determinado. Así pois, non sentía o menor desexo de continuar a medio daquela enxurrada de incongruencias de quen, por outra banda, confesaba non ter, apenas, coñecemento da rapaza. Intentei interrompelo, botando a ollada no espazo que se perdía entre teito e chineiro, para non mergullarme no noxo estético da súa estampa de albar osamenta cuberta en pel e colesterol.

—E Migueliño?

—Outro que ben baila. É “un moderno”, un deses de cazadora de coiro e brillantina. Motos, cafetarías..., pero tampouco de

traballo, nada de nada. Hai xa tempo que non o vexo. Antes, aínda andaba pola Torre, de troulada e, por certo, cuns “elementos”..., que non che me tiñan moi boa pinta, pero dunha tempada para aquí, non se lle ve o pelo. Non sei onde estará metido...

—Logo, é ben diferente de María do Carme.

—É, si, hom...! Xa lle deu ben de desgustos á nai. Botárono do Instituto, non por torpe, que era un bo estudante, senón por rebelde. Aínda así rematou o bacharelato e agora creo que está na Zapateira...

—Na Universidade?

—Creo que si... Non che sei moito máis.

Non quixen forzar a memoria de Fernando, posto que estaba seguro que o que non sabía, inventábao e, certamente, na versión máis interesada que lle petase. Penso que sentía un fondo pracer en pintarme os aspectos máis negros da miña familia; unha vinganza escura por todo o que eu representaba na súa vida. Aínda recordo aquela noite do cincuenta e tantos. Apoiaba no cargadoiro da porta e baixou a cabeza cando eu me despedía. Eran as dez e media nas badaladas do reloxo do Concello rañándome na alma aquel zoño birrento, cabuxeiro, a mirada de esguello e o aceno raposeiro. Escaleiras que foron para min a canle seca da última palabra de cariño que non tiveren. E entre as dúas luces amorrinadas dos descansos, deixei os cativos anacos das miñas querenzas familiares. Agora estaba na certeza da súa verdade e, non cabía dúbida, de que todo nel era xenreira cara a min, unha inconcreta xenreira que non podería explicitar nun feito puntual nin substanciar nos aspectos fundamentais da nosa relación pasada. A pátina de apreciación nas cousas, adoitas de seren diáfanas, constituía o máis precioso compoñente da súa argumentación. Fernando estaba cativado pola sociedade e participaba de todos os seus horizontes. Eu aínda era a excepción. Así, el construía casas, e eu trataba de artellar ideas.

Funme á cama e Azuzena prendíase xa na radio de media noite. Daniel achegou as sabas estiradas e, movendo o rebuzo, escorreu o corpo na primeira humidade da madrugada.

Sopraaba vento morno, lentor de pneumáticos en choiva, feridores do silencio predicado como oración civil no esmorecido declinar da xornada. Todo dera comezo hoxe, e os minutos pasaron en insomnio. El sentía a rítmica respiración, unívoco síntoma de vida, na alcoba e, de súpeto, tamén o tictac do espertador, picou a súa atención. Pensaba se estaría durmida xa. Pensaba tamén na pantasma que estaba a pernoitar no seu cerebro, e non achou novas teimas coas que porfiar na soidade. Encontrábase totalmente só. Coa escuridade e a respiración, e os ollos abertos no tempo inmediato. Todo ese tempo de límites imprecisos que está nos albores da traxedia. E esporeaba, no peito oprimido, o peso das súas propias cavilacións.

Eu sentei coa portátil.

Escribín até que chegou o sol.



No pensamento de Emilio, os modos, actitudes...; as maneiras do seu facer ou estar, asemellaban a Fernando co pai de Azucena. De carácter tan lévedo coma el, e carecía da mínima sensibilidade para valorar aquilo que latexaba, baixo a camisa ou a gravata de nó violeta nunha parada de autobús. As persoas non serán máis, logo, que integrantes dun renque sen cerebro nin corazón. Todo ringleira de soleada beirarrúa no agridoce sabor de fina mañanciña de présas e angustias. Era don Plácido un ser estúpido de posguerra e, no tópico conceptismo do personaxe, descubriu a definición máis axeitada do seu propio irmán. Aquel representábase en lúcidos signos caligráficos, inerte no papel, como petróglifo dun lubre azoutado no ventar de asubío perpetuo. Este era unha realidade inestábel que tendía á desorde nas súas formulacións. E, entre un e outro, optou polo segundo, como forma de catarse íntima nunha nova noite sen durmir.

Xamais comprendera o verdadeiro significado daquel neno aterecido no día de Nadal; de súa amorfa existencia de ser producido no triste crepúsculo da invernía e proxectado no misterio de turrón e silencio. Sombra que gravitaba arredor de si, desde o curruncho de serán imprevisto nos xoguetes de ferruxe, roña e cotroso hule, e na distancia insalvável que permanecerá exacta no amor e no aprecio. A primeira experiencia mutua fora concluínte. Nunca sentira coma el e nunca lle chamara irmán. Simplemente, Fernando. E ese nome non identificaba máis que unha presenza chea de incógnitas.

Certo día, en Madrid, recibira unha carta. Era da nai. Unha carta que anunciaba voda. A primeira noticia en anos, a única que chegaba en proba de que, efectivamente, seguía a chamarse Fernando. Era unha breve información que contiña os elementos precisos e necesarios. Unha “boa voda”. A filla do Señor Benigno, o contratista. Medio barrio estaba levantado en cemento de moita area e sona de baixa calidade, que era carimbo dos que conseguían un piso de aforro prolongado na emigración dos sesenta e comunidade de propietarios, eterna reclamante de deficiencias. Ao ritmo de medre dos seus cartos, as rúas avanzaban cara ao monte. O Señor Benigno era coñecido como “O vello can”. Un can de presa que dera comezo á súa cazaría, vendendo unha carballeira en Montouto e mercando dous solares na Praza do Parque. E, desde eles, dous edificios de cinco andares e ático, guilou na harmonía dos anos de desenvolvemento do país, até que Fernando asinara a primeira Letra en poder de Notario e autoridade de leito filial. Cumprido o seu ciclo, morreu con viúva, filla única e nicho de quince mil pesetas, deixando ao xenro coa tripla tarefa de aturar a sogra, realizarse coa muller e engrandecer a Empresa.

Todo isto era, para Emilio, unha hipotética síntese, articulada cos escasos datos de que dispoñía. Criaba, na súa mente, unha atmosfera de sentidos amoreados na que Fernando e Carme executaban o mérito que lles asignaba. Así, agora, estaba a comprobar os seus erros e os seus acertos. E, tamén comprobaba, cada día como estes eran máis que aqueles, desgraciadamente. Porque no máis fondo do seu interior desexaba equivocarse, botarse en cara a súa falla de caridade e os seus malos pensamentos. Esa era a súa condición e non podía afastarse dela. Entendía que, como dúbida torturadora de Daniel, era conceptualización abstracta que se ateigaba de contido en contacto coa realidade, na súa propensión a incomunicarse, non posuía palabras contrastadas co mundo material. Ideas orfas, vagando no dormitorio, apreixábanlle o sono nos espertos acoros do oniro vacilante, angustiados..., mesturado na suor da cavilación non cabía o sosego, e un sorbo de auga,

unha volta á dereita e outra á esquerda, colocar de novo a almofada, estirar as pernas... E outra vez as campás agoniando a penumbra das bambolinas estáticas.

Por fin, escoitou o silencio e adurmiñou na brisa que levanta o preamar dos Pelamios.

Dous días máis tarde, chamou a Enrique. Desculpouse por non facelo antes e pediulle atrasar o seu retorno a Madrid. Para solucionar o asunto das terras de Baltar, e “todos eses trámites” que xorden á morte dunha persoa. A comprensión do Xefe foi adozada interesando por Ramón, a voz candorosa de Rafa e na socorrida xeneralidade de “todos están ben”, para logo comprometer á súa licenza que era, en resumo, a razón última da devandita chamada. Este, polo menos, dixo comprendelo e quedaron en que estarían en contacto un prazo indeterminado que estimou, sería, o máis breve posíbel, pois, o traballo dun xornalista non ofrece demora e, como o actor no escenario, a función debe continuar. Só lle quedaban dous artigos de “reserva” e os números de *Robot* non podían esperar. O xoves de cada semana estaban, puntualmente, nos quioscos e o público era o máis cruel e indiferente dos ditadores. Prometeulle, mentres tanto, algún traballo de emerxencia e, con este convencemento, foille concedido o permiso, non sen antes convir de que se lle descontaría das súas vacacións.

Ao saír do locutorio, pediu un café.

Pensaba en Esmeralda. E, por segunda vez, tratou de chamala. Pero algo lle dixo que non o fixese. Escribirlle unha postal... E que ía dicirlle? Que non marchaba? Dar unha aclaración... Xa pasaran doce días. Como sería interpretado este silencio? O paso do tempo facíao máis remiso a falar directamente coa amante na distancia. Unha sensación de indefinición amoucada apoderábase progresivamente do seu vigor natural e, a ciencia certa, non atinaba como explicar aquel estado de ánimo que apuntaba con forza ao repensar esporádico en Esmeralda. Estas ocasións

distanciábanse maiormente e pasaban días enteiros en que o diván de coiro repuxado e pantalla xigante en estereofonía de “camelos” no portal de hora nocturna e un “Ola, cariño”, descendido en prato frío de noite amolecida, non eran máis que muro infranqueábel no subconsciente indeciso. Así, e polo momento, tomou a determinación de deixalo para outro día, e logo para outro, e para outro..., e sempre a mesma idea dominaba os intentos. O teléfono era outro día, o correo era tamén outro día e, incluso, o pensamento fuxira para outro día que xa non estaba no calendario. Era ese outro día, cando recibiu a voz de María do Carme, que lle propuxo un xantar co misterioso aliciente de que habería unha sorpresa para amenizar a comida.

Ás dúas da tarde, na rúa dos Olmos.

Aceptou decontado. E alegrouse interiormente. Era un chanzo positivo. Algo lle dicía que existía un efecto de irrevogabilidade, un pano de definición que estaba a manifestarse máis nidio, claro, exactamente perfilado, e que o futuro sería distinto. Pero máis como un retorno a certas formas de pasado corrixidas, agora que consideraba estas baixo unha análise correcta; que como a conformación de algo verdadeiramente novidoso. Emilio, por vez primeira en moitos anos, agardou con ilusión ás dúas da tarde.

E esta sensación, contenta e afiunzada, causáballe profundo benestar, polarizado en ver doutra volta as flores suaves do xardín nas cores heliodivinas e o rebolizo dos garroufeiros meniños ao saíren da escola boureando nun mediodía, como aquel, nubro e de emborrallada celaxe.

Atravesou o semáforo e, no Café “Cabiña”, atopábase a imaxe de Tonecho, sentado; alleo a ser observado, absolutamente calado. Pensou que falaría con el e, tamén pensou, que iso debería recordalo. Agora seguía a agardar ás dúas da tarde. E a sorpresa de María do Carme. As flores de sol e suave xardín, marmañaron na ausencia, entre un orballo finouco que se presentou cando aínda non cruzara toda a praza.

Entrei no restaurante. Era a rúa dos Olmos, na casa de comidas en cheiro de parrochas fritidas e escaparate de centola e zamburiña no recanto dun flan da casa, amarelado na sospeitosa cor de inédito ovo. A esa hora cruzaban xentes de tapa de luras e cuncas de ribeiro, nun sábado que encaixa a luz diúrna no reducido ceo de luadas nubes galgantes en ondas, polo mareiro que sopraba entre a badía e o Orzán. “Día desapracíbel”, escoiteillea un amodorrado cliente na barra de escarvantes e talizos das racións que xa eran historia en tarocos e codelos a ciscarse no laminado de lordo opaco. Desde alí, ao relanzar da ollada, só se entrevían figuras sen definir nas mesas que estaban abertas aos posíbeis comensais, máis aló dunha porta de follas de abano e emborrallados vidros na tonalidade verde graxenta de anos de desleixo.

Chamei a atención dun home de cachola prominente, bandullo circular e pano que semellaba branco, arremuiñado en cinto invisíbel de chapa adiviñada coma de dourado militar, baixo a extensa cotra de negro que a tapaba á visión dos mortais:

—Por favor, unha rapaza morena duns vinte anos...

Non rematara a pregunta. Sen me dirixir a mirada, no entanto de calcularlle a botella que decote pairaba na súa man dereita, unha medida perfecta daquela especie de viño no vaso dun segu-ro seareiro, inquirei:

—O Señor Ramallo, non?

—Si, son eu...

—Están no comedor do fondo –sinalando a porta de follas de abano. Non agardei máis e funme cara á elas...; pero, pensei... Por que falo en plural? Con quen estará? Que é todo isto? Cavilando, detívenme nos servizos antes de entrar e a cabeza non paraba de dar-me voltas. Unha idea, con todo, afaciábase circia entre todas as demais. Unha idea que non sabía como me ía afectar, unha idea de medoño en concretarse como realidade material e da que o seu só posibilismo me retraía en segundos de espera, esgotando o tempo, coma apreixado á miña vista para non enfrontar o que coidaba podería serme causa de sufrimento moral. Mais, nun intre reparei na miña determinación a non me dobrigar máis perante o medo ao propio medo, e pasei, decidido, ao local de falso teito que en táboas faguñadas, cadros de caza por lebres e perdices esvaecidas na fotografía de moitos anos e as mesas baldeiras de patas que asomaban a medida que os meus ollos asoballan na boqueira de acceso; presentábase nun misterio que eu mesmo reproducía, coma eco das miñas propias inconsistencias. Aquel modesto refectorio de Casa de Comidas da década dos vinte, reliquia dun mundo refugado na vórtice do século, convertíase así, en obxecto inmisericorde da ansiedade que, progresivamente, me ateigaba entre gorxa e estómago, en ficción de can desapiadado que deniza o cadáver na chaira de batalla, alleo á transcendencia da pintura heroica ou da sinfonía épica. Alí estaba toda a miña vida. Contraíase en dúas formas humanas, agardadas nos pratos impresionistas de branca louza e nun encadramento que enche o momento e os plásticos rumos de bulir da cociña tras as madeiras. María estaba seria. Amorfa na expresión, mais comprendida en claros síntomas de impaciencias que movían, esporadicamente, as cellas e o carmín de brillante rosa destacado no seu rostro que, entón, se me fixo máis próximo.

Definíase ese rostro que vira no tempo de lonxe, baixo o cobertor das noites de primavera ao meu carón, no amencer

daquel maio de perfumes en Lorbé coas hortensias rebentando na soleira da recente mañá nunha xaneliña da vella casa da señora Ramona, e as mazás das Mariñas, aínda verdes á espreita do lucidio mes de xullo, dos paseos a Taibó, Mondego, Pazos... Ela era suave como a brisa silandeira do socheo de outono e, na ría de Fontán, descendiamos até o porto de Sada, vagando no rebelde xardín da beiramar, tolleitos na nosa propia absorción de corpos e mentes, de entregarmos moitas veces ao deleito da noite trasladada do mundo de fóra ao noso mundo de dentro; e contemplar a escintilante aurora de Miño na ourela tapada pola penumbra, coma seres estraños que non teñan outra misión que lembrarnos a existencia das cousas tanxíbeis. Aquel ano fomos area de praia e herba no prado vizoso... Agora era todo vaga incerteza e, coma dous descoñecidos, afrontabamos a nosa presenza naquela mesa dun escuro curruncho de rancio restaurante da idade vencida e de derrota dos nosos labios e nos ombreiros demolidos. María do Carme levantou e bicoume nas dúas meixelas.

—Ola, papá! Senta aquí.

Encarado con María era o silencio e a mirada constante que derivaba no todo da estancia. Aquela sensación de estar alí, aquel conxunto de sorpresa e incapacidade de reacción que se debería expresar en algo máis activo que a simple postura dun busto elevado na isolada cadeira de presente e nas mans que non atopaban lugar entre os pratos, vasos, coitelos e culleres, reflectidos nun rostro desfigurado. Desgairábase en min o pesar do desequilibrio universal e os interminábeis minutos do tempo finalizado. Un sentimento sen adxectivos, envolto en resplandores distantes na plenitude dos recordos, resistindo a manifestárense...

Estaba marabillosa. Polo menos, así mo parecía. A pel, que recoñecín donda e pulida, presentaba unha lixeira pátina de madurez, destacando no vivaz dos ollos, aquel mesmo brillo que presentía á luz dos infindos matices do esmorecer en marusía e salitre. O corpo adiviñábase, aínda fragrante, coma prendido nos seus brazos de luar penetrado de alcoba e o aroma nos labios de

vermello turxescante que estaban tan lisos coma cando afirmaban en louzanía a nosa esperanza perpetua. Si, era tan fermosa como vinte e dous anos antes. E, perante dela, inmóbil, estático e consumindo aquelas reflexións, non fun capaz de articular palabra. E coido que ela tampouco podía facelo e, cabíame a dúbida, de cal sería o seu estado de ánimo. Non se me pasou pola mente, entón, o máis obvio: o porqué da razón de acudir a aquela cita.

Estaba seguro de que todo fora argallado por María do Carme... Por outra banda, evidentemente, era o reino da miña confusión e, xa que non tiven outra alternativa, fiquei calado e cos ollos, sen moxena ningunha de vida, perdidos na impermeábel cara de rompefoles de María, entre as canas que lle asomaban discretamente a medio do cabelo e unhas lívidas e ousadas engurras, asentando baixo a fazulas.

—Elixé.

Tomamos a carta como autómatas. Intentei ler e non comprendín.

—Eu pedirei primeiro un consomé e logo...

María do Carme tentaba de nos distraer. Eu non escoitaba. Era o meu cerebro moradía doutro lugar e doutro tempo. Estaba aínda na praia de Gandarío, no murmurio das ondas cegas de media noite e o frescor dos prados silenciosos, entre intimidades xamais contadas e o sosego cósmico, levigado en ronsel de astros por riba de nós.

—Eu, o mesmo —dixen sen saber que era o que seleccionaba. María tamén asentiu; e non houbo máis palabras. A súa voz era tenue, sen aquel duro perfil, esbronzado nas voces de ferro, tan frecuentes para min. Era unha caricia que se me negara en toda a nosa convivencia. Unha soa verba fora dabondo para me retornar a muller que outrora me engaiolara tan doadamente e na que, nun intre determinado, depositara todas as arelas, as angueiras da idade por vir; esa muller na que mitificara, en suma, unha



utopía e que, no entanto, de cando en vez, me posuía no valor supremo da beleza.

Xantamos sen falarmos apenas. Asimilaba os anacos do pequeno tempo como a inestábel vida dunha partícula sen materia que significara o singular superior da eternidade. O poema dun bardo descoñecido que se estaba a compoñer en tan breve período da miña vida. Eu era, simplemente, o espírito vaporoso da propia levidade e, transportado nos infinitos puntos inconcretos daquel comedor impersonal, procurei entender a relación que existía entre a realidade e o ficticio; confundindo ambas as dúas ás veces, nas ansias de acadar a meirande lucidez na comprensión.

Entrementres, María íase acomodando. Levantaba a cabeza, ás xeiras, observándome prudentemente. Eu rexeitaba os seus ollares asexos, cismado entre o garfo e a gornición de champiñóns para preproducir, en troques, un relanzo atenuado da mirada até un ángulo de cruzárense as nosas dúas con discreción; ou coa vivía premeditada de María do Carme que, atenta ao noso íntimo xogo de reservas, parecía agardar algún sinal que derrubase o rexo muro da ausencia.

As sobremesas, o café... Eran sobre as catro da tarde.

—Ben, eu teño que ir traballar.

Levantou da mesa sen darmos opción a responderlle. Foise ao mostrador e pagou a conta. Decidida, cun sorriso, cara á porta, despediuse novamente, desaparecendo na rúa.

Xa comprendía todo o amaño da rapaza. E quixen comprender outras moitas cousas, e en tan reducido espazo de segundos, souben máis con respecto a ela que en todas as horas de conversa.

Ficamos sós María e mais eu.



Entón caín nun estado de indecisión que era clásico en min. A mente en branco. Os labios fechados e a impotencia de articular unha palabra. A pelexa interna entre eses desexos de comunicación e a imposibilidade de utilizar o vehículo da voz para expresar unhas ideas, quizais inexistentes. Estaba detido no medio do mundo e a vida rebulía arredor... Todo, absolutamente todo, me invitaba á extraversión e, así e todo, permanecía mudo.

Foi ela a que veu na miña axuda. Destilábase a suor xa na superficie porosa, desde o colo ao interior da roupa e a pel frouma, coma formigo da epiderme alporizada na tensión, proía todo o corpo, levándome o desacougo até as dedas dos pés.

—Tomamos outro café?

—Si —respondinlle sen lograr máis.

Entón, nun aceno que eu recoñecín perfectamente, pousou a man aberta coa palma pegada ao pano e dispúxose a falar-me. Tiven medo. Un medo atenazado no peito e entráronme ganas de refuxiarme nas fantasías do meu cerebro, de mudar o firmamento estrelado en retablo dos consolos das horas de soidade. Crer nas parellas que pasean os domingos no parque de bambán e estanque, tomando do gandete esa luminosidade do lusco e fusco como aureola de rosados lampos a manar o confiado luns que será tan equilibrado como o lento e harmonioso día das nenas e nenos vestidos de festa e os tulipáns abaneados na airexiña da vida sen nomes. Quixera escoitar as discretas e irrelevantes palabras dunha frase trivial. Un son de voz que non tivese máis sentido que o

esquecemento instantáneo e a intranscendencia. Agardei, así, nos latexos do meu corazón, nunhas migallas de pan, de irregular espaxadas baixo os meus ollos.

—Estás moi ben.

Era, evidentemente, un formulismo, un cumprido convencional.

—Ti tamén estás conservada... —respondín como quen fala de chuvia ou do vento no ascensor da oficina para suplir a falta de viveza ás oito da mañá.

—Conservada? Iso, só é unha apreciación arqueolóxica.

—É unha forma de expresarme —dixen como desculpando—. Non me refería a idade, senón ao aspecto externo. Certamente non maxinaba como sería o teu semblante.

—Non me recordabas?

—Loxicamente non tiña fresca a túa imaxe.

—Pasaron os anos, non? —como afirmando un certo resentimento.

—Si, pasaron moitos anos, María, e pasaron moitas cousas.

Agora retomaba o dominio do meu discurso. E non quixen perder o fío do diálogo, polo que, deseguido, continuei:

—Non desexaba este encontro pero xa que ocorreu, non debemos desprezar a ocasión. Aínda temos algo que nos dicir e, con prudencia, non debemos causarnos dano... Pode incluso resultar gratificante e proveitoso. Como dous antigos amigos que se atoparan nun país distante despois de moito tempo. Non finxamos o que non existe xa.

—Tampouco podemos ocultar o que antes existiu, ou o que aínda existe...

Cortei, firme e decidido:

—Non existe, María.

—Falas por ti; claro, está.

—Pois si. E supoño que por ti tamén... Ás probas remítome.

—Tes algo que me reprochar? Non ía ser a eterna viúva dun vivo que fuxiu.

—Ah, ben! Unha cuestión fisiolóxica.

—Carlos Ramón? Non representa nada; nada de nada —recalcou.

—Entón, declárate un tanto..., liberal, por dicilo dalgún xeito.

—Si, na túa opinión, unha pendanga. Debería ser a Penélope da túa interminábel ausencia, tecéndote as roupas que endexas mais vestirías.

Estaba a piques de estoupar e non quixen provocar a súa doada ira, polo que temperei gaitas coa mellor disposición.

—Se non hai falta, non pode haber reproche. O pasado non me interesa e comprendo todo o que queiras que comprenda.

—Vivo cun home...

—E eu cunha muller! —repuxen sen darlle folgos para continuar.

—Estás informado, polo que vexo. Tomácheste o traballo de facelo. Eu descoñezo todo o relativo á túa vida actual.

—O meu querido irmán foi moi xeneroso coas súas explicacións. Eu non preguntei; nin sequera á nosa filla. Nese aspecto é tan hermética coma ti. Hai que sacarlle as palabras con contago-tas.

—Que tes que dicirme! Se o saberei eu...

—Non tendes boas relacións?

—É dun carácter difícil. Herdou moitas das túas eivas e, ás veces, chocamos. Eu tampouco son moi fácil de levar...

—Iso si que o sei eu ben —e por primeira vez sorrímos. María tomoume a man, coma se fose un xesto natural.

—É o de sempre —sentínme estremecido ao seu contacto. Foi un arrepío repentino e profundo, como a corola dunha engolidora planta ao apreixo do verme no interior da súa gadoupa vexetal. Toda a miña materialidade era carne de galiña e a penuxe excitada dos brazos orixinoume expresión táctil extremadamente sensíbel coa que luía a miña pátna velosa. Por aquela man entrou en min definitivamente o pasado, e milleiros de soños espertaron sen podelo remediar. Apelaba a un son transcendido na vixencia última dos tempos, a bradar e clamar con solemnidade, impaciente, dentro de min...

—Imos?

Non aturaba máis aquela situación. Os desexos incumpridos da xuventude, estalaban con forza na avivada pel de estremeceamento polas unllas de María ao retirar a súa man. Precisaba saír daquela gorida de bafo agoniante e labios marróns no cadro, agora no significado iconográfico dunha relixión estúpida do bo xantar e do bo beber. Aspiraba fondamente o escaso aire do comedor e un ulido picón, mesturado en rustrido e vapor, escaravellábame a larinxe, provocando unha carraspeira nerviosa e entrecortada.

—Anda, imos pasear un pouco. Non me sinto ben aquí...

Eu era Daniel. Nas bulideiras dúbidas do anxeio que estaba a sufrir. Era o mesmo Daniel de cigarro ensumido no rechouchío dos primeiros paxaros do día. Era o mesmo Daniel da néboa silente que sobaba os tellados penumbrosos, en agoiro de tráxicos

estertores. Azuzena aínda relegada na ignorancia, presentía en pesadelos, a frustración do que semellaba felicidade, e na imaxe de María andando nos lastres da Dársena, quería penetrar o seu pensamento, independizalo na súa esencia e debruzalo, no intento de descubrir segredos, misterios... A dicir verdade, xamais soubera dela, a pesar da superficial compostura do desaire, a presunción e o desprezo que constituían, case sempre, a plasticidade do que, coidaba, eran os seus sentimentos cara a min.

Camiñaba amodiño. Tapizando de gravidade o pavimento a cada paso. Levada do seu ritmo, como deixándome a iniciativa da ruta a seguir; unha caste de submisión tácita que interpretaba como vontade de gañarme en algo por algo. En definitiva, que estaba na desconfianza da súa actitude, sen tampouco decidirme por cal sería a que eu tomaría, dadas as circunstancias.

A natureza da dúbida de Daniel e a miña, eran distintas, pero os seus efectos, similares. Tan pronto sentía azos de pronunciar unha frase, devagar pensaba como me asaltaban os receos da súa inconveniencia e desistía. Era como un daqueles muxes escuros que amiudaban entre augas sen destino aparente no curruncho do peirao, baixo a podrecida tona de alcatrán e cascallos. Eu flotaría, evidentemente, na podremia de toda a humanidade e sería un factor máis na súa descomposición. Entendín, entón, o fracaso. A rentes de min, o obxecto primeiro dese mesmo fracaso e non había ponte ningunha de comunicación. Un pastor da Mongolia que estivese perdido na tundra inmensa de todos os meus fracasos... Era María, puntual pastora dos muxes tolos de todas as dár-senas do mundo e eu testemuña sen voz da súa andaina a ningures. As árbores do xardín, os nenos alborotados, o posto de xeados, o paso de peóns... Todo presente na nosa ausencia. Alongados na estreiteza do silencio, paseabamos sen falarmos, illados na muralla contraditoria dos recordos asolagados e na repetición infatigábel da ricaz impotencia das limitacións.

Paseniño, notaba que algo se caletraba en min. Un fluír de sentires distintos, unha comprensión en cada vez, máis contin-

xente, reproducida a materia física de María, no sentido intanxíbel da miña apprehensión sensíbel. Entre o porto e a avenida, estendíase unha forma de tempo decorrida doutroa, e nas flores que pasaba a carón das nosas dinámicas figuras, estaban, en nidio progreso, as percepcións afectivas da vida dos dous. Era o recendo de rosas e reverbero que entraba en nubes de tarde, firmes compañeiras dos pasos decisivos. Chanzo involuntario das metas non concibidas... E, sendo xa contra das cinco, ela sentou en círculo de palmeira, baixo a mirada metálica dunha decimonónica estatua, na Rosaleda.

—Senta..., anda, senta neste banco... —dirixíuseme facendo co brazo un significativo aceno de invitación.

Curioso este momento. O seu sentido do humor non era, de certo, moi prolífico e o feito de usalo agora evidenciaba un propósito de congraciarse, de me ben acaer, anicada sedución do reduto difícil de expugnar. Así o interpretaba, pero como xa non era o suxeito lene da súa vontade, agardei á defensiva.

—Non é a primeira vez que sentamos nun lugar coma este, non si? —estampou na mirada fría. Era mirada sen luz, desprovista de vida. Esa mirada que era máis que unha coacción, que unha mensaxe.

—Noutras circunstancias, evidentemente.

—Esas circunstancias non fun eu quen as trocou.

—Mudaches moitas cousas, María e, aínda descoñezo, hoxe en día, a causa de todo isto.

—Abandonáchesme. Lembras?

—É esa a túa xustificación? Sabes que marchei cando non puiden máis, e sabes que tiña motivos dabondo para facelo.

—E os sentimentos?



—Non os tiñas en conta cando sabías do dano que estaba a facerme.

A mirada de María non pasaba de min. Había, agora, bágoas nos ollos que anubran a claridade acesa do rebrillo do día. Tardou segundos en me responder e fíxoo en voz lenta, baixa, cortada por emoción que se fomentaba ao fío da conversa.

—Non soubeches ver o que había en min. Desexábate sen medida e non podía pensar en nada que non foses ti. Vivía as vinte e catro horas do día en función da túa propia vida. Alí, no traballo, en Carnoedo, contaba os minutos, arelando a hora máxica en que puidese estar contigo. E, acotío, a mesma decepción na casa baldeira: o crepúsculo de tristura pola xanelas que rebordaban vitalidade e que me invitaban a ser feliz. Eu, cantas veces, chorando no silencio da sala, laiábame da desgraza de que ti non comprenderas. Estabas, logo, diante de min e non me eras máis próximo que unha persoa que vai pola rúa e na que nin reparas... Sentíame desleixada e así, non debes estrañar, que reaccionase co carácter acedo, e formas de autodefensa, molestas para os demais. Eu non son como ti te imaxinas. Polo menos eu non quería ser así, pero non houbo canles de entendemento e, non sei por culpa de quen, non fomos capaces de saltar por riba das barreiras...

—Unha película de Antonioni? —díxenlle con sorna— Quéresme interpretar o papel da dama incomunicada no cadeirón, a catar unha e outra vez as unllas no fastío do serán amolecido, dun día interminábel? Ti non eras, precisamente, unha muller dócil...

—Eu era desexo, simplemente.

—Rexeitabas a miña compañía, incluso no leito...

—Recusaba o convencionalismo. Soñaba con que chegase en ti toda a fantasía que ateigara en anos, en invernos de radio e chuvia nifrosa, esvarando nos vidros da galería, das miserias reducidas dun mundo de barrio provinciano e do gato que todas

as noites fochicaba no mesmo lixo, da vella señora Prudencia e as bisbilloteiras da canella que sentan no banco de pedra as tardes de verán..., todo iso era eu verdadeiramente na miña realidade. Pero sabía da existencia doutras cousas, de cidades que non eran soamente chuvia, gatos e vellas; de mulleres amadas en exóticos países por homes que sempre gañaban e da posibilidade de recibir admiracións alleas..., se mo propoñía. Quixen ser o que no serían os outros. Algo na vida que espertase a envexa, que fose obxecto dela e compartila, fachendosamente, con alguén. Aí estaba o cume das miñas angueiras. Algo que pode resultar infantil, pero que para min representaba o triunfo ou o fracaso, ou máis aínda, coma se dixésemos, a vida ou a morte.

—Usáchesme como unha prenda de roupa, non si?

—Trabúcaste. Ameite desde un principio. Independentemente de calquera outra consideración, inserín todo o que ti representabas no conxunto da miña vida. Aquel día ás sete experimentei un dos escasos intres de felicidade plena. Cando asomei á fiestra e te vin aló embaixo na beirarrúa contraria agardando entre o tránsito atolado dos coches e as persoas, entrevín, moito máis, o que deparaba o futuro, idealizado en min como posíbel, como que estaba presente a poucos metros configurado na túa física e real figura. Non sabes como descendín os chanzos! E non sabes como quería esquecer en ti todo o que era, até entón, aquela cativa existencia de horizontes sempre visíbeis! Anxo Mendo fora unha espita que non colmaba as miñas apetencias. O cosmopolitismo que soñara reducíase a un monótono traballo de burócrata que vestía cerimonial de falsidade e pretensión de película americana e que, á fin do día, era un autobús de liña cheirento e canso no que convivía con xentes que me ignoraban. Ese anónimo era un sufrimento que coidaba superar no home que viña de lonxe e que pertencía a outro mundo, a ese mundo que estaba fóra dos límites da nosa miseria.

—Ese puido ser o principio. Logo entraches en min...

—Cústame crelo, cando penso no que foi a nosa vida en común.

María asiume as mans e abrangueu intensamente a esculca da miña esencia, a rebulir só no luído da copa verdosa en brisa do sol, morno, coutado en recantos de algodón ovellado, gris e azurita; deluvando no ar por riba de nós.

—Aínda sinto na miña pel á túa presenza e as sabas rozándome as costas baixo o teu peso. É a idea de todas as noites...

—É un corpo distinto deitado a carón teu.

—É o teu corpo o que ocupa o lugar da miña mente.

Por un momento dubidei. Logo, a súa mirada lánguida, impávida, sen charamuar, fincada a poucos centímetros da miña, conseguiu despexarme a indecisión. Como a paisaxe na ventá dun tren, pasaron en pensamento atropelado as madrugadas vividas na distancia de vinte anos e eu tamén recibín en min a conexión do seu corpo conmovido na calor da cama e o recendo de seme primoroso na sombra da alcoba. Era a intimidade daquel espello de consola que reflectía os primeiros raios da aurora; alba anunciada nas horas de sono vencido e preguiza apazugada no repouso do pracer. Si, recordaba o seu porte activo na apatencia carnal, a súa entrega sen restricións, a enteira desinhibición na intimidade. Aquela firmeza e seguranza, a frescura que transmitía en toda a parada sexual... María estaba posuída dun alto valor de muller no sentido máis rigoroso e toda a lembranza que facía dela, concentrábase, agora, na fragrante evocación dos tempos de plenitude.

Nun deses pulos que determinan moitas veces á vida, afundíme baixo a súa atenta e escrutadora ollada, tendido entre as mans e coa mente en berce de imaxes do pasado, que eran un presente en cada segundo máis próximo, e que na palmeira de brisa e sol de arrecendo roseiro, enraizaban en min, afastándome de toda circunstancia que non fosen as filiformes perfebas e as engu-

rras de pátina suave asomando na indecisión de recoñecida faciana, en estarecidos amenceres de amor e esperanza.

Aproximei meus labios aos seus e detíveme a escasos milímetros. Un atranco invencíbel interporíase, agromado en min como ecoar de medos profundos, retorno do descoñecido, do negro, da pavoría... Soltei as mans e levanteime:

—Imos, por favor —díxenlle, case con súplica.

Ela, confusa, non intentou atallar a miña decisión e tamén levantou. Como se todo non fose máis que unha paréntese no paseo, conseguimos manter o ritmo, a mesma distancia e a mesma senda que nos trouxera até a Rosaleda. O pano caeu, outra volta, entre nós e a escena do xardín non foi máis que triste ficción de dous ridículos cómicos na farsa, tamén ridícula, dun teatro baldeiro de público e de ilusión. Entón pensei que tiña corenta e catro anos.

—Despedímonos aquí?

Era unha praza, antiga praza da cidade antiga e dos antigos relembrados do ser antigo. Sen pronunciar outras palabras, afirmei coa testa. Ela engadiu cando encetaba o camiño.

—Antes de marchares, gustaríame verte de novo. Cres que paga a pena?

—Penso que non... E ti?

—Eu coido que non todo foi negativo hoxe.

—Traballas mañá?

—Si. E co horario que ti xa sabes... —como notou a miña sorpresa, explicouse—. Hoxe vin máis cedo.

—Irei a Carnoedo. Quero escribir algo sobre o Anxo Mendo.

—Adeus... —e sentín emoción nos seus ollos, o que non era doado advertir nela. Conservou a última sílaba da palabra entre os labios, como se quixese retela dentro de si. Por fin, volveu de costas e andou pausadamente.

Soaron as seis no reloxo do Concello. Os meus desacougos eran os de Daniel, ese Daniel medorento en descubrir a verdade, no intento de descanso fuxitivo do mundo convencional.

Decidín escribir. E, con esta pretensión, funme á casa de Fernando, non sen antes pasar pola Cafetaría “Cabiña”, aproveitando para falar con Tonecho. Non estaba. Tomei un café. Agardei no televisor indiferente de anuncios en “alto standing” e prestación de servizos e, media hora máis tarde, pouco máis ou menos, saín á rúa, deixando un recado para que me chamase por teléfono. Tiña unha idea e non ía desaproveitala.



Emilio andaba, outra vez, o camiño de Carnoedo. De novo alí, na pagode transida dos montes de Nagoi e a semellanza de reflexo intemporal da súa propia vida. Aquela noite deixouse levar polo vento arrebatado da idade sen distancia. Coma xurrido da máis profunda lameira do inconsciente, todo o firmamento de neon políctromo e os vagalumes de lonxe eran poemas a clamar na angustiosa bóveda do infinito e da perenne depresión de paseante na soidade esgotadora. Presentir o corpo de María era unha mórbida elección e algo máis que un pensamento amancebado nos pesadelos do insomnio. Estaba alí, a carón seu, baixo a pérgola da fermosa anoitecida no lindeiro de praia de Santa Cristina, de silencios acubillados na xangal rispidez das ondas. Abeiradas no refluxo indiferente e, a maina rozada dos seus cabelos, transportouno a aqueles, decote, recordados tempos doces de esplendor, substanciados arestora nos beizos, aínda cálidos.

Volveron no coche que alugara aquela tarde. Precisaríao para as xestións que debía realizar no asunto das terras e, con firme determinación de dar co Tonecho, saíra do garaxe, pasadas as cinco. Na cafetaría dixéronlle que había varios días que non ía por alí. Preguntou polo enderezo e non souberon darlle razón. A quen dirixirse? “Aínda que traballa pola zona dos Catro Camiños...” Non sacou máis información. Como se estivesen a protexelo, a agachar algo da súa vida... Era xa preto das seis e non podía pararse máis. “Se vén por aquí, déanlle esta tarxeta”. Anotou o teléfono de Fernando e un simple “Chámame”. Co seu nome sería suficiente.

Aínda verdecían as herbas da paisaxe. Eran as primeiras calores e a frescura das escasas camposas, infundía ese fondo impresionista, de mancha absoluta, que representa a pintura de Galicia como síntese estética. O ceo despexado, os pioneiros do baño descendendo aos areais, os escotes prominentes... Todo invitaba a relaxarse, a esquecer o lado desagradábel das cousas. Pero, como sempre, era ilusorio. Emilio pensaba en María. Como idea obsesiva, a gravitar desde o día anterior, desde aquel arrecendo de alelís e reverbero que entraba esburacando as nubes da Rosaleda. Era centro e eixo da súa existencia. E comprobaba que o fora en todos os tempos. Aínda no arredamento que se impuxera a si mesmo, oculta na ausencia resumíbel, impalpábel; como ese espírito sen nome daquel sevillano de indefiníbel esencia que, cando mozo, lía como consolo das súas frecuentes depresións. Estivera, efectivamente, en referencia de todo e por todo. Das madrugadas do café “puro” de Redacción, nas interminábeis tertulias da trastienda de Esmeralda, na mesa de traballo, afociñándose no papel; só, todo só, e o bolígrafo só tamén, e as armas da imaxinación e o léxico. Descubríraa agora, nos máis pequenos detalles e do seu interior saían, en atropelada, as identificacións, as lembranzas; con tales azos, que era como se se anoasen no subconsciente durante anos, na forzada voluntariedade de retelas alí en terror e no dano de recobralas.

Era un novo dimorfismo, sincrónico no gusto pola propia mágoa, un inidentificado senso da pesar que levitaba en todo o que á súa vista abarcaba. As árbores frondosas que compendian sentimentos encontrados, a carga das pálpebras que loitaban por manterse abertas, so pena dun accidente, a falta de motivación que ía medrando nel dun xeito incontrolado... Era contradictorio, enervante e, agora, a piques de rematar unha triste pasaxe da súa vida, non experimentaba sensación ningunha de alivio..., de alivio especial... E isto estábao a confundir.

Desbotou aquelas ideas e fixo por pensar noutras cousas. En Itúrbide. O correspondente de *Robot* a quen chamara aquela mañá



a Vigo. Quedaron en verse dous días máis tarde. Pediríalle axuda para o asunto de Baltar. El, de seguro, coñecía a alguén en quen confiar. Non as tiña todas consigo. Fernando e a suíña de Carme, non eran o que parecían... Que se traerían entre mans? Con estas ratas de solares e notarios nunca se sabe. Tanto empeño en mercar as terras...! Non, estas reflexións tampouco eran moi felices... e con elas prendeuse na trivialidade das escasas fragas que resistían na estrada de Mera e na beleza dos fiúncos e as enxebres chorimas das últimas e irregulares gabias, a correr rítmico, coa velocidade do automóbil. Era o verán que viña cara a el e que tentaba de avanzar na espesura do bosque, relaxando a visión no misterio do escuro, apenas traspasado en raiolas do sol que se esvaece en arume e a farna como plástica escultura móbil, ingrátida, levigada no garbo aéreo da tarde.

Aquela noite, Emilio, baixou á terra de ningures. Ese trato de existencia bambeado entre dúas incertezas e que, decote, relembramos como sinónimo de felicidade. Logo que deixou a María, andou entre beirarrúas e escaparates, coches e persoas, a xeito dun androide nun futuro distendido que non posúe máis que o porvir doado e un pretérito que na súa propia desgraza atopa o masoquista recordo dos momentos de amargura. Pracer de sentirse un supervivente no túnel do tempo e orgullo estéril de chegar á meta fuxidía.

Non precisaba convencerse. Nin o desexaba.

Instintivamente refugou de recapacitar; e, estraño á súa forma de ser, quixo residir no presente. E quixo vivilo como tampouco o fixera xamais: bebendo cuncas de ribeiro nas primeiras tascas que achou no camiño. En cinco ou seis pediu, a escape, que lle servisen. Sen catar o máis mínimo, dun grolo, engulía o líquido para que caese no fondón do estómago, remexendo no acedar. Así que, en poucos minutos, voou polas rúas, percibindo unha insólita contemplación da cidade e dos homes. Estes pasaban sen reparar no seu estado, xa que estaba a conservar perfectamente o dominio da compostura e do movemento ao deambular.

Sentou nun banco e fechou os ollos.

María, María, María... Era todo o seu pensamento.

—Será posíbel aínda? —preguntáralle ela. Sentados e co motor apagado, elevou o vidro e encarouno.

“Será posíbel, Emilio? Cres ti que podemos reconstruír a nosa vida?”

Dubidou en contestar. Falaran xa dabondo desde que saíran de Carnoedo a iso das sete e media do serán. Todo o traxecto fora relento da memoria do pasado e escena de mágoa en pano tépedo do fracaso. Un fracaso que era, de común, exacto fracaso e que estaba presente en toda a parolada. Os fillos están traumatizados... Miguel sobre todo... “E que fai?”. “Non podo con el, non fai caso, vai rematar mal. Está cunhas compañas...”. Frustrada. Nunha rúa cega. Non había futuro. Soamente sobrevivir. Sen esperanza. Sen ilusión ningunha... Agora decatábase. El era o único motivo que lle quedaba e recoñecía toda a inmensa desolación causada polas súas desavinzas; e que todo podería ser distinto. Así pensara moitas veces, cando os acedumes non lle deixaban outra alternativa que o martirio das ideas encarnizadas. Que non se debían a ninguén, senón a elas mesmas... Que o mundo enteiro non era máis que un fato de desesperados que non merecían a nosa atención.

Afastarse, por unha vez, de todo e ser un para o outro, como soñaran cando as cousas eran doutro xeito máis favorábel... E, por iso aínda se preguntaba, se sería posíbel, se sería posíbel...

El dixo entón, que si. E díxoo contundente. Recollendo, sen máis análise, o que María estaba a sentir. A procura da derradeira opción vital, a táboa da última terra do continente perdido, convértese en xangal Prometeu das cadeas irremediábeis. E logo mergullarse nos vaporosos labios do sesenta e tres, evocadores daquel verso de Ginsberg e dunha papoula de carmín en aberta da surada de xuño. Unha greca de infinito púrpura cribou a prosaica

noitebra das veas urbanas, na sinfonía de novas promesas e esperanzas.

Emilio entrou no piso de Fernando. A porta tiña outro son, a luz outra tonalidade, as paredes, o teito..., incluso as facianas herméticas da ignorancia eran diferentes. Pasou entre todos eles e, silandeiro, dirixiuse á súa habitación. Tomou un papel, un bolígrafo e sentou xunta a mesiña, na que a portátil permanecía desvelada. Anotou coidadoso todo o que debía afrontar nos vindeiros días e pensou, detidamente, en varios aspectos dos problemas. Si, falaría con Itúrbide, escribiríalle a Enrique ao tempo que enviaba un traballo para a revista. Era unha saída de emerxencia, unha forma de entretelo en gañar tempo antes de estabilizar a súa situación. Evidentemente, era necesario coidar o traballo e non esquecer aquel vieiro de realización que, ademais de ser a fonte principal dos seus ingresos, significaba o meirande logro da súa vida profesional. Remataría a novela axiña. Agora xa estaba perfectamente definido o final e faríao dunha vez. Mañá mesmo chamaba ao editor e proporíalle data para a entrega do orixinal. Por outra banda, estaban os seus asuntos particulares... María do Carme, Miguel, María... Cavilaba en todo na quietude da cama. Ás escuras, na pausa aquela que no intre non era arrepiante, senón sedante na silepse dos sentidos de tempo que estaban a mediatalo...

A mente resultaba, en consecuencia, prolífica e tamén asaltaban dificultades nas que non reparara. Eran tantas cousas que pensar! Por exemplo: a figura de Carlos Ramón. Como se resolvería este atranco? Como desfacerse del..., por dicilo dalgún xeito. Era de supor que María faría algo a respecto...

Non desexaba aparecer como vingador de injurias. Isto parecíalle ridículo. Nin como un intruso na súa propia familia... Como reaccionarían os fillos? María do Carme non se pronunciara, a Miguel nin o coñecía... Todo estaba a presentarse máis confuso a medida que avanzaba na meditación. Aquela meditación de media noite, máis e máis absorbente e que se manifestaba en pro-

gresión dunha abelloada suor, do pegañento piqué na carne requente e que, paralizando os ollos no negror, entraba, paseniño, nos lindeiros do acoro e das ilúcidas imaxes dun entrecello de mente esgotada e tránsito ao sono sobresaltado. As horas pasaban de correntío ao escoitar, de cando en vez, as badaladas nidas do reloxo de María Pita, confundindo a zoupeza da noite coa urxencia da alba, tardeira en chegar.

Era un xogo irreal nese límite dun tempo que remata sen que teñamos, no intre xusto, a certeza da súa fin. Aló, cando as brumas do abrete galgan nos corceis do amencer, entrou nun profundo sono de agraz sabor na gorxa reseca e nos impos de respiración forzada. Todo era, logo que xa, lucidío no decurso dos acontecementos e non tivo máis motivo de inqueda. Resignarse á súa sorte e así, en nova quenda, ser obxecto das circunstancias e da vontade dos demais.

María empuxou a porta e, desde o limiar desenfado da cociña, albiscou a luz acesa e unha sombra que proxectaba no vidro esmerilado. Carlos Ramón sentaba, careado á entrada, pou-sando os cúbados na mesa e a espreita da incerteza cubríalle todo o rostro, iluminado en reflexos de brillo suorento. A mosábbase máis como obxecto inanimado, que formase parte do mobiliario, que un ser con vida propia. Perante a presenza da muller permaneceu inerte, absolutamente incólume, sen sequera alterárselle a fixación das pupilas, que seguiron a perderse nun punto indeterminado do frontispicio de potas, tixolas e cazos amoreados no alzadeiro, como se o cruce da figura humana entre ambos non fose máis que un sopro de aire inapreciábel polos sentidos. Carlos Ramón era, en fin, unha concreción ambiental, inseparábel da sordidez do lugar, como fina capa de nácara envolvendo o gran seo da ostra. A luz da bocha cansada, pareceulle iso a María...; si, unha pérola de náusea e fastío. Sen pronunciar palabra deixou o bolso nunha cadeira e afondou no corredor, espiando nos cuartos... Espiouse en careixa tenue de luminosidade, apadumada pola lámpada de noite, agámica, morcona, indiferente.

—Mamá? —preguntou María do Carme desde a salía.

—Si, nena? —respondeulle maquinalmente.

—Nada —dixo a rapaza con voz indolente. Comprobara a presenza da súa nai e non había máis comunicación. Era todo o que desexaba saber.

Carlos Ramón levantou. Apoiado no armazón da abertura italiana, faloulle en voz apenas audíbel:

—Onde vés a estas horas?

—Que horas...? E, ademais..., a ti que che importa.

—Estou farto de esperar...

—E eu estou farta de que me esperes.

Asiuna polos brazos sen intentar volver a cara a si.

—Estou máis ben inqueda pola túa tardanza —e aproximou a boca ao seu colo.

—Déixame!

—Que pasa...? —estrañado. Aparta as mans. Non contacta o seu corpo.

—Déixame e non me toques.

—María, tranquila. Eu só quero...

—Ti non queres nada! Nada, nada, nada...! —e ruxiu de tal xeito que María do Carme, aínda cos auriculares aplicados nos oídos, percibiu os estentóreos brúos que atronaban en toda a casa. Achegouse lixeira. A indagar.

—Pero, que ocorre? Estades tolos?

María non atendía ás palabras da súa filla. Nerviosa, acenaba por riba das repisas da cociña, tratando de gadoupar calquera cousa sen coller ningunha. A irregular respiración deixábase ouvir en arrítmicos e romos asubíos ao compás de continuos palmexos dos cabelos que, ceibados do peiteado, se revoltaban diante dos ollos sen que puidese retocalos cos imprecisos movementos das mans. Logo derrubouse nunha cadeira e, coa mirada allea a todo signo externo que non fora a súa rabecha, dirixiuse a

Carlos, requintando as verbas e sobrepoñéndose, en dominio, sobre as mesas, a medio da súa ira.

—Que significas ti para min, corpo sen alma?

Un tenso silencio permaneceu entre eles. E engadiu:

—Porque me miras así, como se tiveses dereito a controlar-me?

Carlos apenas tateou, tremendo:

—Eu non te quixen magoar...

—Sabes o que es ti? Unha merda!

María do Carme quixo intervir na defensa daquel home vencido. Era unha vítima que estaba a mercé da súa desgraza e comprendía que xa non lle quedaban moitas forzas para resistir. Os momentos en que a súa natural bondade lle fixeran alegres as tardes de nena solitaria e a indefensión que mostraba decote, máis como virtude que como estandarte, inclinábala a procura de mitigarlle a dor da esquiva sorte que lle coubera na vida. Ela era testemuño da súa derrota. Desde os días de esperanza até a situación actual. A irresistible costa abaixo dunha vida que non claudicara na indignidade, e que estaba acurrallada entre a espada dos sentimentos e a parede da incompreensión. Tamén ela era, agora, outra vítima semellante.

—Calade, por favor, calade! —e as bágoas escorrentáronlle polas meixelas botándose, axeonllada, no regazo da nai.

—Miña filliña... Por que has sufrir ti por este tringaleiro, por este zalapastrán? Filla...! —e abranguo o corpo de María do Carme, repousando a cabeza na palma da man, como pano do seu carpín que entón afogaba os insultos derramados sobre Carlos Ramón, o que, amedrentado, ergueu do asento tomando unha bandexa na que estaban preparados tres bocadillos. Abeirouse ás dúas mulleres e, tratando de conter as bagullas que anoaban a luz

dos ollos, ofreceu a María aquela cea, con xestos de consideración extrema:

—María, cariño; miña ruliña non te desgustes máis que non era a miña intención. Dóeme a túa ausencia e síntome só, moi só, emporiso paréceme as horas máis prolongadas, pero o certo é que aínda non son nin as once da noite... —as frases saían a tumbelos. Con tanto interese por compracela, porque non medrase a súa irritación, non coidaba a compostura e adoptaba, por veces, a que se lle antollaba máis servizal—. Mira que che teño preparado... Estes bocadillos pensando que os poderíamos tomar, nós os tres, na salíña, tranquilos, vendo a televisión...

Non rematou o seu ofrecemento. María, de súpeto, irada estoupou iracunda, afastando á súa filla e, dun violento golpe, bateu na bandexa que voou no ceo mesto da bocha cansada, arrincándolla das mans a Carlos:

—Non quero nada! Non quero nin a túa presenza! Nin a túa respiración! Mamalón, imbécil, citote...! —e un longo etcétera de novos insultos e vexacións que se esborrexeron polo lombo do home.

Protexido cos brazos á altura da cabeza, apandou contra o chineiro, a doira de imprecacións, zoupadas e losqueadas, descargados con todo o seu anocro pola muller. María do Carme, abraiada, interpúxose, impresa en olleirenta pregaria á súa nai, porque cesara aquela cena que xa se ía repetindo frecuentemente na casa que non era máis fogar que no precinto abstracto da caixa de correos. Por favor, por favor...! —repetía implorante sen lograr acalmala. Carlos Ramón escorreu até o corredor e fuxiu cara ao dormitorio... Por fin, María estalicouse por segunda vez na cadeira e, presa dun febril estado de ánimo, remexeu os dedos entre o pano da mesa, como se quixese esgazalo en farrapos, mentres seguía a desbotar toda caste de escarnios e ameazas.

A porta de entrada deu paso, entón, a Miguel. Rápido, decidido, directo ao seu cuarto e non dando mostras sensíbeis de se



decatar do escándalo que se escenificaba naquel minuto denso do tempo ralo e indefinido, entre os muros do enxame de cobiza, destrución e cabelos dourados. María do Carme foi a el e, enroándolle as omoplatas co tórax, intentou levalo ao seu carón e a dicirlle no pranto envolto de riachos salgados da maina pel sucada en veas de vermello:

—Miguel..., Migueliño..., isto é un inferno, un terríbel inferno...!

Silencio. Intuír silencio. A mirada perdida, a faciana murcha, lezne, as amplas nefres dun nariz bolecho... Todo apuntaba a permanecer tan distante das palabras de desespero como do urxente SOS que entoou a súa irmá.

—Bótame unha man, por favor Miguel!

—Déixaos consumirse Mari, déixaos desfacerse mutuamente na súa insuficiencia —tranquilo, neutro, amortecido no ton monorrítmico dunha voz caduca.

—Miguel, trátase da nosa nai.

—Son seres destrutivos, odres de egoísmo... —permanecía inerte, estático nos ollos fixados en brillante artificio, a reflectir a penumbra da habitación. As palabras parecían ser totalmente independentes de calquera outro considerando que non fose a súa propia identidade como valor de comunicación en si mesmo. Ficou así, recollido en amorosa actitude por María do Carme e, no tenso ambiente de choros de María e o provocativo encorar de Carlos Ramón, percibiu o perfil dos tempos finais e a paisaxe que era meta dun curto percorrido vital. Infelices horas da súa carne xa macia pola agoniada visión do que semellaba réplica da existencia humana. O espello do estante, era unha imaxe de todo o que pensaba, e nas fazulas consumidas, podía sintetizalo de xeito máis plástico, polo que se afundiou na superficie pulida, abandonado de toda sensación exterior, criatura automática, ficticio cibor da máis remota galaxia sen mover case os labios:

—Nós non temos nada, Mari. Somos o banco de probas da súa civilización, a súa desculpa máis doada; o escudo de todos os seus vicios e das súas teimas inconfesábeis... —e de cando en vez, minguaba na encolla das pálpebras, fraccionando en frases os mares ideolóxicos que comprimía no cerebro—. Non temos absolutamente nada. Nin sequera as nosas ideas nos pertencen. Déixaos consumirse, Mari. Por lóxica, ese debe ser o seu destino. O equilibrio da natureza non permitiría outra cousa.

Miguel plasmábase na súa continxencia. Era testemuña muda do baldeiro absoluto da casa e da inqedanza próxima en perigos que se agachaban nas unidades humanas, encovadas no medo. Cavilaba en voz alta, prendendo no discurso, en aparente coherencia, toda a vórtice da incerteza e inestabilidade abafadora, que premía até a asfixia nada máis introducirse naquel mundo gasoso. Seres alotrópicos que agardaban en minutos, que xa non eran deles; prestados pola historia non escrita dun autor descoñecido... Todo era vago, difuso e, por outra banda, inmediato e estéril. Boureo dos pequenos sons, irrecoñecíbel, ruxideira de presaxios que contaxia a totalidade do reducido ámbito...

María advertiu a presenza de Miguel. Escoltaba os seus laios no silencio do corredor e non entendía. Levantou sixilosa e acercouse á habitación, descubrindo as dúas figuras apertadas fronte do espello semiopaco.

— ... ti Mari, que es unha vítima máis da incompreensión, da avaricia e da desorde. Como todos os que fomos reos dunha falsa moeda de cambio e que sufrimos nas nosas carnes a desilusión dos covardes. Eles, polo menos, tiñan a depravación para se evadiren da cafurna criada no desvarío. Eles son, efectivamente, cume dos males e da cegueira. Seguirán dilapidándose sen reparar nas responsabilidades contraídas con nós. Seguirán fodendo impunemente, roubándose os uns aos outros, matándose por un prato de caldo e cagando todos os días a mesma merda. Son a merda en concreto, Mari; unha merda que

fedo nas nosas virxinais pituitarias e que habería afogarnos na súa mesma condición. Fuxamos, Mari, fuxamos de todo o que representan...!

María interrompeuno:

—Pero que dis, desgraciado? Que babecadas estas a artellar? Non ves o meu desgusto? Non tes un pouco de caridade coa túa nai?

Miguel revirou a cabeza. Mirábaa con forza. Acendéronselle os ollos e a vermella cor de pel delatou a súa irritación:

—Ti es a culpábel de todo! Eu son o que son como reflexo da lúa na tona da lagoa e a copia do que estamos a ver no ceo. Quixéchesme posuír en corpo e alma e mira o que conseguiches. Un residuo da túa propia degradación...

—Cala, cala, cala! —e levou as mans ás orellas. Non desexaba oílo. Non quería permanecer perante daquela esfínxe acusadora, ergueita no centro do tempo chegado de lonxe.

María foise de novo á cociña. O conxunto de tremor e xersei a raías, abaixado sobre a mesa, aínda estaba alí, calado, reducido a unha pegada inane, de costas á fiestra de noite evadida das proximidades do mar. E o axirido dunha gaiyota penetrou furtivamente polos recunchos da traxedia, avivando a presenza de Miguel que se levantou ás toas, increpando á súa nai:

—Que dereito tes a considerarme parte de ti, cando todo o que fixeches foi programarte en función das túas apetencias? Eu non son máis que o resultado das túas programacións. E chamáranme tolo porque escribo polas paredes da cidade os degoros da nosa xeración. Tomar un “spray” e verter as arganas que me legaches. As xentes poden confirmar tanta depresión contida e a perda de tanta tenrura. Mamá, nós somos os desterrados dun mundo que non creamos, obrigados a aceptalo tal como era. Ben... —foise calmado—. Eu paso de todo... Dos vossos problemas e dos vossos

pecados. A penitencia sodes vos mesmos e diso non podeades fuxir. Que hai para cear?

— Así tratas á túa nai. Ves como estou...

— Vexo como estades. Como quixestes estar e, logo, xa que ese foi o voso camiño, seguídeo até o final, pero non me pidades que vos leve en padiolas. Se non tedes pés, reptade.

María intentou levantar a man ao seu fillo. Este asiuna polo pulso e forcexou brevemente, baixándolle o brazo sen dificultade.

— Non o fagas nai, porque te hei devolver ollo por ollo e dente por dente. E se me insultas de novo, cuspireiche nos beizos.

— Vaites, vaites, desgraciado! Déixame morrer tranquila...!

Miguel contivo dentro de si o escepticismo que causaban as palabras relativas á morte, ollou incrédulo, con cara de babeco, e couceou como cabalo castigado polo rebenque, en risada choca, progresivamente, até o rebullón dunha gargallada. Así que librou á nai e, sosegado, tomou un coitelo para torar o rocho do pan e, co ataniscar lento dun dos anacos, saíu cara á porta. Dixo irónico:

— Boas noites, parelliña! —e cos dedos da man formou o sinal de despedida, mentres esculcaba desde a folla de madeira xa aberta. María do Carme non dicía ren. Entón a mirada do rapaz mudouse, parou a rentes da padieira e permaneceu quedo, véndolle o rostro amodorrado que estaba en síntese de desolación, desamparo e fraxilidade. Como a luz de agonía presentida no arume volátil de po e peluxe. Amoroso, bicou á súa irmá e fechou os ollos, pensando nos inmensos acedumes do seu interior, no cabelo de escuro e fanada caluga tinxida do seu pensamento que entón estaba na praia de anos de vento e marusía, cando os días eran ignorados na limitación dunha era que remataba na costa de Oza e misterioso embarcadoiro de badía recortada en lanchas de acentos estraños e vómitos de ondas brincadeiras no iodo e na tarde de

solsticio. A carne próxima era seguramente a última estancia dun tren eléctrico sen pilas e unha moneca espelcada.

Dunha bateadeira liscou rápido, escaleiras abaixo, desaparecendo nas rúas incesantes da cidade.

Os xemidos de María eran precisos no barrio de sentimentos encontrados e a feble porta de aglomerado non foi dabondo para reducilos na intensidade que ía cubrindo todo o anoitecido da calor húmida e morno virazón que viña desde a ría. O xersei de raias e o pelo de acibeche, no carpir de impotencia, estaban tamén alí, rutineiros figurantes da bárbara comedia do século consumista, nos móbeis da idade serodia e os seres de tempos imprecisos. Todo ficaba enmudecido na impasividade da vida, insensíbel para comprendermos e o espazo das persoas era, sen máis, o cenotafio das fazañas choqueiras e os heroes ridículos do astro de Liliput.

Carlos Ramón sabía que estaba ultimado. Compreendeu perfectamente o degraio final, habituándose ás derrotas e ás acedas despedidas. Toda a súa vida fora iso precisamente: adeuses sen resposta e alivios provocados pola súa marcha. Así, tomou unha bolsa de deportes que estaba sobre o armario e, silandeiro, botou nela catro cousas que lle quedaban: unha vella máquina de afeitar, unhas camisas remendadas en sitios discretos, un pantalón...

Reprimíndose, como norma de defensa; aglaiándose nos obxectos máis banais; todo era autodesculpa para se distraer e enfrontar aquel intre, do que posuía o convencemento de que habería chegar. Mais non estaba a afacerse da súa realidade. A colcha de rechamante praza de touros achegaba silencio ao alento derradeiro dos antigos praceres idos no papel de xeométricas grecas disipadas nunha virxe avergoñada de tanta putrefacción. Todo cheiraba a miseria e a tristura non era máis que o pano de fondo da súa propia representación.

María alzou a mirada ao sentilo fedellar na porta. Advertiu o xersei de raias tapado por unha desaseada cazadora de azul vaqueiro e a maleta suspendida naquelas mans de presente. A

rabia foise apoderando dela. Era o despeito que experimentaba pola actitude de Carlos. Si, quería desfacerse del, pero feríaa grandemente que fose capaz de adiantárselle. Degoirara ser ela quen de se tomar a iniciativa. E, de novo, montou en cólera, berrando no ecoar do canón das escaleiras:

—Fóra, fóra, fóra..., mandileiro, lacazán... –e máis, e máis, e máis... –toda a ringleira de aldraxes verbais e insultos que, coidaba, puideren ser máis ofensivos, desbotou na satisfacción de inferirlle o derradeiro dano a aquel ser que desprezaba, sen miramentos pola súa propia imaxe de “xente de ben” que tanto gustaba promover entre a veciñanza-. Fóra cabrón, cornudo, mal láparo de merda...

O que quedaba de home encetou o descenso. Lentamente. Deixando en cada chanzo que pisaba unha miga das escasas forzas que reunira para tomar aquela decisión. Recobrar unha postura de dignidade que non lle servía máis que para axudalo a mover os pés na mercurial viaxe polo país dos medos e da incerteza.

Entón María do Carme, empurrando violentamente á súa nai, botouse cara a el, alcanzándoo no descanso do andar inferior. Tangueno polo pescozo e, amorosa, acariñoulle as sens e as costas, bicando as meixelas con melura. Non eran sons intelixíbeis que saían da súa gorxa. Soamente un postremeiro silencio... Recoñecemento a quen fixera máis levadeira a súa nenez de abandono, o único ser a quen non lle descubrira xamais un segredo pola sinxela razón de que non os tiña, o home que estivera sentado na sala de longas horas de pequenos recordos por pantalla de preguntas que non existían na nación da ausencia. Ese perfume primoroso que xorde a medio do fedorento muladar, esplendor de inmaculadas cores na melodía que sosega as almas e as mentes contristadas. A despedida no salaio de cazadora azul vaqueiro de “deica logo” non podía ser outra cousa no espantoso pesar das horas vindeiras e das lembranzas que se estarían a acugular no leito de sono reprimido e María do Carme que ficaba desvalida.

Meses sen climatoloxía que só se derramaban nas fiestras de densa fronteira e nas súas íntimas fantasías subtraídas á candidez... Recollérense no chan como unha noceda de carne humana en saibas de zume de desespero e manares dos ollos ocultos... Todo era un capítulo máis de asomarse na incomprensión.

Os derradeiros pasos de Carlos chegaron como un bisbeo desde o portal e as sombras fecháronse definitivamente en devalos da claraboia de cénit e paraíso no microcosmos da rapaza. Eran as once e vinte e cinco minutos e, pouco a pouco, as portas dos veciños pecháronse indiferentes. Ela non existía xa.

María volveu á cociña. Tomando un dos bocadillos e un pano, enxugou o líquido de pel e sal. Foise logo á salina e prendeu o televisor. Sentada no sofá, deulle tranquilamente unha boa chantada ao pan. Degustouno: “Salchichón... Ese merda nin para isto tiña boa maña... En fin, cando hai fame...”. Despois, con berros:

—Mari! Anda, entra xa e pecha a porta que hai corrente!

Xota Erre sorriu diante dun documento, soporte do último negocio sucio no que tivera éxito. Bota un grolo, marca un número de teléfono: “Nancy?”. “Si”. “Son Xota Erre e teño unha reserva nun restaurante precioso da autoestrada, onde tamén hai un hotel...”.

“Ese si que é un home”—pensou María. E, decontado, deulle outra chantada ao bocadillo.

María do Carme xa estaba na cama e tapou a cabeza coas sabas, tentando de vencer así a realidade. Dentro estaba un mundo máis amábel, máis accesíbel. Era o que lle quedaba.





Era aparencia de optimismo. As cousas presentábanse tan sinxelas que eu me cría, de primeiras, que estivera trabucado toda a miña vida. As análises que, acotío, traballaba nos pensares retirados e solitarios, deixaban ver os camiños simples, a adecuación lóxica de todas as magnitudes e factores íntimos que levitaban arredor de min e que, satisfacíame pensar, se arranxarían non só pola forza dun destino no que non confiaba, senón pola miña actitude de autocrítica e vontade decidida. As terras de Baltar, María, os fillos, Tonecho, a novela, o traballo, Esmeralda... Todo confluía nunha dirección: deixar atrás unha etapa inestábel e acadar o centro de gravidade, cero e definitivo.

Cando souben como ía rematar o relato de Daniel e Azuzena, pecheime no cuarto, ás cinco da tarde. Alí atopei a última das alternativas que ela lle propuxera ao home: divorcio. Os pais estaban ignorantes desta determinación e nunca chegarían a sabelo. A cidade non era máis que un envoltorio de ideas abstrusas, pululando entre xentes descoñecidas e a bafarada de contaminación irrenunciábel. Daniel era un home que se viña abaixo con certa facilidade. Fechouse no seu propio silencio e non soubo cousa de como abordar aquel momento decisivo. Ela insistía e el estaba a calar; o mundo enteiro semellaba terse detido, agardando a súa reacción. Eu, que sabía das súas insuficiencias, non me apresurei. Acompañeiño a dar un paseo pola beira da praia e entrei nos seus pensamentos. Amaba a súa esposa, comprendía que era culpábel duns celos sen motivo e, tamén estaba seguro, que debería enfrontar as súas eivas educativas e de formación

para pórse á altura das circunstancias. Non, el non quería que aquel matrimonio, de apenas dous meses, rachase deste xeito e eu, que penetraba evidentemente nas súas cavilacións, faleille da miña inútil experiencia. Díxenlle que non conducía a ningures buscar noutro lugar a felicidade que se nos evadía dos dedos e que, ao cabo do tempo, sería un desterrado máis da súa identidade. Deille azos para intentar construír un futuro á carón da súa amada e deille, asemade, razóns para facelo. Eran as elementais razóns do sentir primario da subsistencia. Que loitase por aquilo que non cría pois, en caso de triunfo sempre estaría fachendoso e, en caso de derrota, polo menos, sempre se satisfaría de non auto-reprochar o desleixo... De non intentalo.

Fíxome caso e, cando volveu á súa casa, formulou as cousas desde outro punto de vista. Tomou á Azuzena polos ombreiros e invocoulle agarimosamente: “Cariño, todos eses buzarras que están a pairar por riba de nós son feitos marxinais. Se de verdade existe ese amor que tantas veces nos xuramos, illemos todo, desbotemos calquera situación que non sexa a nosa intimidade. Agora, cando estou a luír a túa pel cos meus dedos, sei que es a mesma e que me inspiras a maior confianza. A que deluvaba sinceridade nos teus labios canda min, na praia amiga. Azuzena, se aínda hai tempo, eu deséxote para o futuro sen que exista o pasado; e así artellarmos, soamente en nós, todo ese mundo de pequenas cousas entrañábeis, que serán as nosas compañeiras ao envellecer xuntos, magoándonos xuntos e superando á vida xuntos. Acéptasme de novo?”. Non houbo máis resposta que a afirmación descrita na mirada. Todo o demais foi superfluo.

Traballei arreo durante toda a noite e, por fin, na raiola forte do sol das once da mañá, superado das contras abertas de súpeto, puxen remate á miña novela, non sen antes matizar tres ou catro puntos dos primeiros capítulos que, coidaba, non se correspondían co desenvolvemento posterior da obra. Atopeime satisfeito e canso. Logo dun café ben cargado na Mariña, telefonei a Conde Raña. Un amigo que sería o meu novo editor e que esta-

ba á espera das noticias do traballo. Sorprendeuse da miña dilixencia e quedamos que, en sete días, lle mandaríame o texto, convenientemente corrixido. Non era por aquel entón, e menos nas circunstancias que se estaban dando, home dado as rectificacións ou mudanzas na escrita. Seguía a pensar que cada palabra, cada liña, eran fillas paridas co sufrimento da propia inspiración e que, independentemente do seu valor obxectivo, posuían a dignidade do meu irrenunciábel aprecio. Sufría cando non había máis remedio que eliminar algún parágrafo ou frase. De todos modos, estaba bastante compracido, á vista do resultado global, e iso era, para min, a primeira garantía, polo menos, dunha doada aceptación.

Quixen despexarme e vencer o mormo que se presentaba dacabalo da tranquilidade da cafetaría e gañei o paso de peóns na avenida até a beira do peirao, onde a brisa do mar e o intenso ulido a iodo, era, de seguro, o mellor lenitivo ao meu torpor. Recollidas as mans, en xesto de revista de tropas, percorrín o embarcadoiro da dársena e sentei nunha bita, distraéndome co rebulicio dos milleiros de muxes refocilados nos emporcados líquidos dos desaugadoiros urbanos.

Longa noite, de cheo en metido dentro da trama da novela, exercía unha pesada influencia na miña mente. Repasaba unha e outra vez o sentido de todos e cada un dos capítulos. A personalidade introvertida de Daniel, a contraposta, en tantos aspectos, de Azuzena e que, no entanto, se conciliaban nun equilibrio compensatorio que eu, cismaba, lograría definir axeitadamente. Como en cando estaban afastados polo regato na romaría e el, estático e arelando achegarse a ela, non ousaba mollar os pés na auga. Como reprimido no ridículo en que habería caer diante dos seus amigos. A responder a todo con monosílabos, alleo á conversa de xolda e fume que estaba impresa no manto de po levantado nos milleiros de pernas e gaitas ferintes. Ela non dubidou e enchoucando os brancos zapatos no regacho, respiroulle no pelo húmido de empanada e viño sanguíneo. Era unha iniciativa de bragas na

noite de verbena que descendeu suave no lúdico chinco das herbas en carne de sol na escuridade. E Daniel sentiu na súa lingua o salitre de aroma fremente na praia, crepúsculo inmenso do distante occidental transmitido na pel fragrante polo último baño do día. Azuzena era iso precisamente: sabor de impredición e entrega, de ocultar calquera outra medida. Ou furaba nel, ou era absolutamente impermeábel. Amor ou desprezo. Un ser máis elemental; binario principio da estética que non permitía outra tonalidade. Daniel sabíao e comprendeu de primeiras. Iso, seguramente, podería salvar o matrimonio. Cando menos esa era a afirmación descrita na mirada. E, tamén, así eu fixera votos de que permanecese inalterábel para sempre.

Preguntei de novo por Tonecho e, por fin, obtiven unha resposta esperanzadora. O día anterior déranlle o meu recado. Probabelmente poríase en contacto comigo e, por se chamaba na miña ausencia, avisei a Fernando e a Carme que o atendesen. Tamén falei con Itúrbide. Quedamos en vernos en Santiago dous días máis tarde. Adianteille o motivo do meu interese e díxome que coñecía un axente de fincas, amigo seu, que era de total confianza.

Xa quedara con María de que estaba disposto a ocupar a nosa antiga habitación na casa, pero que demoraríamos o cambio até que estivese lista a novela para enviarlla a Conde Raña. Os días que seguiron ía todas as tardes, a iso das sete, e agardaba a súa arribada, que non se demoraba máis aló de dez ou quince minutos. Entretíñame en osmar por todos os currunchos; aquí e acolá, asexando nas gabetas da cómoda, nas mesas de noite, no butacón do corredor... Estaba só e as lembranzas ateigábanme a mancha o cerebro naqueles minutos que decorrían a escape, con máis rapidez da desexada, pois tantas cousas falábanme do meu pasado, dos momentos infelices, que confiaba en que non volverían... Dentro daquela escenificación mental, que representaba a miña vida, experimentei unha especie de relanzo masoquista por me recrear no martirio sufrido, na seguridade de que non podería

golpearme máis por mor da fronteira temporal que me mantiña a salvo. Era un tanto como as batallas do veterano que enchen as lagoas da memoria con fantasía de posibilismo, intelixentemente dosificada. O álbum de fotografías era o meu preferido. A igrexa en branco e negro coa frescura de María, brindando desde a estampa inmóbil a súa tenra idade de ollos brillantes e formas modeladas... A miña nai de madriña, coa triste mirada enfocándose nun ángulo indefinido, os convidados, dos que de moitos xa esquecera o seu nome, e outros dos que me soaba o aquel recoñecíbel dos trazos faciais; Fernando, Albino, Luís... Recordaba un día nubrado. Con aquela chuvia ameazante que nos respectou até que estivemos no refuxio do *Salón México*, en desexos de felicidade e as sobexas ganas de saírmos cando antes, o que eu, decontino, lle estaba a propor á noiva... Sabela, Marité, Encarnita; todas recolleron a semente da branca flor da laranxeira e levárona como reliquia, durante anos, no peto. Que sería da parva de Marité? Aquela rapaza non sabía distinguir entre un home e un burro. Ía dun lado para outro revirando as súas supergraduadas lentes de lebre sabia, agochando unha torpeza non imputábel só á súa miopía. E o pillabán do Tonecho, andáballe botando os cans... Si, eran lembranzas que non tiñan máis prezo para min, que traer o cheiro daquel tempo no que fomos, máis que nada, xoguetes da propia inconsistencia societaria. O cine, o baile do domingo, os paseos rúa arriba e rúa abaixo, as mans deslizadas baixo a saia ás furtadelas; os iminentes perigos de todos os pecados... Eramos produto dunha película censurada e o carné de identidade á porta do local, o paso máis decisivo nas nosas curtas vidas de receo e inmaduridade. Non tiñamos máis sentido que o feliz estado do eremita, ignorante do que existe alén da doce Tebaida de serpes e terra árdega.

Esmeralda telefonou o venres. Eu estaba enfrascado no arranxo definitivo da novela e soou o aparello a iso das once da mañá. Pensei na editorial e, adiantándome aos acontecementos, quizais por un certo complexo de culpabilidade na demora da entrega, fixen un xesto de beizo leboreiro, significativo de que

raio de graza me facía o apurar, o máis, aínda para min, insufribel abafado do Xabieriño Conde. Pero non. Trabucárame na miña mala intención. Tratábase de Esmeralda, o que tampouco propiciaba un camiño de rosas naquela hora pouso e de día gris, que estaba a presaxiar nas agres palabras que me dirixiu na distancia. Entre outras cousas informoume que falara con Enrique. Que cuestionara a posibilidade de contar co meu concurso na revista senón aclaraba o futuro. Que se isto, que se o outro e, sobre todo, por fin, que xa estaba enfastiada de agardar unhas noticias miñas que se facían esperar demasiado. Eu dinlle mil arrodeos para rematar prometéndolle unha viaxe a Madrid na vindeira quincena. Prometinllo sen reserva ningunha, pois quería solucionar, canto antes, o que me resultaba agora un pesado lastre, que se manifestaba na conciencia de ser un desagradecido, por unha banda, e de desaproveitar unha ocasión irrepitíbel de normalizar a vida de matrimonio, descuberta, ao cabo dos anos. Aparecía en min a vocación de pequeno burgués acomodaticio, que era eu no fondo. Unha familia, unha mesa de traballo no fogar, un “status” ordinario na vida cidadá e unhas vacacións en xullo con taparrabos, can e coche utilitario. Esa era toda a grandeza dos nosos soños. Así pois, colguei o auricular e entregueime ao borrador con máis pulo, se cabe, xa que naquela fin de semana me propuxera como meta deixar listo o texto definitivo. Logo, é sabido, a editora corría co resto, e diso eu non desexaba saber ren. Era algo que non aturaba. A frialdade dos cerebrais compoñedores de imaxe, máis atentos ao peso do metal que ao interese literario das obras, producíame noxo e unha conxénita repulsa da que esco-rentaba como do lume do inferno.

O domingo, a media tarde, xa cumprira. Gardei a portátil e abrín a fiestra liberando o silencio da habitación no esplendor da cidade en sol radiante. Sentei cara ás antenas da televisión e refreguei as cuncas oculares, rabuñando o cansazo que comezaba a pousarse nelas. A mente en branco e o rechouchío dos paxaros no prisioneiro xardín de cemento constituíron un espontáneo leito de descanso a tantas horas de labor.

Daniel..., Daniel. Acceceu a min novamente. Eu quería despedilo e darlle unha aperta definitiva. Mais el, teimoso, non cedía. E Azuzena? Non houbo resposta. Ela era unha antítese, simplemente, de todo o que Daniel representaba no decurso da narración. Como un cóncavo molde da súa propia materia. Mais, a medida que avanzaba a trama, convertérase nun reflexo con vida, un ente que refugaba, devagariño, a normalidade que, desbotando unha a unha todas as ligazóns que estaba a xunguir á realidade, criaba unha existencia totalmente ficticia, unha submisión absorbente. Logo, a imaxe do seu mundo era réplica esperpéntica das cousas tanxíbeis, só interpretada pola súa vontade automatizada. A distancia entre estas dúas apreciacións íase agrandando e, emporiso, a solución final deixaba aberta esa incerteza que cada quen debería interpretar segundo o seu punto de vista. Eu, a dicir verdade, non estaba moi tranquilo. E non era para menos. Avirse, tan doadamente, de boas a primeiras, salvando as diferenzas tan amplas... Era como irmos en bicicleta á India sen o máis mínimo atranco. Nin unha roda... Non, certamente. O futuro debería deparrlle un novo enfrontamento, pois era, neste senso e na propia natureza da diverxencia, onde residía o cerne mesmo da súa relación.

Non quixen afondar máis. Apelei á testemuña do tempo e, como outra historia que acababa de rematar, quizais no futuro tería en boca de Daniel os feitos que aínda estaban a pasar. No entanto, os muxes arremuiñábanse en presenza do principal vertedoiro, á espreita, insaciábeis, habitantes dun país de séculos arpepiados na anodinia dos pensamentos torrados nese sol dunha bita de mediodía e do cemento da civilización espantada.

Reparei en Miguel. Descoñecido. Desexaba considerar a obra inconclusa e sentirme pai.

Certo que xa falara con María do Carme... Pero o noso caso era algo distinto. Forzado pola súa man; un achegamento que dicía algo de reproches non pronunciados, de reservas que non comprendía. O de Miguel, si, era diferente. Gravitaba en min

como un halo de luces inestábeis de existencia efémera; reproducido vigorosamente en cada segundo, para ser máis evidente... Miguel interpolábase na imaxinación como un prototipo. O que eu idealizara en reverso da moeda con dúas caras idénticas: a miña decrépita, de solitario soldado dunha guerra esquecida, e a do fillo afastado que, estaba seguro, melloraba o anverso en guerreiro de esplendorosos reflexos no novo planeta, da nova estrela; sutil e esvaecido significado da miña posición paterna... E vencer a incerteza...

Unha vez máis, tomei a carpeta e, outra vez máis, depositeina de novo na mesa. Estaba canso e, remexer nela, sería como abrir unha ferida antes de cicatrizar. A novela estaba alí e non me arrependía de nada do que escribira.

Non podería precisar o porqué do comezo do relato, pero, intuía, agora que a daba por rematada, de que Daniel e Azuzena estiveran, había moito tempo, no meu cuarto; comigo, cando pensaba apoiado ao pé do papel ou fumaba na fiestra de Madrid, consumindo as horas de urxencia na inspiración dun traballo ou na odiosa corrección dun artigo parido en escasos minutos... Quen era Miguel, a todo isto? Estaría alí, a medio da cama e a dúbida, constituído en drama ou referencia trágica?



Acompañábase Miguel por outros dous mozos. No mostrador dun pub da zona do Orzán. Non me lembro ben do seu indicativo..., algo así como *Zambia* ou *Zaire*, ou...; que sei eu! Un nome de África. Naquelas horas do serán, non había máis que a luz interior, confundida no externo en enxoiada unión de tonalidades vivas, diamantinas; fecundas na radical música de limpeza, aínda presente nas portas acabadas de abrir, e unha rapaza de poucos anos servía tras a barra de minisaía, “top” cinguido e disimulada maquillaxe no moreno da súa epiderme tersa. María do Carme levárame a tiro fixo. Sabía perfectamente onde atopar ao seu irmán e, adiantándose nada máis traspasar o limiar da entrada, deixoume como a cinco metros de distancia na agarda do recado que, levado no brazo da rapaza, afastou un anaco a Miguel da súa compañía e, en voz baixa, bisbaron uns minutos. Eu, que percibín unha crecente tensión no inaudíbel diálogo, aproximeime devagar, esvarando a palma da man no perfil metálico do peitoril, auscultando, máis que mirar, a imaxe do meu fillo. As faccións eran inconfundíbeis. Todo no seu recortado rostro, en fondo de crema suave do local, me resultaba familiar. Como se estivese a ver a tea dun cadro que me presidise todas as horas nun muro incólume de mansión en vaporosos voos oníricos. Era alí, en cabelos de graxa, de brillantina no peiteado por ondas descendentes na longa pelame que tapaba o colo de vaqueiro esgazado e unha camisa aberta á metade dun tórax prominente. Os ollos avivados pola polémica delataban fino poder de agudeza, e a pel, lisa e perfecta da faciana, evocaba a xuventude de pulos incansábeis e unha certa distinción no seu porte.

Detívenme e entón el, con xestos dominantes, encaroume e, con voz seca, dirixíndose á irmá, díxolle:

—Ah! Isto é o que me traes, non? Iso que se pon enriba de mamá e confunde o mundo co seu poder. Vaia merda!

Contívenme. Sabía que era a miña única arma. Resistir.

Olloume como analizando en todo detalle a miña presenza. Un xuntoiro de modos chufados, chularía, despectivo... Un xeito de provocación, de ofensa total, sen motivo aparente, como obxectivo en si mesmo. A congratulación de vexar un ser minorizado en comportamento temeroso, a impiedade de ser todo, presuntamente, perdido na carencia de vontade por conseguir calquera outra máis doada circunstancia. O rebique dos beizos, revelador de ambigüidade, a mirada expectante da reacción allea, a fronte lisa e as cellas profundas... Todo gravitaba arredor meu e o alento indefinido que recibía en acedos bafos de palabras incoherentes, devolvéronme á realidade cando escoitei a voz de María do Carme, que, alporizada, reprende a Miguel:

—Ten un pouco de educación, polo menos!

—Educación? Educación, tía...? Onde a aprendín? —e, recachoume sardónico para, displicente, ignorala—. Que cachonda es, irmá —dirixíndoseme, mudou de súpeto—. E ti, de que te vas...? Canto tempo, amigo; canto tempo! —e deume a man. Era unha burla evidentemente e non caín na trampa.

—Chócaa amigo, chócaa! Eu son como un amigo, non?

Por fin, decidínome a falar. Non sabía con que palabras, pois xa Miguel gañara o seu terreo, impóndose con meliflúo parlamento. Dentro de min, acerriquitado, feríame nas entrañas, nervioso. Incluso tiña medo.

Era o descoñecido e o tempo facía de castelo de tebras e brétemas algodoeirias nos meus estereotipos dos temores impresos na indecisión. Adiantouseme de novo e fiquei calado, coa boca

semiaberta a piques de pronunciar as frases que preparara para á ocasión, produto daquela tarde de paseo polo peirao.

—Si, son un amigo, ou é que non queres a miña amizade? Porque outra cousa non son, eh?

—Os amigos son respectuosos.

—Son outra cousa? Dimo!

—Para que queres que cho diga? Para ter un bo guión da comedia?

—Para mandarte ao carallo, mamón de coño! —revolveu cara a si e, distendido o semblante, preguntoume:

—A ver, que queres?

—Verte simplemente. Só iso...

—Ah, claro! Como os vellos que van ao parque para ver o carballo que plantaron de nenos... Si, claro, a ver como a Natureza tratou o froito do seu corazón! Que entrañábel! Pois, xa o ves... Son eu todo o que conseguiches. Gústache? Si? Non? Eu paso de ti, rapaz...

Con ademáns inesperados. Unha caste de desplante, de dar-me de costas na parodia, levada ao límite do ridículo dunha dama de refinados andares. Miguel era o émulo da súa propia representación no coro dos dous acompañantes que riron a estrambótica despedida. Aínda revirou a cabeza e dixo:

—Con permiso papi; chegarei tarde. Teño unhas ocupacións...

E, tomando de ganchete os riseiros do coro custodio, foise ao fondo do establecemento, sentando nun cadeirón.

María do Carme saloucaba. Abrazóuseme e non dicía ren, mentres estaba a sentir no meu peito o seu conxestionado respiro.

Acariñeina no cabelo e mantiven a enteireza, tratando de transmitirlle unha indiferenza que non compartía:

—Tranquila nena, tranquila. Este é o peor momento; e xa esperaba algo así. Estou preparado.

Decidido, funme a Miguel. Con xestos rexos, en voz forte, timbre serio e con pretensións de intimidalo:

—Non tes valor para aceptarme! Non es máis que un covarde que non podes afrontar a vida, e toda a túa valentía estriba en lograr os choros dunha rapaza que non che fai liturxia das túas fazañas de matón badoco.

Levantou como un lóstrego e asiume polas lapelas. Os ollos enchéronse de ira e as sens parecían írenlle estalar, avermelladas. Entón souben que xa estaba a dominalo e que non había para el máis que dous camiños: entregarse ou rachar definitivamente. Dubidaba que o primeiro fose a producirse de inmediato e o segundo residía, en calquera caso, na miña man pois estaba decidido a esgotar até a última posibilidade na teimosía de rectificar os erros do pasado. Coidaba que nesta situación non había moito que perder e cada paso adiante significaba estar máis próximo da meta proposta.

Miguel parecía ir descargar a cólera en min, pero pasaron uns segundos que foron vitais. Aí rematou, de certo, a súa resistencia. Foi o “flash” decisivo e, non sei por que, contivo o ímpeto, respirou fondamente varias veces e empurroume, saíndo do local sen pronunciar palabra. Desapareceu ao outro lado da porta, no reducido espazo exterior que era visíbel, encetando unha carreira da que soamente chegou a nós o perfume da incompreensión, delurada en estertores de salitre e a indiferenza de tantos anos e de tanta impotencia. Porque naqueles ollos de lume, enrubescidos en odio, había algo de conmiseración, de tenrura perdida, de dureza do mundo auténtico, de ansias de dozura nas noites anónimas e nos domingos de barquillo e patacas fritidas. Era o despeito por exclusión, era, en fin, confesarse de todos os anos e

de todos os sentimentos que non se puidesen alixeirar e que, no presente, resistían a entregárense en guerra santa que non sería máis, loxicamente, que unha nova forma de dor prendida da súa alma atormentada. Entendín a esencia dos feitos e a relativización conxuntural, inserida na miña problemática. Eu era así, o epicentro, un cernizo comprendido en circunferencia dun totalizador difuminado nas marxes da miña cota de liberdade.

A doenza merecía un tratamento máis urxente, posto que Miguel só posuía a fuxidía vida de resposta á miña propia definición, e a súa bondade ou maldade estaban en min como gallo de xardín; aquel que procede da máis distante árbore e que, no entanto, agroma en solitario, co escintileo ficticio dunha roupaxe de cores e aromas prestados.

Tomei polo brazo a María do Carme e avanzamos. Era un momento incerto. Non sabía ben o que ía facer cando me achase na rúa: se acompañar a miña filla..., onde?, se irmos a un lugar retirado a descansar, se arredala da rebuldaina do centro da urbe... Desexaría pasear só polas beirarrúas do lugar escorrido no lusco e fusco, desandando o tempo sen retorno e pondo as ideas en orde; pero cumpría non ser egoísta e pensar na rapaza.

Ela camiñaba a rentes de min, na estampa de quen está no límite do encaixe, coas pálpebras alienadas e a mirada abaténdose nos reflexos da soidade, a tirar dela como adival enganchado no fungadoiro. Todo o formigón e o aluminio da hostil xeografía da cidade, era sol decadente nas clarezas da súa adolescencia. E non había sentido máis agoniado nun ser humano que a podredume de toda unha vida concentrada en tal escaso espazo de tempo. En apenas vinte anos de intensa depresión escribiríanse os seus versos malditos na murcha louzanía da súa face, de melancólico rebordado na luz de natural perfecto que non estaba xa acesa, senón na penumbra de terrores non explicados.

A progresión de termos punxentes a cada vez da súa fuxida, acompañábanme, agora, na cumieira daquel día de homes estra-

ños; pantasma de multitude sen nome na necrópole acostumada á fertilidade da tristura. Así eramos nós, como sombras canseiras e desilusionadas dun corpo celeste indiferente na elíptica cruel da nosa existencia e, atrevéndonos a darmos os pasiños no pavimento, camiñamos en dirección ao mar, que estaba presentido no Orzán de Plus Ultra e un solista de tolo polo aguillón, pedra, burbulla, espigón...

Nós fomos, así que logo, penitentes dos pecados sen peccador.

María do Carme calaba coma un peto. Era ese pranto de voces apagadas, carente de manifestacións externas. Eu apreciaba o seu estado e non falei. Cruzamos o semáforo e, cobexados pola varanda canda o océano, percorremos a paso apurado o semicírculo que bordea as praias, paulatinamente ensumidas no crepúsculo vencido en brétemas e nubeiras de auga comestas na presentida escuridade.

Entre a area do Orzán e a de Riazaor existe unha especie de dique axardinado que entra no mar, dividindo a unidade do xabroal en dúas praias distintas. Construción pétreo, de voluminosos sillares e uns vinte metros de longura. Dado que os dous farois de que dispón carecían de luz, resultaba difícil ver, no fondo en arco que se levantaba sobre da brava ondada, perpetuamente a rachar no esporón da súa parte inferior.

Atravesamos entre dúas xardineiras, pola franxa que o xunta a terra, pero eu, intentando albiscar na xa intensa sombra, entrevíñ máis que dexergar, unha forma indefinida, un vulto que destacaba na espesura. Era como de persoa apoiada no peitoril, embutíndose no fragor dos vagallóns e efluvios salferidos polo traballo das augas nos cons e nos baixíos traidores. Alertei á miña filla e esta unicamente atendeu a insinuación seguíndome a poucos pasos a través de siluetas de amor recolleito, parellas ignorantes da nosa presenza na tenue intimidade das bancadas de granito, a se refuxiaren nesa noite salina que era a vencedora do día

esmorecido alí lonxe; alí moi lonxe no pano tinxido na flor da roseira do límite recto do Atlántico.

Achegueime lentamente. Miguel estaba alí. Apandado nun balaústre. Estarricándose no peso de todo o seu corpo, cos brazos espallados na meseta de cemento, a cabeza derreada neles e nos irregulares laios que, de cando en vez, chegaban a min, cadrelados na poderosa ronqueira das ondas.

Os meus pasos non foron silenciosos e perturbaron a calma iodada da brisa refrixerante do seu rostro cravado nos pensamentos e no cabo do abalo que estaba a contemplar. Eu dubidei un intre, fá pousarlle a man no ombreiro, cando revirou de súpeto e entón tiven perante de min a completa figura do que sempre fora fillo e que, por vez primeira, se manifestaba coma un ser real, ceibo de engadidos circunstanciais e de anecdóticos condicionamentos. Un ser de natureza primixenia, natural en puridade e a quen non fixeron falla as palabras para entendermos. Inspiración que flotaba no espazo de que todo estaba prescrito e de que había algo máis forte e máis profundo que os sentimentos estereotipados da historia..., na distancia, na ausencia e no afastamento.

Pestanexou, acercouse e, abrindo os brazos, apertoume con todo o vigor de que era capaz a súa moza complexión, mentres as bágoas e os saloucos prendían no amplo ámbito da enseada impávida, estraña... pero que me parecía esbozada nun sorriso de complicidade, nunha prateada vaga que se escindía en dous antes de rebeirar no berce de area.

Enguedellados en común, nós os tres, abandonamos aquel lugar de esperanza.





Agardaba inutilmente que Tonecho contactase comigo. Volvín pola cafetaría e preguntei unha vez máis. Non aparecera por alí, nin sabían nada del; así que, dado que tiña ocupación dabondo naquelas datas, decidín non preocuparme polo momento.

Miguel ía comigo. Era unha mañá de temperatura agradábel e pedílle que me fixese compañía na viaxe a Santiago, onde quedara ás doce en punto do mediodía con Jon Itúrbide que, pola súa banda, acudiría desde Vigo á cita para facer as xestións de información oportuna sobre as terras de Baltar. O axente de fincas resultou un vello coñecido meu: Antón Reigosa, co que coincidira en Madrid nos tempos da carreira e que se alegrou moito de verme. Falamos e falamos daqueles anos e, logo de lembrar mil e unha anécdotas intrascendentes, expliqueille o motivo da miña visita. Fun breve e conciso, como tamén o foi el na resposta. Evidentemente estaba máis interesado en atender ao amigo que ao cliente e notábaselle ansiedade en rematar co prosaico tratamento do asunto profesional, para entregarse aos doce recordos dos anos pasados que sempre gustan, porque non comprometen nin teñen máis transcendencia que a faladeira avaliación da idade acadada.

Xantamos os catro nun pequeno restaurante caseiro de pescada á cazola e rosca de forno, e logo tomamos café nunha terraza aberta á fermosa paisaxe semiurbana da Ferradura. As folgas do cincuenta e nove, as sentadas, as conferencias..., as rapazas atrevidas, os guateques insinuantes, as *boats*... Era o mundo que

xa non existía e que prostituíramos como escravas cos ollos vendados do mercado dunha cidade descoñecida. Todo se circunscribía, agora, a unha evocación sen retorno e que, a medida que avanzaba na pibela de datas e significados, ía baldeirándose progresivamente nesa capacidade sentimental. Por fin non tivemos máis recordos e atopámonos diante dun muro de silencio mesto que soamente as insistentes apelacións a unha actualidade que nos anoxaba, puido salvar o decurso da conversación que desembocou precipitadamente, a iso das cinco, cando o Reigosa, pretextando unha présa repentina polos seus asuntos privados, levantou, despediuse e, quedando en chamarme nuns días, tras os trámites que debería realizar coa documentación que eu lle achegara.

Miguel e Jon facían boas migas e congratulábame diso, pois desexaba integrar o meu fillo nun contorno próximo a min, como vehículo dun maior achegamento recíproco. Parolaban animadamente e, confeso, que nalgúns intres, afinei o oído para tratar de comprender algo, o que non conseguín polo boureo da rúa e a atención que estaba obrigado a prestarlle ao Antón.

Fomos polos soportais de foto e choiva trivializada cara ao Obradoiro e, mentres eles mantiñan o nivel de galra, eu entretínvenme en descargar o espírito nas pedras vedrañas de Compostela e un círculo de sensos profundos e vitais fíxose presente na miña particular lembranza. Era todo un Universo de significados que encontraban, dentro de min, raizames nas vivencias que a vida de consumo e deforestación intelectual pretendía terme extirpado. Alí, ao airío de delourar pasado dos impenetrábeis muros e nos labrados recunchos de misterios arrincados do corazón das can-teiras; vinme, outra volta, vulnerábel, cedéndolle paso a un outro mundo, ao que pertencía, e que nos estaba a reclamar a atención. Sentínme transportado ao país dos soños perdidos e comprobei, relampado na miña propia aprehensión, que era o punto de partida que residía nese castelo de azuis e néboas silentes dos primeiros días da vida. A memoria era traidora e, todo en min, regresou cabo dos meus acompañantes que xa estaban na Praza da

Catedral, afastándose daquela presenza de sólidos minutos que, no entanto, me deixaron un gusto especial, unha sensación imposible de explicar con sons; coma o sosego interior que baixa por todo o corpo e chucha até as entrañas dunha mañá de boas noticias.

Jon reparou en min, interrompendo a conversa con Miguel.

—Teño que falar contigo.

—Ben, aínda temos tempo, non si? —mirei o meu fillo.

—É por asuntos profesionais.

—Perfectamente. Ti dirás.

—Non. Prefiro facelo tranquilo...

Miguel, entón suxeriu:

—Darei unha volta, a ver se atopo con algún amiguete dos xoves... Tendes aí unha cafetaría e podedes sentar. Tardarei media hora, pouco máis ou menos.

—Está ben, pero non tardes. Non me gusta conducir con pouca luz.

Sentamos nunha solitaria vidreira de minguada limpeza e árbores de praza estudantil, no marco dun hipotético cadro que asomaba no silencio filtrado do tintín apresurado nas culleriñas de café preparadas para a sobremesa sen lume de primavera e dispúxenme a escoitar a Itúrbide, que non gastou tempo.

—Estou desexando volver a Madrid. En Vigo teño problemas persoais. Coñecín unha muller e complicóuseme a vida. En fin, non quero estenderme en detalles pero é moi importante, para min, abandonar a cidade. Entón, pensei, que ti, coido, tes interese en ficar na Galicia... Poderíamos trocar os postos de traballo e proporllo a Enrique...

—A ver, a ver si é que estou a entender ben —díxenlle coas Palmas das mans voltas a el e con xesto de que non seguira con aquel metálico acento vasco de fluídas palabras e sonoras entoacións na relación das súas coitas e, por conseguinte, dos motivos que tiña para saír chamando aos pés compadres—. Queres trocar a túa responsabilidade na delegación en Galicia por un posto na Redacción?

—Si, iso precisamente... —e seguiu a darme xustificacións que eu non lle pedira e ás que non prestei moita consideración.

Accepteille a idea deseguido e quedamos en que aquela mesma noite telefonase a Enrique, facéndoo coñecedor da cuestión e que eu me desprazase a Madrid axiña para resolver os meus “asuntos particulares” e así aproveitase para tratar directamente coa Dirección a proposta de Jon.

Iso de antepor, na orde de prioridades, as miñas cousas privadas, era un disimulo e inútil reflexo de recto que logo xulguei algo estúpido e sen sentido, pois Itúrbide, como a meirande parte do persoal da revista, estaban de volta de toda a miña vida. Era discreto pero evidente. Ler a través dos rostros era unha das calidades máis apreciadas dun xornalista e os meus compañeiros éranos dos pés á testa e dunha soa peza.

Despedímonos alí mesmo. No entanto que Miguel, estritamente cumprindo coa súa promesa temporal, regresaba. Logo de que Jon se perdera nas androllas de Compostela, polo acceso ao aparcadoiro; ambos unidos, por primeira vez na intranscendencia, volvemos ao coche. Polo camiño, novamente, a mágoa, a depresión, o abatemento..., xostras que mallaban en min, en momentos tan importantes como aquel que estaba a vivir. Un paseo sen historia, entre a vella carriza das pedras mudas e un perderse no reloxo sen présa que marca as horas dos medos, salientando soamente esa intranscendencia de pasos dados sen relevo posterior e, efectivamente, tan graves que non teñen outro valor que a propia ausencia desa mesma escala de valores. Miguel era, tamén, unha

referencia satisfactoria da miña mediocridade. A referencia! Sempre a referencia! E sentínome verdadeiramente humano, con todas as limitacións da especie e cos aspectos que, ridiculamente, coidaba como solemnes outrora e que non tiñan, realmente, outra pegada de futuro que as lapas abouradas do lume esquecido en calquera noite, de calquera día e diluídas instantaneamente no osíxeno fusco do habitáculo. Esas grandezas de soños estúpidos non representaban ren agora. O triunfo, a realización persoal, o elevarse por riba dos demais e ser destacado nas páxinas de actualidade; toda esa relixión do inmediato era, arestora, como un golpe espelicado nun pau de caxata e escarnio. Miguel agardábase. A pouco, moderei o paso e faleille con sentido de sinceridade no acento das miñas verbas:

—Estou como un neno con zapatos novos. Hoxe é un día de ledicia para min. Jon acaba de darme un motivo de alegría.

—Menos mal. As boas noticias son as menos. Trátase de diñeiro?

—Non... Hai posibilidades de que poida ficar na Galicia. Jon quere ir a Madrid e deixar a correspondencia. Propón un troco. Se Enrique está conforme, por suposto...

Miguel non respondeu. O seu rostro tampouco revelou reacción ningunha. Estaba a asumir as miñas palabras e pensei que necesitaba tempo de reflexión. Respectaba o seu silencio. Non era cousa de vender a pelica antes de atopar o oso. Mostras de hostilidade non me dera desde a noite anterior, cando a nosa inicial aperta na “Coiraza” e logo da conversación a tres bandas que mantiveramos nos ventilados bancos de Riazor. María do Carme fora unha perfecta mantedora do equilibrio entre dous mundos tan afastados e tan próximos; e eu non achei outra inqueda que a natural derivada dunha longa separación. Comezabamos, entón, a nos coñecer. Era un fillo que intuía, coma os astronautas poden intuír a existencia de extraterrestres nun corpo celeste fóra de coordenadas. Non necesariamente debemos matinar na negación

da realidade e, en calquera caso, nós somos parte dunha relación binaria na que podemos influír decisivamente.

Miguel fora explícito. Dominando a situación, non fixo apelacións sentimentais. Iso gustoume e evitou que se evidenciara a cadencia do meu ser vencido polo emotivo. En ocasións era cáustico; noutras, incluso, resultábame agresivo, desabrido nos razoamentos e radical nos xuízos; difícil en todo caso. Notábase frustrado no ordinario da xente, nesa cotidianidade da civilización final que nos xustifica, no cómputo dos pequenos eitos que constrúen un perfecto produto de consumo e trataba de sustentar un manto de enteireza, de ánimo..., de volta de todo que deixaba ao descuberto as múltiples fendas polas que mana unha enorme falta de afecto; translúcíndose na candidez que era intervalo sincero a medio da carauta de desvergoña de arma defensiva. Ser estremecido na inmensidade refractaria dunha norma de conduta adquirida na experiencia dura, Miguel, esmigallou o esqueleto da súa vida e confesoume os seus máis íntimos sentimentos. Non recatou por se revelar que desde a súa nenez fora desgraciado, na obsesión por unha pregunta a que ninguén daba resposta. Un porque que non correspondía co que estaba arredor de si; comparación ás vidas doutras familias, a inalterábel comparación convertida en fin en si mesma, na que a cultura era paradigma de escape, eterna evasión da única proposta posíbel de subsistencia.

Miguel era, no fondo, unha contradición. Emerxente contradición que eu recoñecía deseguido nos eidos da hipocrisía global que estaba a atinxirnos a todos dun ou doutro xeito. Falárame da fraqueza de espírito, da débil resistencia que podía opor á fortaleza dun mundo engulidor, desa oferta ilimitada de pracer que imperaba de portas a dentro e de portas a fóra; imitación dunha nai destrutiva e dunha terapia de medos e sotelos, pavores das ondas avesías, cando eran bágoas de cativo só no recanto de sólido silencio a súa única propiedade. O porqué dun pai que non debería ser nomeado, rañaba no insomnio da madrugada do seis de xaneiro, agardando unha voz que pronunciase a clave dese

porqué en agasallo do Melchor máis prezado dos seus reducidos anos.

Miguel tiña sonda na escola de rapaz alegre, con boa educación, aplicado..., e a realidade era que recollía a pelota no patio, sacaba un córner e no aire debuxaba outra incógnita, a mesma incógnita dos meses que rematan no misterio do principio cinguido ao uso da razón breve. Miguel ía soño para a súa casa. Atravesaba a cidade e, andando, os pensamentos bulíanlle nas cuadrículas de baldosas húmidas e a idea cismeira, desenvolvida a prol do seu núcleo de vida. E un día, as ovas podrecidas do Orzán eran heraldos de distantes mares, augures de bafos saudábeis da mente ceiba e Sandokan en libertaria bandeira de épicas mensaxes, prendíase na area de novembro, envolvendo en soidade os muxidos longos do vendaval e o piafar de milleiros de cabalgaduras que formaban o seu íntimo exército de valores positivos; lealdade, amizade, unión baixo idénticas glorias de proscrito. E modelaban un carácter concéntrico e introvertido do que aquel desenfado que amosaba entremetres non era máis que o alquime dun tráxico cerimonial de aparencias. Palinodia de fustrigo continuo; todo converxía nas idénticas circunstancias dun paseo ao Nada, dese permanente arrepentimento do cal era obxecto e obxectivo ao reprimir do ego atormentado. Miguel mal medraba en seráns de ourelo, en bocexo dun autófago libro ao asexo de abrirse a porta da casa... E logo, máis soidade na compañía incommunicante, na incoherencia das propias miserias e na vaguidade conceptual que estaba a ser o caldo perenne da súa personalidade. Así chegara até aquel pranto de noite mareira, nos salseiros e no negror do espigón sen luz, cenzo da cidade, abstracto, indiferente.

Comprendía ao meu fillo. Naquel intre encheume unha flama de paixón, sen outras verbas, cos escasos sons que rubían até o clochel da Berenguela para non seren escoitados. María do Carme era consciente da situación e, sacando forzas de non sei onde, alentáranos. Todo sería distinto. Un punto cero e o comezo das “cousas novas”.

Hoxe estabamos xa camiño de regreso; esburacando as parentas terras das chairas de Ordes. A radio ensume a presión, inducida na fechada cela de dous seres que teñen moito que se dicir, pero que temen máis á propia dinámica das palabras, co risco de non atopar os termos adecuados para se entender.

Unha música incomprendible era todo o que distraía a viaxe entre Miguel e mais eu e o verde campal que trebellaba nos resí-os e nas remexidas trincheiras da autoestrada, era un mínimo intento por limitar as nosas insuficiencias, presentándose como recurso da natureza amábel, da comunicación posíbel...

—Merda de música! —rebulín no cadro de mando, buscando unha casete.

—Non poñas música e apaga a radio —ordenoume Miguel. A súa voz era consistente, vigorosa.

—Non...? —inquirílle, construíndo toda a pregunta coa entoación dese só adverbio.

—A música é un vacuo arremedo de moitas virtudes e de moitos pecados. Realmente, un ruído promovido por unha manda de tendeiros analfabetos.

—Non é esa a linguaxe que estaba acostumado a escoitar en ti.

—A linguaxe é, mesmamente, outro arremedo circunstancial. Ti debes sabelo ben. A túa profesión gusta moito das maqui-laxes verbais...

Sorprendíame. Nin sequera na confusión da noite anterior chegara a un punto tal de escepticismo. En poucos e precisos vocábulos entendín unha esguizadora análise da súa posición fronte á vida. Negativo, de sarcasmo; pensaba eu que estaba a tratarse dun previo exercicio de lucidez diante do posicionamento definitivo.

Baixou o vidro da ventá á metade, abaneándose o pelo nos refollos do aire introducido na aceleración dunha recta.



—Estás decidido? —preguntoume sen enfiar os meus ollos, coa vista no horizonte, tras o piñeiral repoboado.

—Si, totalmente decidido.

—Por que causa?

—Quero refacer a miña vida. Quero recuperar este tempo de ausencia e arranxar, no que poida, todo o que quedara crebado hai vinte anos.

—Volves con ela?

Era máis un reproche que unha pregunta. A palabra “ela” sooume estraña, difícil de entender nos seus labios. Non era o ton que agardaba, nin o que eu quixera na súa boca. Temín por unha dificultade máis. Non era en si a esencia deste atranco o que me amedoñaba, senón a súa imprevisión, o descoñecemento dun pasado sen lugar para min, e o que agachaba a relación nai-fillo na que a miña vontade carecía de valor. Por que me amosaba aquela hostilidade cara a María? En que basearme para construír a miña argumentación? Todo era un océano de incógnitas e, o único sinal, aquela interrogación inqueda: Volver con ela? Preguntábame polos profundos traumas que puideran estar tras esas tres palabras e pola consideración persoal que lle merecían a Miguel. María era, ben para amar ou ben para odiar. Unha fonte de radicalismos sentimentais que non permitían termo medio. Eu sabía ben diso e, en certo modo, procuraba entender o significado da ducia de letras encanadas no noso pazo de metal e velocidade.

—Quero reconstruír o que se estragou e quero construílo agora. Hai présa, estamos a rever e réstanos, resta moito... Non desexabas unha familia?

—Todo ten un tempo... Ese está esmorecido xa en min. Eu quero un pai... E sabes por que? Simplemente, por unha cuestión de experiencia. Non entendo iso de cariño, de amor filial... Non

entendo do que todos falan e que, de certo, tan pouco intervén na vida cotiá. Esa experiencia é verdadeiro motor das nosas vidas... Se representa algo de sentimentalismo, admitoo, e nada máis.

—Miguel... Teño esperanza de colmar en ti parte dese mundo que non fun capaz de acadar. Permíteme intentalo.

—Con ela non debes...

—Que pode importarche?

—Por ti, nada; por ela, moito. Satisfacer a súa ambición e darlle azos dabondo no seu lado malo.

—Ten, logo, un lado bo?

Miguel non respondeu. O día declinaba xa cando entramos nas curvas de Herves. Quixen pensar que o seu silencio era un respecto á miña condición de condutor e non insistín. Pouco clarexara con aquel cruce de frases, pero algo quedaba perfectamente definido: Miguel e María eran dificilmente conciliábeis, e iso sería un factor negativo a ter en conta no futuro.

Volvín a mente á noite anterior, intentando remoer nas lembranzas da nosa decisiva conversa e tratei de recordar algunhas das súas palabras que puidesen darme luz naquelas nubeiradas en que quedara afondado. Houbo un momento no que renegou de todo e de todos. Maldicindo ao que entendía como a súa sorte negra, delirio de pesadelo, espurio e incorpóreo, fillo dun alucinado soño de Van Gogh e cores de neon na “chupa” dunha madrugada trepida de macroconcerto evasivo; el sentíase labarada en perpetua frustración que se ía consumindo na escuridade e no anonimato. Miguel era, ás sinxelas, unha labra de cinsa exposta ao circio nordés no derradeiro cabo do mundo. Mámoa en manto de ocre ouricela, no sangue vertixinoso de sacrificio estéril; alcohol, droga e sexo nas beirarrúas albaradas por deuses atobados en ricos chalés, en despachos de eterna xuventude que non albisca nin os trinta anos. Si, Miguel era pluma inocente ao vento dun

mundo que, de socate, aparecera na súa adolescencia. E como tal comportábase. Todo era, por último, ardor zunado na chaveta, estratexia de tensión coma mitoloxía dos seus anxos particulares, inaccesíbeis e no reino da fábula que constituía todo capítulo daquel drama representado no gran teatro en que convertera a biografía propia e a cidade. En resumo, necesitaba protagonismo, tradutor en termos de ambición, tamén el; deses desexos de abarcar a totalidade das cousas, de ser verdadeiro integrante de parte do mal e comprobar o sabor prohibido da dor provocada. El, vítima da historia, necesitaba imperiosamente, o rol de verdugo, como catarse dunha agonía marcada pola indiferenza.

Así entendín, en parte, o sentido daquelas tres palabras. A reivindicación que ten toda persoa de usar o negativo no seu propio beneficio. Unha satisfacción dificilmente aceptábel, pero evidente.

Entramos na cidade. Pronto chegaría o crepúsculo e os vidros dos edificios semellaban ollos de lobo, iluminados polo baixo sol da tarde final en lume de brillantes reflexos e espellos de nubes que pasan, aventadas polo ávrego en desorde e as ideas imperfectas dos humanos en motor de explosión.

Agardei inutilmente por Tonecho. Quixen esgotar as posibilidades e recibín as dez da noite na cafetaría. Laiábame, cando saín á rúa, de volverme atrás da primeira idea. Dúas horas á espreita, tres cafés con leite e sete ou oito artigos estúpidos dun estúpido xornal, na estúpida espera; era o balance da penúltima xeira dun día longo, moi longo para a fatiga que me invadía e na pregunta que me fixen na vella foto do meu amigo imaxinada entre misterio e confusión: “E que lle hei dicir cando, por fin, estea con el? Porque verdadeiramente, non hai en absoluto, nada que nos relacione... Que raios lle direi?”



Regresara de Madrid Emilio a última hora. En menos dunha soa xornada deixou liquidado todo na capital e volvía decidido a emprender unha nova etapa, distinta, saneada..., polo que aquel mesmo día, sen darse lugar para o descanso, preparou na habitación que aínda ocupaba na casa de Fernando a súa austera equipaxe, desordenada entre dous armarios, o velador e as maletas de viaxe que adurmiñaban baixo a cama. O resto das cousas viñeran con el no coche, desde a casa de Esmeralda; aparcadas na rúa, a poucos metros do edificio.

Atacábao agora, unha ruín présa por arranxar o que estimaba como paso previo á normalización do seu definitivo asentamento. Impaciente ollou o reloxo, que xa marcaba as nove e media, e dispúxose a tomar unha ración de paciencia na agarda do seu irmán. Intuíu que non lle parecería ben a súa determinación, xa que logo o Fernando non amosaba un cariño sobexo, evidentemente, por María, a que, por outra banda, xamais fora santo da súa devoción. Era así que estaba a matinar nisto e entendía o feito como se utilizase aquela hostilidade premeditada en arma defensiva e unha toma de posición fronte de perigos hipotéticos.

Fernando fora sempre un egoísta e, quizais dentro del, a presenza de María, establecía unha caste de intromisión nos dominios familiares que consideraba como terra sagrada; ou, talvez, un atentado ao seu integrista de falsa moral afectada. A situación do matrimonio, a existencia de Carlos Ramón..., quen sabe que trécolas poderían xermolar no inmóbil mogor das moedas convertidas en neuronas!

Emilio tivo unha sorpresa aquela noite. Conde Raña chamá-rao varias veces. Interesado en comunicarse con el.

O frío recado de Carme, cando lle ofrecía un anaco de queixo, reservada no silencio, era libro de poemas de ansiedades, de rachar a película de opacidade. O desinterese do seu xorne non existía.

—Este é o número —entregándolle unha nota.

Fernando, recluído na introversión, unha noite máis, apenas moveu a cabeza. Un lixeiro desvío desde as páxinas do *As*, que abría como pano de comedia diante dos fociños e baixo o papo.

—Debía ser urxente porque insistiu en que chamases sen falta hoxe...

Emilio foise, decontado, ao teléfono. O editor saudouno de trámite e axiña pasou a exporlle a materia do seu interese: lera a obra xa, dun tirón, díxolle, porque, desde a primeira liña, o cativara polo que contiña de valores humanos e de renovación literaria, asemade do magnífico tratamento lingüístico e das achegas que, neste eido, recollía como contribución ao arriquecemento e progreso do idioma. Fixo un panexírico, ás veces arrebatado, da novela e, a través do seu parlamento a distancia, notábaselle, ás claras, a certeza de que lle chegara moi fondo e que estaba totalmente engaiolado polo traballo. Sen case permitirlle a Emilio intervir, suxeríulle, ou mellor propúxolle, a presentación ao Premio Literario da Hispanidade, o máis alto galardón a que pode aspirar un autor en calquera das linguas estatais, e do que estaba a piques de se cumprir o período de entrega de orixinais.

Seguiu a facer acendidos eloxios de *Liliput* e de Emilio, desbotando, segundo as súas propias palabras, calquera indicio de falsa modestia e tivo a sentenza, que pretendía ser orixinal, con aquilo de “*posúe verdadeiro xenio, aquel que o recoñece en si mesmo*”, e, por último, como se todo o anterior non fose máis que a xustificación previa ao resumo final, anuncioulle que xa dera as

ordes oportunas para enviar a obra, atendendo as bases do Concurso, á maior brevidade, dado que restaban tres días de prazo e habería que levala a Madrid en man, pois non se fiaba dos correos, aínda que fose co carimbo de “*Urxente*”.

Emilio non dixerira aquela meilada de apoloxías, decisións unilaterais e loores. Era todo inesperado e, pola súa propensión a ver as cousas no aspecto menos favorábel, reaccionou cun: “Eu non sei... Non creo que teña posibilidades...”. Conde estaba preparado para a continxencia e foi rotundo: “Si! Hai que mollarse, Emilio. Xamais seremos nada, se non damos os pasos. Tes que outorgarme o teu permiso”.

Como a resistencia moral non era a súa meirande virtude, cedeu dentro dun estado de amorfia e ganas de tenderse no leito, con ollos entronizados na capacidade criadora da mente representada na súa postura favorita de se engurrar como os liscos na tixola, abandonándose ao sono e o descanso dun avión agardado en máis horas de “Sala de Espera” que de percorrido polas atei-gadas rúas da capital de España: “Ben, fai o que consideres máis conveniente”, despediu ao editor.

Carme asexaba coma un moucho en lúa nova sen atopar, nas sombras de impermeabilidade do seu cuñado, ningunha resposta a todas as interrogantes que eran picachón de sarillo interno na súa memoria deformada en prestixio da mediocridade. Interrogantes elevados en categoría de nobreza “à mode”, desprezo de rico de posguerra e valores estúpidos de “clase acomodada”. Mestura imperfecta da sociedade perdida e arrolada nos tempos incontrolados. Carme era un residuo de moño de “Auxilio Social”, transplantado no abeiro das pavorías dunha idade que xamais, coidaba que había representarse, outra volta, no aroma casto das primeiras horas da vida. Carme, en fin, era a envexa de ser reducido á categoría de anano levantado nas puntas dos pés para destacar dos seus conxéneres. Ollou, espiou, interrogou coa mirada, cos desexos a flor de pel e coa hostilidade medrando por non ser informada como debía corresponderlle; pois, en todo

caso, non era a dona da casa? Así entendía, avanzando outro tramo no razoamento, de que non se trataba dunha deferencia por parte de Emilio de poñela ao corrente da súa conversa, senón que era dereito de seu e que, se non se cumpría con el, se estaba a faltar ás máis elementais normas do agradecemento pola hospitalidade recibida. Pero, que se cría este morto de fame? Quen era para vir a insultala desde xeito na súa propia casa? Fervíalle o corpo e até o toro de pescada, que fumegaba no prato, resistíase a entrarlle pola gorxa por mor da carraxe arraiada que, por nada do mundo, quería que se notase no seu rostro, caricaturizado nun lene sorriso, metade odio e metade conmisericordia que estaba a amosar no rebordo do vaso de viño rechegado lentamente ao bico. Mais, de súpeto, apreciou en Emilio un aceno de ir a dicir algo, unha indiscutíbel predisposición a falar. E, adoando o seu poder auditivo, disimulou, embullando axiña un lambisco do peixe, para se pór na disposición natural de estar nunha mesa, na súa mesa.

—Debo dicirvos algo agora e, así xa, despois da cea non ter que andar con explicacións... Estou canso e ireime, decontado, á cama.

Non empezaba ben a cousa. O ton non lle gustou. Non sabía nada, pero os agoiros predicían que algo ía saír daquela “boca de can” que non estaría na sintonía das súas expectativas. Agardou mentres Fernando, que estivera calado, prestaba tamén atención e, como sorprendido, preguntaba:

—E logo, que ocorre?

—Esta é a última noite que paso na vosa casa. Non se trata de ningunha desavinxza... E que vou quedar aquí... Arranxei en Madrid o meu traslado á delegación na Galicia e viverei en casa..., ben, na miña casa.

—Con María? —inquiriu nunha congoxa espasmódica. Ao mesmo tempo Carme, como se a confirmación a tal temor fose o afundimento do seu particular universo competitivo, brincou na cadeira.



—Si, efectivamente —limitouse a responder Emilio.

Fernando non pareceu darlle importancia á cousa e, adobando a frase cun bo grollo de viño, deixou caer con indiferenza:

—Amañaches o problema, por fin? Se é para ben...

Carme, entón, non puido conterse e estoupou. Botando enriba da mesa os cubertos e cos puños pechados, crispados os dedos e en movementos de irritación no queixo e nas moufas urizadas, baixo a máscara da maquillaxe estendida sobre as patas de galo, increpou a Emilio en tons tan violentos que houbo de ser atendida polo marido que non saía do seu abraio por aquela inesperada mostra de indignación:

—Que pasa, muller? Calma...

—Desagradecido! Mal nacido! Es unha besta sen o máis mínimo sentido do decoro e da moral! E a outra? Unha boa xoia! Leouse co primeiro lacazán que lle apareceu pola porta... Non podía pasar as noites soñna na cama; necesitaba un “montador”, unha “boa tranca” para “vivir a súa vida” e darlle exemplo aos seus fillos! E agora, vai o pai, o gran pai, que tamén tivo a súa boa historia, e quere amañar as consecuencias da súa falta de responsabilidade...

—Cala Carme, coño, cala! —ordenáballe Fernando. Mentres Emilio marchara da mesa. Deitouse así vestido, esbarroncado por riba da colcha, no voo furtivo dunha papoia orbitando en torno á luz. Era un tanto exame de masoquismo, escoitar os desvaríos daquela cóbrega e as súplicas do irmán, moneco de feira convertendo en azuar de vans intentos por acougar o volcán de prepotencia, de rabecha desbocada e berros estentóreos que poñían de manifesto, por aquilo da dúbida social, que era a dona dos cartos e o pecedoiro da súa posición de novo rico consorte.

—... es outro merda coma el. Outro lambecús que mira máis polos de fóra que polos da súa propia familia. E, agora, ou se vai

de inmediato, ou vaste ti! Decide que teño ganas de ir durmir!  
Decide xa!

Emilio non permitiría a humillación de Fernando. Rápido, tomou a súa lixeira equipaxe, saíu ao corredor e, sen se despedir sequera, abriu a porta que daba ás escaleiras, pechándoa con forza, de forma que a zorregada do seco golpe fose ouvida entre o furacán de cotifar e latricadas; por un intre nun *impasse* de silencio preparatorio do irremediábel abaixamento do home e a imposición inapelábel da muller.

Carme non tivo conciencia do seu proceder. Aínda hoxe, pasados os anos, non amosa disposición ningunha de autocrítica con respecto á súa provocación daquela noite. Cando entrei na casa, logo de insistir por teléfono repetidamente, e de explicarlle o motivo da miña visita coas máis doadas palabras do meu caletre léxico, fun recibido con descrenza, con durezas de sospeita e na precaución de estar ao asexo de potenciais perigos ou, quizais, doutros receos máis fondos que se negaba a recoñecer.

Era precisamente a súa versión destes feitos determinantes na vida de Emilio, os que me interesaban e recibín unha narración vaga, imprecisa, diluída en apreciacións persoais e xuízos indeterminados, xeneralizacións pseudofilosóficas, dese saber populacheiro que no noso país eleva a simple conclusión proverbial a tese dunha particular teoría cosmogónica e que, a fin de contas, pouco podería axudarme a entender o seu punto de vista. A obxectividade non existía e os acontecementos posteriores, dos que tiña cumprida nota polo diario de Emilio, explicaban perfectamente o seu estado de ánimo e o individualismo arrasador que impregnaba todo a súa tagarela en epítetos de solimán, frases maliciosas e incontrolado vocabulario da súa proclividade sanguínea e deixarse levar polas angueiras negativas.

—Cando penso nese fillo de puta, revólveseme o estómago  
—esa foi a máis suave dos estigmas vomitados pola “viúva de

ouro”, como deran en alcuñala os membros da “Pena das Ánimas”, asociación lúdico-deportiva que constituían os eternos seareiros do Bar Morteira, onde atopei ao Afonso, un amigo da miña xuventude, perdido de vista nos tempos breves da emigración dos sesenta. Estaba na entrada do establecemento, brillante propileo de aluminio e neon, e recoñecino decontado a pesar dos vestixios que o tempo amoreara na súa faciana e cabelos:

—Home Fonso! Que hai da túa vida? Canto tempo...!

—Pois xa o ves... Traballando arreo... Non sei facer outra cousa! Traballando, traballando. Vai para seis meses que volvíñ da Alemaña sen un can... Estou no porto, co Codesal de Mariño. Lémbraste?

—Si, hom... —eu ía ao meu e, logo das preguntas de rigor e as perífrases innecesarias propias do circunstancial evento, interrogueino—: Que sabes da “viúva de ouro”?

Estrañouse. Mais axiña entrou en explicacións. Carme era agora unha muller, puideramos dicir, “de mundo”. Unha perfecta aproveitada dos praceres da vida. Dous magníficos automóbiles, chofer, chalé de fantasía en Santa Cruz, apartamentos en Málaga, Benidorm etc. E un tren de vida de alto *posteo*, para se relacionar co máis selecto da sociedade provinciana de influencias, cacicadas e favores mutuos. Non casara, evidentemente, mais tampouco recataba de mostrarse en público con diversos e cambiantes compañeiros de recepción, cea e intimidade. Era, neste senso, moi prolífica; aspecto que máis provocaba os recónditos pensamentos do colectivo da “Pena” que levaban alta e baixa das entradas e saídas da “fondona tinxida”; peripatética síntese do xuízo arrincado dos seus instintos e primarios sentimentos. Cando xa estaba a recrearse noutras sutilezas máis bastas e apreciacións libidinosas, corteille, tratando de non ferir o seu orgullo de confidente, pois xa estaba no correntío de que ese material informativo era para un traballo literario e que o seu nome, como lle prometera, ficaría para a “posteridade” impreso no limiar da obra.

Agora volvemos a Carme, que me recibiu, pensei eu, de unllas e dentes, como disecándome con serena precaución e un “Que coño quererá este?”, que reflectía no brillo das pupilas e no cadencioso ton de voz, disimulador de todo o que se acochaba no seu cerebro. Non era un recibimento cordial e comprendino deseguido, polo que non andei con circunloquios e fun directamente ao negocio que me levara a ela:

—A vostede non lle caía ben o Emilio, non si?

—Por Deus! Tiña as súas cousas, pero era un home honrado e traballador... Quizais, subíuselle algo á cabeza o premio...

—Logo, foi conflitiva a súa relación con el?

—Houbo varias fases. Cando volveu de Madrid, pareceume un tanto desagradecido. Nós recibímolo como o que era; como un irmán e el non foi consecuente. Esa muller telefonoulle... Era unha lumia, ou algo máis... Despois tivemos a desgraza común, e que dicirle...? Sentía unha certa simpatía por el; incluso comprendín ese carácter tan difícil e insociábel que amosaba ás veces...

—Si, pero a súa apreciación negativa plasmouse no asunto das terras de Baltar. Ai, vostede, non tivo en conta a relación familiar, nin esa solidariedade na desgraza...

—Dime iso polo que lle contaron ou pola súa conta?

—Por ambos motivos.

Crin que alí se ía rachar o cadillo da entrevista, pero Carme retivo o seu anoxo.

—Emilio era un home sen sentido práctico. Todo o que facía estaba en función dos sentimentos e así lle foi... Era un ser feble, fráxil...

—Sabe del?

—Nada absolutamente. Nin me importa.

—Ten conciencia de que vostede puido actuar de xeito, digamos, non limpo, ou aproveitándose das circunstancias.

—Mire, eu son práctica. Gárdome de non mamar na rolla de atrás na procura de miña seguridade persoal. Eu non era máis que unha vítima e non tiven culpa ningunha de todo o que pasou.

—Fáleme do que realmente ocorreu naquelas datas, por favor.

—Achouríame a tristura, o relembro deses feitos. Prégolle que non afondemos nas feridas dos recordos. Son cousas íntimas...

Charlamos durante máis de dúas horas. A suave solaina que penetraba pola xanela, requentaba a frialdade do encontro e, paseño, como un perfume que embebe o corpo que acaba de pasar pola auga de xuño, ían saíndo da súa boca as inéditas pasaxes de sete anos antes. A subxectividade era o pouso natural da súa versión e eu esforzábame en marxinar este ingrediente, para síntese da escasa imparcialidade que puidese obter nas frases incoherentes, esponxadas en tempo, de imputar a Emilio non sei que acusacións sen fundamento nin racionalidade. Todo estaba confuso no seu sermón pero, así e todo, apliquei a gravadora para non perder nin sequera o sólido refolgo da súa respiración que era maxestosa música de fondo daquela entrevista decadente e falta de interese. Emilio estaba na súa análise como un ser antisocial, un home afastado do sistema admitido, do que a súa actividade pública non era máis que unha estéril apelación continua aos camiños que conducen a ningures. Negáballe calquera valor persoal e tirei en consecuencia que representaba nel un prototipo de exaltación do singular, de ir alén do contiguo, da continxencia ou da causalidade establecida nas ideas esenciais do seu discurso.

Carme entraba, de cheo, na trama e era un factor máis da súa propia opinión. Tomaba parte decididamente por un mundo en

receso e que estaba a vender cara a súa morte. Aquela esfínxe de maquillaxe e beizos disimulados en vermello rechamangueiro constituíase no parapeto de capital numantino, convertida en trabe mestra de todo un sistema de obsoleta filosofía que xa non era nin operativa á súa propia extracción social.

Carme era, na súa resistencia, a imaxe mesma do vento que revoa as áreas espaxadas no asfalto acabado de verter na calzada. Emilio, en troques, na súa insignificancia, asumía un simbólico motivo de teima, digna de mellor finalidade; que era, a fin de contas, o motor da súa opulenta derrota.

A medio de toda esta enleada, entendín que Carme perdera os nervios aquela noite, porque consideraba un desprezo a actitude do seu cuñado. Unha provocación que a inmoralidade de María estivese por riba do coñecemento honesto e modélico do seu fogar. Aquilo apreciouno como a toma da fortaleza polo inimigo e pensou, segundo as súas palabras, de que agora si “estamos en poder dos infieis”. Con todo, o figurado da cita evidenciaba algo que eu saquei en consecuencia no decurso da conversa: o permanente estado de prevención que denotaba unha grande inseguridade; como de quen non está plenamente convencida das súas ideas. A escasa preparación cultural non lle permitía acadar outro método de análise da realidade que a entrega incondicional ás mensaxes dirixidas das lecturas que, discretamente, observei amoreadas no andel da mesiña do centro da estancia: *A Familia*, *Escuela Española*, *El Estado del Bienestar* e unha mancha de paparazzi agatuñados nas tapias dos irreais conventos desa *jet* de soños intranscendentes e represións de “muller formal”, como gustaba de definirse cada dúas por tres. A viúva de cabelos tinxidos descubría a súa irrefreábel decrepitude nos rechumidos dedos de aneis en fantasía de anos mozos e na estrafalaria laca de unllas mergulladas na impresión molesta do seu vermello opaco en toda a ridícula escena do acenar chocallo e o xordo pirlar que cocleaba pola gorxa de bucina laboral un día de treboada.

Cando retornei ao Fonso, na *Pena das Ánimas*, e lle din a miña impresión de Carme, soltou unha sonora gargallada e limitouse a dicir: “Que querías? Unha señora de verdade nesta merda?” Fixo un movemento do brazo para presentarme ao mundo tal como el cría que era; real, moi real, dun barrio real e duns seres que, ás veces, semellan seren reais, tamén.

#euquedolendo  
#baíaconnósnacasa





Esmeralda estaba na tenda. Era, en dúas semanas, a primeira vez que vía o seu corpo esculpido baixo a fantasía de saia e blusa vaporosa, de sostén esquecido nos etéreos peitos. O recordo libido de Azuzena entroume pola cristaleira estampada e ficticias tarxetas de crédito e avisos de “*speak english*” e “*on parle français*”, que me pareceron os papeliños inocentes de festa do verán nas aldeas de polbo picante e barracas de tiro ao branco, deprimidas na xeografía da miña decrepitude. Retomaba forza, dentro de min, dacabalo da ansiedade e de certo receo vergoñento que non podía botar lonxe por máis que o intentara. Eterno percorrido nese anónimo taxi de agoniante tránsito bafento, en combustible fósil de lenta morte; e eu estaba alí, atravesando a “*Villa y Corte*” no carro metálico de cruzado medieval, albiscando aquela Xerusalén crucificada nos niños escaparates, definíndose nas perrucas ilusorias e nos complementos adheridos no meu corazón. Todo tordeaba na sintonía dunha despedida de Enrique, desexándome a sorte do café con leite na tráxica máquina acugulada nas horas de alborar, esluíndose no tempo desaparecido.

Todo fora sobre rodas. Ás oito da mañá estaba no despacho. En apenas dez minutos, todo quedou arranxado. Jon puxérao xa en antecedentes e a entrevista oficial durou o xusto para concederme o que solicitaba. Non habería problema ningún. “Iso si, esixo seriedade. Xa o sabes desde sempre e non fai falla que insista neste extremo”. Esa seriedade consistía en que todas as semanas remitise un traballo de fondo e que estivese con ollos ben abertos nese permanente xornalismo de investigación que era o

soporte principal de *Robot*. Eu, pola miña banda, dei todas as facilidades e non houbo máis. O traballo chegaba atrollando as novas de España e internacionais, e o proceso de síntese e análise do vindeiro número estaba en pleno apoxeo. Logo de tomarmos un receso no vaso de “apócema con cafeína”, despedínme e acadei o taxi, desafiando as iras da hora punta da capital.

Como dixen, pensei en Azuzena cando o estereotipo de Esmeralda, a poucos metros, fíxose material no meu arco de vista. Estaba alí, atendendo unha clienta, allea a todo o que non representaba a tarefa absorbente dos minutos, e a propia substancia do traballo constituía o seu único sustento vital nas duras horas da xornada diaria que, implacábel, repetía sen acougo os trescentos sesenta e cinco días do ano. Era un ser dinámico, incapaz de permanecer ociosa, nin sentada, ou paseando ou, incluso, amando na escuridade íntima da alcoba. Era, en fin, un ser definido en movemento como estado natural e reducido no estriato espazo da súa comunidade activa entre a boutique, o desfile de modas, a presentación de novas coleccións, o avance da tempada..., os actos sociais obrigados... Esmeralda era todo iso; aceleración dun mundo agromado na esterilidade, moribundo do “status” que xentes como Carme e Fernando creran inmutábel e que agora se vía rebordado na éxtase paralizante da súa propia vacuidade, estalando en cores de anuncios televisivos e paneis de ampla oferta nun astro impotente e reprimido. Esmeralda era, por dicilo dalgún xeito, o emblema excitante de todo, o que se concretaba na palabra “Novo”, “Recente”, “De agora”, “Presente”..., a insignia do vigor, o pulo imparábel, a relixión da beleza e a forza, a vitoria suprema dunha raza humana elevada por riba dos vermes de horas axustadas e vellas terras de historias non filmadas. Aquela cristaleira era o faro americocentrista do *spanglish*, confeccionado na *Nova Orde dos consulting*, simbolizada nun billete de banco engrinaldado polas bágoas incógnitas dos outros seres sen voz; nin a atención merecente de dúas liñas no periódico escoregado na penúltima folla e innominados cadáveres dun sismo descoñecido nun país abstracto: O País da Inexistencia. Azuzena

fora, así tamén, fume que pasaba na aireada de vida, estrinxida no seu contorno pequeno e raíña dos sentimentos egoístas. Azuzena tiña os mesmos ollos verdes de Esmeralda e os seus redondos xeonllos imitaban o camiño de perfección, presentindo a sensualidade máis que provocándoa, participándonos o sensíbel universo do misterio humano sen solicitar o noso concurso.

Era evidente que Esmeralda resultara unha modelo idealizada e Azuzena unha filla do creativo, máis parecida á realidade que o mesmo prototipo, e que eu aínda desexaba a ambas as dúas. Temín, no treito de pasos que van dunha beirarrúa á outra, que retornara á troupelada o pasado, que todo fose unha repetición daquela tarde do funeral, cando a vida revirou en torno a min, como a ceavoga da regata enfiá de novo as traíñas cara á saída. Detívenme a pouco. Dubidei de entrar ou non. Fixen como que miraba a exposición dunha peletaría contigua e mergulleime en urxentes reflexións que pedían paso no meu cerebro. Eran os minutos finais e debería aproveitálos, pois o que eu recoñecía como debilidade de espírito propio, arpepiábame coa pávida atención ao erro, o fallo sen remedio, a escasa confianza que demostraba en todo, decote, en todo e por todo. E se non atinaba? O futuro era o meu xogo e xa non podía perder máis. Minguaba a capacidade de encaixe para aturar outra derrota. Estaba no límite máximo do meu aguante negativo e ese era o gran nó que me atenzaba. A vista perdida nos obxectos sen vida, que non atomizaban a compacta concentración dos meus particulares problemas, foi o mellor exercicio de relembanza. Aínda que non despexase as inquiredanzas e atariñas, servía, polo menos, para compracerme interiormente e serenarme o ánimo.

Como un filme visto de novo logo de moitos anos, apartei a Esmeralda, idealizada nas luces esmorecidas dunha noite distante enfeitizada no boureo de seiscentos que, como cascudas avanzan na avenida sen final coreadas na repetitiva melodía dun *Diario Hablado* de “*Caídos por Dios y por España*” e Plano de Desenvolvemento. Espectáculo de horror que foxe de nós no

ático de dúas habitacións, estalicado nos bosques de antenas do gran teito de Madrid e estendido por todas as direccións da chaira inmensa. Alí estaba eu, diaño das tellas e chemineas, a escoitar uns versos de John dos Passos, nese *Ragtime* que era misterio e pecado; e tapabamos as cabezas nas sabas para nos defender de todos os perigos coa protección daquel escudo mol de estame nos xerseis das mañás de revolta estudantil, daquel renacido bastión da liberdade que era un *Jim Stark* deseñado na pantalla do leste do meu paraíso tenebroso nas semanas clónicas do exilio en vento xeadado da Serra aínda estremecido na resonancia de fusís e milicianos... Vellos homes esquecidos nun asfalto de traballo delirante nos bafos dos primeiros escravos do día, en caixas de hortaliças ou espera amorfa dun autobús que conducía á terra da monotonía e da hipertrofia. Esmeralda fora un facho de lume que brillou no momento oportuno. Eu camiñaba case sen destino e era xaneiro o amigo pavoroso da miña traxedia. Percorrer as rúas en carreira restrinxida, deixando tras de min, as coactivas pantasma arelando atopar nunha esquina a raiola de luz, a pel lene que luíra as doridas sens e mitigara o peso dun pasado a rentes do presente, guindando na escura indiferenza das xentes os seus ollos acusadores. Esmeralda recolleu o meu corpo e, como un bebé, descansei no seu colo de comprensión. Alí puiden baldeirme, desbotar de dentro de min o ataúde de pesadume que xa non era capaz de abranguer no interior. Esmeralda foi o meu vaso comunicante.

Agora estaba alí. Como unha Azuzena que eu criara no meu intelecto. A pouca distancia, agardando inconsciente a miña visita.

Armeime de valor e abrín a porta. Ela viume decontado, e o seu rostro permaneceu breves segundos pendente de min. Logo, continuou a súa tarefa. Eu fisguei, disimulando indiferenza, as prendas de roupa. Unha empregada, que non coñecía, seguramente nova na casa, preguntoume que era o que desexaba.

—Nada. Quero falar coa dona, con... Esmeralda.

—Martina, xa atendo eu! —berroulle.

Cando o fixo, aproximouse a min. Calada, interrogándome coa mirada, como se intuíse algo; máis ben, pensei, presentindo.

—Ola, Emilio —limitouse a dicir. Seria, sen amosar ningún estímulo especial.

—Podemos falar?

—Teño traballo, non ves? Vaia saúdo, despois de tres semanas!

—É importante!

—Entendo perfectamente. Non tes a chave?

—Como...? —sorprendinme.

—Si, se non tes a chave do piso.

—Claro...

—Pois vai ti e recolle as cousas. Prefiro non falar. Ademais, hoxe estou ocupada... —e deu de costas deixándome coa palabra na boca. Comprendín a súa disposición. Sabía perfectamente cal era o motivo da miña visita. Un halo invisíbel de esperanza declinante imprimíase na miña faciana e transmitíase en conexión co agoiro que ela remexía no frío do meu silencio prolongado, no vacilante e sinxelo ton da miña voz e no perdón tácito que solicitaba na inflexión baldeira das palabras, resistíndose a saíren...

Impresionoume a mágoa dos ollos estrelecidos en auga furtiva e aínda puíden ver como rapidamente desaparecía tras dun probador, coa cabeza reclinada a piques de ser pano de bágoas. Unha enorme carga de autodesprezo invadiume e o único tempo feliz da miña existencia ausentábase baixo a dúbida tremente, mortificadora arreo no medre incesante, aproximándose implacábel a non sabía que punto de chegada e, como sempre, sentíndome tan insatisfeito con todo que non tiven máis azos que para sen-

tar nun vello Café de mármore lustrado, madeiras estarteladas e atípicos habitantes da moderna urbe. Abatido na depresión que pesaba, e pesaba, e pesaba..., tanto que permanecín máis dunha hora quieto. Coa cunca e o cuberto intactos, o pensamento albo e a mirada pénsil no aire viciado en millóns de virus, expulsados nas insistentes tusidas daqueles mazmidos da historia cativa do mundo, a consumírense na imaxe última de Esmeralda que asomaba indefectiblemente, en cada esgarro das endémicas catarreiras, arroteándose como velozes saltadores na miña imaxinación reprimida.

Finalmente logrei liberarme daquel averno de podremia humana e recobrei a lucidez. Unha pendanga de sesenta ou máis anos, triste vendedora de praceres mortos, estaba alí; debuzada sobre da mesa, abrindo o seu colo de peitos macios e o cheiro insoportábel a, supoño, que sucedáneos de perfume, invitándome a “pasar un rato”. Da súa cavidade bucal, espantou unha especie de aireada que puxo en alerta aos refugos viventes, poboadores da estrumeira de agre fedor a alcohol avinagrado e barra de ferruxentos rebordos, nas artificiosas reaccións de insultos, ameazas e “broncas y entreveros” dunha serodia estampa, metade en matóns de sainete e de evocador submundo dos novos marxidados, dunha civilización sen soños, desilusionada...

Corrín cara ao ex-noso piso e en pouco máis de vinte minutos rematei. Apresurado, non quixen determe en ningún detalle, nin avivar tantos recordos que podería, naquel intre decisivo, disecar, parando en cada currunchos, en cada sombra, en cada pequena cuncha de Mediterráneo revelado en nácara pola distante man de Esmeralda; nas áreas púrpuras de Torre vieja e o espello transparente verdeazul de cristal, que semella racharse en mil anacos, cando perfora a tona invisíbel da súa estampa e eu abrindo ollos suavemente, desexo máis e máis o seu corpo dondo, estrullada a carne de sol de xullo, escura en contraste de branco tecido na luz penetrada de xanela levantina... Era aquel verán dos sesenta, e fuxira de maio, da redacción estarrecente das almas

extraviadas na incerteza e a confusión... Esmeralda era distancia e unha brisa opaca de tristura que engulía o mundo tras a enseada de curtos turistas e pescadores de supervivencia alí, marxina-dos de nós, a arranxar as redes de “Juanita”, de “Reina”, de “Estrella del Mar”..., que eran para min, desde a alfiestra de estúpido cemento, a lembranza daquel Riazor do cincuenta e a radio que estoupa en altofalante do Mundial de Río na praia comprimida en salitre e vento errante do domingo esquecido. Eu era así, o meu propio pasado, e Esmeralda un fermoso presente de seguridade e esperanza.

Non quixen levar aqueles obxectos que tivesen unha elevada carga emocional. Era, no fondo, o covarde de sempre, carecendo do valor preciso para entalar o devir do tempo e catalizar o medo na mesma instancia dese medo hipotético, como o protoplasma sintetizado na miña personalidade, diluído na incerteza elevada a imperativo categórico de todo o meu ser. Estaba preso na melancolía irracional, e dar un paso cara a María era arrincar un rachón da alma que estaba na figuración, aínda lúcida, de Esmeralda e as pálpebras, tersas e vigorosas, de Azuzena, lubri-cándose na fina suor do pracer baixo Daniel, nos impos da noite fértil. Ela mudara de sitio aquela fotografía de tópico melindroso, perante da Torre de Belén no noso tan afectado e tópico abril do setenta en Portugal. Agora estaba no estante da entrada, aberta a cacho no pasaxeiro que accedía ao piso, como peregrino dun amilladoiro prohibido. Eu sorría, na soleira vaga daquel día de Semana Santa, nas cons xa esvaecidas e Esmeralda rubiu entón polas escaleiras de manuelina varanda, mentres lle agradecín ao matrimonio de Cuenca a súa cortesía. Fixeran unha boa foto, si, Señor! Aínda agora estaba a sentir todo o arrecendo das horas de esplendor e no seu papel, recatado de multitudes, repousaba a pegada do que permanecera connosco na ficción e no tanxíbel, igual que vagalume que resiste o decorrido da noite nas silvas de amencer, a roubarlle a súa inestábel luz... Eramos pouco máis cun sopro ilusionado. Criamos que esa consistencia non tremía no ventar do calendario. Tan seguros estabamos! Ese ano fomos pín-

caro de nós mesmos e, sen sabelo, volvemos de costas ao cént, descendendo devagar, insensiblemente. Sen apenas nos decatar, abeirabamos a circunstancia vitalizadora e omitimos as pequenas cousas, o contorno propíncuo, incluso a mesma relación...

Esmeralda, pouco a pouco, foi Azuzena e, agora, María é sintese de ambas as dúas. Esa fotografía constitúese no último atranco que houben de salvar. Cando cheguei ao portal, todo se encadeou na clarencia da rúa e no fragor do tránsito. A padieira da porta, os caixóns de correos, as lousas do solo... Todo era final na mirada e non quixen revivir ningún recordo máis. Tomei un taxi e regresei á boutique. Estaba a piques de pechar no descanso do mediodía e agardei fóra.

—Recolliches todo? —díxome en voz queda. Advertín un desgusto refuxiado no profundo, con esforzo por aparentar a enteireza que estaba lonxe de aceptar. Esmeralda convertérase tamén niso: na actriz do seu propio papel e non ficaba xa nada daquela muller alegre, falangueira, auténtica, franca; aquela muller que amaba no leito coa mesma entrega con que me tomaba do ganchete á saída de Redacción das cinco da madrugada e coa mesma informalidade que pedía churros no posto da glorieta, na perspectiva dos primeiros “produtores” de alento branco na subida chaqueta de friaxe silente, mañá asomada tamén nos tranoitadores cabeiros da indiferenza e o noso chocolate fervendo nas gargalladas sibilantes do carmín acabado de estrear e as perfebas que pugnaban por non se baixaren comestas pola canseira e o sono vencido. Sono de horas dos sucesos internacionais e dos soporíferos télex. Tal era a monotonía da novidade mundial e do balbor do inesperado, cando esta circunstancia estimulante se transforma, acotío, en maseira de insulso menú.

Non, Esmeralda era outra distinta. Desde o día da miña marcha, mudara obviamente. E eu coído que ela o sabía. Coa súa intuición dicíalle que alá, na cidade que non ousara pisar en vinte anos, había un perigo que, por non abordado, non por iso era menos mediato e definido. Presentía a existencia do meu pasado



que, quixese ou non, estaría preto, insinuante, manifestado en cada paso, en cada casa, nos homes e nas mulleres; no interior de todas as vidas e de todas as mortes..., canda ela... Esmeralda vía as cousas con maior perspectiva, carecendo de elementos distorsionadores da análise, dimensionábaselle o pasado nos factores incidentes da súa conformación.

— Vas xantar? —pregunteille, en resposta.

— Si, ao sitio de sempre.

— Soa?

— Si, soa.

— Acompañote.

Non rexeitou. Un simple relampo daqueles ollos que tantas veces escrutaran en silencio os meus pensamentos, foi dabondo para comprender o complexo estado anímico que a achantaba; tartariñada entre un relouco de apurar até a fin a miña presenza e a lóxica présa por rematar aquela despedida, feridora do seu orgullo e, incluso, da súa dignidade.

Esmeralda era un ser, ás veces, pragmático e, noutras xeiras, absolutamente feble. Como Azuzena cando cedera ás presións familiares, nos espantosos días da incompreensión, ou como Daniel cando fremía perante do mundo agoniado pola estampa dun futuro desesperanzado no caos de gaivotas, néboa e mañan-ciña de insomnio. Temía as súas propias insuficiencias e era consciente de que a falta de forza moral podería serlle terriblemente adversa. Esmeralda avanzou cara ao autoservicio, sen agardar por min.

Despedín o taxi e alcanceina cando xa entraba no inmenso comedor a recoller a bandexa. Sentamos, un fronte do outro, e comemos calados no borboriño monorrítmico das conversas alleas e o estoupo dos cubertos no veciño vertedoiro, que chegaba a min en lampos aceirados a través da ventá enmarcado en perfil da

miña visión. De cando en vez examinábame os ollos, en asexos rápidos, nun intre imperceptíbel, esfargullándome cada alteración da faciana, para deducir, que sabe que conclusións. O seu silencio e o derradeiro recato da súa introversión, eran, para min, motivo de apoucamento; conativos remorsos que se ían prosperando nos minutos a nutrir a emoción de culpa medrada, indefinida; que se provocaba nos milleiros de imaxes idealizadas no meu cerebro e que accedían, desde os recantos da memoria, como lavercas acusadoras de delitos non precisados, imprimidos en cada dentada, en cada goto e en cada faragulla que xogaba nos xeroglíficos do cian pano de fibras vexetais, que cubría a bandexa.

—Por que? —interrogoume ao asalto, cravando a mirada nas miñas pupilas.

—É difícil de explicar.

—Es un cocho —suspirou entre dentes, contendo a xenreira que segregaba en cada poro do seu corpo. Os ollos eran brillantes, en bágoas bailando entre pálpebras forzadas a non pestanexar. Baixei a cabeza e fechei a boca.

—Es un “cerdo” e un pobre desgraciado —engadiu no mesmo ton.

—Esmeralda... —tratei de xustificar.

—Non, non tentes lexitimar os feitos. As palabras só serven como a maquillaxe da deslealdade, e todo o que poidas dicirme, non sería máis que a versión interesada deses sentimentos que, estou absolutamente segura, xurarías, permanecen incommovíbeis... Que me amas aínda co fervor de antes, que todo isto é para ti tan doloroso como para min..., e bla, bla, bla... Pero, e os meus sentimentos? Esa sensación de baldeiro que está a levar en torno a min en cada momento, ese profundo desencanto, esa necesidade de cariño, de ter unha man que non pregunte pola conta do hotel e que sexa hoxe, mañá e pasado, a mesma man que estreite entre as miñas, que transmite confianza, seguridade... Iso é o sig-

nificado negativo que non serás capaz de entender. Iso é meu e soamente meu, e os acedumes que se me acugulan, día e noite, non mos poderás nunca compensar... Ese é un patrimonio que estará no meu poder eternamente. Es un “cerdo”, Emilio! —caneou a cabeza, asentindo nas súas propias afirmacións—. Es un porco e, ademais, para máis vergoña, un pobre desgraciado.

Fechou os ollos e soportou a emoción dentro das bagullas reprimidas. Estaba serena aparentemente e calquera movemento denotáballe un intenso control que eu estimaba perigosamente dominador na limitada extensión do encaixe emocional que coñecía de Esmeralda. Nun intre podería estoupar aquela carga depresiva e non quería pensar na reacción seguida; pois sabía, por experiencia, como eran as súas saídas tempestuosas na rabecha e o difícil que era sosegala logo. Confeso que tiven medo e animei, sen remedio, o meu apuro. Non pronunciaba palabra, receando o impredecíbel efecto que podería causar en Esmeralda e nin, por suposto, tiña a máis remota idea de cal era a frase adecuada.

Foi ela que, retomando o fío do seu parlamento, falou, evidentemente con tranquilidade ficticia; contraendo os músculos da inmensa cara na neitegada lizquente dos ollares tirados en taboleiro laminado:

—A covardía é despiadada. Ti non es máis que un apoucado, un falto de espírito, un medoñento sen dignidade que lle entra o caguelo polos seus propios sentimentos... Fremeu en ti tratar con valentía ese intre de debilidade; un só intre no que eu che din as únicas esmolos de respectabilidade, de conciencia do propio valor...

—Por que dis, esmola? Eu pensei sempre na xenerosidade.

—Foi a esmola suplicada con humillación, que se entrega a quen non posúe moral para superar as dificultades. Si, Emilio, foi unha esmola e agora vese claro que nin sequera eras merecente dese chisco de cariño. Pero, déixame rematar o que encetei; a covardía de homes coma ti, soamente ten un lado malo: o sufri-

mento dos que non a entenden a tempo. Eu estou nese apartado e dáme noxo pensar que estiven baixo o teu corpo e que fuches quen de me producir pracer..., en min... Presentáchesme coma unha grande lesma, mol, esvarando a viscosidade estoxa na pel arreguizada...

Esmeralda levantou de súpeto, correndo á saída do autosericio. Voaba entre as mesas indiferentes, empurrando todo o que topaba por diante. Cubría os ollos coas mans e dirixiuse ao caos da “hora punta”, de comidas e afluencias, polo que vía a través dos dedos abertos sobre as cuncas oculares. Correu e correu até desaparecer na riada de xente que atasnaba as portas nas dúas direccións. Eu tamén levantei e, tratando de non atopelar a ninguén no meu camiño, tardei en alcanzar a rúa. Xa non estaba. A un lado e a outro, non descubrín máis que a cidade automatizada na colectiva histeria da autocredulidade. Coches, transcritos en funeral de morte lenta; ceo sombrío de smog, perenne no firmamento que oculta un ou varios soles; vaia vostede a saber!, e a diaria carreira de xentes con présa, sempre con présa, cara ao país de Liliput; constante Liliput do monólito chantado en todos os seus corazóns por un simio alcuñado Clark.

Nesa masa de asfalto e leacril, ensumirase Esmeralda; e a súa rápida inxestión, quizais non fora máis que o resultado da perpetua catarse da Terra e do Home.

Xa de volta na Coruña, Emilio, estaba prendido na última luz de muller denizada no resplandor dos focos acesos, na luminosidade radical do baixo serán. Era a alma do equinoccio que deluraba a morna suor ofrecendo un “Adeus” no derradeiro espazo cronolóxico, esguimiándose en arneiro acoutado na devesa dun prolífico amor que se esvaece en penumbra de Nada, de Inexistencia neutra, de amorfia estremeceadora... Ela non falara, entón. Recolleu o chaveiro e na respiración non había máis que un salouco silencioso e unha amargura presa en células de tecidos humanos e o sangue indefinido en transparencia debaixo da albeira epiderme que resultou para sempre inexpressiva, vaga... Emilio

entendía que esa era, precisamente, a súa meirande pena, a dúbida inescrutábel, o sentido incerto e vaporizado no desacougo incesante.

Así, aquela fora noite de repetición, de sorpresa; idéntica sorpresa, calcomanía da outra noite e da outra sorpresa... E, Conde Raña, escureceu a Esmeralda no teléfono de soños prolongados. Daniel, seguramente, sentiría a fachenda lexítima dos reprimidos, picante na superficie da súa carne forrada de pigmento moreno e apertando a Azuzena contra do seu abdome, sentir o hedonismo xusto da Natureza.

—Eu no sei... Non creo que teña posibilidades.

Emilio mentía a si mesmo.

E o editor sabíao. Era consciente de que o menos importante era a vontade do autor e, incluso, o propio autor. O máis decisivo era aquel demo de larchán do Merino Blas, o executivo máis executivo de todos os executivos, xerente de “Look To Day”, a axencia de Imaxe que sacaba deputados da manga, directores xerais do peto e, incluso, premios de literatura da fondeira das alfombras...



Peregrino Conde Raña é un home rechumido. Con feitura de pau ergueito en verticais angarellas, semella termar do corpo cunha desproporcionada cabeza suspendida no aire. O rostro amplo, as omoplatas estreitas, as pernas filamentosas e o cu reducido ás formas apoltronadas dos pantalóns, danlle o aspecto dun fuxido de campo de concentración, que disfraz a súa aparencia louseña nunha discreta garabata de morado loito, cubrindo practicamente o tórax desaparecido nas ombreiras da americana; así que, para distinguilo correctamente, é necesario aproximarse e exercer uns segundos de intenso exame antropolóxico e mesmo unha consulta interior aos nosos ditados de estética e interpretación humana. Polo demais, nada hai nel que chame á atención, e o seu porte de ser mediocre, insulso e desapercibido, é o idóneo para conxugar a súa teima de prudencia pública, levada a límites insospeitados, co cargo da dirección de “Medulio Prelo, S.A.”, dominador do negocio editorial, baixo o prisma do máis feroz pragmatismo económico e a carencia de todo comportamento ético. Vítimas hai dabondo entre os traballadores da escrita que poderían falar, e non rematarían, sobre os métodos empregados polo ex-presidente da Asociación de Escritores da Liberdade, que tan pomposamente fundara en París na “década prodixiosa” dos anos sesenta en compañía dos máis significados compoñentes da “Xeración da Resistencia”. Pero aquel proxecto romántico durou, nas súas mans, o tempo preciso para servirlle de trampolín á súa máis forte querenza de rapaz saído das aulas do egrexio Andrade: explotar “cientificamente”, e con bos resultados, o movemento literario e todo o amplo abano de posibilidades que, en conexión con influencias institucionais, actitudes monopolistas e promo-

cións do máis refinado *marketing*, ofrecía a sociedade irrompida desde a ditadura, arelante de achar a converxencia político-cultural, no centro de gravidade do seu carácter, da súa afirmación propia. Conde Raña era un consumado saltimbanqui de despachos oficiais, reunións restrinxidas e presentacións en sociedade, permanecendo sempre nun segundo plano, coa copa na man tras a columna e os seus ollos de lizgairo, abertos a calquera desprazamento, a calquera axitación... Amigo do conselleiro deste goberno, xa o era menos do anterior e traballaba o futuro non desperdiciando contacto ningún que puidese, máis adiante, reportarlle o rendemento que, decote, día e noite, buscaba sen descanso. Agora xa ten o que desexaba e a súa hexemonía non se discute; envéxase en silencio polas linguas secretas de comentario en café de mañanciña ou de aperitivo de bar. Ten todas as malas palabras e todos os bos parabéns do mundo, segundo a posición do crítico ou do interlocutor. Conde Raña segue a ter os dentes de teipa e o corpo de espantallo, as ideas de fenicio e os feitos de Maquiavelo. Os seus últimos andares están, como non podía ser menos, na vaga da falsa progresía do chalé intelixente e o club acoutado da nova aristocracia do poder adquisitivo. Incluso creo que entrou a formar parte dunha sociedade inmobiliaria representada polo coñecido Ricardo Couro, que non é máis que un home de palla dos políticos locais e que... En fin, pero esa xa é outra historia e o que me levou a chamar a primeira hora da mañá do primeiro luns do ano ao Perigrino foi a súa relación con Emilio e, concretamente, os sucesos daquel día en que lle comunicara o triunfo de *Liliput* no Premio Literario da Hispanidade.

Certamente érame difícil maxinar como verídico o relato completo de Ramallo, mais non dispoñía doutros datos que os recollidos nas lixadas follas que atopara dentro da maleta depositada na Comisaría de Carabanchel. Era evidente que se trataba dunha declaración autoxustificativa ou, simplemente, dun recurso de emerxencia para hixienizar o seu ánimo torturado polos recordos e a soidade. En todo caso, estaba viciado polo subxectivismo; sobexo do que debía ter en conta polo rigor da miña pes-



cuda. Emporiso acudín á oficina de Conde Raña aproveitando que aquel día estaba na cidade. Xa tivera a sorte de coincidir con esta circunstancia a través da chamada telefónica, breve pero concisa, que rematou, pola súa banda, con un estrito e sinxelo: “Ás once e media no meu despacho”.

Coñecía o enderezo e fun directamente ao apartamento do gran edificio “Marineda”, onde ocupaba un local a delegación de “Medulio...”. Peregrino estaba tras dunha suntuaria mesa de caoba escura. Cinceiros de prata, “plumier” repuxado en fino coiro oriental, alfombras de Isfahan, paredes recamadas en madeiras nobres... Unha antoloxía de ostentación xeográfico-vulgar do que era, por dentro, aquel diminuto corpo de cabeza agredada, sentado no reclinatorio aveludado do seu cuarto loxístico:

—Pois non lle sei que pode ser del. Precisamente temos unha boa cantidade dos dereitos de autor ingresada na súa conta... O certo é que non fixo uso dela hai máis dun ano, e o saldo medra considerabelmente cada mes que pasa. Eu, señor...

Díxenlle o meu primeiro apelido. El sabía perfectamente pero necesitaba daquela pausa na conversa, para reflexionar; máis ben, para establecer a técnica de operación e estudar, tamén, ao contrincante. Era frío e calculador e non quería verse sorprendido nun esvarón verbal que eu puidese aproveitar para pór de manifesto algo negativo que lle concernise.

—Ben, como lle dicía... —era unha fala artificial, evidenciando falsidade provocada e utilizando frases tópicas, sen contido apenas e que cubrían o espazo de tempo, que non tiñan outro obxecto que chegar o máis axiña a esa fronteira da hora longa á que se comprometera—. Non sei que será do pobre Emilio. Era un cacho de pan, un desgraciadiño que estaba exposto a todos os enganoses...

Eu non estaba interesado, para nada, nos seus xuízos de valor e atriqueille o monólogo coa desculpa dunha declaración puntual.

Decatouse da miña actitude, adoptando a partir daquel entón outro talante. Aínda máis á defensiva.

Como non tivo outro remedio que entrar no tema, tal como eu quería, fixo gala das súas máis floridas filigranas dialécticas para presentar os acontecementos daquel día. El non sabía que tiña a testemuña doutra versión.

—Chamei a Emilio a iso das sete do serán. A primeira hora da tarde xa coñecía eu o resultado da derradeira votación e, como o fallo do premio non sería até as oito, aproveitei para levar a cabo a primicia informativa que xa estaba, con anterioridade, contratada a unha empresa colaboradora. Era unha práctica habitual nestes negocios e non sei porque raios lle sentara mal a Emilio. Cada un defende os seus intereses e eu non traballaba por amor á arte. Gravamos unha entrevista no que figuraba ser o seu gabinete de escritor e deixei preparado un *fax* para distribuílo ás oito e cinco a todos os medios de comunicación. Tratábase dunha simple operación comercial; moi particular iso si, unha táctica que aprendera dunha axencia de publicidade coa que traballara en Caracas (Non sei que entende o Peregrino por “táctica”). Facilitar toda a información cando esta xa perdera o seu valor máis prezado: a primicia; esa inocencia do inédito e novo que move moreas e montañas nas redaccións e nos despachos. Así que utilicei todo o meu poder para garantir o éxito da montaxe e coido que foi ben doado todo isto. Eu tería, evidentemente, uns beneficios, pero os de Emilio eran infinitamente superiores. E que non me veña co conto da explotación, de que eu facía del un “negro”...

—No entanto o feito é que el se sentía manipulado, abaixado na súa condición criadora.

—Iso son parvadas. Fágame caso. Eu sei ben desa clase de xente: os literatos, os poetas, os intelectuais... Pensan que os intereses dos demais deben ser o seu “ego” e non paran a pensar que nós tamén debemos achegar o noso esforzo económico e, que moitas veces, eses investimentos son o resultado de sacrificios

persoais. Son egoístas por definición e, por riba, presuntuosos... Falo en xeral, por suposto; pero non era Emilio unha excepción. Coñecérao nos tempos en que ruaba por Madrid coma abelurio sen rumbo. Unha colaboración aquí, un artigo aló, un traballo eventual acotío. Aínda non estaba en *Robot*. Por aquel tempo acudía á redacción dun xornal..., creo que era..., ben non me lembro; pero para o caso é o mesmo. En Madrid os galegos, pouco máis ou menos, sabiamos todos uns dos outros e de que pé coxeaba cada quen. E o pobre de Ramallo tiña menos espírito que unha folla de outono abaneada polo vento. Eu crin nel. Deume a ler un pequeno libriño dunhas vinte ou trinta páxinas que levaba sempre no peto do interior da chaqueta e que trataba de emigración e, sobre todo, de problemas urbanos. Isto foi o que maiormente me interesou, pois xa estaba farto de tanto ruralismo negativo e obsoleto, como nos membros de “Brais Pinto”, que naqueles tempos pretendían monopolizar o noso panorama cultural coas ideas; iso si, que eu compartía plenamente, de recuperación cultural, nacional etc. pero nas que un botaba en falta algo de orixinalidade, de posta ao día, de medirnos coas tendencias estéticas do mundo moderno que xa estaba lonxe dos toxos amarelados, das viúvas choronas e dos carros de bois polas corredeiras. Emilio ofreceume unha visión distinta desde o punto de vista da linguaxe e do tratamento do texto. Era o que estaba a buscar. Cando fracasou a operación de Anxo Mendo, na que me metera da man dos de “Verbis”, lembreime de Ramallo e non tiven outra teima, con respecto a el, que de prepararlle o camiño para o triunfo. E este chegou con *Liliput*. Era unha obra na que eu interviñera decisivamente, con suxestións, con moitas horas de discusións e consellos, coa disposición do terreo editorial nos círculos con poder, coa campaña de dalo a coñecer previamente con outros traballos... Unha difícil tarefa da que non estaba, en absoluto, arrepenrido. Era unha ocasión propicia..., para todos. As vendas de literatura en galego medraban como a escuma en todas as feiras importantes. Galicia, por outra banda, estaba, por dicilo dalgún xeito, de moda no resto do Estado e, sobre todo, existía un gran interese político, por parte das autoridades, no asunto...

—Político? —interrómpeno sorprendido e xa desexando cortar a xeira de inexactitudes e mentiras que ía comprobando no discurso do auto—. Pode explicarme isto con máis detalle? Non entendo.

—Si, amigo, si. Había toda unha montaxe na que Emilio e eu non eramos máis que peóns. Un consciente e o outro, inconsciente. Verá, amigo: a primeiros de outubro do oitenta e cinco recibín unha chamada de “alguén influente” do Ministerio de Cultura e que me citaba en Madrid para unha entrevista ao máis alto nivel. Era ese “alguén” un funcionario do que recibira favores tempo atrás e co que había varios anos que mantiña contactos habituais... estrañoume, non obstante, pero non puíden sacar nada máis por teléfono que o día e a hora en que sería recibido. En calquera caso, sempre aguilloaba o meu interese por unha visita desa altura, e viaxei, non sen antes tomar as debidas precaucións, alertando a dous ou tres delegados de vendas de que estivesen atentos ás miñas ordes, en todo momento. A entrevista levouse a cabo na meirande intimidade: a miña “conexión”, a personalidade que me agardaba e eu. Propuxéronme unha operación de moitos millóns e o apoio incondicional, mais discreto en grao máximo, do Ministerio. Tratábase de promover un autor galego, co gallo de dálo vencedor do vindeiro Premio Literario da Hispanidade, como contrapartida política dos anxeios de cataláns e vascos; primordialmente dos primeiros, no espectro da pluralidade cultural do Estado Español. Explicaron os motivos, que respondían a serios estudos de especialistas en varios terreos da psicoloxía e de comportamentos colectivos e esixíronme dous condicionamentos primordiais: como xa lle dixen, discreción, ou, máis ben, segredo sumario do intervencionismo estatal, e fidelidade ao plano elaborado polo Departamento Técnico, de forma que en principio aparecese como un recoñecemento da madurez da literatura “rexional”, no fondo todo estivese orientado, en último termo, a loar a cultura hispánica na unicidade política da Nación. O monto total era de cinco mil millóns de pesetas, e o meu grupo podería moi ben obter uns beneficios cos

que xa podería vivir de rendas o resto da miña vida. Por outra banda, eu debíame a quen me estaba a facer a oferta e non tiña forza moral para me negar.

—Forza moral, dime vostede? Baixo cinco mil millóns?

—Os cartos non o son todo, amigo —era unha frase feita que o Conde adobiaba perfectamente entre tanta podremia como estaba a saír daquel bico de coello escachado que parecía ir asomar unha baba pegañenta polos cadeiros labios. Entendeu o que entón estaba a entender e ficou calado, agardando a miña próxima pregunta.

—Cal é o seu concepto persoal de Emilio?

Peregrino non reaccionou. Como se as miñas palabras non fosen con el, permanecía estático. Nin un músculo da súa cara expresaba a menor alteración; e coido que se ensumía nun proceso contraditorio polo compromiso de contestarme e vencer a mágoa que, comprendín, lle causaba a miña interrogante. Xogaba cun bolígrafo entre os dedos e coma droide que só tivese móbeis os brazos, mantiña o resto do corpo totalmente paralizado. O silencio do despacho percibíase nido no tictac dun péndulo nas sete e vinte e cinco. Esperei, agredíndoo coa mirada fixa, auscultando na súa figura de estatua algún indicio dos encontrados pensamentos que, a bo seguro, se estaban atrollando no interior daquela figura de cordobello que xacía no cadeirón de veludo.

—Xamais souben como era —foi a curta saída a tan prolongada paréntese. Logo acomodouse como atordoado, pampo na quietude da escena e deixou de revolver co bolígrafo, pousando as mans abertas sobre o portafolios que reflectía a tenue luz dos apliques elevados tras o asento de Conde.

—Era tan hermético? —insistín.

—Non, non era reservado. É que a nosa relación non chegou máis aló do formulismo práctico. Eu non pasei de ter un coñece-

mento superficial da súa forma de ser. Non estaba interesado en máis.

Conde é un pobre home que non sabe nin mentir. A súa incapacidade humana, que o leva a esa limitación da análise, era evidente. Todo quedara no simple negocio, na utilización material de Emilio, como se fose un animal de feira, e nesas circunstancias facíase imposible pedirlle determinacións máis obxectivas. As luces eran escasas e o seu interese nulo. Optei por solicitar, unicamente, os feitos puntuais e formuleille as cuestións como cuestionario de ambulatorio. Eran estas horas, datas e persoas, o esqueleto prosaico da composición valorativa que debería construír na miña historia dos milagres civís e do esplendor e caída de Emilio Ramallo.

Cando rematei, sentía un refoigo de benestar; un enorme callau de seixo que me estivese abalando por riba e do que fose liberado de súpeto. Peregrino non amosou ningunha condescendencia cara a min e, coa mesma frialdade con que me recibira, despediume. Tiña xa algo máis e, esmagado por tanta mesquindade e mainar, como se respiraba naquela furna da hipocrisía, pensei en botar un grolo co Fonso, que seguro estaba no seu campamento da “Pena das Ánimas”. E, como a noite invitaba a pasear, dirixinme alí no aire contaminado das rúas que, non obstante, me pareceron o lugar máis puro e limpo da Terra.

Emilio estaba no salón do reencontrado fogar. Eran as oito e media do serán dun venres de nubes fuxidías e o sol, empardecido entre clarencias salseiras da badía, desanimábase recuberto na difusa morte do patrucio de don Ramón á vista do mapa de Fontán. O contorno das ideas e a aura apracíbel, presaxiábase nas doces melodías de arrabalde dun tempo que lonxe debruzaba, tons de cidade sucumbida, unha radio no tobo do inmenso cribo de tella e folla de lata de seu firmamento urbano. Era o libro o único signo de vida, na secuencia de infinitos grises que poboaban a mente e a estancia. A fiestra, aberta de par en par, permanecía afastada de todo o interior, na fronteira permeábel do son que se substancia en silencio e puridade transferida desde o aire aos eidos imposíbeis de bucólica poesía de cemento.

Soou o teléfono e pousou as pastas verdes de *Arredor de si* na murcha cretona do trono das miserias.

Era Conde. Unha vez máis atronou co seu voceirón ao outro lado da liña:

“Emilio! Parabéns, rapaz! Felicidades!”

—Que...? Que parabéns? —preguntaba desconcertado. Collido por sorpresa, era aquel súpeto arrebatado verbal o asalto imprevisto da posición propia pola infantaría inimiga en plena noite e a medio dun temporal de vento e sarabia.

“O premio, querido, o premio! É teu!”

Emilio comprendeu. Era o triunfo. Era ese intre culminante da vida dun home que divide a súa estadía no mundo en dúas partes de nidia identificación: o Antes e o Despois; o Anonimato e a Notoriedade; a Miseria e a Riqueza; a Ignorancia e os Honores para sempre. O corazón late con forza. Grosas pingas de suor fórmanse na fronte e unha sensación de desacougo e de incerteza, invádeno desde as sens, sensibilizadas, até o tórax ensarillado no fremente formigo da ansiedade que lle impide articular palabra ningunha. Era a vitoria. A súa xenuína vitoria, a revelación de toda unha vida baixo a planta dos pés alleos; cuspidado, desprezado, represariado, escarnecido e humillado; que, agora, por fin, dicía ao mundo a verdade da súa condición humana, esa verdade que os demais desexarían ocultar e que, porén, provía como vendaval desa caixa de Pandora que formaban a envexa, a xenreira e a prevención da Humanidade Toda. El só, heroe dos Tempos Escuros, roubándolle a luz aos poderosos deuses, aos invencíbeis... Era unha gratificante recompensa ás noites de impotencia e rabia, aprisionado no recuncho do seu autoefecto e no arreguizo perpetuo da témera tiranía de incompreensión e de burla dos fortes. A eterna burla do home, de acuruxado fetal contra a parede da morte, retrocedendo ao empuxe dos presuntuosos, dos máis perfectos, dos máis fermosos..., aqueles que teñen a Vitoria como norma de conduta en función da mingua dos pobres desterrados da existencia. Emilio fora un deses desgraciados e, arestora, sentía, nas súas mans, o tacto xenerosamente fecundo da máquina de escribir e as veladas de bolígrafo e papeis en branco como amigos e compañeiros dunha epopea que, sospeitaba, estaba a piques de rachar todos os esquemas falsos que o enmarcaban na mediocridade. Un pulo de autoestima percorreulle todo o seu ser e, por fin, con intermitentes frases, non soubo máis que dicir:

—Grazas Peregrino, grazas...

“Paso decontado, canda ti. Parabéns!

Transcorreron os minutos na fiestra que sorbía o lusco e fusco do derradeiro día inmotivado. Renacen os luminosos



nubros nos últimos lampexos do sol, acariñado entre suaves bré-temas que comezan a turrear nos estiletos dos guindastres do porto, inzados viaxeiros das idades que, no relembro de Emilio, asomaban na mirada, por vez primeira segura e rexa, na uniformidade dos ollos fixados en recordos, que pasaban veloces entre os mainos sopros da brisa vespertina. Arredor de todo estaba unha atmosfera distinta, de aire prematuro e virxe, que era conxunto do seu pai correndo pola praza abaixo en persecución do tranvía de trinta céntimos, que desaparece na revolta de Panadeiras e o pavimento que queima no estío solitario de neno que non entende das estacións, máis que a sucesión de frío, calor e morna temperatura a pasar desapercibida; as “bólas” ou o “che” sen calendario, os “cromos” (“Os rapaces tragan todo”) e o aquel cine de calidoscopio encantado no que vivía Tarzán, Chita, Os Mosqueteiros do Deserto, a Cidade Soterrada, Fumanchú..., aquel lugar de movemento ficticio que era santuario da peregrinaxe dominical ás catro da tarde desapracíbel de todas as travesías, ávregos, coriscos e galgueiros dos meses sen final e sen principio. Aparecían as representacións estarrecentes dos seus espectros particulares; a noite que baixa dun teito de chumbo prateado nos anguriosos outonos de sardiñas aceitosas nunha barra de pan que pesa no estómago e mantén o sabor salgado de mares que non teñen beiramares; entre as dúas beirarrúas da súa nación de miniatura e el, como xigante dun Horbiger transunto da rexión das tebras, descubría o planeta nas insignificantes láminas de mica dunha pedra silandeira no solar abandonado, nas táboas podrecidas de humidade indimensional, de estares a arrecuncharse na superficie das cousas e fremes xunto ao corpo espido da biosfera sen máis ansia que estar a correr no tempo que semella deterse inmóbil na praza de árbores núas, na sólida invernia da nenez. Todo son lembranzas á riolada que queren expresar, en breves minutos, a valoración sintética de corenta anos sen ese ceo de roibén que, agora, está sobre a urbe vivificada; ilusión cromática do seu optimismo, agromado a través do fío telefónico, coma sementeira da terra amorosa, gardando os mellores froitos para a necesidade da chouza esquecida no páramo da friaxe.

Emilio, exultante, tentaba cinguir o mundo e engulir o espazo ilimite da atmosfera e do que quedaba na súa epiderme curtida de careixa suave, entre vidros de transparencia e o recinto vital dos cumes da cidade a lufar no vento da desolación.

Abriu a porta a Peregrino e, sen dicir ren, recibiu un saúdo, metade aberta e metade abalón, que o levou case ao centro do cuarto, canecendo na esteira en perigo de perder o equilibrio e dar cos ósos no chan. Aínda o editor pousoulle dous frenéticos ósculos nas meixelas e coa rebenta alegría baixo o hitleriano bigote, amoestouno polo seu primitivo escepticismo e por aquela continua infravaloración que facía da súa propia persoa, que non sabía se interpretar como un exercicio de cinismo ou como un auto de convencemento extraído da pequena consideración que tiña o Emilio de seu.

—Santo Tomé..., Santo Tomé..., que es un pesimista crónico —palmexoulle a cara suavemente—, con que non tiñas confianza en ti mesmo, eh? Pois xa o ves. Se non fose por alguén que ben che quere...

—Non sei que dicir... Pero, a ver, cóntame como foi, dime, fálame, por favor.

—Está ben, coitadiño, está ben. O xurado foi unánime... entendes? Unánime!. Levaches todos os votos e non houbo, apenas, debate. Todas as votacións precedentes xa prognosticaban o teu triunfo, pero ningunha tan completa como a última. Eu estaba pendente, en liña directa cos meus axentes en Madrid e ía recibindo as noticias a medida que progresaba o proceso. Non quixen darche esperanzas, nin chamarte sequera. Era algo que eu debería asumir en solitario, pois por algo fora o que che “embarcara” no asunto e a incerteza das boas novas sabía que te alporizarían sobexamente porque te coñezo máis que se te parira e sei que serías como un flan en canto entrases no xogo da espera. Agora hai que pórse a traballar, que nos resta moito camiño. Non tardará en vir a prensa, a televisión; e xa sabes que é preciso

cumprir... Es un home público e, como tal, estás na obriga de te comportar.

—Iso é o que menos me atrae. Estas trécolas dos medios de comunicación fan parecerme coma un coello de Indias nas portas do matadoiro, para servirles de material de traballo simplemente, coma obxecto a auscultar e sacarlle todo o zume que lles peta.

—Tes que aprender a vivir no consenso social. Ese é un dos baseamentos da vida pública e, agora, non só te debes a ti, senón a todos os que creron en ti e naqueles que toman conciencia propia na túa figura. Tes que fechar os ollos interiores e amosar soamente a pel da cor que eles queren ver. Comprendes, amigo?

Emilio, mal que ben, foi comprendendo. A eterna roda das decepcións, tan curva como o Cosmos relativizado, asomábase de novo na aceda realidade a medio daquelas horas rebordantes de esperanza, trocándose en mouros fumes ilusorios que o levaban ao lene espertar da próxima agonía, das certezas limpas e puras nas que vivira, no horizonte da fiestra renacente no lusco e fuscocunhas nubes luminosas e amábeis.

De costas a Peregrino, ocultou a seña de tristura. Mais, o seu rostro, só visíbel polas pantasma que moraban na habitación, retraíase na penumbra inqueda dun senso que se explicaba.

—Son un prisioneiro, non si?

—Pero, que dis...! Un prisioneiro? Estás tolo, amigo. O teu cárcere está dentro de ti e angústiaste incomprendiblemente. Que diaños che importa facer o teu papel diante deses lacazáns, se te podes rir deles no seu nariz? A gloria e o esplendor xorden unha vez na vida e hai que aproveitálos... Non sei quen dixo esa frase, pero gústame. Alá, a traballar e non matines máis en parvadas! Ánimo, amigo meu!

Emilio deixouse ir. Entrou no servizo e dispuxo a afeitarse. O espello estaba alí. Testemuña do desasosego e da traxedia que

Ile bulía, de novo, no interior. Milleiros de temores asaltaron aquela imaxe plana e impenetrábel. Os medos que pedían o seu lugar na representación e o Conde Raña, faladoiro de muller enfeitada enchendo o espazo sonoro de pano informe do seu patético teatro de simulacro. A pantomima estaba servida e regresaron os recordos no busto recoñecido de reflexo e cristal azougado. Os outros tempos de camiño longo, que estaban a percorrer no seu cerebro multitude de sombras imbricadas na aflicción dun paso adiante que era retroceso no poema da Penélope dos Castros verdecetes. Topouse vello. Por primeira vez na súa vida, reparou nas engurras que estiñaban o frescor do cute, esfumándose xa nos vieiros da decrepitude que lle irisaba a froia, alongando a abertura dos ollos superficialmente até os fofos mollos das meixelas, na murcha comezada en flores dunha primavera que se agosta na seca do tempo imparábel.

Ollou aqueles cabelos cercados polas grandes entradas e as pupilas que aínda conservaban o vigor, espidas de anteollos e lentes de contacto, rutilantes nos últimos e aceirados portes no escintileo da súa imaxinación. Mais, a Emilio, antollóuselle ver nelas o lastimoso movemento da cola, afouto e tristeiro, do animal que impa apresurado os derradeiros alentos en presenza do matachín. Non querendo interpretar aquel inestábel relanzo do seu pensamento, afastou a mirada do mudo reclamo, tomou a brocha e a máquina e encetou, devagar, con moito vagar, aquela cerimonia de entretemento que agardaba longa; acalando, paseniño, os agoiros témeros que se estaban a manifestar coma trasgos dunha relixión oculta e dunha liturxia de malos ventos e cubelas de morte e sangue.

Estarreceuse. O inconexo do concepto de futuro e todos os sufrimentos do seu pasado, concentráronse nun só latexo de estremecedora tralla. Apoderouse del o lado máis negativo, esa negra forma de celobre insinuante, sólido e compacto. Sentou na bancada do servizo, apoiándose no lavabo. Saloucou en desagravio do que agora xa non rexía de interpretar correctamente no caos en

que todo o seu contorno se estaba convertendo. Sentir que os obxectos, as ideas e as persoas escapaban ao control e que ese enorme magma de cousas, pensamentos e homes eran mestura dos mesmos materiais e irregular contextura, incomprensíbel e hostil.

Emilio non tivo forzas. Un peso amolábao desde a cabeza aos pés. Aquel mozo baril, donairoso, era, arestora, un home maduro, vello esmendrellado no curruncho dun retrete, acubillado contra dos azulexos e tardo de reflexos e movementos.

Axudándose na escorregadiza pátina de brillo albeiro, intentou levantarse e conseguiu, logo de dous intentos. A cara, a medio escumar, presentábase ironicamente ridícula e pensou, por toda reflexión filosófica diante da súa propia carauta: “Imaxinémonos cagando a Cervantes”.

Esbozou un cruel sorriso.

Agora virían os parabéns dos coñecidos, as apertas que xamais desexara, as fotos de moitos “amigos” que pasarían á inmortalidade a carón seu, e os innumerábeis “intelectuais” que, agochando o acibre da envexa, abrirían os dentes en ambiguo rideiro salferido na noxenta baba de fel envilecida, na mentira e o afogo. Sería o tempo das serpes e os mascaróns, de cámara de televisión deificada nunha ara luminosa de millóns de espectadores e dos libidinosos monstros do século final na elección dunha estúpida apocalipse que se arreguiza no universo de excremento ionizado, como motor último de todos os actos e de todas as motivacións. “Eu son, en fin, o cagallón máis senlleiro de toda a merda do país”, foi o pensamento postremo antes de rematar o seu labor no servizo.

Cando saíu xa estaba o Peregrino acompañado de Ramón Traselles, un antigo colega da revista *Robot* que agora traballaba para á *Look* do Merino Blas e para dúas ou tres publicacións do Grupo Sierra, un “multimedia” que estaba a irromper no mundo da prensa coa forza que lle prestaba o seu íntimo vincallo cos

irmáns Cabot Arriaga e o *holding* internacional do magnate Huberturs Schweitzer. Era un individuo de difícil catalogación que sempre se distinguira por unha “espléndida” independencia de comportamento cos compañeiros e unha “perfecta” submisión aos ditados dos que mandan e dos que pagan. Toda a súa deontoloxía profesional se reducía a tres palabras repetidas acotío e que, lonxe de facerlle saír as cores á faciana, pronunciábaas con fachenda e satisfacción: Lealdade, Entrega e Traballo. Traducindo: Lambecús, Pelotas e Loamiñeiro, ou, se me apurades, máis identificación co seu historial de avilanoado “Don Ninguén” con vergoña da súa propia identidade. Esa triloxía de Deus, Patria e Rei, que aínda resoa nas descargas dunha gabia de Pimentel, baixo o pano escurecedor do silencio e a ignorancia. Emilio sentiu un vómito cando veu a semellante persoeiro; pero, repostado decontado, gardou as formas e saudouno cun frío e solitario: “Ola”.

—Aquí está ben... A ver, este plano; ten boa luz. Ti, vai aló e fai unha toma...!

O Treselles daba ordes a esgallo. Mobilizaba os elementos da filmación, en mans de dous axudantes de pouca idade e probada docilidade, argallando a “atmosfera” propicia da sala, para construír a exclusiva de Emilio Ramallo, respondendo á prensa tras a noticia do premio, enfiando, en todos e cada un dos detalles, a idea preconcebida que “vendía”, como non cansaba de farfallar o Monchiño, como era coñecido nos medios da profesión; de que un escritor “galego” acadase tan alto galardón das letras hispánicas. Un feito de signo enriquecedor da “nosa cultura” e dos petos oufanos da tremoia cativa das editoriais e dos distribuidores que, o encerallador consumado do Conde, xa tivera bo modo de amañar coas meirandes garantías de proveito. A escena estivo preparada en poucos minutos e unha señorita de lánguida figura e balorecida maquillaxe apareceu cunha maleta de “neceseres” disposta a preparar o rostro de Emilio. Era o mesmo rostro, que, un anaco antes, permanecía enfrontado no espello do cuarto de baño e que agora debería responder a todas as parvadas

que se lle ocorrían ao “presentador de altura”, serio, enamorado no seu ficticio personaxe, circunspecto e minorado, que comezou cunha frase moi orixinal:

—Que trata de dicir vostede a través do texto premiado?

Sen comentarios.

Aínda Emilio tivo un azo de honestidade e díxolle polo baixo a Conde:

—Peregrino. Isto non me parece honrado. Unha primicia informativa debe dar as mesmas oportunidades a todos.

Atallouno coas palabras esmagadas entre dentes e disimulando habilmente como que lle desengurraba a chaqueta:

—Cala, coño... Cala e disimula. Xa falaremos...

A entrevista era para unha canle privada de televisión. A Axencia LTD (lease “*Look to Day*”), vendía o seu produto ao que máis cartos puxese sobre a táboa. E non só o seu produto, senón o máis xenuíno enfoque que “pagaba” evidentemente da sutil introdución nos fogares inocentes e desarmados. Era a manipulación subliminar, os últimos tentáculos do inmenso polbo do intervencionismo informativo, modelando o todo en toda a súa extensión, tanto física como intelectual. Emilio, era pois, un obxecto máis de consumo, que estaba a ser programado por aquel prototipo humano de “*after shave*” irresistible sorriso diletante, amofado en “discreto” traxe de grandes almacéns triunfadores e unha interminábel xeira de absurdas interrogantes que servirían de soporte á montaxe final. A portátil estaba lonxe e todo ficaba reducido á proporcionalidade absoluta da dimensión comunicativa, como obxecto escuro dese deseño da realidade que conformaba o “traballo” daquel fato de monicrequeiros de camisa “nova” ao servizo do somnífero mentalizador da cidadanía. a mensaxe non era, exactamente, o medio, senón, xustamente ás avesas, o medio posuía o valor en si mesmo desa propia mensaxe. Non era

o contido, máis ben o continente, o importante. E o Peregrino adobiaba os minutos asexando furtivamente cada movemento, cada respiración, cada aceno do seu coello-escritor, normalizado diante da cámara e recluso da acción que exercía o aparato ostentoso mediatizador do mundo da pantalla naquela bufonada de posibilismo inmediato, físico. Non perdía detalle e, nos ollos de escacho, reflectíase a eficacia demoledora do gran decorado en que se falsificaba á operación. Emilio era consciente disto e asistía, sorprendentemente, con obediencia, destemperado e, ao mesmo tempo, resignado, á aquel espectáculo circense, respondendo, unha a unha, ás vacuas demandas que ían debullando do cuestionario, sabe Deus por quen confeccionado e que era un prodixio de paradoxos e de profusión de voluptuosas verbas e baldeiros significados.

Rematou, logo de máis de dúas horas, aquela especie de baño turco televisivo e principiou así a súa alucinante carreira de vencedor público entre os loureiros de gabanza, carrolos agarimados e indiferentes contabilidades de escuras calexas burocráticas. Todo confluía, en fin, no sendeiro converxente da figuración como pauta de conduta e a imaxe independizada no seu real contexto, como única forma de comprensión. Era a simbiose prefabricada do Poder e da Gloria. O recatado poder do Conde Raña e a efémera gloria do coitado Emilio que até chegou a pensar..., bo, que nin sequera pensou, hom...!

Saíu entre o fume e o gozo da importancia de se chamar como se chamaba e, xa na porta da súa casa, estaban varios centos de “idólatras” acudidos en clamor da “rabiosa actualidade” que salientaban os medios de comunicación, baixo a cautela protectora do Peregrino e do Blas...

—Saúda, saúda a xente, Miliño... —cuincou ao oído do seu prototipo.

E, Emilio, saudou en olor de multitudes antes de montar no coche que aparcaba en vehículo de carro vitorioso coroado en



arco de flores cementeiras e odas de monóxido de carbono, recitadas polos bardos de cabreo e “*stress*” dun atasco en melodía de bucinas, insultos e obscenidades. Era esa a recepción con que a cidade se rendía a súa maior Gloria das Letras, no seu paseo de honra pola Avenida Inmortal das calzadas cheirentas e abafadas en présa e furrica. O fedor era insoportábel e tivo que volver a mirada para non afundirse, definitivamente, na inferneira da confusión en que convertera o Home, a Natureza inspiradora da súa sensibilidade.

Mentres sentaba xunto a Conde, pensou se non sería mellor deixar de pensar no que estaba pensando. Era isto, en si mesmo, un pensamento tamén digno de consideración. E tomándoo ao pé de letra, encostouse molangueiro e botou as pálpebras intentando baldeirar o seu cerebro como a sangría do físico pretendía, noutros tempos, a limpeza do corpo das impurezas que o infectaban. Todo se resumía, en definitiva, a unha sinxela operación de profilaxe mental.

Merino Blas, instalado á beira do condutor, non paraba de dar ordes, de programar, de falar sen pausa, como agrúo riacho de sons que apenas atendía Emilio, firmemente decidido a isolarse, aínda que fose por escasos minutos, da turbulencia exterior.

—... á Radio Cometa para o programa rexional...  
Salgueiriño agárdanos ás once no periódico...



Era unha situación absolutamente nova. Xamais experimentara aquel sosego profundo de non ter medo a cruzar a porta e asomarme á fiestra. Nunca fora feliz na miña vida. Nin un só minuto. Nin sequera nos intres no que todas as persoas identifican a felicidade con actos máis ou menos importantes: a voda, o graduarme na Escola de Información, o que chamamos amor... Sempre había algo que alfeaba a reducida dita que sintetizamos, ás veces, en anxeios conseguidos, en logros daquilo que fose obxecto do noso desexo. Sempre había ese “algo”, un algo con maiúscula que era espectro sen nome aniñado dentro de min e que trocaba o bonito futuro. Escuro e arrepiante cadro de incertezas e apelacións ao sufrimento que era o que me gravitaba en verdade, esmagándome como unha grande lousa e, tolleito en min mesmo, como gato amedoñado baixo o chasis do coche de aparcar en noite dun cotobelo amoreado. Ánimo encollido de toda a tristura de tempo intemporal que ía desde a nenez de lembranzas tanxíbeis, en temores e indefensión, até o presente de medos terminais e responsabilidades infecundas. Agora era distinto. Por primeira vez abría os brazos aos días vindeiros e respiraba tranquilo, en xanela grandiosa dos barcos e guindastres no ceo de todos pareceres fermoso e habitual. As máis cativas criaturas do mundo non me eran hostís; as nubes non presaxiaban máis que choiva e o sol, cando quecía a Terra, era expresión da miña propia ledicia... Os nenos corricando no xardín, as xentes que paseaban na solaina das tardes apresuradas, o tránsito despótico... As horas serodias do pasado, revividas no presente, sinónimo de fazañas superadas, e entendía un equilibrio do que

María seguía a ser a clave sensual da prosa cotiá, como a carne fresca do crepúsculo de Miño, e o tempo parecía volver en vagas galgantes de nova confianza, dun corto dominio que solidamente se instalaba en min.

Pasaron os días e as emisoras de radio, a prensa, a televisión outra vez e “mira que ben te sacaron nesa toma” dicíame de cando en vez, María do Carme, sentada ao meu carón, orgullosa, que consideraba a existencia do seu pai como algo cargado deses valores que eu, até entón, non avaliara na súa verdadeira dimensión. Valores que me foron alleos, aínda que os recoñecía a distancia noutros seres, noutras xentes que pasaban á rúa no domingo de verán, na boria de nenos aguillando derredor de suorentos papás, cansos dun día de descanso e, non entanto, pagados naquel balbordo que identificaba unha nova versión do inferno urbano. Aquilo presentouseme, en todo tempo, como material nalgures, na miña metafísica pretensión de practicar un reduccionismo cómodo e requestado. Concordancia coa doada posición de observador indemne desde o exilio que, agora, xa non era desterro na análise ponderada, senón motivo de íntima vergoña. Así, desbotaba do meu pensamento nada máis amosarse os recordos afluentes na inconsciencia de horas que arreitaba con teléfono descolgado, as persianas descendidas e un prisma de isolamento da realidade, convertido en sala de resistencia silenciosa. Axotada e escorrentada. Bataiola de proxección pública en que se trocou o meu diario asomo ao exterior. De Conde que estaba en todo, nas innumerábeis homenaxes institucionais, privadas, de colectivos culturais, de invitacións xamais maxinadas das “forzas vivas”, que non oíran falar de min, e tan sequera repararan nun nome esquecido nas páxinas de *Robot* que paraba unha e outra semana en temas que non representaban máis que a fachendosa carauta da súa ignorancia crónica. Estaba no lugar da roseira cor e non había dúbida que algo fermentaba como monumento de enerxía primitiva, elevado na Praza Maior da Terra na miña honra. Eu era, entón, soamente un punto concéntrico no embigo cósmico de mutante feliz. Un firmamento de plácido luar en luminarias de

arrañaceos, esvarando na tona burbullante do serán tranquilo de setembro. Eu, en fin, estaba no cenario de abstencións e conformismo e, na cidade que dorme ao arrollo dos bazunchos satisfeitos, a desexar integrarme neles, como ilustre membro da derradeira orde do desleixo e a máis pecaminosa concupiscencia. Era un firme candidato e pedía a berros, sen son, o meu ingreso en tan delimitado círculo. O círculo que conformaba esa cidade e era badía de silencio contemplada todas as noites coa luz apagada desde a varanda amiga das penas cronolóxicas e do agutio de angustias vividas alí mesmo. Concordábame nos grandes pensamentos e nas pequenas cousas que formaban ese devir vital de rolo de papel hixiénico, de chanzos que rinchan como, en todo momento, o farán nos recordos que xa non moen na alma, das caras iguais, réplicas deses espantallos da parada do autobús, copa de augardente ou un fumazo de tapa de callos, arremedo, no seu emplasto de prebe, do distinguido aperitivo dun “bíter” soerguido aos altares de pantalla adormentadora. A mente íaseme en fantasías imposíbeis e a orixinalidade de miña produción intelectual, autorrecoñecía sen que tomase un papel ou un bolígrafo ou a “portátil” para todo aquel enorme caudal de ideas. Ideas que me asaltaban na preguiza das longas tardes solermiñas; horas perdidas; horas sen interpretación, ocas, fútiles... Só, cando o teléfono soaba, e a voz de Conde estaba ao outro lado do fío, un descordo súpeto afundíame o ánimo e os antigos monstros, que agardaban dentro, remexían todos os raios, lumes e lóstregos, a rañarme durante segundos as paredes interiores do tórax. Estraña sensación de desacougo pasaxeiro, de medo incombustíbel que me traía a súa presenza... Logo, todo volvía ao seu estado, ás mesmas horas, ás mesmas tardes, de longo, baldeiras, inútiles...

María retornaba máis cedo. Acompañábame a todo e en todo. O traballo na Fundación, dicía, reducíase a mínimos, por mor de esgotarse o orzamento e soamente asuntos de trámite entretíñana apenas tres ou catro horas. O resto da xornada estaba na casa ou, coma xa dixen, nos moitos actos a que acudíamos practicamente a diario. viaxes, recepcións, comidas...; era tan fer-

mosa como Azuzena cando se presentara na discoteca inesperadamente, intentando conseguir, de xeito definitivo, a Daniel. Ela conseguíuno e, María estaba en camiño de recuperar a súa estabilidade. Do pasado fixeramos votos mutuos de non falar xamais e cumpríámolo escrupulosamente... Mantiña ese doce sabor da plenitude no seu físico, como unha froita satinada na pel de milleiros de brillos recendosos que vagan no ar do tempo curtidor da beleza perfumada de idade e, cando permanecía perante de min no solpor dos días suaves, era un remanso de memorias prateadas e furtivos cabelos que, rebeldes, comezaban a arxentar aquel autorretrato da miña xuventude.

Miguel presentaba unha equidistante discreción, que era de admirar. Saía da casa a primeira hora da mañá e non regresaba até despois da media noite. Entrara a traballar na oficina de Conde. Como concesión polos meus servizos... E digo o dos meus servizos, porque o tendeiro de letras, non disimulaba, en ningún momento, a ledicia que lle producía a excelente venda dos exemplares da obra no mes que seguiu á concesión do premio. Máis de sesenta mil libros e unha nova edición xa preparada no prelo, facíanlle refregar as mans ao pé da consola do seu ordenador, que era consultado tan frecuentemente como esixía a insaciábel voracidade da súa cobiza. Meu fillo, estaba seguro eu disto, rexistraba, día a día, mellor concepto do seu pai. E iso enchíame de lexítimo orgullo. Pois entendía que entre a súa seriedade e o aquel aire de indiferenza se acochaba un proceso de recomposición interna, de certo reencontro equilibrado; o que me producía esa satisfacción íntima, que permite de nos relaxar tranquilamente no sofá e abandonar, no descanso, os pensamentos e os charutos consumidos na desidia e nos cinceiros baldeiros. Esa postura na que María do Carme me atopaba na sobremesa de media sombra, ollos penumbrosos e corpo insensíbel, cando ela era coma tomballón de portas violentas no atronar dun “Ola” inmenso, depositado no beixo de espertarme no idóneo dunha hora na que xa debería estar en pé, paseándome nos mornos raios da tarde de gai-vota e xardín, repetida e repetida e que non cansaba por máis que

sempre estaba na mesma dimensión cromática, de idéntica análise, de igualatoria visión de casas e xentes.

Así, o tempo non era distinto e as cousas, pensaba acotío, sentaban xa no seu eixe. Todo encaixaba perfectamente e facía planos, proxectos, ilusións renacidas desde o fondal do esquecemento, e estaba a sentir esas arelas que un día serviran de alicerce a toda unha montaxe ideal da miña utopía que, como todas as utopías, protagonizaba referencia dinámica dun posibilismo racional. Eu non era máis que unha manchea de principios. E, con esta bagaxe, estaba disposto xa. Todo o que pandaba arredor meu se expresaba en sensacións novas, de diferente óptica, así como unha outra aprehensión... O sucedido dos pequenos motivos lévamos a artellar unha teórica propia que, paseniño, se converte en toda unha cosmogonía subxectiva, interpretada desde o noso punto de vista como universal e, a través desta distorsión, cremos ter unha panorámica absoluta do escenario material no que nos desenvolvemos. Iso era o que, hoxe en día comprendo, me estaba a suceder. Un soño fisicamente certo, pero que non posuía máis que un personaxe, que era eu. Todo o demais sería fume de vigueiro que, esvaecido na careifa temporal, non deixaría marca nin pegada ningunha. En suma, estaba nun arremedo da miña propia ontoloxía persoal e era, sen sabelo, obxecto da máis profunda ignorancia. María, Miguel, María do Carme, Conde, Merino Blas, Azuzena, Daniel, Esmeralda...: pantasma dunha onomancia imposible, que cegaba o futuro no anxeio insoportábel de coñecer até o máis distante lugar común da felicidade ou da aflicción. Sombras oníricas que me presentaban un rostro na estampa de soños dos que tentaba apropiarme e que consentía como lenitivo do pasado levitando sobre min...

Así dicía que pasaron os días e os medios de comunicación, e xamais sentín de novo aquel sosego de non ter medo... Mais, cando, nalgunhas ocasións levantaba a cabeza, e a luz de fóra derrancaba adoito nas corneas, non percibía máis que a escuridade residual, as sombras que pelexaban á defensiva, os exércitos

derrotados que estaban a recompoñer as súas fileiras... Eran xinetes de faceiras sanguentas e cranios espetados nas lanzas, ollos de lume nas tebras e o firmamento vermello que fumega en nubes de amoníaco. Que pasan veloces, arrogantes e na indiferenza estarecente de pregoeiros do Armaxedón. E cerraba as pálpebras e xa desaparecían. As miñas mans limpas, o piso de terrazo vello e lixivia, as horas que entraban en balbordo da Némesis imparábel... Aquela era a verdade! E sentía a porta, quizais sen ouvir máis que o pulso de meu corazón arelante:

—Ola, María do Carme! —ou— Ola, Miguel!

Iso era todo.

#euquedolendo  
#baíaconnósnacasa



O día que lle comunicaron a Emilio o seu posíbel nomeamento como académico de número estaba triste, esmorecido e derrubado nun cadeirón permanente de fiestra en nubes que esco-rrenta o último sollío da tarde. Eran as mesmas horas de premo-nición que afacían repetido cotián de agoniar no esplendor de derrota, único xeito de enderezar a súa vida de transición entre ese ceo e ese inferno de soteladas soidades e de mudas lembranzas impotentes. Toda cor do tempo que pasaba resumía un retor-no imparábel á negativa esencia da súa andaina humana. As mans, preteridas de humidade que xa estaba presente no sobrelu-me, indicaban o futuro de declive que, día a día, e máis aínda agora, se embebía en actitudes desavezadas desde teor; así, esba-goado nunha ladaíña calada, eterna, perenne, constituía el, desde alí, toda a paisaxe na que xacía. Emilio era, logo, o vidro, a xane-la, a alfombra, a mesa e, quizais, a luz acesa do centro da habita-ción que o rescataba, en cada crepúsculo, do atavismo indescribí-bel dese medo acugulado na súa gorxa que mesmo semellaba tollelo en toda extensión dos ósos e das entrañas.

Desde había varios días agardaba que se abriera a porta e que un Godot, sen face nin figura, entraría silencioso canda si. Especie de redentor das tebras, do que non sabía cousa porque, neboento entretecido, viviría no asexo da súa persoa. Necesitaba pensar no seu mesmo ritmo e estaba a desexar os seus iguais des-exos, na idéntica cuantificación da coitada realidade máis angu-riosa, se cabe, na autotranscrición a unha escrita que non existía máis que nos seus miolos. Pasar o tanxíbel ao pentagrama da folla

branca que, deitada en táboa dun bolígrafo e un dicionario, durmiría no eterno da invencíbel anodinia...

Coa afeitada liturxia, Peregrino comunicoulle a nova. Era intención dos cóengos civís da sinodal trangallada, nomealo tite-riteiro das letras e a gramática. Na vindeira reunión do día..., etcétera, etcétera, etcétera. Colgou o teléfono e case deixou ao mercador de ideas coa palabra na boca. Non podía seguir adiante. Era demasiado grande o poder da súa mala sorte, do fado esquivo, para oporse con limitadas garantías de éxito. A piques estivo de gomitir, entre monosílabos de: “Si...”, “Ben...”, “Grazas...”. E, así, colgou efectivamente con gañas. De deixarse caer de novo na cadeira de brazos e de non pensar, por enésima vez, que non lle conviña máis que non pensar. E todo o que conseguiu era ver, entre imaxes ilúcidas e esbagulladas, os episodios máis ferintes dos últimos días. María do Carme e Miguel racharon o feble equilibrio. Era norma, pensaba, mais, aínda dentro do que coidaba como imposible, quixera demorar o inevitábel. Sempre arelamos demorar o mal, a ver se, mentres, a morte nos libera da súa chegada. No interregno, un infarto, podería darlle a vitoria ante os seus verdugos.

O domingo, María estaba na cociña, sempre a cociña, a mesma cociña de todos os dramas e cosmos reducido da traxedia colectiva do pobo. Preparaba un café. María do Carme chegou ás once e, caladiña e hostil, sentaría na película de Peckinpah, andando a tombo e ás carreiras de deuses xusticeiros no épico coche que renxe na dourada xungla dos patricios universais. E, na escenificación derradeira da velocidade da luz comprimida en dimensións humanas, María do Carme foi, por uns intres, a pantalla e os reflexos treinantes de metálicos policías dunha noite nos Ánxeles, cando a lei reverte dos serodios folios de códigos, aos amortuxados faros dun pesadelo de futuro que comprendemos como próximo, inqueda...

María revirou a mirada e Miguel estivo, entón, preto da porta. Era un deses momentos nos que os sentimentos, levados de com-

pañña na acidia do cansazo, se fan presentes do propio aire que se alenta, en calello dos nosos presaxios mestos, de vagos signos de adversidade. Dúas persoas así, fronte a fronte, recatan todas as anti-gas birras e mutua agresividade, en silencios suaves pero firmes e inapelábeis; revive e asaña, de socato, acadando un estado de dinamización deses sentimentos que remata no estoupido dos máis recónditos motivos de empecimento, vinga ou, en todo caso, de violenta relación co que, até o día, é soamente un contrario. Todos os ingredientes estaban servidos e non había máis que agardar a pequena lapa no chouto do lume, para que provocase un incendio.

Non falaron, pero transmitiron todo o que estaba a se colmar. Toda a xenreira reprimida dentro de cada quen. O café era amargo e o cheiro do corredor, de cochinchas podrecidas... Pano sonoro seguía a ser o monótono estalo dos disparos no televisor e o leve zarzallar da chuveira no cristal da claraboia. A luminosidade, que pasaba entre a estancia, só era a claridade esvaecida e residual do día. Este non podía vencer xa a sombra na que se sumía toda a casa...

María retornaba á ela mesma, unha vez máis, e a tensión, sen aparencia lóxica, dominábase no chucho dos gotos chirriscantes de cunca e o tinguileo dos cubertos.

—Que pasa? —dirixiuse a Miguel, altiva, estirada.

Non houbo réplica. Impaba o rapaz e permaneceu firmemente a recoller toda a carga emocional que emitía aquela contrita e desabrida face.

—Si, que pasa, que miras?

Miguel, entón, reaccionou. Como un resorte foise á María e, tomándoa polos ombreiros, cravoulle a firme mirada de outrora; esa mirada que é máis significativa que as palabras e que traspasa todos os sentidos. Significación que non se rexe pola voz...

—Ti es unha frustración vivente e non podes soportar o ben dos demais. Quixeras verme tirado, coma un farrapo, por aí,

derrotado. A desgraza allea é o elemento que dá vida ao teu compromiso, porque a propia impotencia che impide acadar os desexos insatisfeitos que están a amolarte de continuo. Odias a todos os que che arrodean; odias o mundo, ódiaste incluso a ti mesma. O odio é o teu segredo e o teu alimento. Desbotas nos outros os teus fracasos e sempre tes xustificación.

María era a rabia. Empurrou a Miguel e deu comezo a outra daquelas escenas tan frecuentes que eu, na miña inocencia, pensaba xa desterradas das nosas vidas. Fora de si insultaba, botaba en cara feitos pasados, zarapallaba ás portas e os móbeis... Miguel veu canda os presentes e bicando a María do Carme, serio e sen que fose visíbel un demudamento notábel na faciana, dixo:

—Non sigas, papá, non sigas.

—Miguel... —María do Carme levantou fremendo. Deulle unha forte aperta e, cos brazos arredor do seu colo, non deixaba de saloucar e de pronunciar verbas incoherentes que se perdían, xordas, no xersei do irmán.

—Non sigas, papá. É preciso tomar unha determinación.

Erguinme e quixen intervir. Era consciente de seren máis xestos testemuñais que algo efectivo. Tratei de impor un elemento de sosego e apelei ao raciocinio, pero xa era tarde. As furias estaban desatadas e todo resultaba consecuencia desa devandita carga emocional que acumularan os residentes da casa nos últimos tempos e que só os acontecementos positivos da concesión do premio e o conseguente bulicio detiveran eventualmente no seu estalido. María nin reparou en min e non faltou nada por agredirme, cando intentei facela reflexionar.

Miguel, outra vez, marchara da casa. Deixou aquel temporal que non tiña, aparentemente, motivo lóxico no seu desencadeamento formal, e no pranto de María do Carme; outra vez, plasmada no cadro de noitebras de sala, manifestouse todo o malfado da miña vida. Presentín a indefensión como forma definitiva do

porvir, dun porvir que era a traza debuxada no vento da incerteza. Regresaban no remuíño do imprevisto os novos díaños, e, coma un nifroso demiúrgo da traxedia universal, procuraba atopar no caos a pequena lumieira, oculta pola presenza da dor e os acedumes.

Miguel deixou nas escaleiras a sordidez dos derradeiros pasos como despedida. Escoitei un seco golpe, outro seco golpe, cando zorregou á porta de saída, outra zorregada máis na porta, e corrín á fiestra. Quixen velo. Quería saber, por non sei que razón, a dirección que levaba.

Soamente un can zoreto, amedoñando os gatos atobados entre os coches, era signo de vida na noite de dúas bochas de lán-guida luz; agardando, tamén elas, a final do seu tempo nas desazadas casas do meu barrio condenado. Miguel e os gatos eran, así, exiliados da única terra sen habitantes. Explorei na penumbra e crin percibir ruído de pasos que se perdían nun esquinal pero, quizais fose máis desexo que certeza, pois cando o silencio volveu en toda a súa magnitude e o vehículo que o rachara desapareceu, estaba todo exactamente igual que aquel día que quixen reencontrarme co meu pasado, só nas rúas cegas que camiñaban cara a ningures no mesmo barco ca min...

María estaba a facer o seu cometido. Cos nervios ceibos, arrombábase agora nun curruncho do corredor. Era a interpretación do suceso e debería aterse a ela.

María do Carme, insolitamente, calaba. Hermética. A ollar fixa nun punto indeterminado do espazo non daba opción a lle preguntar; a que eu puidese falarlle aquilo que se me remoía no corpo e que examinaba nun punto de vista, tan exacto, que só a desesperación pode propiciar na súa sinxeleza. “Por que?, interrogueme. “Por que as cousas son como son?”. Era ese lapso reflexivo, en descubrir a calma tras a treboada das almas arroutadas. E o mesmo manto de escuma diluído na traxedia do naufragio en sinfonía dun Vivaldi destemido sobre as augas que ofrecen

á outra beira dos sentimentos encontrados. Todo podía ser distinto e, no entanto, a adversidade, como viscoso pouso sen forma nin medida, modelaba negativamente todas as xeiras da miña vida. Esa filla, impávida en drama entre cortinadas de teatro florido, era cómico impotente da incomunicación arrepiante a que estabamos abocados. Un limiar sombrizo, unha folla de madeira couzada pola do corredor, as morriñentas luces da sala...; o esmorecido xeral que embeleca a última tristura dunha ilusión que non callou e que anguria, como soporte sintético das nosas insuficiencias, planeaba perpetuamente nas palabras, nas ideas e nos pensamentos.

Alí estivo durante horas. Esperta na provocación do seu estatismo. Allea á presenza de María que utilizaba unha colcha, unha cadeira ou un cepillo dos dentes, en símbolo de normalidade externa que se afanaba en aferir, con no se sabe ben que, como se tivese necesidade de autodemostrarse a inocencia en todo o que ocorreu aquel día. Miguel non debía ser máis que un aspecto marxinal do nocello incólume da súa particular estrutura de familia. Para min a ignorancia do principal, non distraía a presenza de María do Carme, que era o primeiro motivo da miña atención.

“Non sigas, papá, non sigas. É preciso tomar unha determinación”.

Imitou a Miguel e, levantando, como vontade mecánica, foise á súa habitación. Seguina coa vista desde a cadeira de brazos e comprobei como pechaba a porta. Ao cabo de poucos minutos apagouse a luz e xa non houbo máis movemento na casa que a trasfega de María a lavar os dentes no cuarto de baño. Logo, tamén, ela desapareceu e permanecín entre sombras, de novo entre sombras, cara á cidade que, de novo, marcaba as horas nas badaladas artificiais, de novo artificiais, no carrillón magnético do Concello, repetíndome tamén, de novo, na ilusión que non callou e na anguria dun limiar sombrizo de incomunicación arrepiante entre cortinadas...

A volta das cinco acendía o último cigarro e matinei no inmediato. En que trataría de achar a Miguel, na procura dun mínimo alivio a tanta angustia... Pero tamén pensei que estaba citado con Antón Reigosa ás once da mañá, e que lle debía ao Fonso unha visita no Bar Morteira e que estaba na obriga de intentar, de novo, contactar co Tonecho. Todas estas cousas, que de ordinario non deberían pasar de fitos cotiáns, se me presentaban agora, como atrancos imposíbeis ou dolorosas eivas a vencer coa escasa forza que aínda aniñaba en min. Constituían pesadumes de esmagadoras tonelaxes, sólidas, compactas; máis e máis densas e tupidas na provocada pátina dunha suor a rabuñar a pel sensíbel na fina rosada da alta vixilia. Fóra o pano de fondo da cidade desesperanzada... En fin, logo, parte integrante de tanta destrución... E o leito, a capela de espera de todos os cadafalsos que se levantaban, sen descanso, nas rúas, nos despachos, nos corazóns..., nas carochas humanas riladas por tanta couza de amores-insecto e odios-verme, alasando definitivamente a inocente capa da nosa troposfera.





Estaba perfectamente claro que Fernando se parecía de todo e en todo a don Benigno. Un cerebro descerebrado e unha soa meta na vida: acugular os cartos á meirande velocidade. Non era xa unha angueira por conseguir os medios materiais de benestar ou dunha vida regalada, senón que o mesmo feito de xuntar o diñeiro, constituía un obxectivo valorativo, en toda dimensión persoal de triunfo e autoestima. Era, por dicilo dalgún xeito, como unha posesión sexual de Carme que, como corpo amorfo, se deixaba penetrar no ritual de réditos e proveitos que aquela unión proporcionaba ás ansias cobizosas do momificado construtor, cada día máis decrepito e tamén, cada día, máis reprimido nos seus infinitos e insatisfeitos desexos de poder; só poder e poder de talonario, póliza, saldo...; rebento de avaricia, final remol de todo o que queda de humano, definido nos longos polpellos da orella e no semblante asténico do cabaleiro próximo a chegar. Esta era a herdanza que recibira o matrimonio que xa non podía presumir de teléfono ou radio e si da introvertida fartura pagada na constatación diaria das carencias alleas, que reforzaban o mutuo narcisismo progresivo, que ía sendo como compoñente acético de todos os seus actos.

Así, cando Emilio volveu de Santiago, atopounos sometidos á habitación de alfombra de trescentas mil pesetas e un chinguillo do dourado reclamo seleúcida que mercaran en Trabzon, proba inequívoca de que estiveran presentes nas ourelas anatólicas do Mar Negro a xeito dun trivial paseo de verán: “Os seus posíbeis eran estes, como os poderes dos ditadores son as armas dos seus esbirros”. E o mesmo sorriso prefabricado dos cromos

tiránicos, recibíuno entre consellos de mercar o mellor mundo ao prezo máis axustado e coas prestacións máis logradas. Aínda, por riba de todo, unhas apeteceíbeis pernas descendían de refucida saia pola pantalla de vivas cores que dominaba o habitáculo. Fernando preguntoulle:

—Que tal che foi? —non podía disimular o seu interese. Levantou, como impulsado por unha panca.

—Si, claro... Descansa, hom... Carne, tráelle algo... Un cafeciño?

—Non, grazas; auga, só auga. Teño unha sede...

Carne foi dilixente, como non podía ser menos. Era un acto de servizo á causa principal. O engano como táctica de aplicación. Entrou na cocíña e, a pouco, ofreceu a Emilio un vaso, un pratiño e un pano, todo nunha peza de impecábel acabado en función do seu rol na comedia.

—Teño malas noticias. Esas terras non valen o que pensabamos, Fernando. Están incluídas no Polígono de Zona Verde no novo Plano de Ordenamento, e o Reigosa opina que o mellor e desprenderse delas agora, antes de que sexa aprobado, pois, logo..., xa sabedes como son estas cousas. Os especuladores non entenden de xardíns...

—A pesar diso, manteño a oferta —remarcou Fernando, mentres Carne, dando cobertura “ao seu home”, engadiu: —O compromiso vale máis que todos os tesouros do mundo.

—Ben... —arquexou Emilio—, quero rematar este asunto. Mañá imos ao notario e que faga as partillas e a compravenda da miña parte. Non me gusta moito isto; pero, se o desexas, eu estou disposto a devolverche a túa palabra. Non quero que penses que son un aproveitado...

—Non irmán, non. Sei perfectamente cal é o valor desas terras e nesta merca son consciente disto. Podes durmir tranquilo.

—Pois non paro máis. Só vin para liquidar o asunto o máis axiña posíbel. Aínda non fun á casa e xa é tarde...

Despedíronse con toda caste de “moi cariño...”. Carme, esquecendo as voltas pasadas de había poucos días, depositou un dobre bico na meixela do seu cuñado e, Fernando, acompañouno á porta, solícito, en extremo querenzoso e até foi cortés botando man á pechadura e facilitándolle á saída.

—Logo, até mañá.

—Até mañá, Fernando.

A sombra do Señor Benigno facía gramuras e sinistras garatuxas desde o fondo do oco da escaleira e toda predición dos funestos sineiros que tanguían as campás de burla e moneo, pasaba por un negro fotograma sen imaxes do corvo da mentira revolvendo no horizonte. A sombra era xusta e, emporiso, Emilio non podía vela. Psicologicamente abatido, só pensou en Miguel e, apurando o paso, foise cara ao Orzán, percorrendo un novo camiño de Carnoedo e na procura do pagode transido nos montes nipóns, estaría un “*pub*” de mórbida luz nas vivas tonalidades do “*top*” cinguido e dos dous amigos que facían garda na impávida estampa do tempo detido.

Entrou decididamente e non o viu. O local tiña agora máis clientes que a outra vez. A mesma rapaza tras o mostrador, a mesma decoración, a mesma música seguramente... Albiscou entre fumes, bafos e notas musicais, e descubriu un vidro emboutado que separaba o mar da terra; acolá lonxe, no profundo balbordo de voces, murmurios e xordos laios dos restos da humanidade, que amordicaban visión ansiosa por atopar a Miguel, expresión sincrética da inquedaanza a se consumir nos escasos segundos que estaban entre a rúa e os escintilantes brillos multicolores...

—Viches a Miguel? —preguntou a unha “chupa” semellante a coiro que tiña a figura esguía e os ollos saltóns.

—Que Miguel, tío? —respondeu airoso.

—Miguel Ramallo, un rapaz que para aquí.

—Se non das máis sinais... Aquí vén moita xente, tío...

—É alto...

—Un que “mola”, tío?

Interveu a moza que estaba tras a barra:

—Non está, señor, hai días que non vén. Pregunte no *Meridian Cero*.

—Onde está iso?

O da “chupa” moqueouse en ton ferinte:

—E non o sabes, tío...? Pero de que te vas?

—Está ben! Hai que ter educación... Señor, iso é un “pub” que está na zona de Riazor, fronte do estadio. É fácil dar con el... Vaia pola beira da praia e non ten perda —a rapaza ollou de perfil para o parasito de coiro e marmexou—: Anda vaites vaites hom..., que estas ben cheo!

—Anda...! E ti de que te vas...? Anda, la nena de orden...

Como Emilio veu que a súa presenza podía resultar inoportuna, limitouse ao agradecemento pola información e desapareceu entre os infinitos mozos e mozas que ocupaban a beirarrúa, encostados ou a sentárense en bocois, saíntes da parede, chanzos de porta ou, simplemente, de pé, “a ligar”, falangueiros e, inevitabelmente, cun vaso na man, formando a nova tertulia “Da Moita Marcha” na noite de xeadada “movida” nas cansadas larinxes, cerebros domesticados e música *Prêt-à-porter*.

No suave declive daquel mundo nocturno estaba Miguel ao cabo da praia. Lentamente, percibido noutro cosmopolitismo

doméstico de iguais fumes e bafos, repetición de antiheroes amagallados contra da carapola vitrificada do piso; xurdía, logo de días, varios, longos... Era a hora do cometa. Como corpo celeste de rubidia cabaleira, ofuscadora da lente dos anteollos. Emilio foise, decidido e, non máis que se decatou del, deixou “a xente” que o acompañaba e atendeuno á metade do treito que estaba a afastalos:

—Papá, que fas?

—Quero falarche.

—Ben... Imos fóra. Hai moito barullo.

Tomouno de ganchete e saíron a aquel recanto da cidade que estoupaba en noite e sabor de alcohol, buscando un lugar onde puidesen illarse da xolda que arrufaba no cénit do venres. E, como delinquentes que volven ao lugar do crime, luíron o vento das augas do Orzán, maino, en lanuxe dun froito vedado; era poema maldito que se confrontaba no vagar da mutua necesidade de confesión, nese algo último que aniña en dous seres de cara; é un intre decisivo...

Estaban alí. Por fin. Na mesma calma iodada do travesío e no rostro cravado en idéntico socheo de esvaecido chumbo. Emilio precisaba baldeirse e recibir respostas que non estaba seguro de encaixar. A valentía acudiu sen chamala e, collendo da man a Miguel, premeuna sobre dos cotobelos que, así, como se fosen polos da enerxía que tentaba transmitir, oficiaron de carga vital.

—Miguel...

Afundiu-se na carencia de palabras. Espreitava un milagre nos escumallos salseiros por entre os cons solitarios e agardaba en estadea dunha respiración arrítmica, prolongación do onanismo cósmico, mesturado en delirio e en aroma das ondas fabricadas no misterio. Era, por último, a ingrata prostración que non rexía de superar.

—Miguel... —intentouno outra vez.

—Entendo todo, papá.

Era un ton diferente. O aquel da voz de Miguel... Esa triste concesión dos sentimentos á caridade ou á esmola afectiva que estamos na obriga de desprender como derradeira beneficencia a quen está a piques de se achegar ao límite da súa resistencia.

—Queres falarme, non si? Pois fáleme con toda sinceridade. Escoito.

Era todo un ofrecemento. Un total ofrecemento que Emilio non estaba en condición de rexeitar. E, con este camiño aberto, achou algunhas palabras que foron principio de entregarse á depresión que salfería todas as cousas e trisque de forma retrógrada que inspiraba o seu estado de ánimo.

—Nunca crin que puidese sentir o que sinto por ti e por María do Carme. Vivín moitos anos ignorante de que existíades, e entendín a vida, na vosa ausencia, mais, cando regresei ao meu pasado e vos atopei no presente, fíxenme a idea de reconstruír un mundo abandonado e non experimentei o fracaso dos desexos incumpridos que, xa practicamente, aceptara. Foi, quizais, un desvarío de quen busca o seu punto de equilibrio, na penumbra do medio século. Padezo as consecuencias da fatiga e non aturarei, de seguro, outra decepción. En vosoutros teño aínda depositadas as esperanzas e agora, isto, ráchame todo...; déixame desfondado...

—Papá, entendo todo e porque entendo todo, ocorre isto. Loitas contra un imposible...

—Miguel, nós facemos o posíbel ou o imposible. É só unha cuestión subxectiva.

—Papá, papá... O que non entendes es ti. Pelexas contra dos muíños de vento e non levas unha armadura, nin adagara, nin alcafre o teu cabalo. Estás a peito descuberto diante dun

exército invisíbel, de milleiros de maluras envexas e diaños de diñeiro atuator. Es un inconsciente. Todos, absolutamente todos, estamos nesta guerra coas mellores armas que podemos acadar; o engano, a traizón, o roubo, a mentira e soamente catro incautos coma ti pretenden pasearse entre o fogo cruzado reparando boas intencións. Xa non queda lugar para os paracletos de aureolas luminosas e ninguén escribirá as súas haxiografías, senón escarnios de mofa e desprezo. Estás fóra do tempo e tratas de deter unha sociedade que se ensume na historia, dándolle contido coas túas propias experiencias. Se queres salvarte, tes que saltar ao bote antes do naufraxio. Eu entendo todo e vexo máis aló do que albiskas na túa curta mirada. María do Carme é coma ti e sofre, aínda, pola morte da cascuda esmagada no chan... Ten unha alma amolecida e cría amor cando non existe máis que ludre e podremia nos homes. Esta non é unha civilización de sentimentos, senón de sensacións. Quizais sexa unha apreciación teórica pero dependemos dos conceptos externos para afacermos parte integrante, ineludíbel da moral colectiva e, a ese imperativo, non podemos subtraernos... —Miguel era enxurrada imparábel de ideas que abrollaban coma se estivesen retidas por unha inmensa forza dentro del. Insería na análise das propias vidas, toda a problemática coa que trataba de explicar o seu escenario vital e, intelectualizando o discurso, botaba man da ampla bagaxe de cultura adquirida por mor do seu carácter introvertido, nas longas horas de permanente lectura na sala solitaria daquela fiestra aberta aos nubeiros da badía e os axiridos das gaivotas. Era a reflexión sen adxectivos, a que estaba a confundir a Emilio, que recibía unha lección maxistral cando fora a envorcar a depresión que o consumía e, amais, na procura de conectar definitivamente co fillo. Agora sentía o peso da impotencia ao non ter resposta a tanto interrogante, a tanta presunción transcendente, como a que cesou en Miguel, cando non tivo máis remedio que respirar.

—Necesito falarche, simplemente; facer a alguén partícipe dos meus pensamentos...

—Pensamentos? —cortoulle novamente. E xa ía desenvolver outra disertación...; momento no que Emilio o atallou:

—Estou sufrindo moito...

—Todos sufrimos.

—Si, pero eu sufro desde hai corenta e cinco anos. Sempre unha acía pairando por riba de min; sempre a pensar que o día de mañá sexa distinto, que todo mudará por un feito inesperado, xa que non me sinto capacitado para modelar a realidade; e sempre, cando chega ese día, penso que hoxe é o futuro e que, decote, non hai esperanza en que será mellor que onte. E, así, creo que irei ao derradeiro dos días en que tampouco serei feliz, porque esa dita existirá en min cando non sexa posíbel captala na sensibilidade. Entendes iso tamén? Se un pensa que pode construír o paraíso, comproba que as criaturas dese edén posúen iniciativa, e que no proxecto non está contemplado o posibilismo dun libre albedrío... E que este albedrío pode resultar negativo para os nosos planos e que, unidas todas as singularidades negativas, resultan a perfecta estampa da confusión absoluta. E, entón, unha morea informe de moitas desordes gravita arredor meu nese desasosego, nesa depresión, nesa antiga calor de berce que aínda recordo e que, día a día, é máis atemperado, como a luz residual do *Big Bang* deriva, no espectro, cara ao infinito. Eu non son máis que un desexo convertido en ser vivo.

—Papá, en serio que é o que queres?

—Necesítote cabo de min.

—Logo, ves pedirme que regrese?

—Si —contestou secamente, como ser urbano.

—Pois non o farei. Esa muller é o aspecto negativo de que estabas a falar.

—É a túa nai.



—Efectivamente. E é por iso exactamente.

—Non o comprendo...

—Entón, non hai máis que falar.

Deu de costas e encetou a se afastar lentamente. Emilio aínda quixo intentalo...

—Miguel, eu...

—Non! —tamén respondeu como ser urbano.

Detívose como a cinco metros e dirixíndoselle, espetou:

—Un consello: imítame. Todos son voitres. Aquí está o único equilibrio.

Emilio foise tras o seu fillo. Non falaba. O vento seguía a rozar a pel de venres e “*pub*” que saían á rúa no tempo dos anos esquecidos, na noite inmortal de océanos escumosos, brétemas silentes e balbordo de troula. Todo estaba rematado e, nun intre, ollou entre o firmamento por se vía algunha estrela. A luzada da última civilización, ocultounas aos seus ollos. E lembrou aquel pensamento que Daniel, un día de medo, escribira na garda do seu libro de *Relixión*: “Deus é un concepto extraído da realidade lóxica”.



Fonso dérame a idea: Non limitarme a escribir un artigo máis da miña serie dedicada ás novas letras contemporáneas, senón de construír a historia de Emilio Ramallo na recreación do proceso social paralelo. E, foi así, como comecei por visitar a Carme, logo de ler, detidamente, as notas da maleta abandonada á porta do cárcere. O asunto encetouse nun día do pasado inverno, ese inverno da Meseta que sempre me parece traer, na rudeza dos seus ventos e na friaxe seca das veciñas serras, os ecos do *Non pasarán* de barral, po e sangue esvaecido nos fotogramas dun distante *Nodo* da parada militar e saúdos á romana. Carabanchel era tixolo de arume vermello na retagarda da nova tecnocracia e, afastado dos trasnos recolleitos tras os muros, agardei que Reinaldo Salvador, que é amigo meu e oficial de prisións, saíra do sombrío. Saudoume na xeadá estancia e comentou:

—Era un tipo estraño. Nunca deu un problema e estaba concentrado en si mesmo (fala da segunda parte da súa estadía) a meirande parte do tempo. Apenas tiña contacto con outros reclusos... Estes respectábano e sabían que estaba noutro nivel, que era un home con cultura... Creo que o seu fillo o visitaba frecuentemente e sempre consumían o tempo falando en voz baixa, coma se estivesen a argallar algo segredo pero, realmente, paréceme que se trataba dun simple exercicio de reserva ou de extrema curtidade. Recibía libros, unicamente libros, e xamais comida... En fin, a mañá en que saíu, haberá cousa dun mes, deixou esta maleta a poucos pasos da porta. Pensei que se lle esquecerá alí, pero non soubemos máis del... Isto non pode facerse, pero temos a

suficiente confianza e podes revisar..., as cousas, o tempo que queiras... Non é posíbel sacala de aquí, de modo que te terás que amañar neste local... Mellor pola tarde; está a biblioteca baldeira e podes utilizala para traballar, até iso das seis... E ben, como andas de saúde, de amor e de diñeiro, lacazán? –e deume unha suave zoupada, mentres eu cumpría coa vasalaxe da amizade e a gratitude do favor recibido. Inviteino a xantar para lembrarmos os anos da nosa academia coruñesa e os vellos compañeiros espallados “*Urbi et Orbi*” e que xa estaban riscados na imaxe ou case borrados da memoria.

Fonso tiña razón. Despois de tres días de labor, descubrín, nos papeis desordenados e furranchados, máis que escritos daquel home, o valor, as ideas máis profundas e a dor que esta sociedade agacha tan ben nos ouropeis do aparente benestar e no abafallo sen sentido que proclama para se autoconvencer da súa pretendida superioridade. Alí estaba unha crítica total e unha análise despiadada á mentira posibilista da perennidade e un fresco, sen eiva nin tacha, do que pensaba de si mesmo e do ser humano coma animal de relación. Era un amargo espertar do pesadelo da vida, nese sombrizo treito que media entre a verdade e a morte.

Recollín canta información puiden recompilar do morico de retrincos en caóticos apuntamentos, fincados das follas de cuadrícula, papeis de contas alindados nos pradelos de raias equidistantes e, incluso, nas engurradas marxes dun xornal de graxa ou cachos do hixiénico, bastante esgazado fóra do cilindro. Todo lle servía para deixar testemuño da súa presenza no inferno perpetuo de anguria, que era vida do denso acoro en todo obxecto, de tortura no pensamento, nos recordos, na invalidez mesma de estar alí reprimido nas paredes, na pantalla das idénticas tardes da sala común; na indixencia suprema daquela humanidade difuminada... Era o seu espello eterno de tarde con ducha e afeitado, devagar, introducido no reflexo da súa propia vida. Emilio debeu ser iso soamente: un notario confuso da confusión cruelmente ripado na derradeira fantasía; nun repente que estaba aínda en cada raiola

de sol, no rechouchío dos paxaros do encadeado xardín de entrada..., todo era, así, unha solemne entrega de ensarillada gramática que ficaría na lembranza dos amigos que non existían, na familia esfumada no vento da incerteza ou, quizais, a tanxíbel e única nota dun número de orde na relación do Carné de Identidade. Iso sería todo e el, esvaecido para sempre na multitude dos finais, camiña sen himno e sen gloria polo anónimo...

Fotocopiei varios centos de notas, en tres días e tres noites e dei por rematado o traballo. Cheguei á Coruña á metade da tardiña e sen darme máis que o tempo de deixar a bolsa en casa e bicar a Inés que saía naquel mesmo intre a recoller as nenas do colexio, funme ao Bar *Morteira* e interroguei a Fonso sobre Carme, nos termos xa narrados. Era un soporte informático moi importante e non quería entrar nos pormenores das mensaxes de Emilio, que iso eran realmente os apuntamentos recompilados, sen ter un máis profundo coñecemento daquela persoa que tan decisiva fora no desenlace da súa vida.

Así pois, aínda que tan decepcionante resultara logo a entrevista, o certo é que o meu amigo me animou na idea de reconstruír nun relato toda a historia do magoado periodista, desde a morte da súa nai até a saída do cárcere. Era un reto e pedinlle uns días de reflexión, pois non era a miña vea de “literato” tan doada como para emprender esta espiñenta tarefa sen medo a un posíbel fracaso ou, en todo caso, o que todos os atlánticos refugamos coma o lume: o ridículo. Era unha sinxela posición de recato e cautela, polo que decidín tomarme unha semana de descanso e, aproveitando que o venres era festivo, viaxamos ás terras de Monterroso, a casa dos meus sogros, onde na paz da campía e na soidade das brañas de Figueiras, tomaría a decisión que prometera aos compañeiros da “Pena das Ánima”; os que, por outra banda, xa aseguraran unha boa cea de “delicias mariñeiras” como premio ao que eles consideraban segura determinación positiva na miña humanidade. Considerábanme algo así como a conciencia intelectual do grupo e non debía defraudalos, polo que me

pechei no meu cuarto de traballo de testalán, sentado ao pé da impresora, que serviría coma inocente instrumento da miña singular maiéutica. Logo sería cousa de manter unha certa prudencia nos ansiosos oídos dos contertulios dos martes, pois o motivo máis declarado de todas aquelas andrómenas non era outro que o de ter un tema seguro de conversa naquelas xuntanzas de paroladas divinas e humanas.

A noite en que Emilio Ramallo recibiu, por fin, a homenaxe da curia culturalizada da cidade, estaba presente esa fauna completa dos androcéfalos de vaidade e pseudointelecto pretensión, e os estamentos políticos de arribismo que non podían deixar fuxir ocasión tan madura de facer localismo de sainete, patria de charramanguero e noxento ridículo na pintura surrealista dunha sala repleta de garabatas estampadas, colares de bixutaría e evanescente cheiro de anuncio “in” á boutique do *homme new (Speculator)*, acabado de parir dos frascos de “grande superficie” en oferta de somníferos “*level life*”, elevado por riba das súas capacidades androlóxicas. Estaban as vitalicias cariátides do zoo urbano renegando, con esa presenza, da súa propia identidade. Esfinxes de máis carne que óso, representadas na secuencia da súa estupidez... Todo derivaba, en fin, a unha verificación da choqueira comedia dese amor cumprido de todo Carnaval que era a vida deses mesmos todos días, na fragosa metroperiferia de mímese impotente e gasolina.

Emilio penetrou na furna de cretona. Un aplauso levantouse da grea, recachando en malura o ambiente de aromas traspoleirados e murmurios inconexos. Sentou na cabeceira da mesa, custodiado á dereita e á esquerda, polo presidente e o secretario da “Agrupación Cultural do Faro”, que tiña a encarga de argallar aquela antroidada.

Ao tempo que facían o introito no ritual de conferencia-acto social-de obrigada asistencia, a mente voáballe máis aló das paredes daquel lugar e agatuñou, na xangal imaxe do pasado, a hipocrisía dos que hoxe se estaban a colocar as nádegas nos

asentos de requinta urdimenta, de falsas maquillaxes e fino recendo a vacuidade, ateigada no templo fedorento dos seus gafumes. O doutor Meixide, que era o máximo sacerdote do cerimonial, babexaba falsas louvanzas, eloxios escritos en afusquinadas notas e un conxunto en panexírico que era máis presentación propia da chaqueta de moda que o interese que coidase espertar no auditorio cara á persoa de Emilo. María, amiga da meirande parte daquel “gran fato” de culturicistas de salón, estaba na fileira de máis adiante, chantada a medio da camada de estéticos lugrumantes da directiva da Asociación que, por enésima vez, se retocaban os atrezos de presumir, nun intre en que á cámara de televisión enfocou a ordenada sucesión de ringleiras do público asistente.

Unha tose nun punto indeterminado, un remango xeneralizado, unha amoladura estendida en nubeiro de gasa matutina entre os presentes polo prolongado da presentación e Miguel aparece na porta do fondo, decidido e albiscando o lugar baldeiro máis próximo á mesa. Píde permiso a unha peituda señora de moita atención e pouco entendemento, aséntase nunha butaca que está fronte por fronte da figura do seu pai a quen lle esvara pola faciana un veo solemne de agradecemento. Xa non escoita as derradeiras parrochadas do Meixide e un sorriso delicado, apenas perceptíbel, despréndese dos seus labios semiabertos. María tamén percibe isto e volve a cabeza, descubriendo ao seu fillo a poucos metros. Levántase, de súpeto, recolle o abrigo e sae da sala. Todo transcorre en segundos e ninguén repara nisto. “Ira ao servizo”, pensan con lóxica. “Vaise porque vén Miguel”, razoa Emilio desde o estrado. As dúas versións están trabucadas: vaise porque nunca debeu ir. Ten outras cousas máis importantes que facer. O incidente non é máis que a coartada perfecta e ninguén o sabe, agás quen alí non está.

Emilio non reacciona. Sente tristeza, sente de novo o fracaso como ingrediente principal da súa desgraza. E debe ficar alí, como o preso na cadea, contando os minutos que o separan da

relativa liberdade, de ir de rúa en rúa ou de casa en casa, consumindo o tempo que fere, que non serve máis que para afalar os estímulos máis dolorosos.

Debe intervir. Dicir todo o que non quere dicir. Abrir a boca e, simplemente, ler as cuartillas que están espalladas na mesa, mensaxe estéril para as estatuas do mármore carmesí, repartidas entre butacas de media luz e conflito de silencio. É a comunicación da incomunicación, o cumprimento formal que non fai máis que torturar máis e máis o ánimo de Emilio, que engule as letras, as oracións, as “chuletas” sen sentido que van esfiañándose na hora de programa, xa a piques de estalar no seu cerebro, cando a agulla do reloxo avanza indefensa en deprimente espectáculo de vermes e formigas no entreacto da inmensa fábula da civilización errante.

Por fin remata e un alivio frémelle na boca. “Moitas grazas”. É o epílogo do esperpento. Pero o doutor Meixide non está farto. Propón unha quenda de preguntas. Propón un novo tormento... estar alí tordeado, no cume da atención de todos, desbotando os brazos pesadamente, sen vida, sobre a táboa que, fría coma un mesado liso, fíncón e luído polo tempo, recada as xeadas pingas da lentura da noite. Mortuoria transmisión dun gneis elevado no centro do máxico val das ánimas en pena. “Que se lles ocorrerá preguntar a estes pallasos?”. “Que dúbida poderei despexar na miña ignorancia?”. “Ese *Quo Vadis* que non podo pronunciar é o que deberían escoitar nos estucos neoclásicos do teito, como coroa da miña crucifixión”.

María do Carme entra na sala. Vai directamente á mesa e entrégalle con non moita discreción, unha pequena nota dobrada. Emilio quere falarlle, pero marcha antes de que poida pronunciar a primeira palabra. Sorprendido, e disimulando, le: “Carlos Ramón, suicidouse”.

Xa saúu. Emilio queda abraiado. Que interese podería ter a súa filla nese asunto? Por que tanta présa en comunicarllo?



Xa non pode aguantar máis. Érguese da cadeira, e pide desculpas.

Correndiño vai tras María do Carme. A especie de adral, esparrado diante da entrada do edificio, en anárquico aparcamento, aparece deserto. Mira aquí e acolá. Medra o nerviosismo. Os ollos teñen esa remelada sensación de nifroso que ferve no sangue das fazulas e beza todas as febras do corpo. Os dedos das mans fremen. Abre a porta do servizo..., á dun cuarto que non sabe de que é, peta na do porteiro e, por último, revisa todos os currunchos do *hall*, non achando máis que soidade e un rumor de comentarios inaudíbeis que lle chegan desde a aula do alto.

Fóra non hai máis que coches bocexando e a desolación da noite.

A parada de taxis. “Rápido a...!” “Onde sexa”. “Xa llo direi polo camiño”. A verdade é que non ten pensado cal vai ser o seu vindeiro destino. Buscala en... Quen sabe? Entre a flora de formigón e luces acomodadas nos fogares que din tranquilidade, está tamén o infortunio. Todo permanece diferente desde a ventá... “Irá á casa?”.

Aganchou os chanzos de tres en tres. Inando no descansiño, ripa as chaves do peto... Quere abrir a porta... Non dá pé con bóla... Os nervios móstranse máis evidentes. O corazón latexa na mestura do medo, a incerteza e a ansiedade... Por fin, entra. Tampouco está. Vai á súa habitación. Todo en orde. Mira por riba da mesa, na cama, no armario... Non bota nada en falta. Instintivamente olla a fiestra... Segue alí a cidade e o formigón e os fogares que din tranquilidade... Xa non sabe que facer. Xa non entende a finalidade de vir á casa...

O teléfono soa.

Cólleo. Pregunta con degoro:

— Si...!. Quen é?

Unha voz anónima. Non é coñecida. Por fin se identifican. Hospital Xeral: “Emilio Ramallo?”

—Si, son eu. Diga, diga. Que pasa?

Houbo un accidente de tráfico. Unha muller está morta, María Vilares... En Louzán de Aballos, a pouco de Santiago. Esta muller leva documentación pola que puideron localizar o número de teléfono: “É vostede da familia?”.

—Si, son o seu marido!

“Síntoo. Xa chegou morta... Tamén o outro home...”.

Colga o auricular... “O outro home?”

Sae á rúa. O garaxe está escuro. Abre co mando a distancia... “Maldita célula...”. Dálle un golpe á porta e remata á operación. Ten présa...

O coche arrinca. Acelera. Coma un can sen nada que preca-ver... “Se chega a vir outro en sentido contrario...”. Aínda ten tempo para deter a mente en cousas banais. Un abicharlle educacional do seu “ego” aterecido, na ignorancia do que ha atopar no Hospital. “O outro home...”. “O outro home...”.

Son sobre as once da noite.

María do Carme podería estar nesa beiravía de ermas baldosas. Unha rapaza, de vai aló soa, coma en reclamo de cores na soidade do espírito nocturno. “Parécese no corpo...” Volta á ollala. Levanta o pé do acelerador... Non é a súa filla. Se cadra unha prostituta ao avén da súa tarefa... No intre de advertírense a mutua presenza, coche e muller, sombra e metal; ofrece, solícita, os seus servizos... “Non é”.

Ansiedade e máis ansiedade. Quixera estar xa, aló. Quixera voar no tempo e no espazo e, como nunha transmutación de materia, chantarse en Recepción para solicitar... “Solicitar que?”. “Iso,

interesarme por quen”. “O outro home...”. Esas eran as palabras. Totalizadoras do baio alvarar das vías urbanas, do seu silencio interno, da paisaxe inexistente; dos faros, das raias fluorescentes..., de toda a estrada que é crecha de pura fendela na terra e no seu pensamento... “O outro home”. “O outro home...”. Xa estaba no estómago oco, van en rañar a vontade que ocupa consistencia física na fame, subindo ao Mesón do Vento.

Emilio sae da obsesión, e a mente libérase de súpeto. Alí está o Hotel, o Restaurante.

“Serénate, serénate...”, repítese a si mesmo.

Aparca. Entra no establecemento. Tres persoas no mostrador. O televisor coas mesmas imaxes, dos mesmos días e dos mesmos lugares. Unha máquina comecartos que canta, en solitario, a súa chamada de notas musicais. Unha brisa que, decote, venta alí, naquela altura, bate nos vidros. Emilio senta, safando á súa presenza e, tamén indiferente para os que atenden aquel cenobio de aveláñas, acoubado na frondosidade dun país sen nome.

“Ese outro...”.

Retornan os pensamentos primitivos. E perde a noción das imaxes de Bette Davis en branco e negro que se substitúen, paulatinamente, en idénticas secuencias dun filme xamais rodado.

E “o outro home” que, sombra de abelurio, vixía sublimado na quintaesencia do cromo, en vello quinqué e escarlata grana, en que se converte, paseniño, a escéptica representación do home lívido entre lobicáns e a do albergue recluído na noite...



O Hospital Xeral, situado no curuto do Monte Calvario, aquel monte que significa caveira e que nos seus ollos de oso escarnizado espreme as luces acesas do neon da morte, apareceu no parabrisas. Non había máis xente que a que non se deixaba ver. En fatos das salas de espera ou nos nervios de paseantes nos corredores, refugando dos brancos espantallos de tránsito incesante entre “Urxencias e Raios”; entre un e outro lugar do premausóleo doente de almas, acaladas no silencio da media noite. Emilio entrou, coma un lóstrego, a preguntar no mostrador que indicaba “Ingresos”, sen darse tempo a bulir os impos e arqueos da súa irregular respiración:

—María Vilares Rego?

A enfermeira consulta a listaxe, indiferente á présa que amosaba o home, dándose tempo para remirar as unllas que acababa de pintar a cabalo das cellas e o cabelo crencho que asomaba baixo a cofia, con toda a parsimonia do mundo.

—É un ingreso de hoxe?

—Un accidente de circulación. Hai unhas horas...

—A ver... —e seguiu coa mesma calma, as mesmas parsimonias e a mesma indiferenza.

Como na resurrección dun longuíssimo letargo...:

—Morreu —dixo con voz neutra, manexando aquelas terribes palabras con igual costume co que atendeu o teléfono, res-

pondendo sen convicción: “Si? Hospital Xeral, dígame?”. Emilio agardou á interrupción e abordouna cando ela, sen ter en conta a súa presenza, ía sentar de costas ao taboleiro do público:

—Señorita... Por favor, onde está o cadáver?

—No mortuorio... No sotarrego. Son familiares seus?

—Pero, hai alguén máis?

—Foron dous os mortos... Pero, non ten información?

—Non, non teño! —alporizouse Emilio—. Diga dunha vez!

—Non se poña así... Eu non teño que saber... Amais da muller, está un tal Fernando Ramallo...

—Fernando Ramallo? —repetiuse para si Emilio. Un tremo; zanga irrepresible de lle abitar todo o corpo; milleiros de incógnitas e misterios clarearon de súpeto. Todo encaixaba e non escoitou xa as derradeiras voces da enfermeira, esgarecendo na cadeira de brazos da sala, cos ollos retidos na inmensidade dos pensamentos e unha frustración sólida, consistente e absoluta, o habitante único dos seus músculos doridos e unha incipiente barba que rañaba nas puntas dos dedos todo o terror da vida. O ambiente mudou de cor, a substancia das cousas tomou outra impresión e mostrouse nunha perspectiva de xeito distinto, dentro da grande desilusión de todo, por todo e en todo que, suave, se ía estendendo en man de ferro na luva aveludada do decaemento. As paredes e o teito desapareceron; as portas deron paso a recordos dun pasado que axuntaba, á tristeza dos tempos, o remorso do erro que como coitelo de lume, punxía nas sens e no tórax. Emilio era a estatua salgada a medio do incendio da Sodoma de carburante e cafetaría. Alí fóra, estaba a realidade nihilista dos seres amolecidos no desinterese e, na Sala espavorecida da madrugada de Hospital, o derradeiro balanço da traxedia íntima do home. As dúas magnitudes supremas da raza protexida. A ou B, arriba e embaixo, idénticas naturezas e diferentes apreciacións particula-

res, que abrían ou pechaban aquelas grandes portelas de bronce, coma fociño do monstro levantado entre o desespero dos ananos efémeros. “Fernando Ramallo, Fernando Ramallo... Irmán... Irmán calado na Noiteboa, irmán, que pensabas cando nós estábamos a sufrir? Irmán, en fin, irmán... onde están os días que non eran felices pero que eran, iso, si iso soamente: días?”. Nada podería deducirse do silencioso espazo, tenso na densidade dos pensamentos lembrados en breves relanzos de fantasía que percorrían, apresurados, o paso dun ATS amodorrado ou dun celador que contaba os minutos que restaban do seu servizo de noite. Emilio constituía un elemento máis do guión repetitivo da casa institucionalizada no infindo e na morte, e o seu existir carecía de toda importancia. Así pois, pasaron os minutos, e incluso as horas, até que a clarencia do novo día lle espetou nas pálpebras, anicado na tapizaría estampada. Saíu ao exterior, apoiándose na balaustrada e comprobando que debían engadir outra anguria máis na súa parafernalia particular: a constatación de que un día estaba a nacer e de que non había outra alternativa que enfrontalo con todas as súas consecuencias.

Baixou á zona da morte e preguntou a un individuo con présa e pouca educación, onde podería informarse dos detalles do accidente:

—É vostede da familia?

—Claro...

—Pode identificalos?

—Supoño que si... Mentres non vexa os cadáveres...

—Ben, agarde aquí. Vou avisar o forense.

Un muro frío, aparente de frío, como todo o que relacionamos coa existencia da inexistencia, franqueaba aquel lugar por tres lados, quedando a cuarta cara do perfecto cubo, aberta a unha penetrante e sombría pasaxe que semellaba chegar até as entrañas

do edificio, coma oco de horizontal fendura, sinistra caixa de resonancia dos sons misteriosos, aceirados e secos, que sortían, de cando en vez, daquela espenuca aformigonada. Eran efectos de percusión da aínda escasa actividade do centro sanitario, que imprimía un aire, quizais máis tétrico que o propio do lugar, o espectáculo que estaba a piques de ofrecerse á súa cansa mirada. Respirou con ansiedade ao preguntarse como podería suceder e decatou que non fumara desde o serán do día anterior, e así lle entraron ganas, fochicando nos petos, visibelmente excitado, para dar co paquete de cigarros que, finalmente foron o artificial bálsamo daquela espera que durou, aproximadamente, dez minutos. Un século transcorrera para Emilio, cando o son de pasos na furna misteriosa, precedeu a dúas figuras longas, verdes, acartonadas que alancaban onda el: o individuo con présa e pouca educación e un home de pelo revoltado, lentes circulares e duro aceno facial que daba a pensar no efecto dunha nictalxia crónica nos desiguais músculos da contraxeita queixada.

—Pode identificarse? —asaltou ao Emilio, unha voz estrita.

—Si, si... —e botando man á carteira, amosou o documento de identidade.

Aquel forense de mala cara e dura mandíbula, tomouno con xesto despectivo e rosmou algo, entre os dentes, sobre a inoportunidade da visita. Ao mesmo tempo, comproba os datos do carné e, con ademán rutineiro, ordénalle ao seu acompañante que abra a porta da cámara frigorífica.

—Pase! —limitouse a indicar.

A vista do depósito dezaeito, inquiriu o devandito médico forense:

—Recoñécea?

Emilio asentiu.

Era María.



Logo ensinoulle a dezanove.

Era Fernando.

Non hai máis son que o dos impos imperfectos das tres morfologías de silencio, no cheirume sanitario de éter balorecido e dos amarelados cromos dun Dickens reeditado na miseria da paixón e a cobiza a xunguírense no amodorrado amencer do cabreado galeno e un individuo con présa e pouca educación; únicas e accidentais testemuñas da hora final dos dous seres que xa estaban presentes na uniformidade dos recordos, todo verdadeira igualación do comunismo máis puro, sinxelo e inexorábel. María e Fernando non eran xa tráfugas de amores ocultos, senón a última historia sen páxinas e sen letras; historia que Emilio presentía na estirada pava do cigarro nas horas extinguidas do salobre abrete, non sabía se liberatorio ou condenatorio, doutra, tamén, historia pasada.

Saíu fóra e aspirou o pouco daquel aire integrado na nova mañá. Incluso unha raiola de sol asomou entre dous voceiróns verdinegros que avantaban no temporal avanzado das vindeiras áreas do velorio e hipócrita funeral.

Ía baixar á estrada, cando o mesmo home con présa e pouca educación lle berrou desde a meseta de entrada:

—Eh, señor! —Vostede, o da chaqueta de cadros!

Emilio sopesou, nun intre, os acontecementos precedentes. Aquel brado inmisericorde, evocaba toda a dureza do corazón, toda a maldade do bímano ergueito. Entráronlle ganas de agatunñar as escaleiras e apachocarlle a cara como signo de rebelión contra tanta argana, como simple feito testemuñal daquela súa engolemia por estoupar con todas as forzas. “Non, protesto, protesto e protesto!”. Mais non foi así. Unha vez máis venceu a mentira. E, volvendo cara ao can sen rabo que acenaba na porta do edificio:

—Si, que quere?

—Esquecinme...! Hai uns obxectos que se recolleron logo do accidente. Debe ir á Comisaría.

Non atendeu máis. Nin respondeu. Proseguiu o descenso e foise directamente ao coche. Sentou ao volante. Baixou a ventaiña e preguntou a unha muller de moitos anos e poucas enerxías que pasaba nesa actitude beatífica das velliñas de mañá cedo indo á misa:

—Señora, por favor, onde queda a Comisaría?

Chegou axiña. Dúas rúas en paralelo e alí se presentou, identificándose ao policía que facía garda na friaxe da entrada.

—Quixese recoller as pertenzas persoais das vítimas.

—É vostede o esposo de... Dona María Vilares...? —na consulta burocrática de todos os papeis e certificados que obraban no seu poder.

—Si, eu son o seu marido.

—E Fernando Ramallo é o seu irmán?

—Efectivamente...

—Mire señor: soamente podo facerlle entrega das cousas da súa muller. As da outra vítima deben ser reclamadas polo parente máis próximo... Vostede enténdeme? —preguntou o celoso funcionario máis que nada porque non rexía doadamente por non dar con outra posición máis coherente ao seu traballo que a sinxela proposta interrogativa que compendiaba, sen se advertir disto, a inmensa parálise limitadora dunha civilización definida no aspecto cuantificador da relatividade determinista. Conformouse Emilio e accedeu a un pequeno bolso feminino de charón brillante na indefinida luz dos verticais focos mesturados na diúrna que invadía xa a deserta dependencia policial.

Iso era todo. Sentou diante dunha cunca de café na rúa dos primeiros estudantes que animaban as horas matutinas da cidade reprimida entre hospital e comisaría. A alfa solermiña entre nubes de gasa, que dominaban as torres do Obradoiro, afastaba, pouco a pouco, a soidade física das pedras e medraba, en troques, o arredamento do home abalado na morte...

Non tiña présa. Máis ben desexaba descansar naquela atrafegada cafetaría. Quería pensar en que o mundo estaba aínda alí, na alopatria da súa propia desilusión... Recluído na penumbra do local, fechou os ollos e escoitou sen entender os seus pensamentos. Tomou o bolso e, por fin, abriuno. Un pano, un peite, unha carteira, o carné de identidade, o de conducir, billetes de banco, moedas, unha barra de labios... Un sobre grande, dobrado. Un documento no interior... “Acta de recualificación...”. Os terreos de Baltar. Pasan a seren edificábeis. Unha certificación do rexistro... Empeza a saír a verdade daquela viaxe e moitas cousas se conforman. María e Fernando. O engano. O terríbel engano en toda a súa extensión. Diñeiro, traizón e mentira. Triloxía de fogo que arde dentro de Emilio como unha fogueira de rabecha e derrubo. Toda a trama ao descuberto, sente dentro de si agora, si agora. O peso da vida que abeira o resultado final como a máis perfecta verdade.

Un grolíño de café e o ácido do líquido sen azucre é o mel que suaviza a larinxe a piques de estoupar. A brisa dun corpo que pasa é o vendaval dos días perdidos e non pode máis que depositar o papel enriba da mesa, pousando os ollos na cavilación intensa, total cavilación desa mente autoconcentrada. Non hai rúa, nin estudantes, nin sol, nin mesa. Está unicamente o motivo central de dous nomes propios que enchen o ceo e a terra: María e Fernando. E el, coma un papaventos elevado na indefensión, non asume máis vitalidade que a resistencia oposta por unha papoula de xuño ao virazón rexo da ría. Daquela ría de vento cálido do verán que invocaba a imaxe da súa virxindade inocente, nos tempos en que se cría espléndido. Escintilante de rubor pola existen-

cia aberta en abano de cores resplandecentes que só eran matices de gris e negro no expresionismo amortuxado da súa distante xuventude. A medio da confusión faláballe María sen palabras e non entendía a súa linguaxe, que era un canto desa Azuzena enclaustrada en cuartillas de branco satén saloucando misteriosamente nas xanelas da dúbida agoniante e Esmeralda que baixaba a cabeza para non ver o espectáculo dun café diluído nas bágoas secas do día estarrecente, nunha cidade chamada Santiago.

Recolleu a súa dor de papel e aínda tivo tempo de cerrar o círculo da verdade, nun segundo documento que ficaba no fondón do envelope. Un poder notarial de María a Fernando para administrar a empresa “Inrafer”, cuxa actividade era a de tomar á parte da Xunta de Compensación do Polígono de “A Millarenga”, no que estaban integradas as terras da herdanza e que, por mor da recualificación aprobada, se destinaba á construción dunha especie de cidade satélite a cubrir as necesidades perentorias de vivendas da recente capital autonómica. Un gran negocio en perspectiva e moitos millóns de pesetas de proveito, a bo seguro, os que se barallaban na operación.

Emilio remexeu na cavidade do bolso. Había máis papeis adecuados coidadosamente na dobrez do forro. Tratábase de varias facturas de hoteis, de restaurantes; guía de estradas e un folio co estampado de Antón Reigosa. Era unha valoración profesional dos solares, xa deslindados, e un ditame topográfico do terreo, emitido por un perito de Vigo, a través do que o axente inmobiliario realizaba un estudo de detalle das expectativas de negocio de todas e cada unha das posíbeis parcelas que resultaban da planificación de volumes e zonificación de edificabilidade consideradas como máis rendíbeis.

Cada letra que traducía era lategada de tralla de sete colas; afaladora do corpo desde a caluga aos pés e estremecedora das vísceras e do estómago, nese derivativo estado de rabia, de noxo e desesperación, amosado en despedada batuxada do corazón arelante, nos latexos de rachar o aire da habitación con mil puñais

de afiados gumes e o odio solidificado en atrecidos dentes e no beizo convulsionado.

Concentrou toda a inmensa carraxe de séculos, ategada nos infinitos protoplasmas do seu organismo, e desembarcou a reprimida ira, sobre as lousas do pavimento e sobre a miseria arrolada de historia e fracaso. Xa fóra, camiño do coche, inclúese definitivamente na marxinación e tanto el como a propia catedral e os montes que ían por riba dos tellados, eran síntoma de idéntica negación, evidente, exacta, explicativa...

Esqueceu os mortos e saíu da cidade, pola autovía de Pontevedra.

Facía cálculos. Moitos cálculos de quilómetros e reloxos.

Chegaría a Vigo en menos de dúas horas. Dependía do tránsito..., e da súa boa ou mala sorte.

O principio non era de doado presaxio. A piques estivera de atopar unha nena nun paso de peóns, por non respectar o semáforo... “Animal, salvaxe, besta...!”. Imprecacións que quedaron no retábulo de hipocondría desatada entre lembranzas pasaxeiras e as confirmacións máis purulentas da realidade que non se trataba de oníricas elipses ou dunha idea elucidada baixo presión... Asiu o volante coa forza que dá o sentirse na viaxe sen retorno e engulía a calzada convertida en dúas liñas converxentes na distancia, e a dura presenza da súa propia vida, aínda concorrente na natureza que, a pesar de todo, seguía a existir. Nese intre todo se fixo conxunción temporal no alucinado de alumarse, no estraño corpo celeste do verdear total e destrución, casas, ceo e estrada que entraron na catarse dunha xeocéntrica idea: Vigo.

Así, cando deixou atrás Caldas, creu percibir xa o cheiro da marusía e baixou a ventafña.

Non era certo. O mar marmexábase aló, fóra da visión..., prendido na ansia que tomaba materia na súa teimosía de correr,

correr e correr...; autoestrada, San Simón, pedras de negro na maré descendida e alí a brétema suave dos altos edificios levantados do Océano e a Terra. Edificios do seu destino e do presaxio desa viaxe sen retorno en arrenego e órbita dos terrores da derradeira xeira do tempo final.

#euquedolendo  
#baíaconnósnacasa

Tanto Tonecho como o Fonso, coincidían no seu escepticismo con respecto ao que lle ocorrera a Emilio despois de saber da traizón de María e Fernando. Con todo, era difícil afacerse á idea daquela tan atabanada resposta nun home que xamais tivera pulo de semellante caste a pesar dos golpes recibidos ao longo da súa vida. Quizais un afondamento, o suicidio incluso; mais nunca o estoupido de cólera como o que arrufaba no alaso de cando entrou no despacho de Reigosa e lle enfrontou os feitos consumados.

Dise no apuntamento dos cargos que preguntou á secretaría polo Antón e, sen agardar a que saíse a visita que recibía naquel intre, empurrou violentamente a porta de dúas zoupadas, zurrichando estentóreos berros e no alto alporizo de abrirse paso enra-bechado contra todo ser vivo que atopase ao seu alcance. A rapaza levantou, tentando detelo pero derrubouna dunha pancada producíndolle varias feridas contusas nas coxas e nos brazos; unha delas de varios centímetros de profundidade polos vidros crebados da cristaleira, das que tardou quince días en repoñerse... Xa dentro, encarou a Antón:

—Quero que mo expliques!

—Ai, ola, Emilio... Un momento, por favor. Aténdote deseguido.

—Agora, inmediatamente, fillo de puta. Cabrón!

Emilio atacou sen limitacións. Botoulle ás mans á gorxa e tirou con el ao chan. Logo, a patadas, couceouno coa forza cega dos

anoxados, descargando no corpo deitado no parque, a furia acugulada en imposible vinganza dos dous cadáveres que deixara en Santiago. Realmente iso non lle importaba moito... No entanto, mentres profería insultos como un posuído e arelaba achar algún obxecto contundente para a súa man, en apoio da incesante entrega na ira e no colérico, ao espadelar das sometidas carnes do Antón, do que fuxían afogadas voces no estrondo dos azos irreprimíbeis do Emilio; que non amosaba sinais de cansazo e que seguiu bourando a oito, indiscriminadamente, coa punta dos zapatos nos lugares que entendía máis vulnerábeis do seu inimigo: a cabeza, os cadrís, o baixo ventre... Comezou este a sangrar e xa non fuxían os ecos de salaio da súa boca, senón xemidos dificultosos, perdidos no fragor da agresión e, a pouco, entregouse definitivamente a aquel furacán de brutalidade, sen máis resistencia que a resignada adecuación ao estarricado esmorecer de signos vitais, no rebordo da esteira do centro do despacho. Emilio, por fin, apreciou o esgotamento que estaba a recibir daquela imparábel ventanía da razón fechada e, inando nos esmagadores asubíos revelados na atmosfera do reduto, demoleuse na cadeira de caoba das visitas, entre rinchos da madeira amolentada no peso súpeto, aplicado á aterecida humanidade dun home que se abatía no símbolo do segundo de vida ao renego de todos os tempos e de todas as idades.

Os brazos caeron sobre as pernas e a testa foise para atrás, pendurando ao reflexo dun pequeno espello de adorno nos ollos lerdos, esleirados que protexían as numantinas posicións do espírito coa feble moral dos vellos sentados á beira da fin, nun banco do parque. As pálpebras fixeron de tristes rodela na batalla dos ánimos aceirados, baixando na pantalla do branco teito cinguido entre a lámpada e o armario dos segredos.

A secretaria abandonou aquel lugar silandeiramente. Rozando suave o pomo da porta para non espertar a atención de Emilio, saíu ás escaleiras e descendeu, abraiada no apoio do pasamáns. O seu aspecto era imponente. Os cabelos avoltos, o rímmel escorrido en bágoas que cruzaban o rostro; unha rachadura evi-



dente na blusa e rabuñadas en todas as extensións da súa carne visíbel, incisas en tres ou catro feridas que daban clímax a esa imaxe murcha, eran, realmente, simples riscadelas na meirande parte dos casos.

A porteira, no trasco de vela en semellante estado, exclamou: “Meu Deus, nena! Quen foi o desgraciado que che fixo iso? Como está o mundo! Como está esta vida na que...!”.

Avisaron a policía que foi informada polas dúas mulleres que estaban circundadas dun nutrido coro de curiosas e curiosos. Arrexuntadas no balbordo que argallara a fiel profesional do asexo. Asemade, esbirrando con sonoridade, atendía o labor de cura de primeiro auxilio, da empregada do Reigosa, e era de ver o alarde imaxinativo daquela femia de voz borralleira e de preguiceiros bormos pelingando no nariz, que lle abaneaban ao ritmo da súa trasfega e un cigarro consumido como fiambre entre dúas candeas de velorio, indo de aquí para alá e de acó a acolá, no tópicos costumista do soprón, a pistola e o charón de correaxe, peñor da orde e da boa cidadanía.

—Bos días. Chamaron vostedes? —preguntou o cabo con cara de perderse o “bocata” das once.

—Ai, si señor...! —botouse a el o codrolo de mocos e fume—. Suban ao terceiro andar, por favor! Hai un “endeviduo” que, miren “lo” que lle fixo a esta “pobrecita” rapaza! Fíxense como “la dejó”! Non se pode nin estar tranquilo na súa propia casa! Vaian e sáquenlle a cabeza a ese fillo de mala “madre”. Ai, “Dios mío”, como está o mundo... —e continuou co enfiado estándar de receitar xeneralidades, sinistro xuízo sobre a situación planetaria e un moito desexo de influír no estado de ánimo, en aparencia tan desleixado e falto de estímulos, que se apreciaba no desenvolverse de sórneas axentes, que non escoitaron absolutamente máis palabras da bocanegra da porteira, co dato concreto de ordinal do andar en que ocorreran os feitos. Bufando coa evidente malicia de comprender o vacuo daquela expresión, o cabo foi o primeiro en

abordar os chanzos do vello edificio da rúa Policarpo Sanz, diante do que se estaba a concentrar a xente que pasaba por alí, pois das fiestras da oficina de Reigosa, estaba a saír grandes faíscas e fumazos, o que, en escasos segundos, deixou sentir o cheiro de queima polo oco das escaleiras nos malpocados veciños da finca e nas dúas mulleres que, expectantes, aínda permanecían na gaiola de couzadas madeiras e vidros balorecidos, atalaia do moucho, femia de bormos en velorio. Unha tensa sensación de inquedaanza estíbese a espallar entre os badulaques do portal e o “número” que alí facía a vixilancia de rutina dos manuais sen iniciativa, alertou cun preciso:

—Algo está a queimarse.

A porteira fixo caso do aviso e, fungando coma un gato de lareira, confirmou á aseveración do policía.

—Si. E vén de arriba...

Non rematara a frase, cando a luz entrou no seu cerebro vencendo todos os atrancos que atopaba no seu difícil camiño:

—Ai, mala bicha o mate... —e saltou coma cabalo sen freo, engulindo de tres en tres os chanzos queixosos que chirriscaron en agudo renxer dos inanimados laios que provocaba o trebón de graxa e ósos amoreados en máis dun quintal métrico de forma humana, abalanzándose entolecida cara ao lume que xa se albiscaba nas lapas desprendidas pola soleira da porta e o descansión de tres gardas, un vello retirado dos estaleiros e a señora do segundo esquerda, enfeitada en bigudís e a evocadora bata de puxilístico crepsatén azul, fóra de lugar. A fumeira era xa densa e as labaradas que gabeaban desde os móbeis crepitados do despacho, constituían elemento primordial na confusión de muxicas escintilantes e panos de bandoleiro cubrindo os rostros dos policías tentando rescatar dunha morte segura o corpo estalicado do Reigosa e a esfinxe impávida de Emilio. Este sentaba, totalmente alleo ao incendio que se achegaba ameazador á súa cadeira de brazos de mol sartego elixido para o acto final.

Non opuxo resistencia e, nun manexo de forte tose e acenos indiferentes, foi tomado polos brazos como en angarellas e botado ás escanaveiradas táboas das escaleiras. O vulto do Reigosa arrastrouse tamén, de xeito pouco académico até que foi recollido polos voluntarios da Cruz Vermella, vida *ad hoc* para o caso en cuestión.

Os bombeiros tardaron máis de tres horas en dominar o lume. A constitución do edificio, con moitos materiais inflamábeis, foi boa tallada para a propagación do sinistro que, practicamente, afectou a todo o inmóbel.

A piques estivo o amorfo milpés de agredir a Emilio. Só a intervención dos seus captadores o impediu. A mirada como faís-cas, a expresión amortuxada e un afastamento absoluto da realidade; así metérono no coche de patrulla e levárono á Xefatura. Entón deu comezo o proceso dos últimos tempos que remataron coa condena a catro anos, o traslado a Madrid, atendendo a súa propia petición e unha xeira de misterios que, algún día, intentarei aclarar e aos que, nin sequera coa axuda dos seus apuntamentos e escritos, acho explicación. Por exemplo, as cartas ameazadoras a Carme, a súa cuñada, ás que non atopo un doado encaixe en todo o crebacabezas de amores, desamores, odios, remorsos etc; aínda que Tonecho pretende xustificalas desde o punto de vista subxectivo, como algo contradictorio coa súa cultura e a súa práctica vital. O eterno efecto contradictorio polo que tratamos sempre de cubrir as nosas propias deficiencias de interpretación. Mais aquí é onde eu vexo eses máis contradictorios elementos. Como é posíbel que un home da súa preparación e da súa prestancia humana poida dirixirse a alguén co ánimo de conseguir algo, co que terá que presentar unha certa estratexia dialéctica, con frases de bocalán, sórdida linguaxe e, sobre todo, con intimidacións infantís? Non, a pesar do que poida opinar o amigo Tonecho, non me encaixa. Como tampouco ao Fonso, pero a súa teoría non é momento nin lugar para expoñela e, no entanto, faise preciso argallar unha explicación. A iso imos.

Emilio sabía que Carme se convertera na herdeira universal de todos os bens gananciais e, por iso, as terras de Baltar estaban nas súas mans. Sabía tamén da situación en que ficaban os seus fillos, sen moitas defensas materiais e, ante todo, estaba a súa propia estima negativa sobre o engano do que fora obxecto e o convencemento de que a “viúva de ouro”, coa súa cara de suíña e os seus modais de monxa boba, estaba ao tanto de todo o operativo “dos amantes liberais” e que deixara correr as cousas coa intención posta en negocios de futuro que albiscaba atobados entre a cobiza dos minúsculos ocelos de abesouro que esburacan o pensamento coma garfos de punta máis adoada. Esta obsesión entroulle na alma solitaria da cadea e rubricou moitas horas de insomnio escrutando, como compañeiros de nocturno malfado, as chinesas sombras de bamboleo en penumbra dunha parede escunchada e o teito de eivado en negro. Era toda a síntese da frustración, mais frustración que xa era coñecida amiga e o espírito da vinganza que, paseniño, se apoderaba do seu horizonte. Incluso este desexo lle levantou a moral e lle deu outra razón para vivir. E pasou da prostración a certa esperanza. Tomou conciencia de que estaba alí para devolver a dose de desgraza que lle correspondese e que a súa presenza, en exclusiva, sería un motivo de inqueda para aquela muller que, coa súa renartería e as “malas artes”, fora a gran beneficiaria do seu patrimonio. Debía manter ergueito o facho do futuro e non tivo outra opción que amosarse na vitalidade do seu existir máis fundamental. Que respiraba, que estaba alí, vivo, de corpo presente, soldado último da máis distante trincheira nunha guerra que non sería unha guerra esquecida. Polo que así foi como, no oitavo mes de cadea, empezaron a saír as cartas. Esas cartas violentas, coactivas, propostas que ben sabía non haberían ter o menor éxito; pero que, polo menos, fosen vehículo para non deixar un tranquilo goce do despoxo á Carme e, ende ben, para lembrarlle periodicamente a data dun desquite que non estaba moi seguro de levar a cabo. O certo é que o seu obxectivo primordial era o encordio; cangala e sometela a un estado, prematuramente, incómodo. Que contase como facía el,

as semanas e os meses da súa liberación... Emilio tivo todos estes pensamentos baixo un estado de verdadeira patoloxía distorsionada pola soidade e pola inseguridade que se lle ofrecía por mor da desaparición de María do Carme.

Miguel debería loitar, tamén, por sobrevivir e por non ceder á doada oferta da evasión. Por sorte, puido continuar no seu posto de traballo, na empresa de Conde Raña e orientou a súa vida en dous parámetros fundamentais, dos que fixo o seu norte e cénit: inserirse definitivamente na figura do pai, a quen tería desde entón coma vítima propiciatoria de todas as ambicións e envexas do mundo, e a recuperación familiar, situada nun contorno reivindicativo que abranguería desde á análise crítica da realidade social até os actos concretos da súa militancia política e sindical, da que foi activo partícipe, alongándose progresivamente dos ambientes de xolda perpetua, discos prefabricados e luces de cativa bohemia na manipulada zona da madrugada fértil, que non tiña máis “marcha” que a que planificaban os fríos “brokers” da decadencia e a indefensión. Miguel non deixaba pasar nin un minuto de visita sen estar a carón do seu pai no cárcere. Alí agardaba, auscultando con nova mirada o inframundo da miseria do Poder. A Gloria e a Mesquindade, a Caridade vergoñenta do século sen misericordia, e a enorme lexión dos derrotados. Alí, entendía Miguel o sentido das engurras daquela pel sufrida e o andazo de ollar nas pupilas estériles; o silencio dos seus labios que non era máis que escudo para a dor preñada no peito, esnafrado en gromos de morte polo aspirar daquel mesto aire de mil neixarigos diluídos e unha Lilith incorpórea ateigando as celas e o patio que era resumo de todo o que aínda permanecía no exterior. Aquelas horas de conversa de dicirse o que non fora posíbel dicirse en vinte anos, foi o principio de relixión íntima que entre pai e fillo integrou ideas, arelas comúns, ilusións recuperadas e proxectos de futuro. Todo, menos a teimosía revivida no mesmo intre en que remataba a visita. A obsesión pragmatizada nunhas cartas que xamais tiveron resposta.

—Iso é o que hai, Ramallo —dixéralle o Director, logo de recibir un requirimento, por denuncia de Carme—. Non lle favorece nada, todo isto. Por que o fai? Que gaña?

Emilio non reaccionou. Non sabía. E o que quixera dicir, non podía facelo en conformismo coa súa intimidade e con esa recóndita zona que todos gardamos nun lugar incógnito do interior. Calou, e o seu rostro non reflectía máis que a inercia do decaemento habitual, dese lóstrego amesquiñado de se abaixar no cismeiro piago das horas que non pasan; e asentiu ás que lle soaban palabras sobranceiras, apagadas, estrañas..., sen apenas outra causa de expresión que o desexo de que aquela comparecencia rematase o máis axiña posíbel. Emilio foi a última vez que non respondeu, porque, desde entón, ninguén lle preguntou e así se estableceu entre os dous mundos o natural do seu restrinxido e o aqueloutro que permanecía lonxe, un afastamento máis e máis progresivo, unha separación material de metáfora en acto de xebre por un muro infranqueábel de opacos vidros e ecos melancólicos de lento mirrarense no silencio incomunicado. E así foise apoucando, extinguíndose en miúdo remol que non era máis que vago chamizo avivado nas visitas de Miguel, en picada desa agulla de relembro pesaroso e acedumes retomados das noticias que entraban no seu mínimo espazo, desde o monstro de mil cabezas e mil velenos que había tras as murallas da cadea.

Emilio comezou a contar os días. Un calendario de marmelada, lordento e a medio rachar no seu cromo de boxuda paisana, nos seos descubertos que o “Malagueño”, un desgraciado, baúl de atraco, droga e seromarxinación, lle regalara. Era a súa memoria gráfica e un particular ábaco de, tamén moi particular, operación de suma e resta, cálculo e o de satisfacer a ilusión coas pequenas trampas que permitían as matemáticas, nun inocente xogo de autoengano para manter o ánimo que recuperaba a pesar de todos e de todo. Cando tocaba a súa man dereita coa esquerda, comprobaba que seguía a vivir e iso era un feito obxectivo e incuestionábel...

Pero o que máis axudou a Emilio, naqueles primeiros meses, foi, aínda que escasa e desconfiada non por iso deixaba de resultar positiva, a relación cos seus compañeiros de condena. Despoxos da sociedade de consumo que, transgredendo o que chaman leis, eran sometidos a ese cuarto ou quinto grao do que ela dispón detentadora para suxeitar os novos escravos. Eran desertores da domesticación e, xeralmente, cumprían pena por seren acusados de apropiarse do que antes fora apropiado polos seus axustizadores. Pero o refrán dos cen anos do ladrón carecía de vixencia entre a elite aséptica na nova ordenación de yuppi-cracia. Reprimir era o emblema da súa suposta honestidade. Emilio quixo ser un máis entre o trollo. A intelixencia dos seres vapulados intuiu que el era diferente. E un respecto natural, insólito para os comitres da boa xente que coidaban das boas dixer-tións dos narcotizados cidadáns, chegoulle moi fondo ao preso da cela vinte e catro que rexeitou privilexios para se enxergar máis no veo da desesperanza que cubría aquela camada de esquecidos. Gardou silencio no principio do tempo pero, pouco a pouco, os días de sol, encostado no muro cara ao Monte Alto que dominaba o edificio, establececese unha comunicación distinta, unha linguaxe conceptual afastada das frases primitivas de supervivencia que estaban acostumbrados a escoitar. Emilio penetraba así, na diferenza que lle prodigaban, expóndolles ideas que non crían que puidesen ser do seu dominio, considerando que un home de formación non se afastara da súa compañía; máis aínda que se colocara no mesmo nivel de convivencia, que fose un máis deles sen outro agravio que a común xenreira que denotaba aos mesmos inimigos: a sociedade explotadora do individual e colectivo. Pola súa banda, el atopaba, no entendemento mutuo, o único consolo de saber que a especie humana existía, que estaba a posuír un mínimo de solidariedade e de que, desocupando as mentes de toda retesía e de todo tópico negativo, unidades viventes e racionais podían comprendelo.

Pasaron os meses e topou dentro o que pensara un día achar entre os “homes libres”, que máis semellaban, agora, cans asil-

vestrados a medio do bosque da concupiscencia, do hedonismo e das cobizas desmedidas. Foise afacendo o seu mundo pequeno alí, no reduto do espazo vital e buscou un punto de equilibrio e de partida para recompor o que lle restaba de andaina pola vida. Escribía en solitario, recollido na contraparede e, nesas horas, até minguaba o adoitado balbordo do corredor. Era do dominio de todos que estaba a crear naqueles anacos de horas inmedfibeis. Transcendera xa que Ramallo era quen era. Famoso, de pantalla que algúns recordaban, de estigma de triunfo que un día fora Foto e Voz. E todos sentían, incluso, un proído fachendoso por compartir, con tal persoeiro, as horas e as palabras. Xornalistas que se achegan á Prisión Provincial, cartas a moreas, seguimento nos periódicos... O cativo intelectual, o referente estereotipado que se estende pola cadea como riolada de aceite... Todos son, en certo modo, partícipes da sona de Emilio e este reparte, co seu sorriso aberto, a cota de amigo que a todos corresponde.

Parecería unha estampa idílica e extemporánea, se non houberse tamén partes negativas. Envexas que agroman, ciúmes dos máis próximos, receo de todos. A situación, desde unha primeira xeira limpa, centrada no feito puntual da carga emotiva que traquía a presenza de Emilio a medio da podremia humana, constituída naquel fato homoxéneo de flores coucipadas, era a camelia lanzal e afouta ao vento da ría, na mostra de cores inéditas nun fedorento lagoto do esquilmo e, cando o candor dos desgraciados baixou o estandarte impresionista do inocente contacto, xurdiu a realidade espantosa da periferia social, confinada no restroballo das sensibilidades mortas e resentimentos conxénitos. O aglaio enmudecedor das carencias era garantía para os despachos e os dormitorios. E Emilio non foi máis que un rampante de poutas sen unllas no baixorrelevo permanente daquel patio, produto de toda a paixón que acochaban as almas errantes do círculo infindo, paseantes de clorose e olladores impenitentes do outeiro de esperanza en verde de droga e amigo que agarda a oportunidade.

Unha punxente sensación de malestar rubíalle desde o estómago e forzaba o esófago en agoniante afogo. Non podía resistir



a presión e corría cara aos lavabos, tenta botar de si até o último vómito da vida e non conseguía, senón unhas pingas de auguento líquido, escorregadas entre os labios, como primicias dun sieiro de outono redimido tras as ardencias do estío. Había outros días en que se ensumía na parálise do corpo e a mente, arrecunhado na bancada de cemento... E cravaba a vista nos seus propios pés...; e así deixaba transcorrer o tempo indemne, maino na incerteza e poético nos escasos pensamentos que lle pasaban polo cerebro.

Mentres, fóra, nese mundo de despachos e leitos, Miguel é a referencia, outra volta a referencia, de todo. Intúe que ten que levar antes o ánimo do pai para, logo, paseniñamente, facelo partícipe da verdade. Esa verdade que é María do Carme que non se atreve...

Aquel día, despois de entregarlle a nota a Emilio, correu ao cemiterio. Alí, no espazo frío da capela estaba a derradeira mancha de Carlos Ramón. Pío de vida insentida xa, fora rescatado na escañotada dos Pelamios polos mergulladores da Garda Civil, espido na escuma da indiferenza oceánica, coma un tenue latexo de morte que se esfuma nas horas de apresuramento crepuscular. Soamente unha luz acesa, daba imprecisa sensación de claridade no silencio da noite, rachada eventualmente, nos distantes renxidos dos últimos autobuses e a desolación das xentes engaioladas polas vivendas sen espírito, de sotarregos metálicos en recatados motores e televisión que ilumina as xanelas fantasmais. María do Carme preside a escena solitaria. Testemuño da insensibilidade, olla para aquel vulto de ser humano cuberto coa lona estéril dun anuncio de toldos, e as imaxes agochadas na penumbra lembran, no decurso da madrugada, un ano de abril solleiro nas árbores cuxos nomes descoñecía e a “mariola” con Asu no vento grato do serán, levada entre os seus recordos de nena unísona, arrincada como unha póla de vendaval do desexo de todos os cariños e todos os efectos. Aquel xardín, que era agora rexo negror das súas máis inqedas incertezas, fora nun tempo o refuxio das melancolías e dos medos chantados na sensualidade infantil.

—É vostede familiar? —preguntou un indiferente individuo que facía a garda e que dixo ser empregado da funeraria.

—Si... —limitouse a zunir María do Carme.

—Ben. Pode estar aquí, pero bote a porta ben pechada.

Facía frío, evidentemente.

E pasou dun día ao outro. Á mañá o corpo foi depositado en campa dos residuos na terra da cultura iluminada. Semente sen nome de lenzo á vitimaria da debilidade e da derrota; sinal opaco dos seres vencidos. Carlos Ramón non era xa senón un sopro breve de memoria. A memoria prendida na mirada precisa de María do Carme, no vento que lle zoupaba no rostro e na mañá asolada de Santo Amaro.

Carlos Ramón era, en fin, unha singularidade intranscendente... Nada do real trocaría coa súa desaparición. Todo estaba tan imperfecto coma antes e os coches que pasaban, o mar que seguía a bourar, os obreiros que levantaban as estruturas de cemento... Todo estaba igual, e María do Carme tomou un taxi na praza de carrusel cidadán e mulleres que voltaban da merca diaria entre queipos de grelos e bolsas de plástico, no acicalar arrequichado dos ollos indiscretos. Deixaba o coche aparcado no confín das súas esperanzas e nin sequera se achegou á casa na inanimada despedida dos obxectos que ficarían no recordo... As pequenas cousas que eran a única evocación das longas horas da nenez esfarelada, e que, coma un Carlos Ramón de perpetuo loito, a pulían de seu, moi dentro, a presenciar a fiestra de sempre aberta aos tellados e o reloxo que dicía ausencia e distancias. Aquel tic-tac, paseándose nas luces do pasado e agora no cume dos acontecementos, non posuía outro valor que o daquela brisa esluída na tempestade do seu pensamento, atribulado pensamento no que todo era pedra de estación pendurada na fin da Terra, e as arelas incontíbeis de se abandonar no asento evadido e percorrido en tempo sen rota e sen sentido ningún.

Baixou ao mapa e María do Carme remanece engulida na meseta do país atroado pola claridade ardente da súa propia indefensión.

O cárcere de Emilio foi, logo, como a madrugada de Daniel, acubillándose na inquedanza dun vindeiro día fóra do calendario. E, Miguel, que podía dicir entón?

María do Carme estaba, por aquelas datas, en Valencia.

#euquedolendo  
#baíaconnósnacasa



Cando María do Carme arregalou os ollos, encontrouse en medio do páramo de Castela, nalgún lugar da estrada Nacional VI. O ceo límpido, que aínda avivecía nas últimas luzadas de lusco e fusco, alcanzaba até o límite da chaira que, en círculo, arredor da casopa de luces tremecentes nun letreiro de perfilada muller espida no neon de chincho tinguente de laranxa e verde, anunciaba a existencia dun recanto atrevido no camiño dos transportistas da ruta. Diante estaban aparcados os pesados vehículos, no ermo estendido desde as mesmas paredes da edificación. O inmenso arneiro das espesas somas, que enchían todo o espazo, presumíase como nunha negra paisaxe invisíbel de chagorza recoñecida no algaruxar dos camioneiros que eran, soamente, xa voces bastas na escuridade, desprendidos dos seus monstros metálicos.

Leu maquinalmente as letras pestaxeantes: *La Dulce Gacela. Pub. Disco-Girls. Top-Less*. Un remanso para a tensión do volante, pensou con certa ironía; sentindo a man dura do seu acompañante que a invitaba a entrar no triste edificio de indefinida cor, que máis se parecía a un arredor das vellas choupanas do tempo da fame que a un lugar de descanso.

Á saída de Ourense recordaba vagamente que alguén detivera o coche ao seu reclamo de autostop. Até a cidade das Burgas chegaran os escasos diñeiros que levaba encima e o billete do autobús, como un talismán de non sabía con que poder de transcendencia, guindouno entre as fibras suaves do sostén, no arreuizo de pel sensual dos peitos... Mentres deambulaba polas

vellas rúas e choídos da zona antiga preguntando, sen moito meco, a un e a outro pola estrada de Madrid. E alí sentou nun baixo muro á beira da calzada, levantando o dedo e expondo, por instintivo e natural azo, á súa realidade física no engado dos milleiros de viaxeiros que non reparaban, evidentemente, nela. Así estaba, cando se fixou na matrícula de Valladolid, que recuaba até pórse á súa altura. Respondeu, por dicir algo, que ía á capital de España, e o ocupante, home xa entrado en anos, de cabelo reducido aos rebordos da ampla cachola e un refulxente reloxo dourado destacando entre a escafareñada estampa de monicreque cano, invitouna a montar.

A viaxe fora exercicio de ximnasia psicolóxica para o home, que dixo chamarse Rafael, e que fixo partícipe á rapaza de detalles da súa vida, que non viñan moito ao caso.

—Tes fame? —preguntoulle aos poucos quilómetros.

—Si —respondeu, en monosílabo urbano, María do Carme, como fórmula comunicativa na liña da actitude adoptada desde un primeiro intre.

Pararon nun lugar sen nome, e no restaurante de asfixiante cheiro de cociña, deserto de clientes e moscas voando en todas as direccións, enguliu a María do Carme, decididamente, un enorme entrecosto como prato central do insólito banquete de sopa de ave, sobremesa de nata e café tan acedo que nin catro terróns de azucre puideron adoalo.

—Fumas?

—Si —no urbano “si” que non era xa ela, senón o tráfuga axotado polo reloxo.

O día estaba en todo esplendor e o morno vento das terras chás da submeseta xostregáballe a faciana e na motroñada de melenaponse unha nota de intrigante misterio naquela fronte, a través dos pelos remexidos, entrevista no asubío do forte soán da

tarde. O home parou diante dela, como intentando revelar o seu pensamento.

—Teño un negocio na provincia de Valladolid. Queres vir comigo?

—Si.

—Pero, non sabes máis que dicir, si ou non?

—Si.

—Está ben... —e deu de costas, entrando no coche e abríndolle a porta.

Era agora unha pesada man que máis que invitar tentaba darlle un suave e firme empurrón; máis que nada como preventivo dun remoto arrepentimento de ir ao local por parte da nova e inesperada carne fresca.

Rafael despechou a reixa, que mesmo isolaba o alboroto do “puticlub”, fuxidío polo esguello dunha tapia de aglomerado, en envidores recendos do penetrante aroma de mil colonias e desinfectantes mesturados e o fume de tabaco “de muller” e algún “porro” que chegaba en rapote de tufo a quen entrara de súpeto na clareza lourida da policromía indirecta do recinto. Inmensa lapa de encarnado obsesivo, ocupando totalmente o seu espazo. Era, por riba de todo, vermello, dese ton que estimula o sentido da impudencia e a prohibición das catro paredes que rescatan a libido durmida. O mostrador estaba baixo as prominentes tetas dun trío de femias requintadas na maquillaxe e a chicha constrinxida en apertadas minisaias e nádegas recubertas na malla absorbente na idea real da súa anatomía. Unha especialmente, de labios en vermello estridente sobre a súa pel negra, era centro de provocación dos numerosos clientes que, naquela hora vespertina, ocupaban a meirande parte dos tallos e pugnaban por gañar a atención da exótica succulenta, que non debía ter máis de vinte e cinco anos, pero que presentaba xa demosas de flor murcha na gastada oro-

grafía corporal; avantaxe da idade no abeiro dos enormes días de noite permanente e a prematura saturación dunhas arelas ilusionadas que seguramente rematarían nos primeiros reflexos dun letreiro calquera, nunha data dun país, tamén calquera, e na estrada da terra de ningures en calquera parte do mundo.

María do Carme era soamente un “si”.

—Queres tomar algo? —preguntoulle ao chegaren ambos os dous a unha mesa.

—Si.

Alertou a un suxeito que rebulía tras a barra, ao pé da caixa. Sen dúbida o encargado daquela cafurna. Especie de chulo maior en “greasse” da década perdida e un recorte de virilidade permitida na súa cute de zombi. Solícito, acudiu á orde de Rafael e, mexeriqueiro, melindroso e amaneirado, retesiou a súa ambigüidade, depositando dúas copas dun rubio líquido pastoso, adobiado cun corte de laranxa e a clásica palliña de aspiración gabadora, nun dubidoso equilibrio entre o vidro e a ligazón mesta do licor. O home, de rúan aspecto en ollada da guipa retraída, fíxolle un aceno significativo, de superioridade establecida e, sen darlle máis importancia, dirixiuse á rapaza que continuaba a sentar con formas de provisionalidade sobre o dondo chumazo do tallo na penumbra e á luz prisioneira nunha tulipa de tropical percorrido, que ensumía o seu rostro na fantasía estimulada dos sórdidos sea-reiros que ían prestando atención “á nova”, considerada “material de recambio” das veteranas estrambóticas de lánguidos peitos e peles rechumidas polo uso, e que estaban a esgurrir os derradeiros tempos do seu esplendor. Un deles, principalmente, reproducido en evaescente manifestación do máis canónico modelo de libinosidade e levantando do solo como un palmo baixo os pés, montado no tallo máis próximo, refregábase nos beizos humedecidos pola lingua e a consumición que esgutaba no ollar invariábel, escrutando o corpo vestido de María do Carme que, na súa imaxinación, contemplaba absolutamente núa, suave, mol, dunha



corola de violeta perfumada, fráxil e inestábel que forza de súpeto pola súa enerxía sexual coma o insecto que liba e insemina o androceo.

Non tardou en acercarse ao curruncho onde Rafael seguía, limitado, á contemplación da moza. Pousando unha man no seu antebrazo, esterrillouse fronte da muller no lugar que faltaba para contemplar o triángulo humano en torno á mesiña da lámpada con tulipa.

—Podo? —foi a súa petición de permiso para facelo.

—Home, Parrondo! Que tal muchacho...? —díxolle con afectuosidade, denotando no acento posto nas palabras e na familiaridade do trato unha confianza que era, seguramente, tan vella como a existencia do lupanar.

—Que..., como che vai?

—Xa ves —respondeulle o “home forte” do lugar que, cun movemento de cellas, depositou a “mercancía” á mercé do bo cliente que era o tal Parrondo. Aínda fixo outro aceno coa man aberta, como indicando que non estaba “madura a pera”, o que aconsellaba suar calores até que el preparase o terreo. Era sinal de uso corrente e o achegado asentiu coa testa, pasando todo isto desapercibido para a “candidata” que non atendía máis que aos seus pensamentos e o chuchar periódico da bebida descendida en nivel paulatino na mesma proporción que o envaiñar da súa vontade, transportada progresivamente ás palabras que Rafael lle dirixía e ás que xa, nin sequera, eran respondidas con monosílabos.

Avanzados varios minutos, insistiulle con máis firmeza, apreixándoa polas mans e, incluso, apouvigándolle as meixelas como para despexala dos seus interiores e decantarlle o interese polas frases tópicos e vulgares que saían daquela bocanegra.

—Que, nena? Queres traballar aquí?

E, como as respostas non eran tales, senón simples movementos de pálpebras a fecharen os ollos de mareo, na arrepianete bafarada acadarmadora; repetiu o “boss” de grosos dedos e refulxente reloxo os seus convincentes métodos antiatordoamento que, nesta ocasión, fose pola insistencia en si ou pola contundencia do tratamento da alempuzada faciana da rapaza, produciron un “Si” atribulado máis sonoro e, taxativamente, afirmativo:

—Sabes de que traballo se trata?

—Si.

—Empezas xa?

—Si.

—Ben. Este é un bo cliente. Trátalo con cariño e podes sacar moito en limpo. Os cartos rebórdanlle coma ao cabalo de Don Quixote as alegrías... —díxolle a carón da orella, coma recomendación desinteresada de pai a filla, entrando, deste xeito, no seu proveito e, como unha deferencia, no intre do seu “debut” no mundo máxico da “realización como muller madura”, que era o argumento que empregaba por segunda vez para apoiar a que coidaba aínda atariñada actitude de María do Carme—... coma unha nena que sempre estea supeditada aos demais. O teu corpo é teu e de ninguén máis. Eu sei coma tratar ás miñas monecas. Entendes o “rollo”? , como dices agora... Son comprensíbel... Ah!. E non te preocupes das condicións. Diso xa falaremos. Turito é o que corre con esas cousas... —e sinalou ao ambiguo en “grease” que rebulía ao pé da caixa, tras a barra—. Anda, pórtate ben! —e esvarou a man ao longo do seu corpo até premer unha nádega e depositar un bico daqueles beizos carnosos e húmidos de alcohol, no colo.

—Si.

O cliente abeirouna, estreitándose a carón dela e presentouse cerimoniosamente:

—Nicolás Prado, señorita... —e calou, como agardando unha resposta para seguir a falar, decontado—. Eu paro aquí sempre que paso... Case todas as semanas. Son de León, de Villabril... coñeces ese sitio? —mudou o vostede polo atuamento. Un paso silandeiro do seu peculiar cortexo e, asemade, rechumiou un pouco máis o seu grande volume, asediando á rapaza contra o extremo do brando e doce chumazo—. Non —susurrou ao tempo que gardaba o difícil equilibrio entre os primeiros efectos dos vapores etílicos da beberaxe e o manter da súa posición. O individuo, tentado polas fantasías que o estaban a relamber, non andou con moita máis prudencia e indicándolle unha zona de sombra ao fondo do local, díxolle:

—Imos a un reservado! —e levantou. Como María do Carme non reaccionara nin cun pestanexo á súa determinación, insistiu: —Si, imos a un reservado! Que che está a pasar? Non queres?

—Si.

Tomou a copa na man e ergueuse. Neste intre, todas as miradas converxen na súa figura solitaria, sen chaquetón, que adianta cara á penumbra. O tal Nicolás, arteiro, acurralouna a unha porta e deulle paso por baixo do seu brazo que circundou a cintura feminina en signo inequívoco de posesión e dominio. El era! E todos, interiormente, envexaron ao enorme transportista leóns que, unha vez máis, motivos tería para chufarse ante eles, coas aquelas atufadas frases que, acotío, lles repetía; emblemáticas da súa fachenda de “puteiro conquistador”, difícil e antagónico oficio que, no entanto, presumía de desempeñar simultánea e exitosamente.

Unha cama de luída colcha verde, un bidé e unha banquetta; percha; a mesiña de noite en cinzeiro emporcallado e lámpada de pantalla rosa que era acesa de fúnebre lucerna de, apenas, permitir a visión da outra banda do encanastrado leito. Tras a porta unha cortina de indefiníbel debuxo, corría pendurada de varios aneis, que deberon ser dourados, arredor dunha barra enferruxada. Todo

o suposto “esplendor” da ilusoria decoración da tenda dos amores desaparecía no ambiente daquel “picadeiro” sórdido, en farrapos da súa trouxa de noiva mercada nas arras dun saín billete; sen subterfuxios nin cortesese enfeites de limar a dura realidade do troco carnal. Así era o que restaba de vida naquel escaparate, de toda extensión en reducido retículo de seis escasos metros cadrados. Un rolo de papel, dobre folla, unha pastilla de xabón..., e os catro paniños e dous preservativos que lle facilitara unha das peitudas maduras da cabicha entre carmín, en preguiceiros pasos no delurar de cheiro enfermizo e o petar na folla de madeira cos cotelos á pouco de que o Prado (Parrondo), apresurara a intimidade artificial de carne vestida, e correndo a cortinada.

—Nena..., toma —dixo cautelosa.

María do Carme non respondeu. Interrogouna o Parrondo coa mirada, como inquirindo unha resposta resolutive e, ao non obter resultado, tomou a iniciativa:

—Si... Que pasa?

—É a nena...? Non ten lingua...? Fala baixo, coño, non escandalices. Son os condóns e os panos. Abre... Aínda que esteas en “pelotas”. Non me vou abraiar... Todas temos o mesmo... Abre, “joder”! —insistiu, levantando un tanto a voz. Parrondo entornou a folla de madeira, botando a man en xesto de recollida da bolsa de plástico depositada polo furriel-baldreu da confianza do ambiguo caporal de barra, caixa e “greasse”. O brazo masculino, cribado en pelos mouros e pel curtida pola ventá do tráiler provocou, na “veterana de Venus”, un aceno de galbana que foi seguido da indiferenza do costume. Xa non estrañaba nada. Eran tantos anos...

Parrondo espíase lento, firme na sira de sentirse seguro e contemplado na morbosidade da mirada queda, permanente e fixa da rapaza, sentada na colcha verde e libando a copa de líquido pastoso, mestura de monosílabo e conformismo na introspección que non permitía máis que a esperanza de un minuto crispado na desigual voluta de tabaco.

—Que? —dirixiuse o home.

Acercou os labios á “palliña” e chuchou de novo.

—Que? —repetiu agora, co ton da voz máis alto.

María do Carme estaba ausente. Ensumida na velaíña luminosidade estática, de voz e movemento na presenza de todo o terror do tempo que non se domina e na última posibilidade, sen outro decorado que a tristeza.

Parrondo despoxouse de toda a roupa interior e, tomando a súa prestancia masculina na man, ofreceulla así, afastando a copa e deitándoa sobre o leito, e pretendendo tamén abri-la a fibela do cinto que sostíña o pantalón na cadeira modelada en perfecto das formas e do estreito apetito que perfumaba o ambiente e enchía os seus desexos.

Cando sentiu o peso dun corpo entalado enriba dela, deulle unha chantada na bobecha, con tal saña, que a dentada provocou no galán dos tempos de crise varias feridas coincidentes coa presión dos caíños, correndo un fío de sangue e desatando un berro de dor e unha violenta reacción de dúas sonoras labazadas que estalaron en todo o local como lategadas no eco do alxube.

—Putá, cabrona! Cágame no leite que mamaches!

Ao pouco presentouse Rafael, o ambiguo de “greasse” e a madura de confianza, petando na fráxil porta de tal xeito que parecía iren derrubala coas rexas batedeiras. O Parrondo facilitoulles o acceso e o dono preguntou contundente:

—Que pasa aquí?

—Nada; esta filla de puta... Mira o que me fixo.

Rafael sen dicir ren, arremangoulle dúas hostias que deron con ela na colcha. Levantouna, asíndoa pola roupa e, cos ollos

acendidos e o xesto espasmódico, impuxo a súa condición de superioridade autoritaria no reino da podremia.

—Has facer o que eu diga! Aquí non hai caprichos! —e zorregou nela, aínda se cabe con máis forza, provocándolle o sangue polo nariz e afociñándoa contra a parede posterior da cama—. Queres traballar? Pois a cumprir, e a cumprir con quen pague —e ía mallar novamente no vulto de muller aterecido, cando a veterana dos ollos murchos e veleidades mortas lle detivo o brazo, quizais compadecida por aquela actitude dócil, inofensiva e impotente da “chica” que esbozou un salouco sen palabras e se enconicou ao fondo da habitación.

—Para, para... Déixame a min, anda... —e interpuxo o seu amplo leque de carne humana.

Rafael fixo como que pensaba, e saíu da estancia.

—Sácalle o carné —ordenou ao encargado.

Parrondo vestiuse e fuxiu entre as sombras do “puticlub” cara ao aparcadoiro.

—Chámome Loli —acariñouna a muller de granate xersei e saía mingua, intentando gañarse á moza acubillada nos seus propios brazos e o mirar que se chantaba na indefinida morea de azul vaqueiro das pernas encollidas... Coma un pequeno animal ameadoñado, rexeitaba en actitude defensiva a proximidade da celestina de loiro tinxido que non, por iso, cesou na súa teima.

—Anda, muller... Ven aquí... Non temas. Non temas. Non che pasará nada.

Engatou sobre da colcha; sibilina, con gramuras de mimo e abranguela, para pousarlle a cabeza á altura do seu tórax. María do Carme venceuse, deixándose levar pola man de Loli que acariciaba o seu cabelo no arrollo dunha nai á crianza no regazo. Era o primeiro significado de amor que recibía. Amor de poeira no inferno do mundo dos homes.

—Todas estamos no mesmo barco, nena. Isto é unha porcallada, pero o que está fóra aínda é peor... E dígocho eu que teño moitos anos de voo. Aquí necesítase intelixencia para sobrevivir e, se es lista, podes saír ben parada. Que raro, non si? Eu non nacín nisto, cariño. Ningunha nacemos nisto. Fainos á vida así...

Si, aquela muller non era o que parecía. A súa linguaxe era distinta e algo denotaba unha educación primitiva e un nivel cultural que non se correspondía coa xeneralidade da fauna salvaxe do mostrador e os veladores.

—Estráñaste das miñas palabras? —díxolle cando se decatou que a rapaza prestaba máis atención—. Estudei coas monxas. Era do que chaman “boa familia”, pero diso hai moitos anos..., e que non quero falar máis... Todo o mundo está, para min, aquí dentro e, de verdade, sinto arrepió de pensar que aí fóra me debo enfrontar coas cousas que pasan... Rafael? É un home que vai ao seu negocio. Pero leal. Si, señor, leal! Endexamais te deixará colgada; e, o que di, cúmpreo. Se che ofrece catro, dáche catro e, se che portas ben con el, deféndete por riba de todo. Xa sei que é difícil de comprender isto, pero encontrar alguén en quen confiar é algo que se agradece, incluso neste sitio; ou quizais, aínda máis... Eu tiña vinte e cinco anos cando encetei a carreira e xa percorrín media España, de cama en cama... Ala!, a outra “plaza”, xa es moi vista aquí! E de aquí para alá, pasando das mans duns a outros, como mercadoría de troco entre esa mafia de chulos que dominan o que chaman “o mercado”. Un bo día, Rafael, pagou unha fianza e xa o ves; hai sete anos que estou con el e non quixera deixalo por nada. É un seguro, filla. Teño máis de dez millóns no banco. Son meus e xamais me preguntou por nada... Iso é de ter en conta. Agora xa non sirvo máis que para “traballos auxiliares”. Entendes?

María do Carme tranquilízase. Entenrecida nos cálidos brazos dun ser humano, experimenta, na abstracción afecta, independente de calquera outro feito circunstancial, que está no cerne mesmo do individuo e que, nun intre determinado, muda

o camiño da vida e nos leva a tomar decisións definitivas de xeito tan sinxelo que incluso nos abraia a escasa responsabilidade amosada cando reconsideramos as cousas, pasado o tempo. Agora xa respira fondamente, afástase da muller e sécase unha precoz folerpa lacrimal que pretendía acadar o rebrigue dos labios. Ollando a Loli, por fin abre un vago sorriso no seu rostro, sorriso que agocha unha inmensa carga de destrución interior e que serve como o espello opaco que oculta a miseria daquelas moradas do frustrado para darnos non a impresión da triste realidade, senón a prestancia dun desexo que nunca se verá colmado.

—Grazas, amiga! —e bicouna— Ben..., alá vou.

—Nena..., que vas facer?

—Vou vencer a podremia coa podremia. Vou ser consecuen-  
te, entendes?

María do Carme íase cara á porta. Loli tomouna polo brazo:

—Agarda. Se non comprendo mal, vas ceder... O meu consello e que collas a porta e fuxas, que aínda hai tempo... Iso do carné é unha trangallada. Devolveracho se llo pides. El non quere leas...

—Non! Está decidido, amiga miña.

Achegouse ao mostrador e falou con Rafael. Todo arranxado en poucos minutos. Saíu fóra e avisou ao Parrondo, que a piques estaba de arrincar co camiión. Este atendeu o aviso e alegrouse da renovada oferta de posíbel pracer. Correndiño soltou o volante, descendeu do vehículo e guilou, máis que andou, os poucos pasos que o arredaban da entrada de *La Dulce Gacela*.

—Logo...?

—Tranquilo, amigo. Eu sempre cumpo cos clientes.



Ambos os dous atravesaron o recinto, entintado máis que nunca en vermello, e, preto do reservado, Loli foi invitada a saír con autoritario xesto:

—Aí a tes... Que a goces con proveito.

O rostro do condutor de todas as estradas do planeta, refulxiu de ansias. Alí estaba María do Carme, a medio espir, de forma que as coxas núas cubrían todo o cadro de mansedume insinuante, zumegada no aire cálido da habitación e nun ingrávulo perfume fixado en si mesmo, como parte inseparábel da catalogada estampa de “perdición e malas mulleres”, que provocaba máis ao insatisfeito estro do matalote de León.

Rafael guipou de esguello e pechou a porta.

Loli, con crítica mirada, negou coa cabeza e díxolle:

—Non, Rafa, non...



Hai pouco máis de dous meses, coñecín a Loli. Chámase, en realidade, Hermelinda Gómez Arochena e é natural de Andújar, pero, en absoluto, nótaselle acento andaluz.

—É que pasei moitos anos en Asturias...

Estaba no mostrador de *La Dulce Gacela* e atendeume sen problemas.

—Eu non ocupo...

—Non se trata diso. Quixera falarlle de María do Carme Ramallo, unha rapaza que hai cousa de dous anos estivo por aquí.

Respondeume con outra pregunta:

—Sabe onde está agora? Pobre nena.

—Non o sei. Pero interésame o pasado...

—Oia, o pasado para min non existe. Que coño quere?

Explíqueille o motivo da miña visita e quedamos para a seguinte mañá, nun café de corte posbélico de espellos, baldosas e mármore fuxidos de mil nichos baloucados. Era a poboación máis próxima. Foi puntual e sentou fronte de min, cos cabelos recollidos, a maquillaxe discretamente disimulada e os dedos das mans desprovistos daquelas rechamagueiras sortellas que cubrían, case por completo, as falanxes.

—María do Carme parou pouco aquí. Era unha peza moi cobizada e Juan Molina pagoulle a Rafael un bo “traspaso”... —dándose conta da miña total ignorancia, volveu sobre as súas palabras—. Juan Molina é un individuo de Mataró que posúe unha rede de clubs por toda España. A ela levouna para Madrid, a un prostíbulo de luxo, con clientes de moita altura e que buscan o que chaman as máis “doadas exquisiteces”, ou o que é o mesmo: as meirandes porcalladas. Xa sabe: o baño turco, o grego, animais... Uns dexenerados que usan o seu diñeiro para esmagar as pobres desgraciadas coma nós... Utilíznos igual que obxectos e logo, cando non servimos, bótannos ao lixo. Eu prefiro os homes que buscan soamente a satisfacción física...

Atalleina:

—Fáleme de María do Carme, por favor.

—María do Carme era un produto de todo isto que estamos a ver polo noso redor. Era produto da merda. E sabíao. Desde o primeiro día, notei nela algo que non era capaz de “saber”...

—O seu pasado?

—Non falou endexamais diso. Nin da familia. Decía que era coma unha aparición nunha noite de treboada... Pero o certo é que, aínda hoxe, non sei de quen se trata realmente —e olloume calada, mudando a impresión facial como a se decatara, no intre, do que estaba nidio e non vira até o momento—. Vostede non será parte dese pasado, ou da familia, ou...?

—Non. Tranquila, que non son máis do que lle dixen.

—E que, para unha historia...

—Quen é Elio?

—Elio é...; un pobre desgraciado..., sabe o asunto da droga, non? Coñecéronse en Madrid. Eu estaba presente porque fora buscar dúas “muchachas” venezolanas que Rafael contratara co

Juan Molina. En parte era unha recompensa por ela... ben valía o prezo de dúas “sudacas”. As españolas escasean hoxe en día e cotízanse moi ben. Sairamos, xa de madrugada, do Club e iamos á casa, á parada dos taxis... O rapaz estaba tirado no chan, ao pé dun contedor de lixo; debera caer contra do rebordo da beirarrúa, pois que se vía un gran sinal de sangue na fronte. María do Carme, que era así, unha personalidade abocada en todas as adversidades humanas, anicouse, de súpeto, sobre do corpo estalado na rúa. Eu advertínlle que non o fixese... “É un drogado, déixao”. Non atendeu. Era tan grande o seu corazón... Non podía ver un infortunio, sen prestar axuda. Os nenos esmoleiros sabían que ela podía, incluso, baleirar os petos se lle poñían cara de moita mágoa... A unha velliña que cangaba os seus anos pola Gran Vía, pagáballe un taxi... Era iso: un produto de toda esta merda, que non se resignaba co triunfo da dor e a maldade, como nos explicaba cando facía unha acción desta caridade tan súa... Ben, aquela noite, tomou o rapaz polos ombreiros e incorporouno. Non pesaba moito... Os trazos da droga, en avanzado estado, estaban presentes na súa cara, os ósos sinalados de un en un, a pel lívida, os ollos de bolechón brillantes... Todo denotaba o estado final dunha vida que se consumía. Estaba baixo os efectos dunha recente dose que non lle sentara moi ben. Tiña a boca borrifada en burbullas escumosas de baba e todo o corpo lle tremelicaba como cando un ten gripe...

Loli tomou un grolo e aproveitei para encamiñar o seu relato, abreviando; cunha pregunta que centrara a súa atención:

— Viviron xuntos, non, si?

— Si, claro... Non sei o que veu naquel rapaz... Seguramente a debilidade que amosaba en todo, como se estivese decontino exposto a moitos perigos... Non sei. Sentíase protectora del; víao tan indefenso... Tomou un taxi e levouno á clínica máis próxima. Puxo, diante dos ollos da recepcionista, un feixe de billetes e non saíu de alí até as dez da mañá. Con el, naturalmente. Eu acompañeina e caíame de sono. Recomendeille que o deixase na casa, que

Ile preguntase o seu enderezo, mais non fixo caso e trasladouno ao piso que compartía con outras compañeiras e, aínda que sabía que estaba prohibido polos xefes, non tivo reparo en metelo na habitación. Falaban de cousas sen importancia. Ela interesaba pola súa vida de *yonqui*. Polo que eu puiden saber, era de xente acomodada. A avoa vivía en Argüelles e a súa nai, viúva, en Sevilla, cun home de negocios. El xa había tempo que deambulaba polas rúas..., ao que caese; prestando o corpo por mil pesos e disputándose, incluso, un lugar nun recanto coñecido polos clientes. María do Carme pechou a porta do cuarto e supoño que se deitaron xa naquel mesmo intre; pois, en poucos minutos, escoitei laios de pracer, suspiros, en fin, todas esas mecadas de facer o amor... Entendino, de verdade que o entendín entón pero, agora, ao cabo do tempo, coido que foi un erro envolverse con aquel Elio..., que non era malo, non, que vai! Era un rapaz de moi bo fondo... Se ela mesmo mo dicía cando falabamos por teléfono e cando veu, acompañada por el, na Semana Santa. Estaban, os dous, de aspecto, magníficos... Xantamos, fomos a Valladolid, a Medina..., á piscina, á discoteca... Pero comprendín que corrían, baixo aquel disfraece de beatitude e felicidade, no vieiro sen retorno. María do Carme xa estaba “enganchada” no “cabalo”. Foi o sábado, polo serán. Nunha cafetaría, sentados na terraza, cando me dixo que ía ao servizo... vin que lle pedía algo a Elio e este ripaba do peto da chaqueta unha “papelina” e unha xiringa. Comprendín. Pasaron uns minutos e volveu eufórica, distinta, segura de todo... Elio tomouna da man e paseamos entre as escasas persoas que quedaban na cidade. Agardaba a tela a soas para falarlle, pero non houbo ocasión. A última noticia que tiven foi que hai máis de sete meses que marchou a Valencia e que xa non está en ningún club. Anda tirada polas rúas, ofrecendo o que pode e vivindo á intemperie...

—E Elio?

—Morreu o ano pasado. É de supor que a consecuencia da droga... Como rematará ela. Por certo, coñecín ao seu irmán. Un home de moi boa presenza que veu preguntándome...

—Si, xa sei. Foi a Madrid e deu con ela. Ese foi un dos motivos de que marchase a Valencia.

—Ah, ben! Xa está... Eu non sei máis.

Aquí rematamos a nosa entrevista. Loli é unha muller agradable, educada, prudente. Non entendo como podía ofrecerse nos seus bos tempos, pois non se cadra ben o seu porte de conxunto coa posición de abaixamento que ha adoptar no seu “oficio”. Inviteina a cear pero rexeitou; coido eu, pois soamente puxo a desculpa da hora, porque estaba incómoda na miña compañía. Tantos anos emporcallada no lumpen da sociedade, produce esas dependencias psicolóxicas e, entendéndoo así, agradecínlle a súa deferencia e despedínme. No camiño, e ao fío das súas últimas palabras, pensei en Miguel.

Efectivamente, era un home no que, a pouco de entrar con el no diálogo, se apreciaba unha loita difícil que estimulaba un perfeccionamento persoal e, asemade, un desexo subxacente por reconstruír a vida do seu pai e recuperar a María do Carme. Falárame das visitas ao cárcere, dos seus momentos delicados, para darlle ánimos, da procura de rastros para topar coa súa irmá... con respecto a isto, un día alguén proporcionoulle vagamente a pista da casa de azafatas de Madrid, léase, axencia de prostitutas de luxo. Ese alguén, nunha mensaxe contraditoria, intentaba despistar a súa identidade e a voz a través do teléfono, era inidentificábel, pero, de seguro, se trataba dun coñecido da familia, pois os datos que facilitou estaban embelecados dese sabor familiar e de achego que, doutro xeito, non terían razón de ser. Acudiu ao enderezo e localizouna. A primeira impresión de ambos os dous foi de sorpresa por parte dela e de rabia e dor pola banda de Miguel, pero conténdose para dominar a súa actuación, limitouse a un “quero falar contigo”. Quedaron a unha hora determinada nun autoservicio próximo e, puntual, apareceu con Elio.

—Meu irmán —presentouno.

Miguel, ao primeiro golpe de vista, soubo da dependencia do mozo de María do Carme, como o denominou esta, e acanourou, de todo en todo, de que fose tamén lurpiada pola subordinación ao diario “pico” que tantas veces vira arredor de si nos “orfanatos da noite”, que agochan esas almas fuxidías de morada, dos seres normativizados. A súa experiencia, neste terreo, dicíalle que o contaxio é fácil e que o contaminado ten como teima, decote, o introducir o “partenaire” no seu mundo principal.

Sabía como operaban os factores afectivos; o poder do cariño e dos sentimentos nos desterrados da vida que percorrían a desolación urbana entre milleiros de pantasma afundidas na soidade, esa soidade que, ao final, non atopa máis amigo que unha agulla solitaria no curruncho perdido das sombras e do medo. Miguel desbotou entón, todo o inmenso peso que abranguía dentro de si. A tristeza non era máis que o pano de fondo dun enorme desengano e entregouse a min, sen reservas. Falaba da irmá con devoción, sen recorrer aos lugares comúns do destino e á sorte, intentando analizar as motivación últimas e os seus “erros históricos” que puideran ocultarse como chaves para descifrar o proceso destrutivo que, de calquera xeito, estaba cada día máis decidido a deter, a salvar o que ficase por salvar e a construír novamente a vida do seu pai e a de ela; os dous reclusos en diferentes cadeas da máis moderna tecnoloxía social.

Non tardou en descubrir o que buscaba. Unhas evidentes picadas no xogo interior do brazo, delatárona.

—Estás “cabalgando”? —inquiriulle.

María do Carme entendeu perfectamente. Vestía un chaquetón de pel branca e un recente peiteado en luminosos pendentes resaltando nos labios de brillante vermello, de pegada na boquilla do cigarro, como distinguida estampa de muller respectábel que gustaba de exhibir. Emporiso, respondeu en baixa voz; bisbando entre dentes:

—Cala, cala... Xa falaremos.



—Non, agora! —e asiuna polo puño. Elio tentou de intervir, coma protexendo a moza coas amainadas forzas que aínda puideren encerrarse no recinto estarrecido daquel agutio de proída epiderme, que era todo o que quedaba de sopro humano na sombra sen retorno.

—Vaites, fillo de merda! —e dun violento golpe seco, como o abaneo dunha dúctil cana, afastoulle o brazo, esmagándolle o nariz que, manido como a froita machucada contra o solo, manou un profuso rielo de envelenado sangue daquel ser que conservaba de home o impacto zoomórfico da súa andaina terrestre. Deixouse caer e non tivo, nin sequera, o máis mínimo pulo de reacción ou defensa. Era a derrota con sentido en si mesma o que xacía a carón das patas da cadeira; e un xesto acirritado no bico de Miguel, contiña, apenas, o asaño sentido contra do monifate que se demolía no terrazo do autoservicio, e que foi atendido por María do Carme decontado. Nos ollos da moza un fío de bágoa e esquece a presenza do irmán. Levanta, nada máis producirse a agresión. Non houbo unha soa palabra; nin unha protesta. O “colega” precisaba axuda; esa axuda que xa era, máis que nada, unha terapia de vida para quen emprendera a derradeira xeira existencial e que se convertera nun emblema de resistencia e, ao mesmo tempo, de amor; para entendermos, o que sería imposible explicar con outra terminoloxía, no seu silencio máis reservado. Aquel silencio das noites de taxi e náusea, de noxo no alento etílico dunha barba estremecida de pracer que deposita a súa babuñña no padal aínda lubricado de seme dunha precedente “fellatio”, solicitada nos seus labios de seda e repugnancia... A imitación de satisfacción que sofren os ollos fechados, na prema de que hai alguén agardando e que é necesario apurar o coito: “anda, córrete xa, non sexas nugallán, que estamos fóra de tempo...”. E o portal está nas catro e media da madrugada e o ascensor, limpo no espello da identidade perdida, dá paso a unha porta na que Elio permanece esperto. Eterno insomne da espera sen data é a figura que percibe no escuro da cidade presentida a través dun ambiguo vidro de xanela. María do Carme afasta, entón, o inmenso deser-

to das horas e coloca o reloxo na mesiña: “Ven, amor, ven aquí”. Ten ese viso de fitas carmesí e entrégase na carencia de vigor dos seus brazos, agardando que hoxe, si hoxe por fin, acaden iso que buscan desesperadamente, iso que non ten nome, nin forma, nin sequer concepto, pero que existe na máis profunda sensación de interiorismo atraente, configurándose en toda manifestación das cálidas mans que lle baixan as bragas e en que lambe o seu clítoris, no que son continxencias efémeras de luces que aínda forcexan nas elevadas celas do informe barrio. Axiña se ensumirán nun sono do amencer que estaba en Elio como a conquista dun novo continente: “Si, vivo, vivo...! E María do Carme non escoita, pero sabe que esas voces resoan na vela interminábel do seu compañeiro, coma os suaves laios que rozan o ar de cheiro fecundo en tristeza. O pano lúe aquel rostro desfigurado, modelando as prominencias do armazón vertebrado, que quere saír polos poros da pel, e unha pinga de vermello cae sobre do coiro sintético do chaquetón...

—Elio, Elio... —salouca unha voz descoñecida para Miguel.

Estático, sobre o asento marxinal da mesa, a estampa do home-farrapo tendido vaise diluíndo nas persoas que o arrodean, así como ese raro ton do carpir en tímidos xemidos, progresivamente arreguizados no sámago máis profundo da súa capacidade sensíbel. É ela a que pronuncia ese nome, percutido no cerebro como o máis sinistro pranto de desesperación.

—Mari, por favor... Deixa esa merda... Ven! —bótase sobre as xentes que xa forman un perfecto círculo; curiosos e preguntando.

—Mari, non te consumas...

Cóllea pola pel branca e trata de levantala. María do Carme revira, óllao sen dicir ren e, vencendo o choro, crispa os dedos:

—Non, non...! Non podo, non podo... Non me presiones. Déixame xa...

Miguel, fóra de si, dálle unha labazada:

—Sae de aquí, coño! Deixa esa merda...; esa merda...!

Varios dos presentes reaccionan e arrástrano, mentres el trata de non desasirse do anaco de pel que retén entre as súas gadoupas:

—Mari, Mari...! É a última oportunidade...! Mari, enténdo que te quero, que non podoo...!

Unha man, corta de súpeto, as súas palabras e perde contacto co chaquetón. En poucos segundos está no coche da Policía Local e un “achulapado” aprendiz de ditador aconséllao:

—Tranquilo, eh? Tranqui, tranqui...

Miguel percorreu a cidade na procura de María do Carme e Elio. Rastrexou, practicamente, os clubs, “axencias de compañía”, as zonas galantes de máis ou menos nivel... Todo fora inútil:

—Expliquei no cuartel a miña situación e os motivos que me levaran a reaccionar así. Comprenderono pero, en calquera caso, tíñase que cumprir o trámite burocrático do expediente, a declaración etc. Tardei preto de tres horas en saír e xa foi imposible localizalos. O local de contactos estaba pechado e non puiden dar con quen de me informar. Era de madrugada e soamente as “tiradas das esquinas” estaban na rúa. E estas rexeitaban coñecer das que tiñan “plaza” na prostitución de luxo, das que consideraban “privilexiadas”. O seguinte día, volví á Axencia e, como tiven que me identificar; un matamouros que efectuaba labores de “orde”, suxeríume o abandono, apelando aos pés, daquel lugar, sen máis xustificación que un: “porque me da la gana a mi, ¿passa algo, tío?”

—Están controladas e, de seguro que ela, é unha peza cobizada...

—Para eses individuos o único interese está no valor dos cartos que pode representar unha muller e, sabendo iso, souben

do enderezo doutro local da rede do tal Molina. Era en Moratalaz, nun presuntuoso entresollado con ordenador de fachada e atractivas señoritas de relacións públicas, que amosaban os catálogos de “mercadoría humana” co discurso perfectamente asumido e estudado das “calidades individuais” de cada unha delas ou deles, que para todos os gustos había na colección. Eu era un cliente e, como tal, fun recibido. Temía que estivesen alertados polos outros cómplices, pero a organización non chegaba a tanto. Non se trataba de ningún filme de “cine negro” e, para non espertar sospeitas, preguntei pola nova máis recente e aludín a “unha loira que estaba, non hai moito, en Argüelles...”. Era un lugar común que, posibelmente, dera o resultado que buscaba. Así foi. Sen máis, mostráronme a fotografía dunha moza como de vinte anos, esvelta, de tinxidos cabelos e peitos turxentes, da que salientaban embaixo, con letra miúda ás súas máis “suculentas especialidades sexuais”. Aceptei e déronme un prazo dunha hora para o comezo do “servizo”. Pasado ese tempo, entrei nunha habitación e alí estaba a moza.

Interrompino:

— Abrevia, por favor.

— Si..., todo era unha desculpa para pescudar información sobre María do Carme...

Miguel detallábame aquel rocambolesco relato con innecesarias xustificacións, pois era doado maxinar cales foran as causas e, incluso, as intencións, que levaran a argallar aquela trécola circense, da que me fixo un pormenorizado conto de costumes que, ao aire dos seus relanzos animais, subía e baixaba en intensidade emocional nunha liña zigzag narrativa que, ás veces, era difícil de assimilar. Pouco máis ou menos, as cousas desenvolvíanse así: No decurso do tempo de “alugueiro amoroso”, interrogara sutilmente, con engados dialécticos, á moza sobre a súa irmá. Que coñecía unha rapaza de Argüelles, que xa estivera varias veces con ela, que agora non estaba, que non lle deran

razón... E, segundo el, tivo a confianza de que fuxira da disciplina do Molina e que isto era algo que, por mor do exemplo coactivo perante das demais, non consentirían os amos do “tinglado”, e que era seguro que darían co seu paradoiro e que lle aplicarían un castigo adecuado. Por suposto que non tiña nin idea onde podería estar pero que, co lastre dun heroinómano perdido e coa súa propia dependencia progresiva, non chegarían moi lonxe. As necesidades da droga eran implacábeis e, cando o “mono” os apertase, terían que saír do seu cornecho para acadaren diñeiro e ese sería o intre no que aproveitarían para cazala coma un coello. Dominaban todo o “sector”, desde as pendangas dos esquinais até as azafatas máis sofisticadas do “catering” internacional. O que pasara logo..., quen sabe! Xa non era a primeira que aparecía escachada nun cortello das aforas... Era unha escaldadura en corpo alleo, moi eficaz contra as tentacións...

Dubidei en darlle creto a semellante contiño, pero quixen apurar os últimos recursos de credibilidade que entrevía entre tanta confusión:

—Sabes onde está agora?

—Si —respondeume con seguridade—. Ben... —xa sen tanta firmeza, como se a afirmación precedente fose máis un arrouto espontáneo que unha estimación consecuente—... si, creo que debe vivir en Valencia.

—Elio?

—Morreu hai cousa dun ano.

—Está soa, entón?

—Cando a vin por última vez, coido que estaba soa.

—Cando a viches... En Valencia?

Debía sacarlle as palabras con axuda. Aquel verballoas, na metade, aparecido do maxín e na outra metade do real, dera paso

a un estado remiso, a unha forma de defensa... Pero, defensa de que ou de quen? Era desconcertante, mais había insistirle, posto que o contrario era cerrar a circunferencia da historia sen esa imprescindíbel testemuña do que colixir algo de verdade na lagoa temporal con respecto a María do Carme. Porque, imos ver: era seguro que abandonara Madrid despois do traumático encontro con Miguel, e era seguro tamén que estaba totalmente integrada no submundo da drogadicción. Concretamente, da heroína. Igual que o seu compañeiro. Logo, a dedución era lóxica. Este feito dotábase de toda primacía existencial sobre calquera outro e constituía o eixo único e definidor das súas vidas. A prostitución, a dose diaria, a decadencia irremediábel do “chaval”... Todo, en conxunto, formulaba un universo opaco, dificilmente accesíbel desde o exterior e impenetrábel cara a fóra desde dentro, o que enxeita, día a día, aos seus moradores introvertíndoos máis e máis, na súa propia realidade como obxectivo en si mesma, xerando e evolucionando en receos de que esa conciencia primitiva de culpa é, a fin, unha arma agresiva do medio hostil en que se converte a sociedade na que se imbrican e da que xa non poden fuxir. Así pois, o seu último refuxio é a autosuficiencia; crear ese cosmos íntimo de pracer compartido, de pecado impune, de solidariedade no camiño sen esperanza... E iso era o que atopou Miguel en Valencia. Percorreu toda a cidade durante vinte e tanto días. Inmenso barrio de prostitutas, bar sobre bar, beirarrúa sobre beirarrúa. Os anuncios de “compañía”, as confidencias de madrugada nun local dos arrabaldes... Por fin, unha incerta tarde de vento trasmontano, no ridente vermello de claroscuro de mediterránea tenrura, aló lonxe, ao leste, baixou por un corgueiro de latas engastadas na ferruxe e mil desposos espaxados na enorme montaña.

Era unha chabola indeterminada, entre o cheirume vencedor do maino lagamar e unha ave mariña que resistía a aniquilación colectiva. Escoltoiu, quizais, un distante axirido de desolación e o renxer sibilante do que facía de porta, abriu á terminal estampa de María do Carme, estendida en supino sobre do leito en restos dun

colchón rebentado e un exemplar bípede que afundía arquexos de pretendido gozo na sórdida penumbrosa da miseria. Miguel estoupa en rabia e o ceo levantino mudou a cor, de súpeto. A sorpresa foi máis súa que dos dous amantes vespertinos e aquel individuo aínda quixo sentirse magoado pola súa presenza:

—Que fas aquí? Que fas aquí? Que fas aquí? —repetía ela, denotando a mediatización do seu cerebro polo proceso dexenerativo á que estaba sometida. Aquel corpo non era máis que unha sombra silente do pasado. Poderíase enumerar o esqueleto e a escasa fragancia deducida da xuventude reducíase xa aos perfís da facción do rostro permitido aínda polo declive que galopaba nos peitos flácidos, nas cadeiras rechumidas e nos negrexados antebrazos de pinchas, furando a derme extenuada. Era un residuo humano.

Miguel empurrou o vulto masculino que, tomando a roupa, desapareceu.

—Por favor, Mari... Vístete e ven comigo.

—Non... —ampeaba con anguriosos folguexos. Tremendo como vítima dun frío glacial, intentaba comunicarse no moumeo de soas palabras, no sincretismo da incoherencia..., mentres que acubillada nun recuncho da cabana sen vestir, tapábase de calquera xeito coas esgazadas prendas que bota, anarquicamente, sobre as moradas carnes, entumecidas... Soubo Miguel logo que xa, apenas, termaba dela uns minutos ergueita e que batía contra todo, naquel inferno de obxectos escamallados na desorde e que eran causa directa da tumefacción que case lle cubría o cento por cento do corpo.

—Non..., Miguel..., non... Vaites, vaites..., que non quero máis que un “chute” e non..., non ofendo...

—Vamos Mari. Necesitas curarte. Axudareite.

—Non... Miguel... Só necesito un “pico”.

—Onde está Elio?

—Está..., morto xa..., é morto xa..., é morto xa...

Miguel vestiuna como puido. Sacouna do vertedoiro e, vencendo os primeiros síntomas da abstinencia, aplicando certos métodos de dubidosa efectividade, logrou instalala nunha pensión da capital. El aínda tiña catro días de permisos entre festivos, engadidos ás vacacións e aproveitaríaos para convencela do retorno á Coruña. Sabía que iso non era doado pola extrema supeditación que anulaba todos os seus resortes motores e que a convertera nunha caste de androlla humanoide sen outra estimulación que o tránsito da realidade agoniante á insensibilización artificial; pero estaba firmemente concienciado do seu obxectivo...

A primeira noite pasouna tranquila. Durmindo apracíbel baixo a vixilia constante de Miguel. Dúas pastillas no café, fixeron o milagre e, á seguinte mañá, o seu aspecto mellorado e unha clara recuperación psíquica, foron os éxitos que, nun principio, puido celebrar entre as boqueadas do entresoño, o irmán, solícito e teimoso, que non perdeu tempo en explicar, de novo, os seus plans á rapaza. Esta amosou unha actividade máis interesada e até pareceu comprender as razóns que esgrimía na súa exposición. Saíron a xantar nun restaurante próximo e, polo serán, levouna ao cine. Era un exercicio de normalización como paso previo a recuperación total, do que estaba a cada minuto que pasaba, máis seguro de conseguir. Así pasaron tres días e tres noites e, así tamén, Miguel foi trocando no seu pesimismo e na seguridade de que as cousas, por fin, estaban mudando para ben. Xa se maxinaba a visita ao seu pai, acompañándoa coa cara lista de sempre, o cabelo suave, levantalo na mirada rexa, inquisitiva, daquel o seu carácter introvertido e circunspecto, dicindo as secas pero, decocte, alentadoras palabras... Canto necesitaría el aquela visita!

O sábado viu chegado o momento da proba definitiva.

—Vou saír a un recado. Tardarei unha hora. Agárdame aquí que, nada máis que eu volva, iremos cear. Prepárate para as nove...



Evidentemente todo era unha montaxe. Debía, por unha parte convencerse do afianzamento dos progresos acadados e, por outra banda, e máis importante, darlle a María do Carme confianza dabondo para a autoconsideración, imprescindíbel no proceso curativo. Sen se afianzar nas propias forzas, non existía garantía de éxito e este paso que lle constaba difícil e decisivo, tiña que dalo xa, como elemento de choque terapéutico, arriscado, quizais atrevido ou perigoso pero que se lle antollaba absolutamente insoslaíábel.

Baixando á rúa, entrou na primeira cafetaría e, como autó-mata de pensamento só ocupado polo nome de Mari, sentou cara ao mostrador, ollando sen assimilar a pantalla do televisor que ouvea en partido de fútbol e sesenta minutos por diante que cronometraría co rigor do anestesista, antes dunha delicada operación cirúrxica. Así, cando un anuncio da velocidade nihilista na mesetaria paisaxe dun Marte de cartón algueiraba desde a imaxe ilúcida, el cruzou as mesas de acrílica brillantina, no límite do prazo, penetrando no paso de peóns, fronte o portal da hospedaxe. Era o terceiro andar e non tardaría un minuto en abrir a porta; transfigurada relación dun intre resolutivo que marcaría os aneiros cumpridos en todas as ilusións.

Botou a man á chave e un arrepío percorreulle o corpo.

A folla de madeira, entreaberta, era pano escuro das longas angueiras da estrada solitaria e volante lustroso no porexar das horas cálidas.

Empurrouna... María do Carme non estaba.



A medida que pasa o tempo, e leo e releo aquelas notas que Emilio quixo encher nunha especie de diario íntimo, entendo mellor as palabras de Tonecho. Hai catro ou cinco días, visiteino. Estaba, quizais, máis lúcido que a primeira vez pero a distancia do seu pensamento e a dificultade de interpretación oral que amosa, fanme pensar que entra nesa encosta, premonitoria do arrampadoiro da idade, amecido na lóxica deteriorada do home fracasado.

—Ten medo.

—Coido que se trata dun medo natural. Non está en situación de ser un optimista, desde logo.

—Ese medo é innato. Toda a súa vida foi un puro traballo de superación.

Fálame de novo do pouso tremente que latexa en Emilio. E, de novo, a referencia acada plenitude, esa relación suprema de solucións, de recoñecementos que traspasan os lindeiros da retórica e se convirten en síntese da súa mesma praxe humana. Como un individuo máis, sen outras connotacións que a sinxela natureza da súa identificación inserida no conxunto anónimo da masa civilizada. As derradeiras frases da novela son evidentes ao respecto e, analizo sen présa, no descanso desta ventá que xace tamén sobre as tellas das catro da tarde e o vento mareiro agallopado desde a ría, o sentido místico que as inspira: "...Azuzena é a bolboreta que revoa no mundo plácido de Daniel. E o astro col-

mado no tempo inmedido, envolve á parella isolada no microcosmos do pequeno mundo. Todo é xa perfecto. Todo semella cantar na paz do inmutábel... e o medo toma forma externa, corpo sensible dunha materia propia e incontrolada, porque xamais estará vencido no sostén da dúbida. O sol asoma suave no frío da mañá e Daniel aínda pensa con que pé sairá mellor da casa. Os ollos, sen mirada, xa asexan”.

Si, poida que Tonecho diga o que entende como certo. Eu quixera coñecer a Emilio en persoa; ou, se cadra, coñecino xa... Un arquetipo que é máis usual...

Ben. Reinaldo foi moi considerado. A documentación é preciosa para min e, despois de dedicarme arreo durante quince días a ordenala, coido que teño ao meu dispor un imprescindible material de traballo.

Pero vaíamos por partes.

Dividín os escritos en tres..., digamos, lotes, para entendermos. O primeiro constitúeno o soporte autobiográfico das súas anotacións persoais, como memorias das que fixen escolma rigorosa e que se establecen nun importante apoio narrativo a esta obra. Logo xuntei os manuscritos orixinais de *Liliput*, nun só volume e, conscientemente seleccionados, escollín, para o seu estudo e incluso transcribir, sobre todo, os referentes aos diálogos de Daniel e Azuzena que, por causas que ignoro, non foron incluídos na entrega final do libro. Detéñome, un chisco, neste punto porque é interesante facer unhas consideracións. Na maleta que, ás furtadelas, me facilitou Reinaldo Salvador, aparecían espallados a medio da inmensa desorde que alí reinaba, os folios primitivos; algúns a man e outros a máquina, a famosa portátil; dunha parte da obra que non chegou a ser publicada. Tratábase dos devanditos diálogos inéditos entre os dous protagonistas que teñen lugar logo da reconciliación definitiva e que han desembarcar na voda co pano de fondo habitual da incompreensión, a cobiça e a envexa. Son uns diálogos vigorosos, de grande carga emo-

tiva, fortes na construción léxica e, ás veces, até difíciles de seguir pola complexidade de ideas expostas pero, con algo tan estraño na súa escrita, como que derivan a un desenlace feliz, impropio de todo o contexto en que están fixados. Podería pensarse que era un feito illado pero a presenza, de polo menos seis destas composicións, dan en pensar que houbo un momento en que o sentido da obra era outro ao que finalmente viu a luz e que, de ser tal e como se entende nestas páxinas non editadas, seguramente esas terribéis e sombrías derradeiras frases, carecerían de sentido. Tamén, traspoñendo xa máis imaxinativamente, coido que Daniel é, en efecto, un algo de Emilio e, Azuzena, esa referencia feminina que tanto necesitaba e que tantas veces se lle negou.

Por último, o terceiro “lote”, son as follas soltas, escritas durante a súa estadía no cárcere madrileño. Un confuso diario, caoticamente ciscado no fondo da pobre caixa de mala lona que abrín aquela mañá de fume no alento de Castela. Estas anotacións eran de interese para entender mellor o revelado por Loli e Miguel, e aínda que nelas non existe a máis mínima memoria da lúdica ironía do home de *Robot*, conservan o perfume lixeiro daquela prosa que semella fuxir voluptuosa desa doce fontela que esbellara un día á dourada avidez do Conde Raña. Son breves parágrafos lineais, impresións instantáneas dos mil sentimentos encontrados na soidade estéril do ser que pensa e os desexos feitos letra, que sabe que non terán resposta. Unha especie de apelación á esperanza que só atopa sentido neste confesarse decontino nun papel que xamais será lido. Como se fose comunicación cun antagonista criado polo propio autor. Ese personaxe imaxinario dorme nos seus soños, escoita as súas penas e, incluso, pode traspasar as portas da cadea e contemplar un mundo indiferente que non atende os recados do seu proxenitor. Emilio permanece tras o bolígrafo sen outra intervención que ouvirse no silencio.

“Sábado 26 de maio. Hoxe escribín outra carta a Esmeralda. É a terceira nunha semana e non creo que vaia ter resposta tam-

pouco. Nela xustifícome, en certo modo, da miña actitude. É, de verdade, que son sincero en todo o que lle conto. María sempre exerceu en min un poder do que me era imposible fuxir. Sabía que existía ese perigo e, no entanto, non rexeitei o seu encontro. A piques estaba de vencerme a min mesmo, cando a presenza de María do Carme me fixo atopar frontalmente con todo o que representaba o meu pasado. Comprenderás que se trata dunha elección difícil, e así llo escribo na confianza de que medite. Pero, non sei, vexo as cousas, quizais, mediatizado por esta atmosfera agonizante e ela está fora. Son tan diferentes as nosas circunstancias... Non lle pedín que viñera verme. Agardarei a súa resposta e logo decidirei”.

“Martes 5 de xuño. Estes días de medio verán, non me gustan. Ese comechón de sol que parece que quere parir a calor e non pode faime reflexionar do que significa a miña vida, tamén suxeita a se vencer na impotencia dos seus ventos. Cando espertei, quixen levantarme e a preguiza retívome alí, tolleito, tombado. Só o barullo dos gardas chamando á lista logrou incorporarme. As pernas arrelábanme como columnas de chumbo e o xitano da vinte e tres, aínda se mofou con un: –tás cargao, poeta?–, e respondinlle cun sorriso de incredulidade. Despois de xantar, sentareime a pensar no catre. O sábado virá Miguel e quero ter as ideas claras e precisas. Hei presentarlle definitivamente o problema de María do Carme. Necesito saber a verdade e xa non me valen máis evasivas. Vou poñelo na disxuntiva de informarme ou de prescindir das súas visitas. Aínda que sexa unha actitude dura, penso que é o mellor que podo facer e, dunha vez por todas, encarmame co bo e co malo”.

“Venres 8 de xuño. Mañá é o día. Mañá é sábado e Miguel estará, decontado, con esa puntualidade que tanto me atemoriza. Son un covarde conxénito e desexo alongar a espera por medo, diferir o prazo para non ter que apañar a verdade das cousas.

Hai, seguramente, un colexio próximo, pois, entre o murmurio da brisa que entra pola abertura da parede que eles chaman

fiestra, escoito o alboroto de cativos, quizais meniños da primeira etapa escolar dun deses parvularios de gaiola urbana para os seus xogos artificiais e a domesticación prematura que, arestora, mentres o sol queima xa na pel, son para min esa lembranza inexistente de María e Miguel, arrincados na época en que máis feliz sería coa súa docilidade infantil de sentirme, así, un pai que os recollería no serán esmorecente do outono ou na tarde de primavera, pedindo un xeado que a avoa recomendaba non tomar, por temor a unha indigestión. Esas mínimas experiencias fóronme prohibidas nese planeta de emigrantes en trens, como parras ateigadas de acios maduros e por un sistema que nos isola no mesmo convoi da viaxe a ningures. Así o terror era seitura de vida e eu un simple verme da indiferenza. E por iso fun un poeta de versos sen lectores; sendo, así, o máis maldito dos poetas e o máis rematado integrador de pavoría, confutada na irreverencia. Incluso, ese balbordar de voces inocentes, é motivo de tristura neste mediodía de ceo azul e vésperas de visita familiar.

Non teño noticias de Esmeralda. O luns decidirei.

Pero mañá... Estou intranquilo. Que me aconsellas?

“Luns 11 de xuño. Miguel é intelixente. Cada día que pasa estou máis convencido disto porque, a fin de contas, que me dixo? Nada. Media hora de lería e, que sei de María do Carme? O mesmo que sabía. Que se está decaída, que se ten un carácter difícil e que non se pode forzar, que lle dea un prazo de confianza para manexala el... Ben. Terás o prazo, pero até o día 7 de xullo. Está ben, non?

Cres que debía deixarse o asunto e non preocuparme mais? Non sei. Estou indeciso.

O que si está decidido é o de Esmeralda.

Chamarei por teléfono. O Director concederame ese favor. Solicitareino hoxe mesmo”.

“Mércores 20 de xuño. Hai dez días que mandei a solicitude para facer uso do teléfono e non obtiven resposta. Espero que ma concedan a unha hora válida, pois quero chamar á tenda. É máis seguro.

Hoxe reflexionei sobre Esmeralda. Que será dela? A chamada da mañá cortoume as cavilacións. Quedamos en que ela estaba aquela noite de verán na terraza e eu escribía no salón. Como se me ocorrerían tantas cousas nunha soa noite? Enrique quedara encantado e, polo que me atinxía, eu, hei, confesalo, tamén. O artigo, lémbrome, tituleino: “As frustracións dunha noite de verán”. A verdade é que aí si que non fun orixinal e, agora comprendo, que saíra como: “Traveling de intimidade”, que tampouco, é certo, tiña moito de singular. Recordo que rifamos telefonicamente o sábado e, cara a cara, o luns cando, coma un relampo, entrei no seu despacho, alporizado e con intención de presentarlle, se preciso fose, a miña renuncia. Pero Enrique era convincente e todo ficou en desculpas e unha declaración de intencións. E como adoitabamos, o remate foi no café da mala máquina de Redacción.

De cando en vez, aínda me fago a pregunta que tantas veces asaltou a miña mente hai meses: por que non atendería el as miñas cartas? Xa non lle escribo. Evidentemente non desexa contactar. Pero, por que razón.? Desde o punto de vista económico pode ser interesante a miña experiencia e, polo menos, debería intentar recuperarme. Só por egoísmo. Non o entendo”.

“Luns 16 de xullo. Pasei moita calor esta noite. Suaba coma un porco... Todos aquí suamos pola noite, non si? A cadea é un oficio esmagador que revela, nas noitebras, a súa identidade. Por algo somos animais diúrnos e, neste afastamento angustioso, as insuficiencias humanas acadan unha dimensión tan próxima que transforma a esencia mesma dos actos, nunha finalidade totalitaria. Ves a Conejo, o Xitano, o “Jambras”...? Dormen alleos ao mundo exterior, tan alleos como pode estalo un habitante doutro sistema á nosa existencia. A patria é a cela, os polos terrestres, o muro da prisión. Non sei por que penso así, pois necesito arre-



dar-me da abafante circunstancia do inmediato e matinar no futuro que está a poucos meses xa. Pero, para min, a sucesión das cousas e tan curva como o Universo e as concepcións espazo-temporais están nos límites, progresivamente reducidos, do abandono e da indiferenza.

Esmeralda colgou-me o teléfono, Enrique ignórame e o Conde Raña coído que mantén a Miguel no traballo, como unha caridade que algún beneficio lle reportará. Agora os meus amigos son estes pobres desgraciados que en días, ou quizais en meses, esqueceréi para sempre. Non é só unha amizade. É o indexar de todo o negativo que levamos dentro e isto non significa máis que a enerxía dun corpo humano sentindo a sístole doutra vida para se decatar de que é iso mesmo: un ser que vive.

Por último, en relación co día de hoxe, aínda me lembro daquela procesión mariñeira nos portos de Galicia. Eu era un neno e a tía Baltasara, aquel mes, demorou a súa estancia. Fomos visitar a Sada o vello Claudio da Charreira que, no Moruxo, sentado á porta da casa, deixaba pasar diante del os derradeiros días da súa vida. Mamá e a tía estiveran falando toda a tarde coas mulleres e eu cun rapaz..., quen sería?; alargamos o serán no dique de veraneantes curiosos e xentes do mar que aproveitaban as últimas luces do día. Si, hoxe ese vento maino, que refresca o meu colo esvaradizo, tráeme o recordo deses tempos en que non era nin poeta nin poema. Como quixera ter a Esmeralda aquí, sentada ao meu carón! Se fose ela o motivo de estarmos un día, de hoxe en vante, no dique de procesión en Sada, perdidos na multitude das nosas propias indiferenzas.

Chaman á cea. O “Jambras” faime un guicho. É un bo rapaz. Os malos están fóra”.

“Xoves 26 de xullo. Miguel chamou onte. Desde Santiago. Puiden falar sen problemas. Nos días festivos é máis doada a comunicación e o locutorio está practicamente baldeiro todo o día. Temos dereito a dúas conversas ao mes, coa presenza do fun-

cionario de servizo que, polo xeral, maldito interese que ten en perder o tempo escoitando.

Foi conmemorar o Día da Patria. Pregunteille por todo o que está alén desta colmea. A medida que se aproxima a data final, comeza a preocuparme o que atoparei á miña saída. María do Carme segue “ben”... Non ve a miña cuñada. Non sabe nada dela. Conde está máis esquivo que antes, como se quixese desentenderse de calquera compromiso cara a min para o futuro. Non debe confiar moito no meu talento.

Por certo que hoxe me entregaron unha carta do Banco. Ingresaron a liquidación do semestre os da Sociedade de Autores. Preto de novecentas mil pesetas. Non está mal. Ben me virán cando estea na rúa.

A conversación con Miguel foi case telegráfica. Na vindeira visita dareille un talón para que prepare un pouco a casa. Con ese estilo tan decadente dos anos cincuenta...; cheira a Plan de Estabilización e o seu teatro regresivo de “grises” e censura de cine. Case podía ver en cada recanto un porteiro de aceno contrito pedíndome o carné e un famento vendedor de xeo tinxido, enganándonos o apetito á porta do local.

En fin, rematei un poema sen título e non sei aínda por que o escribín. Sería este bafexo de verán que estimula a vea das miñas arelas de praia e salitre. Como cando penso en Gandarío ou Santa Cristina, que traen un vaporoso recordo de torta nupcial na melindrosa arquitectura daquel arremedo de Xanadú que era a mansión do Anxo Mendo.

Agora, no serán, terminárase outro capítulo. Van setenta e cinco. E non teño nin idea de como será o desenlace. Son coma unha Penélope de pluma e papel na agarda dun Ulises que non existe máis que na miña fantasía. Entendes?”.

“Domingo 12 de agosto. Ceibaron o “Xitano”. Deume unha aperta e ofreceume a súa chabola de Peñaranda. “Sorte, poeta”

foron as súas últimas palabras. Era unha consecuencia de todos nós e, cando o vin marchar, pasaron pola miña memoria as persoas que percorrían a cidade nos meus paseos de desprezo por todos eles, seres producidos polo meu fracaso e, cada paso que dan, é unha provocación á miña mente. Como estará esa rúa deserta das madrugadas? Pronto o comprobarei.

Mandeille a Conde, por medio de Miguel, un sobre con varios poemas. Agora estou máis identificado co verso que coa prosa. Non se me vai a man para o relato. Nin o cerebro.

Outra carta máis a Esmeralda. Terá igual resposta, pero na teima está a miña única arma. Todas as canles de comunicación pasan, para min, pola escrita ou polo teléfono. Non teño máis alternativa. Son un paxaro sen, nin sequera, o rechouchío da mañá no bosque.

Conto os días. Faltan menos de tres meses”.

A seguinte data corresponde ao luns 15 de outubro. Esta lagoa de máis de dous meses pódese deber, simplemente, á desaparición fortuíta das follas naquel anárquico conglomerado de obxectos da maleta de Emilio ou a que xamais existiran. O que si aparece, neste período, é unha prolífica produción poética, moitas veces de estraño contido e, incluso, difícil interpretación. Entre todos eles, callou en min un que dicía:

Eu non son máis ca iso:  
aroma que se extingue no verán  
en partículas luminosas de bruma,  
espalladas, aló, no firmamento,  
como notas musicais sen corpo;  
tristeiro amigo das praciñas  
e das rúas silenciosas de sol.

Tamén atopo fonda significación nunha estrofa sobre a que matinei en máis dunha ocasión. Entendo nela un sentido transcendental. Di así:

Se estivese concentrado,  
todo o sufrimento do mundo  
na dimensión dun átomo...,  
cal sería a súa densidade?

“Luns 15 de outubro. Onte Miguel deixoume afluxido. Non foi explícito pero entrevín que algo está a ocorrer con María do Carme. Algo que non me quixo desvelar e que, na súa nebulosidade, é para min máis motivo de amargura, inqueda e desasosego que se dun repente me fíxese partícipe da crúa realidade e das duras perspectivas do futuro.

Está en Valencia. Xamais podería pensar en que deu aló con aquelas cellas de fondo raigaño que evocaban para min máis que todas as paisaxes mariñáns e a cidade acugulada de relembranzas. As mans que me dixeron por primeira vez quen era verdadeiramente eu, cerrando o círculo da miña vida, no ben e no mal pero, á fin, fechado en fibela de ser quen era: o meu propio corpo transportado no tempo... Que fai en Valencia, meu Deus? Miguel estivo con ela hai tres días. Non me dixo máis. Unicamente que pasaron a semana xuntos e que xa pensaran vir visitarme o domingo. Pero, “algo que non estaba previsto”, botou abaixo os planos e non puido acompañalo.

Non durmín apenas esta noite. Outra noite máis e xa van... Este é o mundo do insomnio. A vela perpetua da ronqueira que me rañan os pensamentos no silencio. Esa fina xeadada que xa comeza a penetrar en min no amencer e que sempre foi inimiga natural no outono. Serán vinte e dúas madrugadas de xeadada e logo atoparei esa verdade que Miguel me oculta. Hai meses toleaba por saír. Era tan grande a miña intranquilidade que até encetara á

conta atrás dos días apuntando nunha folla, coa esperanza de axudar a decorrer o camiño do tempo. Agora, próximo xa o día libre, xorde de novo o temor. Ese suave medo de compañía que está en min e nel, sen distinción sensíbel entre ambos os dous e que, coma agoiro sen figura, é un espectro de receo. O día da liberdade é así, o día da sospeita absoluta. De calquera xeito irei buscar a María do Carme. E a Esmeralda. Por que non responde ás miñas cartas?”.

“Venres 19 de outubro. Pensei en pórme en contacto coa policía de Valencia para inquirirlles polo paradiro de María do Carme, pero é tanta a confusión en que estou sumido que incluso me asaltan, ás veces, ideas contraditorias que frean os meus pulos. Por exemplo: estou certo de que está en Valencia? E se Miguel inventase toda esa historia para tapar algo peor? En todo caso o único medio de estar seguro é comprobándoo. Cando estea fóra, será o primeiro que faga. Ela representa algo máis que unha simple apelación filial. Ela é a réplica viva de todas as miñas angueiras. Aquí non se percibe máis realidade que a idealización que podemos maxinar nos soños que, mesmo finalmente, non resultan máis consistentes que a súa propia natureza onírica, pois toda a cadea é un inmenso dormitorio de desexos reprimidos que poden espertar na violencia dun motín ou no suicidio como forma máis doada de liberación.

O cárcere non é máis que a representación física dunha xeración decepcionada e non soamente estes espantallos que vagan son os personaxes da escenificación. Os amigos dos coches que atúan as cidades e os inflados galeotes do “pelotazo” e a garabata están presentes nas ilusións traizoadas. Nós somos o seu fracaso e xamais poderán redimirse na nosa catividade. Cáusame pracer a lectura das necrolóxicas. É o que todos os días degusto na prensa. Este “industrial”, o outro “funcionario”, aquel “ex-votante”... Recordo os derradeiros refolgos da súa mesquindade e xa teño unha boa colección. Están definitivamente soterrados baixo a embalaxe do que coidaron debía ser a garantía da súa tranquili-

dade. E ríome sen rubor. Mais estoume alongando nestas matinações e debo, aínda, facer unha reflexión: que fará o Antón co meu diñeiro? Un millón de indemnización que din por ben empregado e non me arrepiño. Tamén será cousa de informarme deste extremo. Non vou ser tan parvo como para pórme en evidencia, pero a miña presenza, simplemente, magoaralo ben magoado. Quizais se poña nervioso. É o menos que se merece.

Agora xa non temo o futuro. Estes homes, sen nada que perder, fixéronme ver o mundo doutro xeito distinto e non hai desgraza que non teña consolo. Neste curruncho tamén existe lugar para a esperanza e, mentres siga vivo, amiguiño, terasme sempre á túa vista. Quizais resida eu tamén en Vigo.

“Mércores 24 de outubro. Hoxe estivo aquí o meu avogado. Xa ten a comunicación da saída. Ceibaranme o día 6. Falarei o domingo con Miguel. Case estou porque non veña esperarme. Non sei. Quero absorber toda esa liberdade por min mesmo, sen intermediarios.

Todo está máis nidio. O pasado carece de importancia e non representa máis que o desexo de esquecemento levado ás súas últimas consecuencias. Fállanme forzas para construír un novo futuro e, nos días que restan neste confinamento, planificarei a vida coma un dietario escolmado dos escasos recursos que me quedan. Deixarei as probas da miña vida escritas nas máis sinceras testemuñas que poida plasmar en follas de papel. E se alguén as recompila algún día, debe entender que é o único legado que me permito. Estarei pronto na fiestra sobre os tellados e, soño na soidade do final, aliviarei o peso da frustración dese xeito que aínda podó acadar. E logo deitareime no sofá da vella madeira para respirar eses derradeiros arrecendos urbanos, diluídos suavemente no fragor da indiferenza que me arrodeará todos os días e todas as noites que faltan por pasar”.

E, finalmente, estou aquí. Como Emilio no serán de primavera e no ceo mercurial da estancia pechada en fondo de guindastres e peiraos; pola miña fiestra que non é xa obxectivo de cámara ningunha senón a derradeira retesía de tanta vida, imposibilitado de avaliar en toda a súa verdadeira magnitude. Liscan de min as palabras e as ideas e, o que se me ocorre, é pensar na derrota como entidade sociolóxica que está presente en cada un de nós, avivada día a día polas nosas insuficiencias e como substancia mesma dese efémero arquetipo da perfecta frase, tan ben descrito nas súas notas, e que se transforma no devezo e o magorro da nosa existencia á conta de inventario e último cómputo dos días e dos anos.

Acabei de ler a novela dunha tirada, por primeira vez. Completa. E teño unha visión máis ampla, máis clara. Confeso que non me gustou. Máis aínda, non entendo como lle puideron dar o premio. Carece de interese na trama, os personaxes posúen perfís tan esfumados que se perden na propia dinámica da obra e non representan absolutamente nada. O argumento, en liña, convencional; para min, non ten a menor transcendencia e coido que, efectivamente, toda a historia do amaño de Conde Raña entra dentro da lóxica e que debe ser certa. Soamente con factores políticos de por medio se entende o asunto, pois un aburrido relato de dous amantes tradicionais, por moito que entren en xogo os anxeios secretos das cobizas do Daniel na disposición dos cartos do seu sogro e a mutación feminista da cándida Azuzena, non xustifica esas críticas tan parciais, de sublimar en louvor o que

exaltan como profunda análise do proceso social etc. Todo resulta, evidentemente, unha trangallada e a figura de Emilio un moneco do pin-pan-pum en mans dos traficantes da desinformación e das mensaxes baixo nivel de consciencia. Todo encaixa na sociedade do Pelegrín e dos pais de Nunca Xamais que argallan os artesáns da Nova Modernidade de Mil Anos.

Creo que, no fondo, Ramallo se decata perfectamente de todo no seu anónimo afastamento actual. E emporiso, seguramente, non asoma da súa clandestinidade civil. Que pode importarlle un mundo en recesión, na súa igual recesión física e moral? Todo esmorece lentamente e o que conformaba en referencias puntuais á súa vida, desaparece baixo a intensidade de forzas que non rexe controlar. Emilio é un dos últimos derrotados con entidade propia. Logo virán outros perdedores; si, claro que virán, pero serán perdedores por condición, novos escravos do sistema que os someterá nos grillóns da súa liberdade e das súas democracias. El é un vencido perfectamente identificábel. Último representante da resistencia, camiña polas rúas infindas do gueto universal nas expresionistas imaxes dun Murnau maldito e nas resgadas voces de Elvis derrubado no chan acharoadado da pistola, aínda quente, en mans de todos eses que acaban de caer derrotados que se pasean no desespero. Atrás quedaron aquelas recedentes tías de Restauración e Habaneiras, Abel e Enriqueta, Sabela e Antón, Sánchez e a librería de Tomás... Os recordos perdidos no verdello de Castro de Mourelo ou no cebador que se queima ás dúas da madrugada... Todo está en idéntica dimensión, todo participa da última mentira que se abeira ao final, indiferente, o transporte ao Nada. Emilio estará no seu anonimato e non será máis que un paradigma de algo tan pouco desexábel como a Derrota. Antútese de todo o que se arela e dos estereotipos obrigados da novísima estética que impoñen os Seres que Nunca Morren. Mais el, segundo os seus papeis, sabe que non é así. Curioso personaxe este Emilio. É un dos que aínda pensa que os detentores do escintilante poder non son inmutábeis. Pobriño. Non sabe que el é Antergo. Non antigo, senón Antergo; é dicir, no



sentido de antigalla, de desuso. Todas as súas labias, todos os seus pensamentos, non teñen outro valor que o referencial da Impotencia. Palabra á que se lle asigna o sinónimo oficializado de inútil, falta de aptitude, parvo... Emilio é, en consecuencia, un automarxinado que non pode construír o Novo Paraíso. Esa será sempre a súa eiva máis importante: Non Participar. Verbo máxico no que se condensan todos os proveitos e todas as trécolas da Nova Situación. Novo, Nova, Novísimo, Novidade... Sortilexio de voz que significa: Estar. E el non está. El é. Simplemente. Vexetal dun tempo que non permiten que exista. Trilobites do anacronismo, non merece, sequera, a nula atención que lle dedican no derradeiro número de *Robot*, publicado o pasado día 28. Era a despedida da revista. Amorfa despedida de quen xa non ten nada que dicir. É un triste epílogo dun medio de comunicación que marcou época no esplendor da esperanza e da ilusión. Mortas estas, eslúese na armazón de escuros intereses dos “Mass Media” e da sórdida planificación dos despachos. Jon Itúrbide oficiou de funerario. Era o último director, seguramente unha vítima máis da sombra sen nome que todo o vai esumindo. Para Emilio non hai unha frase ao longo dos textos. Emilio non existe.

Por certo. Esquecíame. Da suposta novela que estaba a escribir na cadea, e da que falaba nas súas notas, non sei cantos capítulos, non atopei nin un folio. E remexín dabondo en todos e cada un dos papeis. Nada de nada.

Pero non todo resulta negativo nestes días de marasmo. Miguel reaparece de cando en vez. O día 10 de xaneiro estaba na cabeza da manifestación do “Mar Limpo”, levantado a medio da indiferenza das madrêporas de aperitivo e balcón, afundindo a súa rabecha nas fachadas de silencios e melancolías. Nos brados que estalan en prazas de domingo, está un solemne *tedium* de amornados espíritos e a covardía como significado equivalente a benestar e estulticia. Son tamén os émulos últimos da maleta de Carabanchel e da inocencia extraviada. Pero o corazón colectivo latexa nas consignas remarcadas de vermello, de vellas fouces e

martelos, de siglas que din Non... Militantes de pelo cano, transtuntos dun onte que está en todos nós como vixencia non cumprida, e a permanente denuncia que endexamais poderán acalar. Miguel estaba alí. Na mirada seria e no xesto firme, convencido de non sabe que convencemento. Miguel estaba alí. Na rúa e na pancarta. E vino pasar no sol do inverno, esquemático fremir de traxedia agochada nas baldeiras almas de persoas que están, nun repente, igual que lampexos perante nós. Ollo a un lado e a outro do cortexo. Apenas vinte seres curiosos asexan de esguello o seu paso. Un oficinista cun neno en brazos, un par de mozos atrasados da noite, tres ou catro matrimonios de paseo hixiénico... Todo o pasado, o presente e o futuro, camiña en pouco máis de sesenta metros de asfalto. Miguel está alí. E segue só. Vive na casa familiar. Só. Sempre só e soamente só. Miguel non se deixa ver en ningures. Busqueino hai un tempo e non o achei. Imposíbel. Sae do traballo e está dedicado en corpo e alma á súa actividade política e sindical. Dedícase case devotamente. Con progresiva afección... Como se reclusé nesa práctica todos os estertores dun mundo que se lle escorre entre os dedos. Creo que xa non anda na procura da irmá. Tonecho, que é un solitario e último confidente, dime que non hai noticias claras do seu paradiro. Incluso ten dúbida de se está viva ou morta. As máis recentes novas, de cinco ou seis semanas, son terríbeis. Continua na zona de Levante, pero deuse pola droga máis perigosa e destrutiva: os “chinos” e non é seguro que dure moito nesta xeira final. O máis probábel é que estea esquecida en calquera deses currunchos da morte, inzada de podremia e de miseria. Todo está rematado para ela.

Non perdín a esperanza de falar con Miguel outra vez. Mais amósase case inaccesíbel ao diálogo. Os amigos desapareceron, os lugares que frecuentaba pechan paulatinamente as súas portas, engulidos pola crise; a mesma cidade sofre a mutación dun xeito incontrolado e, a súa propia dinámica, rebórdanos a cada paso. El forma parte dunha xeración en declive. É consciente disto. Emporiso busca o refuxio na vea épica do pasado, como soporte da difícil travesía dese desfiladeiro do incomprensíbel. Miguel é

o sintético resume do meu derradeiro paradigma de transformación social que se me destrúe. Quedannos as cousas que non son nosas e, como el dicía, tamén se encontra todo o espazo ocupado xa. Chegamos tarde e non podemos irmos cedo.

Un día do mes que andamos estiven con Tonecho. Anuncioume á primeira hora da mañá, algo moi importante: sabía onde dar con Emilio. Quedamos para as sete do serán no Castrillón. Nunha estreita rúa de casas vellas que resistían heroicamente o avance do formigón invasor en forma de arrañaceos que están a circundar todo o seu contorno: —Alí, no número vinte. Era unha casiña de planta baixa, o que din “un ranchiño”, de cemento cuberto por pintura de amarelo dos anos corenta e que, notábase, quedara máis alta ao pavimentares a calzada, polo que se accedía á súa entrada a través dunha curta escaleira de media ducia de chanzos de semiapodrecidas madeiras.

—Agarda aquí. Non sabe que veño acompañado.

Era xa escuro. De noite pecha. Dúas luces, nos lindes da pequena rúa cega, alumaban apenas a poucos metros, mentres o resto permanecía sumido nas sombras. Eu estaba a quince ou vinte metros, e alí esperei a que volvese o meu acompañante. Vino adentrarse na negrura e, a pouco, escoiteille petar na porta da casa. O ruído da pechadura rachou o tenso silencio do lugar e sentín como se batía de novo, afogándome aquelas tenues palabras que non abondaron en min máis que como sons vagos a mesturárense no clamor urbano, pairado de lonxe, sobre os tellados invisíbeis. Pasaron os minutos. Un cigarro... Calucado xa, non sabía onde dar dous ou tres pasos para mover as pernas. Por un instante pensei en que sería o que lle dicir a ese home... Varias ideas rebulíronme no cerebro, pero desboteinas deseguido. Non había nada concreto no interese polo encontro. Tratábase do prurito de coñecer un verdadeiro perdedor, como lles alcuman con fruición os guionistas americanos de telefilmes. Quizais un sentimento morboso, unha curiosidade...

No frío da calexa, oín, por segunda vez, o movemento da porta. E, silandeira, a figura de Tonecho foi tomando sentido entre o negral da vereia, reuníndose comigo que, algo desasosegado, lle pedín que me falase cando aínda estaba a varios metros.

—Síntoo. Non quere falar con ninguén. Despediume de malas maneiras e vaise de aquí.

—Vaise? Onde?

—Non quixo dicirmo.

Un rumor de pasos no rincho das táboas de banzos cravados na escuridade, leváronos as miradas ao pano de sombras que ocultaban o profundo do rueiro, intentando descubrir o debuxo de Emilio no intre de tomar a dirección da súa enésima fuxida. Non o logramos. Avancei varios pasos, querendo en cada un deles, conseguir a imaxe dunha maleta e unhas costas abaixadas en gabardina ou gabán. Por fin, seguindo á miña intuición, aproveitei os escasos raios de luz que entraban entre as casas e alisquei, aló ao lonxe, como a trinta metros, unha silueta de ser humano que pousaba os pés no estragado pavimento. Apenas se puideron ver outro perfil que non fose un abrigo ou trenca que lle tapaba até os xeonllos, a cabeza coroada por unha boina, supoño, e unha bolsa que deixaba caer pesadamente, a rentes das pernas que levaban o corpo en forzado movemento como vencendo unha resistencia que so existía na falta de vivacidade e nos derrancados pasos do home.

Parei e, nun segundo, penso que el percibiu a miña presenza e, até coidaba que se ía deter, pero non foi así. Continuou, vagarriño, o seu camiñar en sentido contrario. Quixen acenar en algo que alertase a súa atención..., que sei eu!; un xesto, un bisbeo..., unha palabra. Pero non fun quen de facelo. Para que? Eu estaba alí. Soldado sen insignia no campo de batalla da inmensa cidade de todas as cidades e fixado no vermello incoloro dun ceo sen lúa e sen estrelas. Todo seguiría igual. E voltaría dos meus pasos e retornaría ás luces de neon, aos semáforos, ás cafetarías ateiga-

das, ás beirarrúas que se escorrentan nas dez da noite... E alí permanecín. Silencioso. Apurando os derradeiros segundos da imaxe difuminada, encetando outro cigarro, respirando fondamente ese clamor urbano, esa soidade que está nalgures e que non vemos máis que cando non a buscamos. Eu estaba alí. E todo o mundo parecía, entón, concentrarse en torno ás miñas sens prementes nos pensamentos atropelados que pasaban sen prenderse, deixando en branco á miña mente, como dicindo que me fora, que non representaba nada e que a escena final estaba a piques de rematar.

Dei de costas ao escuro bulleiro, cara a onde Tonecho agardaba.

De regreso, volví por última vez a cabeza. Ampei na desigual aspiración e non quixen parar máis. Abandonaba decidido aquel lugar, mentres aló, dentro da noite, Emilio se afundía, para sempre, nas somas espesas de Liliput.

